

REVISTA DE ESTUDOS HISTÓRICOS LOCAIS

DIRECCIÓN: Asociación de Estudos Históricos e Sociais "HUME"

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Soledad Souto López

EDITA: Asociación de Estudos Históricos e Sociais "HUME"

IMPRIME: TECLA DIXITAL

DEP. LEGAL: C 683-2008

ISSN: 1888-6183

**Nº 6- ANO 2013
AS PONTES**



ÍNDICE

Limiar.....	6
Informe sobre o estado do patrimonio cultural do Concello de As Pontes (A Coruña) 2013.....	9
<i>Xosé María López Fernández e Marcial Tenreiro Bermúdez</i>	
Manuel Rigfuera Montero en América do Sur.....	47
<i>Guillermo Jorge Riguera</i>	
Cuarteto de gondré.....	85
<i>Ovidio García Pazos</i>	
Reflexos de historia dende “As pontes do río Eume” (1904 - 1937).....	93
<i>José Castro Varela</i>	
Camiño Real DA Carba, Mondoñedo – Ferrol (Treito polo concello de Xermade).....	245
<i>Antonio Riveira Requeijo</i>	
Os que venderon, e os que prenderon a Pedro Pardo de Cela.....	259
<i>Carlos Breixo Rodríguez</i>	
Etnografía.....	285
<i>Equipo de HUME</i>	



LIMIAR

Constitúe para todos os membros de Hume un motivo de satisfacción sacar á luz unha nova edición da revista Hume. Revista de Estudos Históricos Locais, publicación que naceu coa vocación de indagar sobre a historia e cultura do noso municipio e comarca.

Ninguén dubida da función social da historia como recuperación, análise e interpretación do pasado, para entender mellor o presente. A revista Hume contribúe a escribir a chamada historia local que ao mesmo tempo que reconstrúe a textura histórica dun colectivo específico, que se sitúa nun espazo concreto, axuda a un mellor coñecemento da historia rexional e nacional.

Esta publicación que como dixemos naceu para indagar sobre a historia do municipio, sen embargo soubo acoller traballos relativos a outros ámbitos do coñecemento tales como a etnografía, arte, arquitectura, xeografía, música, que puntualmente eran enviados co ánimo de colaborar, tendo como referente o noso municipio, as súas terras e as súas xentes.

Cumpre a revista outro obxectivo que é o de esculcar na procura da nosa identidade como pobo, que nos axude a deseñar o noso presente e futuro.

Ábrese este sexto volume cun traballo de investigación sobre o noso patrimonio cultural que lle serve aos seus autores, Xosé María López Fernández e Marcial Tenreiro Bermúdez para chamar a atención das autoridades, administración e cidadáns sobre os perigos pasados e presentes que afectan ao noso patrimonio. Guillermo Jorge Riguera achéganos dende o outro lado do atlántico unha interesante biografía de D. Manuel Riguera Montero, profesor, avogado e doutor en dereito, natural de Ximarás (Muras), que contribúe a outorgarlle unha dimensión comarcal á nosa publicación. Dende unha visión persoal deste personaxe que, por outra parte, é o bisavó do autor describe os avatares da súa vida durante a segunda metade do século XIX en Montevideo.

Coma sempre nos ten acostumbrados, Ovidio García Pazos, fiel ao seu empeño de

investigar o pasado musical da nosa vila, ofrécenos nesta entrega un peculiar traballo sobre un cuarteto musical de Gondré.

Apaixonante o relato que presenta José Castro Varela, sobre a vida do seu avó D. José Varela González, médico ferrolán asentado nesta vila dende principios de século XX. Utilizando as fontes dispoñibles entre as que se atopan o expediente disciplinario aberto polo novo goberno municipal nomeado pola nacente ditadura militar, proporciónanos as claves para unha cabal comprensión dos feitos e do acontecido na primeira década do século XX na nosa vila.

O treito de Xermade do camiño real da Carba Mondoñedo-Ferrol é o elixido por Antonio Riveira Requeijo para descubriros todo un abano de historias, lendas e paisaxes que son dignas de ler e camiñar para contemplalas en persoa. Todo logrado cun uso cruzado de fontes escritas (escrituras, protocolos, literarias, etc) e orais.

Carlos Breixo revisa a participación de ponteses no cerco da Frouxeira, último refuxio do mariscal Pedro Pardo de Cela.

O grupo de etnografía faise presente neste volume coa achega dun exhaustivo traballo de entrevistas centradas na vida cotiá da vila e que, a través das palabras dun abano de mulleres e homes que foron protagonistas da nosa historia, ofrécennos información curiosa e interesante sobre o modo de vida dos ponteses no século pasado.

Reiteramos de novo a nosa invitación a aqueles que, sentindo a vocación investigadora, desexan ofrecernos o froito do seu traballo ou a súa sabedoría. Cos seus relatos contribuímos a indagar en torno a todo o que foi o devir histórico deste concello, que foi conformando no tempo a nosa historia e modelando a nosa forma de ser.

Rematamos agradecendo as achegas de todos os autores a este novo número, animando a que continúen coas súas investigación e que a súa saída á luz sexa nunha nova edición da nosa revista.

Manuel Souto López

Presidente de HUME



INFORME SOBRE O ESTADO DO
PATRIMONIO CULTURAL
DO CONCELLO DE AS PONTES
(A CORUÑA)
2013

Autores:

Xosé María López Fernández

Marcial Tenreiro Bermúdez





ÍNDICE

1. Introducción

2. As destrucións sistemáticas do Patrimonio Cultural de As Pontes durante o século XX

2.1 A mina de carbón	14
2.2 A rede viaria	19
2.3 A praza da igrexa	20
2.4 Os polígonos industriais	21
2.5 Explotacións forestais e labores agrícolas	22

3. Marco competencial das administracións públicas na xestión do patrimonio cultural

3.1 Ámbito local	23
3.2 Ámbito comarcal/territorial	23
3.3 Ámbito provincial	24
3.4 Ámbito estatal	24
3.5 Ámbito europeo	25

4. Lexislación, vixilancia e protección

4.1 Un catálogo deficiente	26
4.2 Quen vixía o patrimonio?	26
4.3 Perfil do agresor ao Patrimonio Cultural	28
4.4 O Laboratorio de Investigacións Arqueolóxicas LIA	28

5. Principais problemáticas e potencialidades do patrimonio cultural

5.1 O papel da administración na xestión do patrimonio desde unha perspectiva territorial	31
---	----

6. O patrimonio máis alá do turismo cultural/rural

6.1 O asociacionismo e a defensa do Patrimonio	34
6.2 Evolución do turismo cultural no territorio	35



7. Algúns impactos recentes no patrimonio cultural do concello de As Pontes

7.1 Casco histórico de As Pontes	36
7.2 Fonte das Boliueiras	38
7.3 Camiño dos Arrieiros	39

8. Proposta de traballo presentada pola Plataforma na Defensa do Patrimonio de As Pontes ao Concello de As Pontes no ano 2011

9. Bibliografía e recursos consultados

1. Introducción

Non estaba errado Laxeiro ao afirmar nunha visita á central térmica das Pontes que esta lembráballe ás portas do inferno. E é que ao longo dos anos unha única empresa, primeiro pública e máis tarde privada, controlou, fixo e desfixo ao seu antollo o territorio, facendo uso dunha especie de dereito de pernada que lle permitiu expoliar a baixo prezo e, practicamente sen repercusións sociais notables os recursos naturais e culturais do territorio.

Mais non só as empresas tiveron responsabilidade, tamén as administracións non souberon conciliar o progreso cun desenvolvemento sustentábel do territorio. A inexistencia durante décadas dunha lexislación en materia de protección do patrimonio cultural e unha preocupante tolerancia ante determinadas prácticas perpetradas tanto dende a propia administración como dende o sector privado, desencadeou unha situación sen precedentes en canto ao que a destrución de elementos patrimoniais se refire, sen os debidos procesos de documentación esixidos na actualidade.

Isto supuxo que unha inxente cantidade de información se perdese. Hai que ter en conta que só a explotación mineira das Pontes fixo sucumbir baixo as máquinas escavadoras a tres parroquias completas, desaparecendo en poucos anos, toda a historia acumulada durante xeracións dese territorio e das vivenzas dos seus habitantes. Un patrimonio inmaterial que se perde da man da destrución do espazo, que leva aparelhada unha perda de identidade sustancial e irreversible.

Unha situación que lonxe de mellorar a día de hoxe e no caso concreto de As Pontes empeorou gravemente. Os últimos estudos realizados falan da destrución dunha mámoa e media por ano. Nun territorio que chegou a contar a comezos do século XX con máis de 200 mámoas, perviven hoxe en día pouco máis de 100. Estes datos son só un exemplo da situación actual que padecen os recursos patrimoniais do



concello. Castros, petróglifos, círculos líticos, cruces de pedra, camiños antigos, fontes, lavadoiros, cabazos, cruceiros, muíños, ermidas, necrópoles, e moitos outros que correron, corren e correrán, por desgraza, a mesma trágica sorte.

2. As destrucións sistemáticas do Patrimonio Cultural de As Pontes durante o século XX.

2.1 A mina de carbón

A mina das Pontes, na actualidade pechada logo de máis de 30 anos de actividade nos que se extraeron da orde de 240 millóns de toneladas de lignito pardo, tivo un impacto moi elevado nos recursos patrimoniais das tres parroquias pontesas onde se asentou: Vilavella, O Seixo e Goente.

Debido a que a extracción requería dunha operación a ceo aberto dadas as características xeolóxicas do terreo e a disposición dos materiais a extraer, isto fixo que se perforase o solo dando lugar a un oco de 15 quilómetros de perímetro, cunha profundidade aproximada duns 500 metros nalgunhas cotas. Próximo a el, na parroquia de Goente, ergueuse unha montaña artificial onde a eléctrica depositou os máis de 646 millóns de metros cúbicos de materiais estériles que na actualidade ocupan unha superficie aproximada dunhas 1.150 hectáreas. Este inxente movemento de terras non se produciu de súpeto, senón que foi realizándose paulatinamente ao longo do tempo.

Parello a esta explotación mineira xorde a problemática da conservación do patrimonio, que se ben nos seus inicios non supoñía o máis mínimo contratepo para os intereses da empresa, co tempo convertiuse nun máis que aproveitábel discurso propagandístico co que se intentaba manter unha certa imaxe de responsabilidade para co patrimonio cultural.

O feito de que as propiedades foran expropiadas a cambio dunha mellora laboral para os membros da familia e unha indemnización a cambio da perda de todas as súas pertenzas, fixo que se perdesse de vista a necesidade de conservar determinados elementos da vida cotiá das persoas que habitaban esas parroquias, non só como meros contedores de lembranzas e vivencias, senón tamén como fontes de coñecemento sobre a historia, formas de vida e costumes dos nosos devanceiros, que constitúen o que se coñece como patrimonio inmaterial.

A cronoloxía das destrucións patrimoniais na mina de carbón das Pontes iníciase na década dos 70 co desmonte de terras no lugar de Portorroibo na parroquia do Seixo. Neste emprazamento situábase unha ermida que os investigadores datan no século IV d. C. e que contaba cun cemiterio paleocristiano na súa contorna, con numerosos soterramentos tipo cista que puideron escavar algúns rapaces da vila na compañía do que foi cronista oficial das Pontes, o crego D. Enrique Rivera Rouco no ano 1973. Este mesmo grupo atoparía tamén unha ara romana consistente nun monolito de pedra granítica de forma cuadrangular de 2 metros de lonxitude, que aínda se conserva hoxe en dependencias municipais. A ermida e a súa contorna sucumbiu finalmente ás escavadoras e na actualidade só se conservan algunhas testemuñas documentais (plano da ermida, fotografías de materiais e descrición de elementos) no arquivo municipal de As Pontes.



Ara romana atopada nas escavacións da ermida de Santa Eulalia do Portorroibo

O segundo feito que nos ocupa céntrase na destrución do coñecido como Castro da Uz, emprazado na parroquia pontesa da Vilavella e que foi arrasado por completo sen practicar ningún tipo de escavación sobre o elemento. Sábese ademais que moitos materiais atopados durante as operacións de escavación (utensilios de metal, fragmentos cerámicos, alfaias e outros materiais) foron expoliados polos propios traballadores da empresa que encheron sacos con pezas arqueolóxicas con indubidable valor patrimonial e científico. Esta información foi facilitada por testemuñas directas do expolio tal e como leva denunciado reiteradamente a nosa asociación en diferentes medios escritos.

Vista aérea da zona na que se ubicaba o



Castro da Uz

Parello a estas destrucións hai que falar da silenciosa destrución de túmulos megalíticos. Máis de 80 mámoas arrasadas completamente sen escavación nin documentación previas, dende comezos dos anos 70 ata a década dos 90. Vinte anos de destrución, expolio e atentados patrimoniais perpetrados dende unha empresa pública sen ningún tipo de control por parte das distintas administracións da época.



Mámoa arrasada polo cazo dunha escavadora no lugar de Carracedo

Non foi ata os anos 90 cando a empresa eléctrica comezou a escavar algunhas das mámoas que ía arrasar, froito da configuración das primeiras políticas de preservación e conservación do patrimonio cultural promovida dende a administración autonómica. O resultado destas escavacións, en concreto as das necrópoles de Illade, Reboredo e Ponte da Pedra na parroquia da Vilavella, reflíctese nos materiais que na actualidade ten en depósito o Concello das Pontes e que se atopan nun almacén provisional ata que se realice a necesaria consolidación definitiva dos mesmos.

Unha mina que aportou riqueza ao estado e melloras socioeconómicas notables na poboación da comarca, pero que deixou un regueiro de estrume de riba do noso patrimonio cultural.

2.2 A rede viaria

Xunto á industrialización do concello xurdiu un entramado de infraestruturas que se foron levantando por todo o territorio. A comezos dos anos 80 tivo lugar a construción de moitas das estradas actuais que vertebran a rede viaria do municipio. É o caso da estrada que une o lugar de Vila coa parroquia de Ribadeume e cuxa execución foi financiada pola Deputación da Coruña. A construción da vía supuxo a destrución completa do Castro de Ribadeume e a construción dunha vivenda particular preto dun dos muros da fortificación, supuxo a deturpación definitiva do elemento. Diversas fontes consultadas afirman que tamén neste caso foron moitos os particulares que expoliaron materiais arqueolóxicos e incluso un busto esculpido en granito do que asemellaba ser un guerreiro con escudo, foi empregado como recheo da propia estrada. Unha destrución lamentable perpetrada unha vez máis sen ningún tipo de control por parte das administracións competentes e con cargo a unha obra pública.

Lonxe de esquecer este escuro episodio da nosa historia local semella que as administracións do século XXI quixeron revivir estas funestas prácticas e en xuño de 2007 a Dirección Xeral de Patrimonio autorizou a destrución dos restos do círculo lítico da Mourela para a continuación das obras da autovía Ferrol-Vilalba AG-64, nun esperpéntico circo mediático no que a datación do elemento centrou os esforzos da administración que non soubo conciliar a conservación do elemento coa execución da infraestrutura, desoido as propostas plantexadas polos diferentes colectivos sociais que esixían a súa conservación. A proposta de execución dun túnel baixo a necrópole da Mourela formada por tres mámoas e un círculo lítico, e que foi apoiada nun principio pola propia administración autonómica e era asumible tanto técnicamente coma orzamentariamente, non foi tida en conta finalmente dando paso á destrución dun elemento senlleiro da arqueoloxía galega e a división en dous dunha necrópole prehistórica formada por un conxunto de tres mámoas, que contan hoxe cunha autovía que as atravesa,



actuación que se contradí coa propia normativa sobre as dimensións da protección que debe rodear a todo elemento arqueolóxico.

tampouco despois iniciou ningún expediente sancionador contra o Concello de As Pontes.



Mámoa da Mourela arrasada nas obras de consolidación dos noiros da autovía AG-64

2.3 A praza da igrexa

O suma e segue desta destrución patrimonial non afectou só a elementos emprazados en zonas de interese industrial. Na primavera do ano 1990, o entón alcalde das Pontes, D. Aquilino Meizoso Carballo, decidiu que as vivendas tradicionais existentes diante da igrexa parroquial afeaban a fachada do templo e impedían o estacionamento, polo que sen atender á prohibición da Dirección Xeral de Patrimonio derrubou unha mazá enteira de vivendas tradicionais coa intención de habilitar unha praza no solar que ocupaban. Segundo o cronista oficial do momento algunhas das casas podían ter máis de 300 anos de antigüidade como así o demostran os diferentes obxectos expoliados polos curiosos que alí se achegaron na mañá que durou o derrube. Á tarde varios camións sacaban os cascallos e nun día liquidáronse estas xoias do noso patrimonio arquitectónico. Hai que insistir en que todo isto foi perpetrado dende a administración local coa total connivencia da administración autonómica do momento, que pese á súa prohibición inicial

Destrución de vivendas tradicionais no casco histórico de As Pontes



2.4 Os polígonos industriais

Dado que o o custe electoral e político do derrube da praza foi nulo, non contento con isto no ano 1991 o alcalde do momento decide habilitar un polígono industrial no lugar dos Airíos próximo á necrópole da Mourela e que supón a destrución de dúas mámoas e os restos doutro círculo lítico. Só unha das mámoas foi escavada de urxencia polo arqueólogo José María Eguileta. Os outros elementos malia seren identificados non foron debidamente documentados por mor de supostos problemas de índole administrativa.

A día de hoxe a necrópole megalítica da Mourela, ou o que queda dela (tres mámoas) sobreviven illadas ao pé dun polígono empresarial e un noiro de máis de 50 metros de profundidade polo que atravesa a autovía AG-64.



2.5 Explotacións forestais e labores agrícolas

Como as prácticas das diferentes administracións en materia de protección e conservación do patrimonio cultural no noso territorio foron as que foron, cecais os habitantes do mesmo non foron precisamente ben educados no respecto e valorización do noso herdo patrimonial. Por iso non é excepcional ver o tratamento que algúns particulares practican co noso patrimonio cultural, introducindo todo tipo de alteracións nos elementos que van dende a utilización de mámoas como elementos de delimitación de propiedades coa consecuente construción de peches de fincas derriba dos elementos, ata a remoción parcial ou completa da masa tumular para aproveitamentos forestais, atopándonos con frecuencia nos nosos montes numerosas mámoas e castros plantados a pino e eucalipto, co conseguinte dano que ocasionan os sistemas radiculares destas árbores na integridade estrutural dos elementos. Moitos outros foron tamén arados nas operacións propias de creación de pastizais, cecais por medo ou descoñecemento dos propietarios que decidiron eliminar probablemente algo visto por eles como un problema.



Mámoa no lugar de As Farrapas danada por labores agroforestais

3. Marco competencial das administracións públicas na xestión do patrimonio cultural

3.1 Ámbito local

As competencias dos concellos en materia de patrimonio cultural están reguladas pola Ley 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, en cuxo artigo 7 establece que os concellos cooperarán cos organismos competentes na conservación e custodia do PHE comprendido no seu termo municipal, adoptando as medidas oportunas para evitar o seu deterioro, perda ou destrución. Ademais establece a súa obriga de notificar á Administración competente calquera ameaza, dano ou perturbación da súa función social que os devanditos bens sufran, así como as dificultades e necesidades que teñan para o coidado dos mesmos.

Na actualidade os concellos céntranse fundamentalmente na xestión e rendibilización do patrimonio cultural como recurso turístico, un feito que conduce á economización do patrimonio, algo que ao noso xuízo non debera en moitas ocasións ser un impedimento para a correcta conservación dos bens culturais, que padecen con certa frecuencia intervencións en moitos casos innecesarias e que só buscan unha adecuación a uns estándares de calidade turísticas que distan moito de ser consideradas como conducentes á posta en valor do noso patrimonio cultural e que en ocasións resultan contraproducentes ao xerar unha afección no propio elemento patrimonial de interese.

3.2 Ámbito comarcal/territorial

Ante a falta de lexislacións entorno ao fenómeno de comarcalización e definición de novos territorios culturais, non existe na actualidade ningunha liña aberta orientada cara á regulación das competencias en materia de xestión do patrimonio cultural dos diferentes organismos autónomos que canalizan boa parte das axudas comunitarias e centran fundamentalmente a súa actividade na rendibilización do



patrimonio cultural como recurso turístico. Non en poucas comarcas españolas teñen elaborado inventarios dos bens culturais existentes no seu territorio, pero polo momento trátase de iniciativas illadas e en moitos casos sen a debida coordinación coas administracións competentes.

3.3 Ámbito provincial

Nos últimos anos véñse discutindo ao respecto da necesidade de eliminar estruturas administrativas obsoletas ou inoperantes. Tal é a figura das deputacións provinciais, que debido á creación de novos organismos públicos especializados e outras entidades que focalizan a súa actividade sobre aspectos concretos da xestión do patrimonio cultural, deberan ir desaparecendo paulatinamente e delegando as súas funcións en organismos territoriais no ámbito de cada provincia, cun consecuente mellor aproveitamento dos recursos públicos.

Aínda así é innegable a enorme actividade en canto á divulgación e promoción dos valores culturais e sociais de cada provincia, como así o manifestan os seus plans de recuperación e posta en valor do patrimonio cultural.

3.4 Ámbito estatal

Dacordo aos artigos 46 e 44, 149.1.1 y 149.2 da Constitución Española son deberes e atribucións esenciais da Administración do Estado, garantir a conservación e protección do PHE, así como promover o enriquecemento do mesmo e fomentar e tutelar o acceso de tódolos cidadáns aos bens comprendidos nel. Ademais a Ley 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español establece no seu artigo 3 que a comunicación e o intercambio de programas de actuación e información relativos ao PHE serán facilitados polo Consejo del Patrimonio Histórico.

As competencias en materia de patrimonio cultural en España corresponden ao Ministerio de Cultura, que as desenvolven a través da Dirección General de Bellas

Artes y Bienes Culturales, da que depende o Instituto de Patrimonio Histórico Español. Produce unha grande cantidade de información: informes da Junta de Calificación, Valoración y Exportación, rexistro de Bens de Intese Cultural, inventarios xerais (bens mobles, castelos, xardíns históricos, etc.), plans estatais de conservación e restauración (catedrais, arquitectura militar, patrimonio industrial, monasterios, paisaxes, etc.)

3.5 Ámbito europeo

A Constitución Europea no seu artigo III.280 establece que a U.E. contribuirá á expansión das culturas dos Estados membros, dentro do respecto da súa diversidade nacional e rexional, poñendo de relevo ao mesmo tempo o patrimonio cultural común. Ademais a acción da U.E. terá por obxectivo fomentar a cooperación entre Estados membros e, se é necesario, apoiar e complementar a súa acción na mellora do coñecemento, a difusión da cultura e a historia dos pobos europeos, a conservación e protección do patrimonio cultural de importancia europea e os intercambios culturais non comerciais.

4. Lexislación, vixiancia e protección

Toda vez que ollamos o panorama de destrución sistemática que se leva producido no noso concello dirixímonos cara aos mecanismos lexislativos e de control dos recursos patrimoniais. Nun principio, cecais inocentemente, pensamos que a Lei do Patrimonio Cultural de Galiza está aí para ser cumprida e aplicada rigorosamente.

Na práctica atopámonos con que depende da entidade e do interese que aparentemente teña esta en conservar ou minimizar o risco de deturpación do elemento. Nalgúns casos a aplicación da propia lexislación deriva en situacións surrealistas que distan moito de aportar credibilidade á aplicación do propio texto legal.



Este é o caso da distancia de protección dos elementos arqueolóxicos que se ben a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia establece que será de 200 metros de diámetro arredor do elemento as Normas Subsidiarias dos Planeamentos Provinciais permiten, sorprendentemente, a redución desta distancia de 200 a 50 metros coas consecuencias negativas que isto ten para a conservación da contorna do xácigo.

4.1 Un catálogo deficiente

Outro dos aspectos que condicionan negativamente a conservación e protección dos elementos arqueolóxicos é o feito de que o presente Inventario Arqueolóxico da Xunta de Galiza presenta unha serie de eivas importantes que impiden o cumprimento dos obxectivos previstos na elaboración do propio inventario.

Erros como a desviación en máis de 50 metros nalgunhas das coordenadas dos elementos, erros na denominación dos lugares que aparecen nas fichas do catálogo co nome do monte próximo eludindo a denominación correcta, ou incluso a non incorporación de elementos ao catálogo, que están identificados por diferentes investigadores e que foron obxecto de publicación ao longo do século pasado.

A día de hoxe a Plataforma na Defensa do Patrimonio das Pontes leva xeoreferenciado máis de 90 mámoas no concello, catro das cales non constaban no Inventario da Xunta de Galiza, mais si estaban debidamente referenciadas polo investigador ortigueirés D. Federico Maciñeira Pardo de Lama en diferentes publicacións recollidas no Boletín da Real Academia Galega a inicios do século XX.

4.2 Quén vixía o patrimonio?

É unha pregunta interesante pois ultimamente semella que nos enteramos das agresións cando éstas xa foron perpetradas, moitas veces impunemente baixo a inocente mirada da administración que emite dictames que logo son incumpridos reiteradamente. Un exemplo claro é o acontecido no próximo concello de Foz onde

un coñecido empresario da maraña lucense decidiu levantar dous edificios derriba do Castro da Atalaia. Nun primeiro intre a Dirección Xeral de Patrimonio emitía unha orde na que demandaba a paralización das obras que xa se tiñan iniciado coa connivencia da administración local, pero que non se fixo efectiva ata un mes despois. Evidentemente cando pararon as obras un dos edificios invadía xa a área de protección do castro e parte da súa estrutura perimetral. Na actualidade o empresario foi denunciado, o edificio segue no mesmo sitio cunha orde de derrube pero á espera dunha sentenza xudicial firme que o autorice. Esperpéntica a frase na páxina web do promotor das vivendas que anunciaba sen complexos: Residencial Atalaya. Viva en un castro celta.



Construción de vivendas derriba do Castro da Atalaia



4.3 Perfil do agresor ao Patrimonio Cultural

Dende a nosa experiencia persoal e profesional, así como por todo o escoitado directamente dos protagonistas das deturcións anteriormente referidas e da documentación recompilada pola nosa asociación durante os últimos sete anos é xusto establecer unha categorización dos axentes implicados na destrución do patrimonio cultural no caso concreto que nos ocupa e por que non, por extensión en todo o territorio galego.

Partindo da análise anterior das diferentes destrucións patrimoniais acontecidas nas Pontes durante as últimas décadas é doado extraer unha categorización aproximada dos diferentes perfís do agresor potencial do patrimonio, sen medo a trabucarnos:

- a) Empresas privadas
- b) Administracións: locais, provinciais e autonómicas
- c) Propietarios de terreos onde se ubican elementos patrimoniais
- d) Outros: empresas públicas, expoliadores, vandalismo

Aínda que a lexislación vixente debería asegurar a completa conservación do patrimonio, así como a súa axeitada protección e documentación e eliminar calquera dúbida sobre o risco de deturpación do mesmo, non podemos máis que sorprendernos como empregando o discurso populista do interese xeral permítese a destrución de xácigos arqueolóxicos en favor de supostos beneficios sociais ou económicos, públicos ou particulares derivados desa autovía, deste parque eólico ou daquel polígono industrial.

4.4 O Laboratorio de Investigacións Arqueolóxicas LIA

En decembro do ano 2003 asinase un convenio entre o Concello de As Pontes e o CNRS Centro Nacional de Investigación Científica de Francia para o estudo e

divulgación do fenómeno tumular pontés.

Endesa apoia o proxecto cedendo as antigas instalacións da empresa e facilitando material técnico.

Ademais dunha serie de operacións de recuperación de datos dos traballos realizados con anterioridade, iníciase un protocolo de rexistro das superficies dos túmulos e a simulación tridimensional para definir os tipos de estruturas.

Ademais impleméntase un SIX Sistema de Información Xeográfica co fin de controlar a protección do patrimonio e facilitar a súa análise. Un modelo dixital do terreo adaptado a este sistema axiliza a comprensión e manexo do territorio.

Ademais un dos obxectivos prioritarios do convenio é a busca de solución de divulgación, en locais e sobre o terreo, da importancia desta arquitectura funeraria. Imaxes de síntese a partir dos datos topográficos facilitarán ao visitante a observación dos xácigos.

O convenio establece a estruturación dun laboratorio de investigación arqueolóxica que garante a continuidade da investigación, a conservación e a divulgación do xácigo na súa merecida dimensión internacional.

O laboratorio dispón de materiais e información gráfica de 20 escavacións realizadas nos últimos 15 anos. As estruturas províntes das escavacións de Reboredo, Illade e Ponte da Pedra, rexistradas e conservadas no antigo laboratorio, están abandonadas e en continuo deterioro desde hai varios anos. Das escavacións realizadas polo Grupo de Arqueoloxía Federico Maciñeira entre 1989 e 1992 consérvanse elementos estruturais e mostras recollidas con fins de restauración. De Illade consérvase unha estrutura de madeira de 6000 anos de antigüidade,



única na península ibérica e en Europa, cuxo tratamento foi interrompido en 1992 e cuxo estado actual de conservación ou deterioro, froito desta circunstancia, é descoñecido.

O orzamento co que contaba o LIA para o ano 2003 ascendeu a 150.000 euros, que foron ampliados en anos sucesivos ata acadar a cifra de 300.000 euros.

A día de hoxe, o Concello de As Pontes, non conta cos datos recompilados polo laboratorio nos seus 4 anos de funcionamento e comprometidos por convenio, nun primeiro intre co CNRS francés e máis tarde co propio laboratorio. Descoñecemos se os materiais arqueolóxicos das sucesivas campañas de escavación foron inventariados e se contan coas preceptivas medidas de consolidación e musealización que foron comprometidas nun primeiro momento, no convenio suscrito entre a entidade e o Concello.

É lamentable que se dotase orzamentariamente un proxecto que non repercutiu nin na conservación dos elementos patrimoniais do concello de As Pontes, nin na súa divulgación nin posta en valor.

A día de hoxe, os materiais que se atopaban na estación de autobuses pontesa, foron trasladados a unha das naves coas que conta o Concello de As Pontes no parque empresarial dos Airíos. Dende a Plataforma descoñecemos se este traslado se produciu cunhas medidas de seguridade axeitadas e atendendo aos estándares técnicos necesarios para o traslado e conservación de materiais arqueolóxicos. Tampouco sabemos se a intención real do actual equipo de goberno é a de posibilitar o rexistro e inventario dos bens almacenados e a súa posterior musealización.

Outra cuestión que non pode cando menos preocuparnos é o referente á información recompilada polo laboratorio nos seus catro anos de actividade, da que a día de hoxe o concello non conta cunha copia da mesma, nin está presente nas memorias

que o laboratorio entregaba anualmente.

Cremos que esta situación deberá ser solventada coa máxima celeridade. O responsable do LIA Jacobo Vaquero Lastre deberá dar as correspondentes explicacións e facilitar toda a información recopilada ao abeiro dos preceptivos convenios asinados co Concello de As Pontes. O patrimonio cultural do concello das Pontes non pode ser considerado como unha “pataca quente” por quen ten a obriga de velar pola súa conservación, integridade e difusión. Cómpre esixir a quen corresponda a devolución desta información e pechar dunha vez este impresentable capítulo da nosa historia. Ha de considerarse ao respecto que se ben este arqueólogo, como principal responsable do LIA, é o responsable directo do incumprimento contractual, o Concello de As Pontes ten tamén unha responsabilidade neste asunto, como é a de fiscalizar, controlar e esixir o estricto cumprimento dos termos do convenio, máxime cando estes traballos foron financiados durante anos con diñeiro público. Responsabilidade na que non procede o desleixo e a pasividade amosados tanto polo actual equipo de goberno como polo anterior.

5. Principais problemáticas e potencialidades do patrimonio cultural

A esta heteroxeneidade de competencias entre as diferentes administracións públicas hai que engadir unha serie de problemáticas que ao noso xuízo poñen de manifesto a imperante necesidade dunha mellora na eficacia e coordinación das administracións así como na accesibilidade dos cidadáns aos diferentes procedementos administrativos que unha xestión coordinada require.

Se tivéssemos que establecer un mapa xenérico da situación actual en canto ao que a xestión do patrimonio cultural se refire, teríamos que realizar unha especificación



máis concreta en base ao ámbito de actuación da administración en cuestión.

A nivel local poderíase dicir que existe polo xeral unha tendencia a haber certa descoordinación nas inversións financeiras destinadas á rehabilitación de bens culturais, o que reflicte a ausencia dun plantexamento de fondo global, que permita orientar unha política realmente eficaz de xestión do patrimonio. Tampouco debemos esquecer a falla de medios humanos e técnicos, que en moitas ocasións son substituídos pola vontade de asociacións ou particulares, que cuns orzamentos ridículos tratan de solventar na medida das súas posibilidades estas carencias e desleixos administrativos.

A situación xeral que presenta a xestión do patrimonio cultural no noso concello é totalmente deficitaria e, en contadas ocasións, deficiente, froito dunha longa tradición de abandono por parte do concello, unida a unha cultura funcional excesivamente burocrática que durante moito tempo ten considerado o patrimonio cultural como unha carga que se debía soportar con resignación.

O patrimonio cultural municipal, nas súas diversas manifestacións, ten en troques, rasgos estratéxicos excepcionais para o seu aproveitamento por parte da administración local, e a súa xestión está vivindo nos últimos anos unha paulatina profesionalización que demanda a produción de ferramentas encamiñadas a potenciar a xestión do noso patrimonio cultural e que no caso de As Pontes tivo a súa oportunidade na actividade do LIA.

5.1 O papel da administración na xestión do patrimonio desde unha perspectiva territorial

Débense compatibilizar os obxectivos do sector público en termos de rendibilidade social, cos do sector privado, máis dirixidos á rendibilidade económica. Polo tanto,

é preciso que os axentes públicos e privados traballen de forma coordinada. A articulación e promoción integrada do territorio cultural require da participación e colaboración dun conxunto amplo de axentes no seu funcionamento, se se quere desenvolver con plenitude. Cada un deles xoga un papel diferente, uns na xestión de proxectos, outros interveñen en operacións puntuais.

Hai que ter en conta que, fundamentalmente, o desenvolvemento do patrimonio no seu contexto territorial deberá sustentarse sobre a base de:

a) A administración pública local

A participación unánime do concello é imprescindible, debe ser o principal impulsor do proxecto e del depende a aprobación dunha parte significativa dos orzamentos que hai que destinar á adecuación de servizos e infraestruturas públicas, á recuperación e conservación do patrimonio local, etc.

b) As institucións supramunicipais

A Administración autonómica, a Administración do Estado e a Unión Europea deben xogar un papel de soporte e colaboración. A súa actuación céntrase no apoio aos proxectos que emanan do territorio.

c) A sociedade civil

Dentro deste ámbito inclúense tanto as iniciativas empresariais que se poidan desenvolver dentro do territorio como o papel que poidan ter entidades non lucrativas ou outros axentes implicados na animación cultural, social e económica da zona. A importancia do papel destes axentes recae en grande medida no feito de que deberán ser eles os que terán que encher de actividade o territorio.



6. O patrimonio máis alá do turismo cultural/rural

6.1 O asociacionismo e a defensa do Patrimonio

Non se pode falar da defensa do Patrimonio nas Pontes sen referirnos ao museo etnográfico Monte Caxado e en concreto ao seu promotor José María López Ferro, que aló polo ano 1984 rescataba do expolio na mina de carbón, apeiros e utensilios domésticos, innumerables testemuños materiais do que algún día foi a historia das parroquias desaparecidas baixo a mina. Na actualidade máis de dous millares de pezas converten os corredores do colexio pontés Monte Caxado nunha máquina do tempo que transporta a diario aos alumnos a tempos xa esquecidos. Teares, apeiros de labranza, útiles domésticos, escolares e de viaxe empregados na emigración forman parte do museo etnográfico desde hai un cuarto de século e que foi inaugurado oficialmente en 1987. Ademais desde hai uns sete anos o museo conta tamén cun arquivo fotográfico con máis de 1.300 instantáneas procedentes dos álbums familiares da zona, recollidas entre os propios alumnos do centro e doutros fondos fotográficos da vila. É sen dúbida este un exemplo do moito que se pode facer con pouco, só é necesaria vontade e traballo, como o amosado polos seus responsables.

No veciño concello da Capela, un museo similar naceu parello tamén a un proxecto educativo. A día de hoxe, o museo conta cun edificio propio, unha fundación que o xestiona e un equipo permanente de colaboradores que continúan o seu labor divulgativo. A todas luces este centro convertiuse nun referente no propio concello,



José María López Ferro, director do Museo Etnográfico Monte Caxado

non só educativo, senón tamén interpretativo e mesmo turístico. Ao noso xuízo cómpre dignificar o traballo realizado ata agora no Monte Caxado, cun proxecto de consolidación que afiance esta alfaia do patrimonio cultural no noso municipio.

Hai que destacar tamén que pese á destrución sistemática que sufriu o patrimonio pontés durante décadas isto non pasou desapercibido para a poboación local, que lonxe de sucumbir ante tal realidade decidiu organizarse en movementos e asociacións de defensa e promoción do patrimonio cultural do territorio. Froito disto foron aparecendo grupos de investigación como o Grupo Arqueolóxico Federico Maciñeira na década dos 90, o Laboratorio de Investigacións Arqueolóxicas LIA a comezos do ano 2000 e máis recentemente a Asociación de Estudos Históricos HUME ou a Plataforma na Defensa do Patrimonio das Pontes. Esta última xunto a outras asociacións de ámbito nacional como son a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza e a Liga Céltiga Galaica levan denunciado durante os últimos anos numerosas agresións contra o patrimonio ante diferentes instancias tanto administrativas como xudiciais, garantindo un certo control das agresións patrimoniais que teñen lugar no territorio.

Hai que sinalar que recentemente foi constituída unha comisión en materia de patrimonio e na que se atopan representadas algunhas asociacións culturais de As Pontes, así como os partidos políticos locais. É certo que xa se levaron a cabo, promovidas dende esta comisión, algunhas iniciativas en prol da conservación dalgúns elementos, mais cómpre darlle continuidade a esta comisión e continuar a traballar pola dignificación do Patrimonio Cultural do concello.

6.2 Evolución do turismo cultural no territorio

Nos últimos anos o gran desenvolvemento que sufriu o rural do territorio viu aparelado a un éxodo masivo de poboación do rural cara os centros urbanos co conseguinte abandono das propiedades e unha modificación do tipo de explotación,



pasando dun uso do territorio fundamentalmente agrogandeiro ao cultivo masivo e descontrolado de especies forestais agresivas cos nosos montes, pero de rápido e rendible crecemento. Aínda así algúns propietarios incentivados polas axudas da Unión Europea a través do seus plans de desenvolvemento rural decidíronse a rehabilitar e recuperar as súas vivendas, algunhas convertidas en establecementos hostaleiros, outras en cantinas, e algunhas en pequenas fábricas familiares para a elaboración de produtos artesanais de diferente tipo.

Pese a este aparente desenvolvemento do rural polo dagora non se soubo artellar unha rede visitable fóra dos itinerarios convencionais máis visitados do territorio como poden ser o Parque Natural das Fragas do Eume ou a rede de mosteiros e castelos recentemente rehabilitados baixo a dirección de Euroeume. Cómpre agora un seguinte paso de cara á consolidación e preservación do patrimonio arqueolóxico do territorio establecendo unha rede de xácigos visitables debidamente sinalizados, acondicionados e situados en mapas a través de rutas interpretativas dispoñibles ao visitante en diferentes formatos e soportes.

7. Algúns impactos recentes no patrimonio cultural do concello de As Pontes

7.1 Casco histórico de As Pontes

Durante o ano 2011, realizáronse obras no casco histórico de As Pontes, financiadas con cargo aos fondos do Plan E, concretamente ao Fondo Estatal de Sostibilidade Local. As obras leváronse a cabo sen a preceptiva autorización e informe técnico da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. Dende o Concello argumentouse que non se solicitara a autorización debido á falla de tempo para

poder xustificar o orzamento. A Plataforma na Defensa do Patrimonio de As Pontes en canto se iniciaron as obras recibiu información de varios veciños nas que se nos alertaba de que as obras estaban sacando á luz o firme antigo da rúa e que había operarios picando nel. De contado puxémonos en contacto co Servizo de Vixilancia e Inspección de Patrimonio da Xunta de Galiza, quen nos confirmou a inexistencia de autorización para levar a cabo as obras e que as mesmas carecían tamén do correspondente informe técnico necesario para levalas a cabo.



A rúa da Igrexa en obras sen autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Para o noso abraio dende a Alcaldía alegáronse presuntos intereses electorais e persoais na notificación, cargando toda a responsabilidade da paralización das obras nos membros da Plataforma, que en ningún momento denunciaron os feitos ante as autoridades (como así correspondería ter feito) e só se limitaron a solicitar información sobre as mesmas.

Durante o transcurso das obras recibimos información de que a Ponte dos Ferros resultara afectada, cando un camión que descargaba material para as obras, guindou unha das pedras da cornixa lateral da ponte ao río ao pousar unha das patas do guindastre sobre a mesma. A día de hoxe a pedra segue tirada no río e no oco que deixou, o Concello atornillou unha chapa de ferro, nunha actuación totalmente agresiva para coa estrutura deste elemento do



patrimonio cultural local e da que a falta da información correspondente por parte de Patrimonio semella que tampouco neste caso conta cos permisos necesarios para tal actuación.



Esquerda, cornixa da ponte danada no transcurso das obras da Rúa da Igrexa.

Dereita, chapa metálica "atornillada" á estrutura da ponte

7.2 Fonte das Boliqueiras

A fonte das Boliqueiras é outro dos elementos patrimoniais do concello que foron afectados polas obras da autovía AG-64. En concreto a pista de acceso á fonte a día de hoxe atópase en estado de abandono e nuns 200 metros da mesma presenta o firme en mal estado o que impide o tránsito normal de vehículos pola mesma.

Asemade a escaleira de baixada á fonte construída no ano 1902, e a contorna da mesma atopábase totalmente cuberta por vexetación arbustiva que dificultaba o seu acceso e afeaba os arredores deste senlleiro espazo natural. Esta situación

foi subsanada en parte, a través dunha proposta da Plataforma na comisión de patrimonio local, que acadou un compromiso por parte do Concello para desbrozar a contorna da fonte. Aínda así fica pendente a restitución na sinalización do elemento e o arranxo da pista de acceso.

Estado de abandono no que se atopaba o acceso á Fonte das Boliqueiras



7.3 Camiño dos Arrieiros

O Camiño dos Arrieiros ou Camiño Grande discorre ao longo duns 50 quilómetros, unindo a vila de As Pontes co porto de Bares. Este camiño tense empregado desde a Prehistoria como vía de intercambio comercial, constituíndo unha das rutas principais de comunicación entre os pobos do Noroeste peninsular, das Illas Británicas e da península armoricana. A vía recibe o nome dos chamados arrieiros, que durante séculos transportaron todo tipo de mercadorías ao lombo de mulas e cabalos.

Na actualidade o camiño atópase debidamente sinalizado e acondicionado ao seu paso polos concellos de Mañón e Ortigueira. Non así no caso de As Pontes, onde ademáis de non figurar no rexistro municipal de vías de tránsito, tampouco está



Agresión ao Cristo da Penamoura no Camiño dos Arrieiros

sinalizado nin conta coas correspondentes medidas de seguridade e accesibilidade que permitan o seu uso. Ademais a vía atópase restrinxida ao paso por varios peches de aramio que impiden o seu percorrido, algo a todas luces ilexítimo pois ao tratarse dun camiño histórico debería respectarse o seu dereito de paso.

Desde a nosa organización levamos realizadas diferentes actividades co fin de visibilizar esta situación e divulgar os valores culturais e patrimoniais desta vía histórica, a través dos roteiros culturais que organizamos ano tras ano que van xa pola súa cuarta edición,

ou o proxecto da páxina web www.arrieiros.com, realizada coa colaboración da Deputación da Coruña, a Liga Céltiga Galaica e a Asociación Informática Amigus.

En marzo do ano 2011, nunha das saídas organizadas pola Plataforma puidemos comprobar como unha das cruces de pedra que delimitan este camiño, o cristo da Penamoura, atopábase destrozada, feito que denunciámos ante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e en diferentes medios escritos. A día de hoxe este elemento patrimonial segue destrizado sen que as autoridades que teñen a obriga de velar polo patrimonio local, tivesen realizado ningunha xestión para solventar esta situación.

8. Proposta de traballo presentada pola Plataforma na Defensa do Patrimonio de As Pontes ao Concello de As Pontes no ano 2011

A continuación transcríbese a proposta presentada pola nosa asociación ao Concello de As Pontes e da que a día de hoxe non obtivemos resposta ningunha por parte do equipo actual do goberno municipal.

Plan para a investigación, protección e promoción dos valores culturais e naturais do concello de As Pontes de García Rodríguez

1ª MEDIDA

Ordenanza reguladora do Patrimonio Arqueolóxico do Concello de As Pontes – Redacción PXOM

Elaboración do catálogo arqueolóxico municipal e redacción de normativa axeitada á realidade urbanística e patrimonial do termo municipal, coa súa incorporación ao PXOM Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Para isto será necesaria realizar a delimitación arqueolóxica de tódolos xácigos inventariados, sinalando para cada un deles, e a través dun estudo detallado de campo, as áreas de protección que se consideren necesarias para cada caso concreto, definindo o tipo de intervencións arqueolóxicas que se deben realizar para garantir a súa protección e conservación e establecendo as cautelas que se consideren oportunas aos usos permitidos, ao tempo que se deberán detallar as tramitacións administrativas necesarias para cada área de cautela arqueolóxica definida (restauración da Ponte dos Ferros, adecentamento e iluminación das pontes, limpeza e sinalización de xácigos arqueolóxicos, recuperación de fontes e lavadoiros, ...)



2ª MEDIDA

Centro de Interpretación do Patrimonio Cultural e Natural de As Pontes

Creación dun centro de interpretación que albergue información de interese sobre o patrimonio cultural e natural de As Pontes, integrando e revalorizando o propio arquivo histórico municipal, cunha mostra permanente dos materiais máis significativos que conforman o fondo arqueolóxico local e que incorpore unhas instalacións axeitadas para a almacenaxe dos materiais restantes.

Os centros de interpretación son un dos recursos de referencia para a transmisión da cultura. Promoven o turismo e concíbense cada vez máis como factores de valor económico, polo seu atractivo como actividade de ocio. O centro pontés funcionaría tamén como un centro de recepción de visitantes (turistas, alumnos, profesionais dos ámbitos da cultura e a natureza) e como oficina de información, ofertando actividades didácticas o redor do patrimonio cultural e natural de As Pontes, potenciando o coñecemento dos visitantes, turistas e poboación en xeral.

3ª MEDIDA

Grupo de traballo para a xestión, protección e promoción do Patrimonio Cultural e Natural de As Pontes

Creación dun grupo de traballo no que se atopen representadas as diferentes entidades locais e territoriais, públicas ou privadas, con implicación ou competencias na xestión, protección ou promoción do patrimonio cultural e natural, que se ocupe de controlar a execución do plan, procurar a súa financiación e artellar todos os mecanismos necesarios para a súa consecución.

Ademais designaría o grupo de xestión que se encargaría de implementar e liderar o deseño e execución de proxectos que permitisen garantir a conservación, investigación e promoción dos valores culturais e patrimoniais do Concello de As

Pontes.

Estas son algunhas das propostas que ao noso xuízo máis urxe implementar na actualidade:

a) Estudos e investigacións

Inventario e catálogo dos elementos que integran o patrimonio cultural e natural de As Pontes.

Inventario e catálogo dos materiais que integran o fondo arqueolóxico local.

Estudo etnográfico do Concello de As Pontes.

b) Infraestruturas e posta en valor

Centro de Interpretación: deseño e instalación de exposición permanente no centro de interpretación local.

Roteiros: elaboración, deseño e execución de roteiros culturais.

Plan de limpeza e sinalización dos elementos que integran os diferentes roteiros.

c) Documentación

Elaboración de material informativo e divulgativo para a súa difusión en soporte escrito, audiovisual e electrónico (arquivo sonoro e audiovisual da TV e Radio locais, Arquivo Histórico Municipal, TV e Radio das Pontes como canles de divulgación e promoción).

Deseño e implementación de ferramentas tecnolóxicas de divulgación e promoción dos valores culturais do municipio na Internet.



9. Bibliografía e recursos consultados

AMBIENTARTE S.L. (et al.) *Interpretación del patrimonio, una herramienta eficaz para la conservación*. Proyecto INTEPA. Subprograma Leonardo da Vinci. Programa de Aprendizaje Permanente. Pontevedra, 2012

ESPAÑA. *Constitución*, [en línea].

ESPAÑA. *Ley 10/1993, de 4 de noviembre, de Comarcalización de Aragón* [en línea].

ESPAÑA. *Ley 16/1985, de 25 de junio, del Patrimonio Histórico Español* [en línea].

FELIU FRANCH, J. *Conservar el devenir: en torno al patrimonio cultural valenciano*. Castelló de la Plana: Universitat Jaume I, 2002

FERNÁNDEZ BELLO, J. *Museo Etnográfico Monte Caxado* [en línea]. <<http://www.amigus.org/web/archives/000067.php>>

FERNÁNDEZ BELLO, J. *O Museo Etnográfico* [en línea]. <<http://www.edu.xunta.es/centros/cpimontecaxado/category/14/74>>

GUERRA, F.J., SUREDA, J. y CASTELLS, M. *Interpretación del patrimonio: diseño de programas de ámbito municipal*. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya, 2008

HERNÁNDEZ RAMÍREZ, J. «De resto arqueológico a patrimonio cultural. El movimiento patrimonialista y la activación de testimonios del pasado», en Boletín GC: Gestión cultural, n. 11, Portal Iberoamericano de Gestión Cultural [en línea]. <<http://www.gestioncultural.org>>

LEIRA, X. y MÉNDEZ, R. (coord.) *O patrimonio e a cultura proxectual: un*

diálogo necesario. Lugo: Deputación Provincial, 2000

LÓPEZ BRAVO, C. *El patrimonio cultural en el sistema de derechos fundamentales*. Sevilla: Universidad de Sevilla, 1999

LÓPEZ FERRO, J.M. *Un museo etnográfico no colexio* [en línea]. <<http://www.edu.xunta.es/eduga/133/nosa-escola/un-museo-etnografico-no-colexio>>

LÓPEZ FERRO, J.M. *Museo etnográfico do CPI Monte Caxado, As Pontes*. A Coruña: Deputación Provincial, 1999

Padró Werner, J. «La gestión del patrimonio: una perspectiva territorial». En: *O patrimonio e a cultura proxectual. Un diálogo necesario*. Leira, X. e Méndez, R. (coord.). Lugo: Deputación Provincial, 2000

RIVERA ROUCO, E. *Historia de Puentes de García Rodríguez*. Sociedad Recreativa y Artística Liceo, 1978.

RTVEUME. *Cal foi o motivo real polo que se pararon as obras na vila? Declaración do alcalde de As Pontes Valentín Gozález, 2011* [en línea]. <<http://www.amigus.org/web/archives/013968.php>>

SÁNCHEZ SÁNCHEZ, H. *Código de Derecho Internacional Ambiental*. Bogotá: Universidad del Rosario, 2008

UNIÓN EUROPEA. *Constitución, 2004* [en línea].

VAQUER CABALLERÍA, M. *Estado y cultura: la función cultural de los poderes públicos en la constitución española*. Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces: Universidad Carlos III, DL 1998



MANUEL RIGUERA MONTERO EN AMÉRICA DO SUR

Autor:
Guillermo Jorge Riguera





A modo de Prefacio

Esta breve recompilación non aspira ser unha obra de literatura, senón unha sorte de memoria dos pasos e actividades do protagonista. Inspira este traballo a vaguidade de información acerca do segundo fillo varón da familia Riguera Montero, Manuel, que emigrado desde a súa Ximarás natal, entre as serras de Muras, chega ao Río da Prata a mediados da década de 1870.

Nunha desas historias transmitidas oralmente entre xeracións, sitúase a Manuel nunha aventura embarcado nun canoneiro, inseríndose na Amazonía... supoñéndose os seus pasos perdidos na maraña tropical e en contacto cos indíxenas do lugar.

O certo é que a súa vida transcorreu dun xeito máis vilego, entre as cidades de Montevideo e Bos Aires, en estreito contacto co seu irmán José María, ata o seu retorno definitivo á terra galega alá por 1893.

Seguramente faltarán moitas páxinas por escribir, pero en vésperas dunha esperada viaxe polas terras dos devanceiros, isto é o que ata hoxe logramos artellar.

Bos Aires, Xullo de 2013.

O seu bisneto: *Guillermo Jorge Riguera*

Os Riguera Montero

Don Tomás Benito Riguera Losada, fillo do matrimonio de don Francisco Riguera de Losada e de dona María Rodríguez Martínez, naceu o 11 de Xullo de 1805 no Lugar do Camiño, na Casa de Arriba¹, no concello de Xermade en Terra Cha. Consagráronse padriños de bautismo o seu avó materno don Thomas Rodríguez e Pena -irmán do cura párroco don Francisco Rodríguez e Pena-, e a súa avoa dona Francisca Losada e Rodríguez. O pai de Tomás Benito, don Francisco Riguera de Losada afincouse na Casa do Camiño en Xermade ao casarse con dona María Rodríguez e Martínez orixinaria do devandito lugar. No portal da capela familiar, tallado na pedra aínda se pode ler:

*"ESTA CAPILLA LA HIZO DN FRANCO REZ I PEÑA
PRO AÑO 1790"*

A relación de parentesco entre as familias Rodríguez, Losada, Pena, Martínez, Cao e Riguera, ten longa data nas veciñas comarcas de Xermade, Vilalba e Muras, na provincia de Lugo. Durante o avance da invasión napoleónica sobre territorio galego, a familia decidiu protexer ao seu fillo varón, que aínda que era neno, podía ser considerado un inimigo polos gavachos.

Así Tomás Benito foi enviado á casa do Pazo que o seu avó paterno, don Julián da Rigueira (fillo de don Domingo da Rigueira e de dona María Martínez de Muras), quen, xunto coa súa esposa Francisca de Losada², (filla de don Juan Rodríguez e de dona María Jacinta de Losada de Xermade), fundaran nas serras de Ximarás³, preto da poboación de Muras, onde medrou forte e en contacto coa vida rural do lugar.

1-Acta de Bautismo de Tomas Benito Riguera e Losada, Libro de Actas de Sta. Ma. de Xermade.

2- Acta de Matrimonio de Julian da Rigueira e Francisca de Losada, 15-08-1782, en Sta. Ma. de Xermade.

3- "Apuntes Históricos de la comarca de Muras" por Vicente Otero Cao, Galicia 1968, L^o III – pág. 8/10.



Cotemporofoi coñecido na comarca como "O Roxo Vello" quen, ademais de administrar as terras familiares, actuou como Notario eclesiástico na Curia de Mondoñedo. Con vinte e tres anos, Tomás Benito contrae matrimonio en cerimonia que se celebra en Sta María de Xermade o 31 de agosto de 1828, con dona Francisca Cao Cordido e Rodríguez, filla de Juan Cao e de Antonia Rodríguez do lugar de Nogueyra, sendo testemuñas don Juan Antonio Ribeira, párroco de Xermade e Thomas da Rigueyra, párroco de San Pedro de Muras. Froito do matrimonio nace a súa primeira filla a quen chamaron María Vicenta Riguera Cao, bautizada o 29 de Setembro de 1829.

Co tempo esta casaría con don Juan Nobas, de cuxo matrimonio nacerán polo menos dous fillos: José María e Aurora Novas Riguera.

O Roxo Vello enviuvado e con apenas corenta anos de idade, contrae segundas nupcias con dona Francisca Montero do lugar de Nogueyra, filla de don Juan Montero e de dona Vicenta Fernández de Caxete de Lombao. Do segundo matrimonio do Roxo nacerían polo menos nove fillos dos que teñamos noticias:

- José María nado o 19 de setembro de 1845 en Nogueyra, concello de Oourol.
 - María da Concepción Ramona nada o 9 de novembro de 1846 en Nogueyra de Oourol.
 - Genoveva Vicenta nada en Nogueyra de Oourol o 19 de abril de 1848.
 - Juana Celestina nada en Nogueyra de Oourol o 1º de marzo de 1850.
 - Florentina Concepción nada en Ximarás, o 11 de marzo de 1852.
 - María Josefa nada en Xestoso, Ou Burgo, o 6 de xaneiro de 1854.
 - Manuel nado o 26 de xaneiro de 1857 en O Burgo.
 - María Antonia nada o 26 de decembro de 1858 en Oourol.
 - Filomena Antonia nada en Ximarás, concello de Muras o 9 de marzo de 1861.
- As irmás serán recordadas como as Monteras.

Os irmáns e demais familiares, incluída María Vicenta Riguera Cao -do primeiro matrimonio-, criáranse en Xestoso, no Burgo de Muras e en Ximarás, onde con-



Tomás Benito Riguera.
será coñecido como **Manuel Riguera Montero**.

formarán a que alí se recordará como familia Riguera Montero. O segundo varón de don Tomás Benito e dona Francisca, foi bautizado polo Cura párroco de Sta. María. do Burgo don Agustín José Roncaño, con licenza e esperanza do de Muras, o día 30 de xaneiro de 1857, baixo o nome de Manuel María Bernardo, apadriñado por don Bernardo Cao Cordido, presbítero, representado por Nicolás Orieto e dona María Alonso, esposa de Francisco Hermida do lugar de Casalvares, dos termos de Oourol, tía do neno por parte materna, nado o vinte e seis dese mesmo mes⁴. Este

O Roxo sabía da importancia que tería para o futuro dos seus fillos unha boa educación, así os dous fillos varóns estudaron as súas primeiras letras en Viveiro e continuaron os seus estudos superiores no Seminario Conciliar de Mondoñedo. José María, primoxénito do Roxo, destacaba nos seus estudos de latinidade e gramática, alcanzando o terceiro ano da Facultade Maior de Teoloxía. Con todo, a pouco de concluír a carreira e malia levar nove anos de estudo obtendo notas de Meritissimus e Sobresaliente, decidiu deixar o Seminario, que el describe como establecemento literario, para marchar a Montevideo, arribando a esa cidade o 17 de marzo de 1870, como el mesmo deixou dito na súa "Carta Aberta ao seu pai"⁵, con versos que na comarca aínda se recordan:

4-Acta de Bautismo de Manuel Riguera Montero, Libro de Actas de Muras, Archivo Conciliar de Mondoñedo.

5-"Carta Aberta dirixida ao Señor Tomás B. Riguera Losada". Imprenta de La España, Montevideo, 1890.



*Tricornio del alma mía,
Hoy tengo que dejarte
Voy mi despedida a darte
Lleno el pecho de dolor.
También mi adiós voy a daros
Larga sotana y manteo
Me voy a Montevideo
Y aquí os dejo con temor.*

Malia os costumes daquel momento, e probablemente influenciado por pensadores da época como Pedro Rodríguez Campomanes, quen nun dos seus discursos mencionaba *"A muller ten o mesmo uso de razón que o home: só se diferencia polo descoído que padece no seu ensino"*, tamén procurou don Tomás Benito que as súas fillas mulleres se instruísen, chegando algunha delas a exercer a docencia. Genoveva Riguera Montero, foi nomeada Primeira mestra de Muras cun título *"honoris causa"*, por ensinar a ler e escribir a todo o que fose a Ximarás, sen cobrar polos seus servizos, nunhas escolas fundadas pola asociación *"Viveroysu Comarca"*, promovida polo seu irmán José María Riguera Montero, constituída xunto co seu curmán Tomas Ramos Riguera e outros filántropos da zona, con domicilio nos Altos de Politeama.

Outra das Monteras, foi recordada, non só polo seu carácter, senón pola súa beleza e polas consecuencias que esta lle causou. En relación a isto, unha rima que perdura ata os nosos días relata: *"A filla do Roxo por ser fermosa levou una ou demo para a Carballosa"*⁶. O que trae a recordo que O Roxo, indo visitar a súa filla, recentemente casada, cabalgou ata a súa nova morada, atopándoa embarazada e de xeonllos lavando xunto ao río baixo a mirada do seu marido, quen seguramente pensaba ter dobregado o carácter da Montera. Fronte á escena, don Tomás Benito reprende ao seu xenro e prometeu estar vixiante ao trato que lle dispensaría á filla que levava como es-

posa, e para que a promesa non quedase desvirtuada polas dificultades do traxecto por sinuosos carreiros entre Muras e Carballosa, O Roxo mandou construír un camiño que uniu ambas aldeas, pasando por Montouto, ao que chamaron *"Camiño do Roxo"* ou *"Camiño dos oleiros"*. Namentres, Manuel Riguera Montero, segundo fillo varón do Roxo, doce anos máis novo que José María, tamén deixará o Seminario Conciliar e seguirá ao seu irmán ata a mesma cidade na costa oriental do Río da Prata, sen que teñamos certeza da data da súa chegada.

A súa partida moi posiblemente sexa motivada -segundo referencias orais⁷, polas consecuencias dun atraco que sufriu na zona rural de Muras, durante o cal, mentres recibía golpes dun grupo de atacantes, chega a escoitar *"Gallo muerto no canta"*. Recibe así as anunciadas puñaladas, quedando mal ferido, abandonado sobre o seu cabalo e ao bordo da morte. Pero a súa boa fortuna e o animal afeito ao camiño sálvano, pois chega ata unha pousada na que se adoitaba aloxar, e onde as mulleres do lugar atenden as súas feridas e protéxeno durante meses, mentres se repón ata poder valerse por si mesmo. Recuperado, reflexiona acerca da súa sorte -da que ninguén tiña noticias-, e sentenza: *"Se regreso á vila, mátanme outra vez"*, o que confirma a súa decisión e a súa viaxe lonxe da comarca.

O certo é que para 1878 atopamos a Manuel á fronte dunha cátedra, como profesor no Colexio de San Francisco de Montevideo, na República Oriental do Uruguai. Manuel, do mesmo xeito que o seu irmán maior, estudará avogacía na Universidade de Dereito e Ciencias Sociais da cidade de Montevideo, graduándose e optando ao grao de Doutor en Xurisprudencia, disertando a súa tese sobre o Dereito de Sucesión no ano 1880. O final dese ano sorprende aos irmáns Riguera Montero afincados en Montevideo, coa triste noticia do falecemento da súa nai dona Francisca Montero, de apenas cincuenta anos de idade.

⁶- recitado por unha tataraneta do Roxo, Fina Rouco da Coruña.

⁷-Referida pola neta do Roxo, Nieves Puentes Cao do lugar de Vilares en Merille, residente en Viveiro, próxima a cumprir 100 anos de idade.



Na súa memoria realizan unha publicación conxunta das notas de condolencia recibidas, e agregan nas últimas páxinas o desenvolvemento do seu pensamento, nun pequeno folleto titulado "Humilde Tributo de Amor"⁸, distribuído entre familiares e amigos.

Unha nota aparecida no Correo Español de Bos Aires, asinada polo seu curmán Manuel Vila Nogueira e algúns amigos dos familiares, describe os efectos que produciu a morte de dona Francisca Montero:

... Fue por todos sentida en la villa de Viveiro, especialmente por los pobres del contorno, pues perdieron en ella una verdadera Hermana de Caridad, y sus caseros por mucho tiempo la recordarán para bendecirla, pues la mayor parte de sus rentas, cuando no las perdonaba en años malos, consagraba a las obras de beneficencia...

No opúsculo transcriben ademais, unha carta dirixida ao seu pai, datada o 30 de novembro de 1880, na que argumentan e confesan as súas crenzas filosófico-relixiosas, declarando un sentimento de "*parentesco estreito con todas as cousas creadas e tamén con todas as cousas increadas*", desde Luz, calor, gas e átomo, pasando á materia ata alcanzar a bioloxía actual.

"... desde el momento en que llegamos a nuestro organismo, sentimos derramarse por todo nuestro ser algo que no vivía en el tiempo, que no se desarrolla en el espacio, algo más claro que la luz, más rápido que la electricidad, más vivido que el calor y el magnetismo; si, el Espíritu; si, el humano espíritu y dentro de él un sol sin ocaso que llama Pensamiento, y una fuerza

8- "Humilde Tributo de Amor dedicado á memoria da Señora Dona Francisca Montero de Riguera polos seus dous fillos residentes en Montevideo José María e Manuel Riguera Montero", impreso en Tipográfica a vapor de La España, Montevideo, 1881.

incontrolable que se llama Libertad... !"
*"... hemos de trabajar y pugnar ascendiendo en la escala del progreso, inundado hoy de sangre, mañana de luz, hasta encontrarnos frente a frente a nuestro Creador, a nuestro Dios... !"*⁹

Finalizando a exposición refírense á transcendencia humana deste xeito:

Resignémonos pues, ante el imperio soberano de esa invariable ley de la naturaleza..., ante la voluntad omnipotente del Supremo Hacedor de los mundos, que al extinguir la luz de la existencia mortal del hombre, le abre las puertas de la Eternidad para que entre en su espíritu a gozar sin fin, la justa retribución de sus obras...

Colexio de La Esperanza

Dous anos máis tarde Manuel fundará xunto con Manuel Acevedo e López en Montevideo, o Colexio de *La Esperanza*, formando parte da dirección do establecemento.

Nun exemplar do xornal A Unión Galega da época (14-05-1882), pódese ler o seguinte aviso que dá conta do relatado:

Colegio de la Esperanza Perez Casie_
 llanos 115—Directores Manuel Riguera Montero y Manuel Acevedo y Lopez. En este Establecimiento se admiten pupilos, medios pupilos y externos.

9- Texto inspirado no desenvolvemento feito por Emilio Castelar e Ripoll sobre "Un filósofo hegeliano, Strauss", publicado na Revista de España páxina 153 e seguintes - Tomo X (Marzo e Abril de 1875).



Centro Galego de Montevideo

O sentimento galeguista de Manuel Riguera Montero expresárase na súa actividade a través da institución matriz da colectividade fundada en 1879, o Centro Galego de Montevideo, na que actuará por distribución de cargos como Membro Secretario, lugar ao que chegará por eleccións celebradas o 14 de Maio de 1882, resultando electo como oitavo titular da Xunta Directiva, sendo a corporación presidida por Don Ramón Rodríguez Alonso. O mesmo ano publicará na Unión Galega, o opúsculo: *"Mi primer ensayo: A Galicia"*, de profundo contido patriótico:

*Cantar intento tus soberbias luchas
Patria bendita, mi nación hermosa;
Tus guerras coronadas fueron muchas
Y palmas conquistaste, victoriosa.
Tu Historia por doquier ella se mire
Con páginas brillantes resplandece,
Y no hay pueblo o nación que no se admire
Al estudiar los hechos que le ofrece.
Cada uno de los hijos fue soldado
Que el acero empuñó heroicamente,
Venciendo al enemigo que afanado
Buscaba victoria el insolente.
A los déspotas tus hijos enseñaron
cómo debe morirse por su pueblo;
A Médulos y Herminios les mostraron
Cómo deben batirse con denuedo.
En las antiguas épocas pelearon
A la orilla del Tiber con valor;
Cuando Roma y Cartago disputaron
Cada uno del mundo, ser señor.
Al anunciar el clarín la reconquista
De la Ibérica, toda en general;
¡Qué titánica guerra!... está a la vista*

*El valiente entusiasmo provincial.
Después de esta victoria pelearon
Con guerra embravecida al musulmán,
Y tus hijos venciendo le sacaron
La floresta nación de Portugal.
Y también afanosos conquistaron
Canarias y otras islas en tropel;
Rendidas desde entonces acataron
Las leyes de Fernando e Isabel.
Y en Asturias de nuevo ellos lucharon,
en Coruña, Callao y luego en Túnez;
Y doquiera coronas conquistaron
Pelayo, María Pita y Méndez Núñez.
Llevó a la tumba su esplendor radiante
el valor de Camiño y Pimentel,
Y hoy forman una página brillante
Con Suárez, Carrera y el gran Miguel.
Patria mía si grande es tu Historia
Y que yo apenas bosquejarla puedo;
Pero al menos tendré en mi memoria
El valor de los hijos de tu suelo.*

Montevideo, Setembro de 1881.





A Educación

Desde o seu lugar no Centro Galego de Montevideo do mesmo xeito que o seu irmán José María, promoveu a educación como o modo de elevación do espírito e da dignidade humanos, tan maltratados nos galegos que debían emigrar da súa terra natal, sen máis patrimonio que unha férrea vontade de traballo, no que poñían todas as súas enerxías.

Os irmáns Riguera Montero advertiran que por falta de cualificación os galegos en América obtiñan os traballos máis rudos e humillantes, por iso impulsaron a creación de centros educacionais tanto na Prata, como máis tarde o fomentaría na propia Galicia. Estes pensamentos exteriorízaos Manuel a través dun discurso ao redor do tema "A Educación", durante o transcurso dunha reunión literario-musical, o 28 de xaneiro de 1882, con motivo da reiniciación das clases que se ditaban na Institución:

*Do quier veo tremolar el lábaro sacrosanto
en que se inscribe la educación germen
creador de la prosperidad de las naciones y
de la felicidad de los pueblos, siento el
fuego de la inspiración y no puedo contener
la llama de la palabra.*

*La educación, redentora de la humanidad,
diosa de la edad moderna, fascina y atrae
las masas en general; y esos hechizos
mágicos con que suele arrebatarse, no se
limitan a tal clase especial de la sociedad,
a tal pueblo único, o a tal nación.*

*La educación hoy día es una fuerza
misteriosa e influyente en todas partes y en
todas las naciones que constituyen el
mundo civilizado, y está llamada a
reemplazar la fuerza temible de las corazas
de hierro, de los fusiles de aguja y los*

Remingtons !

*Los tiempos de las conquistas, los tiempos
de las cruzadas, los tiempos de los
descubrimientos de países fabulosos y de
las expediciones marítimas, tocan a su fin,
para empezar a ser sustituidas por la época
actual en que se pronuncia y despliega
como bandera, la educación e instrucción
de los pueblos.*

*Y las ventajas que resultan a la Sociedad
de que se generalice la instrucción, no se
reducen a hacer más productiva la
industria y a perfeccionar los artículos que
constituyen agradable la existencia
humana, sino que se extienden a facilitar la
civilización de los pueblos, no siendo
posible bien alguno que no dimanase del
saber, ni mal alguno que no provenga de la
ignorancia.*

*La tranquilidad pública, la riqueza y la
civilización de los pueblos, tiene entre sí tal
enlace que no hay país ilustrado que nos
sea rico y feliz, ni pueblo alguno rico y feliz
sin que sea ilustrado.*

*La instrucción suaviza las costumbres
haciéndonos conocer nuestros derechos y
patentizando al propio tiempo nuestros
diferentes deberes, de cuyo modo se
conserva el orden sin violencia y puede una
nación verse libre de tiranos y levantarse
fuerte, poderosa y respetada.*

*Por eso es que consultando las páginas de
la historia de los pueblos, hallamos a cada
paso que en sus luchas recíprocas al que en
las artes y en las ciencias, supo
aventajarse, a ese pueblo coronó siempre la*



victoria.

Si Cartago llegó a ser presa del Imperio Romano fue porque, aunque dedicada al comercio, descuidó la educación de sus hijos.

Y si más tarde Roma, patria de Virgilio y Cicerón, cayó ella a su vez, fue porque la moral se había relajado de tal modo que la virtud se había convertido en un mito; los vicios imperaban y la educación moral intelectual que daban al pueblo, era la prostitución, el robo, la violencia... Los dioses del Capitolio se habían convertido en monstruos, cuyos ministros eran los Emperadores.

Guerra ! Guerra ! pues. Y al oír esta exclamación, no se asusten, señores, que la patria segura de misma, no intenta armar su temblorosa mano con el instrumento destructor... Hay guerras más nobles, santas y legítimas que los pavorosos sacrificios, e, las cuales se inmolan miles de héroes y de generosos mártires; que esas fratricidas luchas que aniquilan cuanto bueno el hombre crea, dejando en torno suyo áridos escombros y desconsoladoras ruinas.

La guerra que la verdad empeña contra el error, la ciencia contra la ignorancia y la rutina, y la civilización contra la ruda barbarie ¿no es por ventura, gloriosa y digna de todo ser racional?

No será justo que un grito unánime salga de nuestros labios, predicando contra tan vil enemigo de nuestra común felicidad, la guerra más entusiasta y decidida ? ...

Para destruir esta afrentosa tiranía de vergonzosa ignorancia y torpe negligencia, armémonos también con la brillante antorcha de la civilización y combatamos con el poderoso ariete del progreso.

Procuremos desvanecer añejas preocupaciones, difundir por todas partes la apacible luz de la ciencia, cultivar incesantemente todas las inteligencias, y de seguro, el éxito más lisonjero coronará nuestros laudables esfuerzos.

He aquí mi fé, mi credo. Instruyámonos pues, enseñemos los unos a los otros, derramemos los tesoros de la ciencia a manos llenas. "Luz, todavía más luz", como decía Goethe al espirar.

La Unión Gallega,
Montevideo, xaneiro de 1882.

La Unión Gallega

AÑO II Montevideo, Domingo 25 de Marzo de 1883 T. 2— N.º 96

LA UNION GALLEGA

PUBLICACION BI-SEMANAL: ORGANO DEFENSOR DE LOS INTERESES GALLEGOS EN LAS REPUBLICAS DEL PLATA

APARECE LOS JUEVES Y DOMINGOS Administracion, calle de Convencion núm. 145	Fundadores y propietarios JOSE F. AGRASAR Y RAMON CERDEIRAS	Suscripcion mensual..... 50 cts. Número suelto..... 10 *
---	---	---

Manuel colabora ademais de forma entusiasta co xornal "La Unión Gallega" que levaba como epígrafe o ideal: "Consagrada a propender a la unión y fraternidad de la colonia Gallega", foi tamén amigo dos propietarios José F. Agrasar e Ramón Cerdeiras.



Na mesma publicación, durante varias entregas, nas edicións 48, 49, 56 e 58, publicou un extenso poema, glorificando os atributos de *"La Mujer -parafraseando a Sócrates: sostén de las sociedades"*.

A principio do ano 1882 Manuel súmase, xunto ao seu irmán José María, á campaña do movemento abolicionista iniciado por Francisco Vázquez Cores no Uruguai, a fin de reclamar o cese do comercio de escravos nas Antillas españolas, asinando un petitorio ás Cortes Españolas, nunha reunión pública en domingo 22 de xaneiro, no recoñecido café Politeama de Montevideo.

Bosquexo Xeográfico

Ao mesmo tempo, Manuel, que edita o libro pedagóxico da súa autoría: *"Bosquejo Geográfico Descriptivo Universal, en particular de las Repúblicas Argentina y Oriental del Uruguay"* aparecido en abril de 1882, vendido en librerías de Montevideo a corenta céntimos o exemplar. Este bosquexo sintetiza todos e cada un dos elementos xeográficos destes países, enumerándoos para facilitar a procura de referencias topográficas.

A prensa da época dicía respecto diso:

"Su autor es el aventajado educacionista D. Manuel Riguera Montero. Recomendamos su adquisición a la niñez estudiosa, por ser para ella de gran utilidad". Na edición de *"Bosquejo Geográfico"*, dedicado ao seu curmán don Manuel J. Vila Nogueira, alerta ao lector sobre o seguinte:

*Al dar a publicidad este humildísimo
trabajo, sólo me propongo llenar un vacío,
que sensible se estaba haciendo en la niñez
estudiosa para aprender con suma facilidad
la descripción del Globo, bajo el método de
los aventajados pedagogos...
Si el trabajo puede servir de utilidad, como
espero, a la juventud estudiosa de ambas
márgenes del Plata, se verán satisfechos y
cumplidos los deseos de
el Autor.*

Regreso a Galicia

O Diario de Lugo do 12 de xaneiro de 1883 publica un aviso no que se require saber sobre o paradoiro de don Salvador Martínez Pose, ex comandante de cabalería en Lugo, para comunicarlle asuntos importantes da súa familia en Montevideo: *"dirixirse a don Manuel Riguera Montero en rúa de Mina Nº 24, Viveiro."* O que o sitúa na devandita vila para a data indicada. En agosto dese ano ofrece por medio dunha nota que distribuirá na rexión, os seus servizos de xestións xudiciais e/ou administrativas a través da *Agencia General de Negocios Hispano-Americanos*, xunto ao seu irmán José María, o seu curmán Manuel J. Vila Nogueira, con sucursais en Bos Aires e Montevideo, e o Cónsul arxentino no Carril D. Manuel Canabal. Manuel fixa o seu domicilio nesa ocasión na rúa Mina Nº 24 de Viveiro (hoxe rúa do Medio ou Rosalía de Castro), e informa que está *"próximo a regresar a su residencia de Sud América, recibirá los encargos que conviniere hacerle con relación a los objetos de esta Agencia, y admitirá cesiones de derechos sucesorios ó de otra clase que convenga a los interesados"*.

Familia Riguera Fregosi

Retornado ao Río da Prata, Manuel tramita en 1885 unha licenza para actuar como Escribán Público (Notario), residindo para esa época na cidade da Prata, recentemente fundada e erixida como capital da Provincia de Bos Aires, construída desde os seus cimentos desde finais de 1882. Dous anos despois, Manuel contraerá matrimonio con Vitoria Gerónima Rosa Fregosi nada na vila de Moneglia, preto de Génova na ribeira de levante da Liguria italiana, filla de José Fregosi e de María Marcone. A cerimonia será celebrada o 29 de Outubro de 1887 na parroquia San Miguel Arcángel -Catedral ao Sur da capital arxentina, sendo madriña de esponsais dona Regina López Domínguez -esposa do seu irmán José María-, que se trasladan especialmente



desde o seu lugar de residencia na cidade de Montevideo alén do Río da Prata. A finais dese ano Manuel é destacado como Xefe do recentemente creado Rexistro Civil das Persoas, na vila rural de Carmen de Las Flores, na provincia de Bos Aires, a uns 187kms. da capital federal, onde se instala coa súa flamante esposa. Alí nacerán os seus primeiros fillos. Por recomendación do titular da Dirección de Escolas Dr. Antonio L. Gil, o Ministro do Interior e Interventor federal, Dr. Lucio Vicente López¹⁰, designa titular dun novo Rexistro Civil das Persoas na poboación de Xeneral Belgrano, unha vila recentemente fundada por prolongación do ferrocarril cara ao Oeste da Provincia de Bos Aires, que chegado ata o río Salado asentou unha nova Estación, distante a 156 km. de pura pampa, da capital federal. Así, Manuel Riguera Montero e Rosa Fregosi, formarán unha simpática e distinguida familia, cuxos fillos serán:

- José María nado na vila de Las Flores, o 8 de outubro de 1888,
- Manuel nado na mesma vila, o 30 de novembro do ano seguinte,
- Regina Elvira nada na vila de Xeneral Belgrano o 15 de setembro de 1891,
- Elena Rosa nada en Xeneral Belgrano, o 31 de decembro de 1892,
- Ricardo, en Xeneral Belgrano, o 22 de xullo de 1894,
- María Josefa nada o 6 de xaneiro de 1896,
- Delia Elena nada o 17 de abril do ano 1900.


En Bos Aires

A principios do novo século a familia Riguera Fregosi trasladarase á Cidade de Bos Aires, instalándose nunha casa da rúa Pichincha N° 1224, case esquina con Av. San Juan. Na capital, os nenos poderán realizar os seus estudos. Algunhas das súas fillas especializaranse na Escola Nacional de Belas Artes, sendo Elena unha excelente pintora. Entre os varóns, quen sobresa nos seus estudos é Ricardo,

¹⁰- Notable político e escritor que redactou *La Gran Aldea*, sobre Bos Aires, vinculado á Masonería argentina, como o foron o seu pai Vicente Fidel López e o seu avó Vicente López e Plans, autor da letra do himno nacional argentino.

que ingresará ao prestixioso Colegio Nacional de Bos Aires e unha vez graduado cursará a carreira de avogacía. Unha vez afincados en Bos Aires, Manuel exerce como Escribán público e Procurador, con oficina e despacho en Av. Diagonal Pte. Roque Sáenz Peña N° 1119 piso 5º of. 507, esquina con rúa Cerrito, fronte ao actual Obelisco porteño, que verá medrar desde os seus cimentos. O 31 de agosto de 1910 por propia petición, Manuel obtén a designación de Escribán de Rexistro de Contratos, por decreto asinado polo Presidente da República Dr. José Figueroa Alcorta, para a inscrición

de contratos públicos na vila patagónica de Comodoro Rivadavia. Aquel lugar onde uns paisanos cavando un pozo para extraer auga o 13 de decembro de 1907, fixeron brotar por casualidade unha sustancia escura e viscosa que resultou ser petróleo, modificando o destino desa área desolada da Patagonia. Por ese suceso, ao ano seguinte fundarase a empresa estatal Yacimientos Petrolíferos Fiscales (YPF).



Boletín Oficial da nación.



*Na campiña,
1920*



A súa galeguidade

Manuel Riguera Montero manterá sempre un forte compromiso coa colectividade galega en Arxentina.

Para o 22 de Febreiro de 1925 asume a Presidencia da Casa de Galicia en Bos Aires fundada en setembro de 1918, ata a súa disolución tempo despois por quebra da institución por dificultades financeiras e algunha desavinza entre os seus socios. No seu carácter de procurador levará a cabo a liquidación xudicial. Algúns anos despois, un grupo de caracterizados compatriotas descendentes da primitiva Asociación, emprenden a non pouco ardua tarefa e Fundan novamente, o 21 de Setembro de 1933, a mesma Institución, pedra angular do que é hoxe a Casa de Galicia cos mesmos fins de Solidariedade, Cultura, Arte e Recreo.

Sendo o seu primeiro Presidente elixido en Asemblea Xeral Ordinaria, don Manuel Riguera Montero...



Casa Galicia 1933

Con noventa e cinco asociados a Nova Casa de Galicia comeza a súa actividade en Av. Corrientes Nº 1854, e ao seguinte mes xa funciona a Sub-Comisión de Festas da entidade, asesorada por un dos fillos de Manuel, o Dr. Ricardo Riguera, sub-comisión esta que dará tanta vida social á institución.

A influencia de Casa de Galicia na vida social da Bos Aires de principio do século XX evidénciase na convocatoria efectuada para a inauguración dun enorme salón de festas da compañía Nueva Cervecería Arxentina -hoxe Cervecería Quilmes-. Á devandita celebración asistiron 1800 persoas que gozaron dun exquisito servizo de lunch e animados bailes musicalizados pola orquestra Villaverde Vallerio Atlantic Jazz, segundo o detalla o Correo de Galicia do 4 de febreiro de 1934. Na ocasión don Manuel Riguera Montero inaugurou as instalacións coas seguintes palabras:

Quando falta al individuo las condiciones oratorias para expresar sus sentimientos, el silencio es entonces más elocuente porque en silencio las almas comunican entre sí sus emociones que no tienen sonoridad alguna; que no cantan ni razonan, pero hacen sentir y como el rayo de luz en las tinieblas descubre el fondo palpitante de los corazones. Pero yo, señores no puedo ni debo guardar silencio en mi carácter de presidente de la Casa de Galicia ante el gesto noble y generoso del Directorio de esta Sociedad Anónima Nueva Cervecería Argentina que es toda una gloria y orgullo del pueblo argentino al contar en su suelo con tan descollante industria formada con capitales del país, evitando así que garras extranjeras lleven nuestros capitales a engrosar sus arcas, siendo a la par, esta industria cervecera una garantía para el consumidor de su producto elaborado con materia prima de insuperable calidad a todos los productos similares del país. Venga pues señores en buena hora esta poderosa industria nacional a llenar una



gran necesidad del país y venga también señores un gobierno consciente de sus deberes ciudadanos que apartándose de toda politiquería sepa valorar y proteger la industria, la ganadería y la agricultura, elementos estos más poderosos que el sable y el cañón para que esta mi patria adoptiva sea grande, poderosa y respetada, cual soñaron los héroes inmortales que le dieron su independencia y gloria, y en este concepto los pueblos libres del mundo entonarán unísonos al gran pueblo argentino: Salud ! El Directorio de esta entidad comercial no sólo se preocupó de dotarla suntuosa, amplia y cómoda edificación y de su modernísima instalación para la elaboración de su insuperable producto, sino que también quiso dotarla de este regio amplio salón, para que el pueblo de la Capital pueda celebrar en el todo acto público, con todo el confort y comodidad que ofrece para solaz y recreo de quien lo solicite, salón éste, señores, que el Directorio de esta institución comercial ha tenido la gentileza de conceder a Casa de Galicia el alto honor de su inauguración, gentileza ésta que Casa de Galicia, representante genuina de nuestra amada Galicia, en esta República, agradece desde el fondo de su alma, agradecimiento éste al cual se adhiere indudablemente toda la numerosa colectividad gallega esparcida por los ámbitos de esta República por este alto honor que a todos nos corresponde, porque honrar a Casa de Galicia es honrar a toda nuestra colectividad y a nuestra

encantadora Galicia de la cual procuramos mantener siempre encendido el fuego eterno del recuerdo inolvidable.

Señores: Con la autorización debida del Directorio de esta Nueva Cervecería Argentina en nombre y representación de Casa de Galicia declaro inaugurado este regio y amplio salón para conciertos y amenas distracciones.

Señores: Os ruego que de pie me acompañen a dar vida a la Patria. Viva Nueva Cervecería Argentina y su Directorio Viva Casa de Galicia ! He dicho.



Aos poucos días deste evento, a Casa de Galicia encherá os seus propios salóns de Av. Corrientes durante os bailes de Entroido de 1934. Meses despois a sé social da entidade trasladarase provisoriamente á rúa Moreno Nº 2028, case esquina rúa Sarandí.

Finalmente, o 29 de xullo de 1934 a Casa de Galicia logra o seu lugar definitivo na rúa San José Nº 224, onde funciona ata a actualidade.



O seu falecemento

Un diario de Bos Aires daba conta do falecemento de Manuel Riguera Montero ocorrido nesa cidade o 1º de marzo de 1937, nunha destacada columna, que detallaba:

A los 81 años de edad, y tras rápida dolencia falleció en esta ciudad nuestro estimado paisano, don Manuel Riguera Montero. Oriundo de Muras, en la provincia de Lugo, después de cursar en Mondoñedo algunos años de seminarista, se radicó en Montevideo, donde su hermano el Dr. José María Riguera Montero, ocupaba ya un puesto preponderante en el ambiente diplomático e intelectual. Radicado en ésta República hace ya más de cincuenta años, ejerció la profesión de escribano público en Carmen de las Flores y General Belgrano, en la provincia de Buenos Aires, siendo presidente de varias asociaciones españolas en dichos lugares. Una vez incorporado a la vida metropolitana, desempeñó diversos cargos de responsabilidad y prestigio, viviendo perennemente ligado a las emociones propias de todo español que sabe conservar el amor a la tierra nativa, sin dejar por ello de enaltecer los valores integrales de la tierra de adopción. Formó un hogar modelo en el cual supo revivir perennemente los afectos que lo ligaron a su patria de origen, fruto del que se destaca su hijo, el doctor Ricardo Riguera,

figura de relieve en la vida política y administrativa de esta capital. Fue también el finado, presidente de Casa de Galicia y uno de los asociados más antiguos de la institución que floreció tan brillantemente por los años 1919 a 1921. Al sepelio de su cadáver, que se efectuó en el Cementerio del Oeste, asistió calificada concurrencia, testimonio evidente de lo mucho que se le quería por su cultura, su afabilidad y su espíritu caballeresco.

O servizo fúnebre estivo a cargo do seu consogro, pai da esposa do seu fillo Manuel, propietario de Casa Escobar Hnos. da cidade de Quilmes, e contou cunha carroza con catro cabalos con lacaio, dúas berlinas para dó, con lacaio, nove autos para cortexo, e unha plataforma rodante para ofrendas florais.

Descendencia en Arxentina

Respecto dos fillos do matrimonio de Manuel Riguera Montero con Rosa Fregosi, mencionaremos o que logramos coñecer, que nalgúns casos por falta de información, o relato será sumamente escaso. José María Riguera: Bautizado o 25 de xaneiro de 1890 na Parroquia Nosa Sra. do Carmen, da vila de Las Flores na Provincia de Bos Aires, foron os seus padriños o seu tío paterno José María Riguera Montero, residente en Montevideo e Rosa López.





Morreu relativamente novo no Hospital Ramsay de Bos Aires, o 22 de novembro de 1926, polas feridas sufridas nun accidente de tráfico. Residía nesa época en rúa Chile Nº 657 xunto aos seus pais. Faleceu solteiro e sen descendencia.

Manuel Riguera: Bautizado o mesmo día e lugar que o seu irmán maior. Os familiares coñecérono como Manolo. Casou o 14 de outubro de 1920 con María Magdalena Escobar, filla de Juan Anxo Escobar e de María Luisa Péndola, residentes en Quilmes, provincia de Bos Aires. A súa filla María Angélica Riguera casou con Juan Carlos Olivieri.

Regina Elvira Riguera: Bautizada o 14 de febreiro de 1892 na Parroquia da Inmaculada Concepción da cidade de Xeneral Belgrano, na Provincia de Bos Aires. Faleceu relativamente nova e sen descendencia o 13 de xullo de 1936.

Elena Rosa Riguera: Bautizada como Rosa Elena o 29 de outubro de 1893 na Parroquia da Inmaculada Concepción de Xeneral Belgrano, na Provincia de Bos Aires. cursou estudos na Escola de Belas Artes, resultando unha extraordinaria artista, destacándose en pintura, mediante a que realizou perfectas reproducións de obras de recoñecidos autores como Rembrandt e outros. Casou con Juan Adolfo Rossi, con quen tivo unha filla de nome Ana Elena Rossi, nada o 26 de xaneiro de 1928.

Ricardo Riguera: Bautizado como Ricardo Antonio o 13 de xaneiro de 1895 na Parroquia da Inmaculada Concepción de Xeneral Belgrano, na Provincia de Bos Aires. Graduouse de avogado e actuou de xeito destacado na política da súa época, asumindo cargos importantes na administración pública. Casou o 5 de outubro de 1929 con Nélida María Stolbizer, filla de Alberto Stolbizer e de Catalina Magdalena Ottavis, con quen tivo dous fillos varóns: Ricardo Alberto e Jorge Manuel Riguera.

María Josefa Riguera: nada en Xeneral Belgrano, na Provincia de Bos Aires o 6 de febreiro de 1896. Casou con Ildebrando Horacio Casas e tiveron un fillo varón que nomearon Alberto Casas Riguera. Incentivaron ao seu fillo ao estudo da carreira de Dereito para que emulara ao seu tío Ricardo. Pero a vocación de Alberto, era e é a do exercicio de fe católica, polo que cursou estudos eclesiásticos, sendo Ordenado Sacerdote na cidade de Paraná, provincia de Entre Ríos o 8 de decembro de 1976 por Monseñor Adolfo Tortolo. Máis tarde desempeñará actividades como editor responsable da Revista do Arcebisado de Paraná, e como vicario episcopal de Liturxia e presidente da Comisión para o Reordenamento da Iniciación Cristiá provincial e como auxiliar redactor de Actas da Conferencia Episcopal Arxentina.

Sara Riguera: nada en Xeneral Belgrano, na Provincia de Bos Aires o 19 de abril de 1898. Casou o 28 de xaneiro de 1929 con Diego Miguel Beccaria, compañeiro de estudos do seu irmán Ricardo no Colexio Nacional de Bos Aires. Xuntos estiveron a cargo dunha Farmacia no tradicional barrio de San Telmo. Non tiveron descendencia.

Delia Elena Riguera: nada en Xeneral Belgrano, na Provincia de Bos Aires o 17 de abril de 1900. Casou o 6 de outubro de 1920 con Rubens Cornelio Olivencia, radicándose ao sur da cidade capital, na localidade de Banfield, Partido de Lomas de Zamora, con quen tivo dúas fillas de nome Delia Elena (Pocha) e Ofelia Rosa Olivencia.

O Dr. Ricardo Riguera

Como conclusión dos seus intensos estudos Ricardo Riguera gradúase no recoñecido *Colegio Nacional* de Bos Aires no ano 1917, participando da agrupación estudantil "*La Faraónica*". Desde moio novo comeza a militar no Comité Universitario Radical, publicando en 1922 unha recompilación e comentarios sobre leis vixentes e proxectos, titulada "*La acción del gobierno radical en materia de jubilaciones y pensiones*".



Finalizando os seus estudos universitarios, o 6 de febreiro 1925 gradúase co título de Avogado na Facultade de Dereito e Ciencias Sociais da Universidade de Bos Aires -UBA-, publicando a súa tese doutoral en marzo seguinte, nun extenso e detallado traballo sobre “Contratos Colectivos de Trabajo e as Asociacións Profesionais en Arxentina”.

Desde o mesmo ano comeza a súa tarefa docente como titular da materia Ciencias e Letras na Escola Nacional Normal Mixta de Lomas de Zamora, cara ao Sur da capital, na provincia de Bos Aires, como profesor durante vinte anos, e recibindo como alumnas ás súas sobriñas Pocha e Ofelia.

Pola súa actividade política na Circunscrición 13ª da cidade de Bos Aires, no barrio de Monserrat, é nomeado delegado ao Comité Central da Unión Cívica Radical -UCR- no ano 1926. Os amigos do Comité chámano “*El Pollo Ricardo*”, xa que pola súa mocidade recordáballes ao personaxe dun tango de Agustín Bardi e Enrique Cadícamo.

En 1927 actúa como Avogado na Asesoría Legal da Municipalidade da Cidade de Bos Aires, e o 7 de novembro do mesmo ano é designado por decreto asinado polo intendente José V. Tedín, ao cargo de Director do *Banco Municipal de Préstamos* (antiga denominación do *Banco Ciudad de Buenos Aires*), sendo o membro máis novo do directorio, durante o Cincuentenario da súa fundación. Ao ano seguinte desempeñará actividades como Xefe da Asesoría Legal da *Caja de Jubilaciones del Estado*, á vez que é designado Xefe de Rexistro Civil polas Seccións 8ª e 12ª da Cidade de Bos Aires, onde actuará durante 12 anos.

Nese mesmo ano de 1928, pola súa actividade partidaria, é designado presidente do *Club Radical de la Juventud* da UCR, presentando candidatura a senador nacional pola Liña Antipersonalista da *Unión Cívica Radical*, liderada polo ex presidente da nación.

Marcelo Torcuato de Alvear, con quen mantén unha relación de próxima amizade. Durante os seguintes tres anos Ricardo formará a súa familia.

Casará en 1929 con Nélica María Stolbizer, neta de Fortunato Stolbizer

natural de Trieste, parte do Imperio Austríaco, (hoxe Italia), e nacerán os seus dous fillos Ricardo Alberto (17-11-30) e Jorge Manuel (04-06-32).

Contribución á historiografía

En apoio da súa actividade docente, e para cubrir unha carencia na bibliografía especializada, pola necesidade permanente de actualizarse en canto aos acontecementos que se van sucedendo, en 1936 publica o libro “*Historia Universal Contemporánea: Época 1914-1936*”, presentado en Bos Aires o 1º de abril, pola *Editorial El Ateneo*, un resumo xeral dos principais acontecementos históricos mundiais desde 1914 e un estudo particular de cada un dos Estados da América do Sur, porque segundo as súas palabras:

La juventud de hoy debe conocer los efectos de la conflagración mundial, los fenómenos sociales de post-guerra, la evolución de las ideas y las transformaciones institucionales operadas. En el Siglo de la electricidad, de la radio y televisión, del automóvil y el aeroplano, en la hora de las comunicaciones rápidas, no se puede vivir atrasado de noticias. Veintidós años de la historia, son muchos años para omitirlos en la enseñanza. Tal el propósito que anima este volumen.

Actuación política

Por medio da relación cun curmán da súa esposa Nélica, por vía familiar materna, Cnel. Domingo Mercante próximo á Secretaría de Trabajo e Previsión Social Cnel. Juan D. Perón, e pola súa sensibilidade social, toma contacto cos gremios ferroviarios



"La Fraternidad" de maquinistas e a "Unión Ferroviaria" que reúne a empregados doraíl, sendo designado en 1943 como Avogado consultor de ambos gremios, á vez que asume o cargo de Avogado consultor da Administración de Contribución Territorial. A finais do ano 1944 é convocado para ocupar o cargo de Ministro de Facenda da provincia de Bos Aires, pola intervención federal encabezada polo socialista Juan Atilio Bramuglia. Ao ano seguinte é designado Interventor da "Caja de Jubilaciones de Empleados del Estado" e da "Caja de Jubilaciones de Periodistas", e cara ao mes de setembro, presidirá o Instituto Nacional de Previsión Social, en substitución do Dr. Ramón J. Cárcano.

En tal carácter concedeu unha entrevista á Revista Militar, que na súa edición do 7 de xaneiro de 1946 publica:

La Previsión Social es la función primordial de la vida de los pueblos, por ello, el Instituto que tengo el honor de presidir está llamado a los más altos destinos en la obra del mejoramiento social propugnado por la Revolución del 4 de Junio".¹¹

Na súa función de Ministro de Facenda, e en representación do goberno provincial, inaugura en xullo de 1945 o novo estadio do Club Atlético Chacarita Juniors no partido San Martín, provincia de Bos Aires, dando a patada inicial ao partido que enfrontaría o local co Club River Plate de Montevideo. O evento foi cuberto pola revista deportiva O Gráfico, no seu exemplar Nº 1357.

Conferencia en México

Por decreto presidencial é designado para presidir a delegación arxentina ante a Terceira Conferencia Interamericana do Traballo, no marco da Organización Internacional do Traballo -OIT-, que se celebrará en México no mes de abril de 1946.

¹¹-Trátase da Revolución do 4 de Xuño de 1943 que leva ao Cnel. Juan Domingo Perón á titularidade dos Ministerios de Guerra e da Secretaría de Traballo e Previsión Social.

Polos seus antecedentes recibe eloxios e agasallos do presidente mexicano D. Manuel Ávila Camacho, en especial pola súa promoción do Seguro Social Integral. Ao mesmo tempo, é nomeado "Cidadán Ilustre" polo Consello Consultivo da cidade de México -distrito federal- e recibe unha condecoración alusiva.

Presidente mexicano Manuel Ávila Camacho e o Dr. Ricardo Riguera



Con todo, ao comezo das sesións a delegación arxentina debeu sortear algunhas dificultades, ao non lles seren recoñecidas as credenciais aos delegados da central obreira pola súa proximidade co goberno, e

porque a delegación carecía de membros da patronal Unión Industrial Arxentina. O Dr. Ricardo Riguera debeu intervir:

... en caso de objeción a los representantes Obreros, toda la delegación argentina mantendrá su principio de unidad, basada en el régimen democrático de la Argentina. No aceptamos cuestión sobre la validez de de los delegados argentinos" ... "no creo que haya motivo para ello, son miembros de la Confederación General del Trabajo -GCT-, la más poderosa y representativa de las organizaciones obreras argentinas. ¿Podrían ser excluidos de esta Conferencia los



representantes de la única organización obrera importante de mi país?... "si se rechaza a la delegación obrera, no permanecerán en la reunión ni como oyentes.

Así o día 6 de abril o plenario resolveu aceptar aos delegados obreiros e continuar as sesións con normalidade, alcanzado importantes resolucións. Durante as reunións da Conferencia, Ricardo Riguera desenvolve os puntos destacables do seu proxecto solidario sobre o Seguro Social Integral.

Durante a súa viaxe de regreso á Arxentina que realiza en barco por vía do Pacífico, Ricardo sofre os primeiros síntomas da enfermidade que o levaría á súa prematura morte, debendo ser hospitalizado na cidade de Santiago de Chile.

Seguro Social Integral

En maio de 1946, Ricardo completa a redacción do proxecto de lei sobre *Seguro Social Integral*, publicado pola Fundación do Instituto de Previsión Social, e no seu prólogo expón:

El bienestar presente y futuro de la humanidad, de cada uno de los individuos, de la población en general, y particularmente la masa laboriosa, es cada vez más motivo de honda preocupación de los Congresos Internacionales, institutos científicos, grandes estadistas, escritores y sociólogos. La protección de los económicamente débiles constituye ciertamente un elemento necesario para la paz y el desenvolvimiento normal de la vida; la guerra, que según la expresión generalizada, ha borrado todas las diferencias, trajo la línea resultante de hondas y vastas soluciones, porque con ella

llegó a resultar ineludible resolver problemas sociales más serios

O proxecto de lei é integrado dentro do Primeiro Plan Quinquenal presentado polo presidente Juan Domingo Perón e sentará as bases do sistema de cobertura e protección pública social do país.

No seu artigo primeiro, Ricardo expón o motivo da creación do Seguro: *"para la protección biológica y económica de todos los habitantes del país, sin limitación de edad ni sexo, cuyas remuneraciones o rentas de cualquier naturaleza no sobrepasen los doce mil pesos anuales"*.

Novamente Ministro

Coa asunción do novo gobernador da Provincia de Bos Aires, Cnel. Domingo Alfredo Mercante, triunfador das eleccións de febreiro de 1946, é designado novamente para o cargo de Ministro de Facenda provincial.

Desde ese cargo tivo a responsabilidade de adecuar a lexislación provincial para sintonizar co plan nacional de estatalización da banca, promovendo mediante un proxecto de lei a modificación da base accionaria mixta do Banco da Provincia de Bos Aires -fundado en 1822-, que desde mediados do século anterior era xestionado conxuntamente coa banca privada.



O Dr. Ricardo Riguera riseiro ao centro. Cara á esquerda a súa esposa Nélida Stolbizer e o seu fillo Jorge; cara á dereita Elena Caporale de Mercante; seguen irmás e sobriñas de Ricardo, nunha homenaxe pola súa designación no hotel Alvear.

O desenlace

As indisposicións intermitentes que o retiñan na cama, non permitiron prever a inminencia do desenlace, e segundo relataba o seu amigo Mario E. Quiroga na súa homenaxe póstuma (1951) titulado

*"Un Funcionario e Amigo exemplar":
Los visitantes tornaban optimistas dado que
la jovialidad del paciente no decrecía aunque
guardase prescripción de reposo.*

Despois de meses traballando e residindo nas dependencias privadas do

Ministerio na cidade da Prata, debeu internarse nunha clínica da capital. Finalmente falece na súa casa da rúa Junín Nº 71, o 25 de agosto de 1946, logo de recibir a visita da Sra. Eva Duarte de Perón.

A súa morte produciu gran conmoción, non só na súa familia e amizades, senón tamén nos ámbitos públicos onde participou. O gobernador Mercante decretou honores en homenaxe á memoria do funcionario, durante cinco días permaneceron izadas en sinal de loito as bandeiras de todos os edificios provinciais. As Cámaras de Senadores e Deputados provinciais ditaron sesións especiais de homenaxe. Veláronse os restos no Palacio de Goberno e unha solemne cerimonia na Catedral provincial con concorrencia dos máis altos funcionarios políticos e xudiciais da Provincia de Bos Aires. O cortexo foi acompañado dun piquete de policía montada, do corpo de bombeiros, delegacións escolares e cadetes militares. Escoitáronse discursos do gobernador Mercante, do seu vice Juan B. Machado en nome do Senado, do presidente do Instituto de Previsión Social, da Asociación de Empregados Bancarios e outros. En nome dos amigos, falou o Dr. Carlos Fernández Moiso, quen nos deixou elocuentes expresións sobre Ricardo Riguera:

Pocos momentos después que la ciencia descorría el velo de la duda y nos ponía frente a la cruel triste realidad, Ricardo me decía "Se nace de nuevo, se nace de nuevo !".

En esa frase quedó expresado el deseo de vivir de ese hombre, querido en vida y venerado en el recuerdo. No se hallaba aferrado a la vida, por el momento expectante de la hora brillante de su actuación, ¡no!. Ansiaba vivir para seguir siendo útil y eficiente a su patria que en estas horas necesita de sus mejores hijos. Ansiaba vivir para poder seguir siendo guía de su hogar modelo y ejemplo edificante de sus hijos...

Finalmente o féretro foi escoltado ata o Cemiterio da Chacarita na cidade de Bos Aires.



O seu bisneto, Guillermo Jorge Riguera en Oulol, 2003

foi construída ao longo do tempo por xeracións.

Hoxe, Tomás Benito Riguera Losada, Francisca Cao Cordido e Francisca Montero, Manuel, José María e as súas irmás, as Monteras, a descendencia galega e a americana, tantas e tantos máis, somos Presente. Presente a través de netos, bisnetos e tataranetos tan particulares que seguramente eles mesmos non chegaron a imaxinar.

Na Actualidade

Esta recompilación, está moi lonxe de pertencer á categoría de “deslucidas lembranzas” que van perdendo intensidade e cor polo paso do tempo, tampouco se trata de relatos “antigos” desconectados do momento actual. Moi pola contra, estes breves relatos pertencen ao presente e veñen recoñecer a existencia e a contribución dos que nos precederon no camiño da vida, para que hoxe esteamos aquí coa nosa historia (neste caso familiar), pero que trata da historia humana, desa que

Será o espazo ou a distancia temporal a que separou a prole dispersa na xeografía. Pero a procura de raíces e a paciencia exploradora logrou conectar aos nados alén do mar, cos lugares, os costumes, os gustos e os ideais dos devanceiros galegos, e mellor aínda, logrou conectar a ata a hai pouco “descoñecidos” parentes criados en tan distintos lugares. Vaientón un agradecemento aos nosos pais, aos pais dos nosos pais, e aos pais daqueles. Grazas ! por construír o espazo, a plataforma que hoxe somos e onde hoxe estamos.

Graciñas !



Xermade, 2003



CUARTETO DE GONDRÉ

Autor:

Ovidio García Pazos





CUARTETO DE GONDRE

A década dos anos trinta ata os corenta que foi cando se formou este grupo, esa década tivo varios nomes e ningún deles foi agradable que digamos, "A década das catástrofes", "Os anos difíciles", "O decenio militar", "Os anos do medo", en fin una época desilusionante en xeral.



Ó Cuarteto de Gondré puxéronlle o nome dese lugar porque practicamente eran todos veciños. Este cuarteto créase máis ou menos o ano 1932.



Antonio Cabaleiro

Gondré está na estrada que vai a Ortigueira e desvíase dela á esquerda na curva antes de chegar á Casilla do Bañal de As Pontes; como aldeas limítrofes ten: Alvarón, As Barosas, Pena do Curro, Bañal, Veiga, Cotelo, Mariño...




Rogelio Romero o da esquerda



Antonio Romero



Antón do Pulgón (Freixo)



Antonio Cabaleiro

**¡Que triste e ser orfo!**

*¡Que triste é ser orfo!
 máis triste non hai,
 sen ter o agarimo
 de pai nin de nai.
 Sen sentir os bicos
 que che dan calor
 e enchen de arrumacos
 Noso corazón.
 Din que tralos orfos
 ata as pedras van
 ¡que triste e que certo
 é aqeste refrán!
 Que da árbore caída
 todos leña fan
 e non se decatan
 do dano que fan;
 eu crieime orfa
 e sei de todo mal
 de inxurias, calumnias,
 cobiza e maldá.
 Ca Virxe Bendita
 que é de todos Nai
 non esqueza ós orfos
 que na terra están.
 Orfos de xustiza,
 de amor e pan.*

Carmen Adegá

A Charca do Alligal

Fai cen anos a súa morfloxía
 era un pichoco de barreira sivelina,
 tiñan duende e poder as súas augas,
 moita xente as usaba de menciña.

As historias van facendo un mito dela
 convertindo nunha lenda a Charca do Alligal,
 augas mornas que se liberan da terra
 empurrando nun brioso caudal.

Sexan contos ou milagres as historias
 que os bañistas fan dos seus aconteceres
 son misterios que agochan esas augas
 como a néboa que as tapa ós amenceres.

Xa fai tempo cando a vida era máis fea
 con corredoiras, sen coches e sen pistas,
 daba gusto ver as casas do arredor
 ateigadas de fervorosas bañistas.

Pousaban onde podían con dereito a cociña,
 permiso de nove días pros seus baños de rigor,
 traían boas viandas que axudaban a mudar
 do corpo as súas doenzas e da pel a súa cor.

Voltan para as súas casas coma rosas,
 despídense ata o ano, abrazados e a chorar,
 pensando nos desexos que os trouxeron
 e na esperanza que levan ó voltar.

Como sexa esta charca é un referente,
 moi pequena pero con gran devoción,
 para a xente que con fe busca o remedio
 ou para outros que ven nela a diversión.

Riero



Esta formación ou grupo estaba formada na súa primeira etapa 1932 - 39 por:

Manuel Rodríguez (Fragachá)

Os irmáns:

Rogelio Romero

Antonio Romero.

Na segunda etapa 1942 - 46 por

Manuel Rodríguez (Fragacha)

Antoni do Pulgón

Os irmáns:

Rogelio Romero

Antonio Romero.



Antonio Cabaleiro, fillo e neto

Desde a súa fundación no ano 1932 tivo moi activa ata que por mor de entrar algún en filas e escomenzar a Guerra Civil este grupo deixa de actuar e disólvese.

Ó acabar a guerra no ano 42 este grupo reanuda a súa actividade musical, Antonio Cabaleiro estaba vivindo en Ferrol e non era posible pola súa parte actuar co cuarteto tal e como estaba. Entón dixéronllo a Antón do Pulgón do Freixo e aceptou e entra no grupo substituindo o dito Cabaleiro.

Catro anos máis tarde no ano 46 o Cuarteto de Gondré desfaiase definitivamente. Este cuarteto foi reclamado nesa época en cantas foliadas se celebraban en todo o arredor e nas aldeas das Pontes.

Os instrumentos que tocaban eran a gaita, clarinete, que corrian a cargo de Manuel Rodríguez (Fragachá) e Antonio Cabaleiro e despois a Antón do Pulgón para cubrir a falla de Cabaleiro, a caixa tocábaa Antonio Romero e a voz poñía Rogelio Romero.

E moi curioso que a maioría do repertorio que tiñan era canción andaluza sobre todo a copla onde se defendía moi ben Rogelio Romero. Na maioría da nosa terra (Galicia) non había máis que ver a predominancia desa música andaluza nas festas e na radio e as súas dedicatorias que por aquel entón facían os paisanos uns a outros.

Unha curiosidade que me parece importante é que un neto de Antonio Cabaleiro formou parte dun cuarteto de gaiteiros, grupo integrado por un home coñecido e querido na nosa vila sobre todo no mundo da música tradicional: LOLETE. Este grupo, chamado "OS ESTROBOS" gravou un disco.



Ovidio García Pazos

(As fotos foron cedidas por familiares do grupo e a caratula do CD por Berros do Castro).



NOTA- Este artigo é unha versión ampliada do texto que foi publicado na revista “Estudios Mindonienses”, núm. 22, ano 2006; que edita o “Centro de Estudios de la Diócesis de Mondoñedo-Ferrol”.

Reflexos de historia dende “As pontes do río Eume” (1904 - 1937)

Autor:
José Castro Varela



Foto: José Varela González



Por moitas razóns de especial afecto profundamente arraigadas na alma gustaríanos poder acertar hoxe ao tratar de resumir nestas páxinas un período do noso pasado non tan afastado como quixésemos, ao tentar recuperar uns acontecementos cuxos ecos aínda nos parece ouvir no silencio dos máis vellos, que vividos intensamente polos nosos maiores, xa dormen acantoados, practicamente esquecidos, privados de todo relevo, saña ou espectacularidade. O único mérito do que aínda poden facer gala é que xa son Historia, momentos fugaces dunha vida compartida, patrimonio común e tema recorrente de reflexión (dolorosas as máis das veces e sempre aleccionadora) sobre as sementes do mal, sobre as orixes de tantas desavinzas e enfrontamentos, que non caen do ceo, por sorpresa, como eses enormes e veloces meteoritos.

Aproveitando a vulgaridade dos sucesos que imos relatar, quixésemos neste noso particular repaso, co núcleo da narración, deixar constancia dalgúns detalles que non conseguimos facer encaixar nos moldes da historia contemporánea que se nos repiten insistentemente por tratados e manuais, de certas miudenzas que adoitan pasar desapercibidas aos ollos da grande Historia.

Nesta mirada retrospectiva quixemos recuperar uns retrincos do onte máis recente dunha antiga vila que hoxe nos permitimos evocar sen apelidos, polo seu nome de pila soamente: As Pontes do Eume (que outros din de García Rodríguez), ao fío das inquietudes e desgustos dun personaxe sacado de entre o máis conspicuo da veciñanza daquela época.

Neste empeño ilusionado por facer de cronista ocasional dunha vila estreitamente ligada aos primeiros recordos da nosa infancia e ao pasado familiar máis inmediato, para quen todos os seus detalles (ata os máis insignificantes da súa paisaxe, das súas casas e as súas xentes) foron, son e seguirán sendo, a pesar do ocorrido, motivo constante de señardade, debemos adiantar que o noso primeiro interese por coñecer máis deste personaxe xurdiu e foi concretándose aos poucos

ao descubrir a longa alegación que houbo de preparar apresuradamente a finais do verán de 1937, mentres deixaba a alma na tarefa e xa a súa saúde declinaba sen remedio. Tras a lectura dos folios que presentara en resposta ás acusacións que se lle facían desde as máis altas instancias do poder local, ao furgar nos seus antecedentes, vímonos forzados a retroceder algúns anos, a retomar os pasos do protagonista dende o principio, dende que, con só vinte e sete anos, practicamente descoñecido, chegase ás Pontes a exercer alí a súa profesión de médico. Para nós a historia empeza en 1904. O descoñecido chamábase José Varela González.

Non sen sorpresa descubrimos moi pronto que algúns dos fitos que marcaron a vida deste forasteiro (unha colección de recordos que, normalmente, só interesarían aos máis achegados) eran á vez notables balizas da historia contemporánea desa vila, ronseis na biografía colectiva dos seus veciños. Démonos conta de que as nosas miras tiñan que apuntar máis lonxe, ir máis aló do mero afán de dar a coñecer vellos papeis de familia nun estreito círculo de amigos. Así foi que decidimos recoller, até onde o permitisen a documentación dispoñible e nosas propias forzas, todos os datos a man deses 33 anos de vidas paralelas, perseguindo ao protagonista dende aquela primavera de 1904, cando, apenas inaugurado o novo século, a vila, as súas miradas e esperanzas estaban por completo voltas aínda cara ao que era e fora sempre a súa razón de ser: o agro.

Foi nese período cando descubrimos a vila (entre brumas na nosa imaxinación) como outro microcosmos máis, representativo igualmente da agridoce condición humana. As Pontes non foi a excepción. De súpeto, chegoulle a súa hora, e, do mesmo xeito que outras moitas vilas, tamén este tivo que facer de "rompeolas". O documento en cuestión (un prego de descargos, broche final desta narración) non só nos deu pé para arrincar con ánimo decidido, senón que ademais nos serviu de acicate permanente e de guía incomparable para chegar a completar a nosa tarefa. É por iso que ao longo da nosa exposición usaremos deste documento continuamente, a el nos remitiremos con frecuencia.



En máis dunha ocasión, os nosos lectores, ademais dunha atención benevolente, terán que prestarnos a súa agudeza na vella arte de ler entre liñas, unha rutina habitual desde que a historia é historia. Os datos que manexamos son demasiado escuetos (suxiren máis que afirman) e, ademais, doutra banda, preferimos no posible non influír nas súas opinións someténdolles ao ditado das nosas.

Como xa apuntabamos antes, algúns dos momentos da narración soarán atípicos nos oídos dos nosos lectores cando comproben que non se axustan aos modelos que veñen pregoando por numerosos textos de historia contemporánea, aos esquemas e reconstrucións que tratan de explicar e resumir os sucesos en torno ao primeiro crebo de terzo do século XX, que, indubidablemente, significaron a agonía e esgotamento dunha época. Nesas estridencias ou disonancias é, quizais, onde radica o atractivo do noso relato.

Nestas páxinas non pretendemos presentar un período da historia particular das Pontes á luz da historia universal ou nacional, senón, ao contrario, partindo duns retrincos da vida da vila (xa moi vistos seguramente) quixésemos chegar a comprender mellor a historia humana, sexa a universal, de Kenia ou a da máis diminuta aldea perdida entre as abas do Himalaia.

Consola pensar que, precisamente, nese distanciamento dos moldes establecidos podería estar a maior garantía de que esta historia, aparentemente desafinada, se atópa máis limpa de impurezas estrañas e máis preto da realidade que outras narracións contemporáneas, ao estar libre dos prexuízos e intereses das grandes fazañas e epopeas de lenda, cousa que nos animou a deixar constancia de todo iso, e, de paso, a tentar satisfacer aos máis curiosos de entre os veciños da vila que desexarían coñecer algo máis de como discorría nela a vida aqueles anos, que lles gustaría chegar a descubrir antecedentes (un tanto azarosos, tal

vez) dalgunhas vagas lembranzas da súa infancia ou a entender conversas que, de nenos, alcanzaron a ouvir aos seus maiores.

Temos que advertir que a narración está organizada nunha serie de secuencias agrupadas por anos e denominacións de época, sen que o lector teña necesariamente que tomar ao pé da letra esas cifras e eses títulos (bastante artificiais de seu) nin baleirar nelas os seus particulares coñecementos históricos. Feitos como os que relatamos aquí poderían ocorrer en calquera parte do mundo, e mesmo repetido, con outras datas e baixo outros rótulos.

Gustaríanos que os nosos lectores, desposuídos de calquera óptica ideolóxica ou partidista, lesen con agarimo as páxinas que lles ofrecemos a continuación, que as xulgasen por si mesmas, deixándose levar unicamente da man do sentido común e coma se todo sucedese moitos anos antes. Estas ideas guiáronnos tamén a nós ao escribilas.



Carlota Varela Hyde (c.1934)

"Con especial devoción dedícollo á miña nai, Carlota Varela Hyde, que aos seus noventa e cinco anos xa non o pode ler nin tampouco recordar o que tivo que sufrir. Os seus fillos fomos moi afortunados, xa que puidemos contemplar no seu rastro a paciencia de Deus".



I. Nunha monarquía liberal

1.904, o principio (30 de abril)



Jose Varela Gonzalez (1877-1938)

Tamén o noso particular "Ulises" (igual que o que inmortalizara Joyce) saíu da casa a enfrontarse co descoñecido, a vivir a súa persoal odisea, na primavera de 1904. Case podemos asegurar que José Varela¹, xa instalado nas Pontes, abriu ao público a súa consulta un sábado 30 de abril, véspera de feira, unha xornada de especial relevo para a vila. Do seu primeiro cliente, afectado dunhas hemorroides, recibira peseta e media polos seus honorarios.

Ao parecer, por aqueles días só había un médico nas Pontes, José Yllade Cao, que ademais de exercer de médico rexentaba

unha especie de botiquín que facía as veces de farmacia.

Pero, ¿por que Varela abandonara Ferrol para establecerse de médico aquí? El mesmo nolo explicaría trinta e tres anos máis tarde, no prego de descargos que tivo que redactar en 1937 en defensa propia. Polo prego sabemos que, a principios de 1904, unha comisión de veciños da vila encabezada por Manuel Fernández Vidal presentárase na rúa San Carlos número 22 de Ferrol, na consulta que Varela abrira había un ano aproximadamente fronte ao domicilio onde vivía coa súa nai, para propoñerlle que se trasladase ás Pontes a exercer alí a súa profesión. Descoñecemos

que amizades comúns interviñeron para arranxar esa entrevista nin por que razóns os veciños se fixaron nel. Pero a primeira reacción de Varela á proposta foi de oposición, xustificando a súa negativa en que nas Pontes carecíase aínda dunha farmacia en condicións.

Non sabemos que outras cuestións se discutiron na visita, se os veciños prometeron resolver esa carencia, compartiron con el outros proxectos que levaban en mente ou tiveron que volver pasados uns días con novas promesas e maiores compromisos. O que si sabemos é que moitos anos máis tarde José Varela seguía aínda relacionando esta visita coas orixes da súa amizade con Marcial Lens, o farmacéutico que se establecería na vila case ao mesmo tempo que el, probablemente ao mes seguinte, en maio de 1904.

Non descartamos que por aquelas datas estivese a organizarse nas Pontes algún tipo de oposición contra os señores da vila que viñan rexendo os seus destinos e, case diríamos, dispoñendo dela.

Aínda que apenas temos datos de Fernández Vidal, quixésemos dicir algo máis acerca del. Por exemplo, que era avogado, título que segundo as malas linguas (dos seus inimigos?) non gañara en enfrontamento limpo; que ata a súa morte, ocorrida cara a 1912, ocupara o posto de administrador para As Pontes da Tabacalera, e que gozaba dunha posición económica desafogada. Sabemos ademais que herdara diñeiro de Amalia Escudero, unha remota parente súa².

Manuel estaba casado con Antonia Prieto Rouco, unha muller de gran carácter polo que se dicía na vila e polo que moi pronto tamén os nosos lectores poderán comprobar por si mesmos. Manuel e Antonia eran os pais de Nicolasa.

1- José Varela González naceu en Ferrol o 27 de xuño de 1877, no n.º 31 da rúa San Carlos [Carlos III] de Esteiro. Era fillo de Julián Varela Engallo (capataz na sección de calderería da Construtora Naval) e de Francisca González López, ambos os de Ferrol. Pronto a familia trasladárase a Cuba, onde o pai exerceu o seu oficio por algún tempo. Morreu alí. A viúva e o fillo regresaron ao Ferrol cando aínda o pequeno só contaba seis anos.

2- No seu Estudio sobre la Historia de Puentes de García Rodríguez y su comarca (La Voz de Galicia, 1976), E. Rivera Rouco di que Manuel Fernández Vidal ("Manolo de Carmen") era xuíz de paz de As Pontes, e que en 1904, por iniciativa súa, empezáranse a celebrar en "la isla" sobre o Eume as tradicionais festas do Apóstol.



1.905 - 1.910

Desde había tempo As Pontes viña consolidándose como un lugar atractivo de veraneo e descanso, non só como unha desas vilas de montaña e terras altas que os médicos recomendaban aos seus pacientes para remedio das afeccións de pulmón, especie de retiro onde poder respirar aires máis puros que os da costa ou a cidade, senón, ademais, para gozar duns días de vida relaxada nun ambiente social nada vulgar. As Pontes viña ser algo así como un balneario alcanzable, o destino ideal dunha clase media acomodada, que procedía, maioritariamente, de Ferrol.

Entre eses primeiros visitantes atopamos a Pilar Angueira e fillas, que, aínda que desde había xa uns anos residían en Ferrol, viviran na Coruña. Pilar



Carlota Hyde Angueira (1880-1964)

quedara viúva de Federico Hyde, que faleceu nesta cidade en 1891. Tiveran cinco fillos, dous homes e tres mulleres: Celia, Pilar e Carlota.

Ao principio, nas Pontes, durante un par de veráns, Pilar e as súas fillas hospedáranse no nº 8 do camiño de Ortigueira³, a escasa distancia do Cruceiro, o que máis tarde se convertería na praza do Hospital. Pero cóstanos que polo menos a máis pequena, Carlota, volveu ás Pontes noutras ocasións, parando no nº 7 da rúa Real, na casa de Salustiano Prieto e Pastora López, pais de Filomena. Pastora e, posteriormente, a súa filla,

rexentaría o estanco da vila no baixo daquela casa.

Foi por aqueles anos cando Carlota coñeceu ao seu futuro marido, José Varela, que se hospedaba en casa Valentín, no nº 10 da rúa Real. José e Carlota fixéronse noivos en 1906.

Aínda que só concedemos a este episodio un interese moi relativo, case anecdótico, quixemos aquí deixar constancia del por se puidésemos algún día chegar a descubrirlle outras lecturas. Falamos da carta que o 5 de outubro de 1907 escribira a Fernández Vidal desde Ferrol o seu amigo José Santos, destinado na comandancia de Artillaría da praza, onde, precisamente por aqueles días, ademais dos servizos de rutina, tiña que facer de xuíz nun caso relacionado coa morte en accidente dun artilleiro. Como antecedente inmediato a esa carta, había outra de Manuel Fernández a José Santos (que o propio Varela levara a Ferrol persoalmente para entregala en man), carta da que só podemos presumir detalles do contido.

Por razóns que descoñecemos, a carta de contestación de José Santos a Fernández Vidal rematou en poder de Varela, o cal non nos causa estrañeza dada a familiaridade e confianza con que se trataban entre eles, mesmo, parece ser, no ámbito máis restrinxido e reservado dos negocios.

Na misiva de Santos atopamos unha serie de sobreentendidos que non nos é posible interpretar hoxe. Ao parecer, Manuel Fernández pedíralle a Santos que fose á Coruña (a estar co Marqués), pero Santos resistíase, porque non sabía a que aterse ou que respostas darlle, xa que tamén o marqués tiña que contestar *"a una consulta de acuerdo con V. y conmigo"* (dicía Santos), e, por tanto, debía de estar a esperar a que eles lle transmitisen os seus puntos de vista.

Seguramente os nosos lectores estarán xa preguntándose quen era aquel marqués da Coruña do que falaban as cartas; pero a non tardar brindarémolles unha explicación plausible acerca da súa identidade.

³- Actualmente Avda. de Castela. Aquí e en todo o que sigue utilizamos a numeración moderna do rúeiro de As Pontes.



José Santos cría que, en lugar de viaxar el á Coruña como lle pedía Fernández Vidal, era mellor que este lle escribise ao marqués directamente, pois, desá maneira (decía Santos) *"puede ser todo lo explícito que quiera con él respecto al asunto"*.

Pola carta sabemos, ademais, que había pouco que Fernández Vidal sufrira un grave accidente (un golpe) que o tiña seriamente prostrado.

O escrito de José Santos terminaba con esta nota a modo de posdata, cuxa aclaración deixamos en mans dos máis curiosos:

*"Hoy recibo el adjunto Memorándum de don Julio en el que dice hay equivocación en los recibos del clero, como aquí no quedó documento alguno la equivocación fue de esa, quizá se le olvidaron a V en esa los recibos. Suyo. J. Santos"*⁴.

José Varela e Carlota Hyde casaron en Ferrol o 5 de xaneiro de 1910, na igrexa da Nosa Señora do Carme. El tiña entón trinta e dous anos, e a noiva vinte e nove. Unha vez xa nas Pontes, o matrimonio instalouse na casa do nº 16 da estrada xeral⁵ probablemente propiedade de Fernández Vidal⁶. Tanto o domicilio como a consulta do médico permanecerían aí ata febreiro de 1930. Adosada a esa casa había(e existe aínda) unha horta que a separaba do nº 18, onde Lens instalou a súa farmacia. Marcial estaba casado con Caridad Dávila.

O primeiro fillo de José e Carlota (unha nena, bautizada igualmente co nome de Carlota) nacería nesta casa o 30 de outubro de 1910. Ao parto asistiu Alfonso Yllade Rilo, tocólogo, amigo e, pronto, correlixionario político de José Varela. Por estas datas José Varela xa levaba nas Pontes algo máis de seis anos.

4- Na carta fálase tamén doutro "Julio".

5- Actualmente, Avda. de Galicia.

6- Nesta mesma casa viviría durante moitos anos a súa filla Nicolasa.



Carlota Varela Hyde (1918)

1.912

A carta que Manuel Gradaille recibira da Coruña asinada por "M. de Loureda", traía data do 10 de decembro de 1912. No seu parágrafo inicial, M. de Loureda dicíalle a Gradaille⁷:

"Mi querido amigo: tengo mucho gusto en decirle a V. que acabo de pedir a la Dirección de la Comp.^a Arrend.^a de Tabacos el nombramiento de Administrador Subalterno de Puentes de García Rodríguez a favor de su patrocinado D. José Varela González."

Despois adicaba o autor unhas liñas ao rigoroso proceso de selección que tivera que efectuar entre os recomendados para o posto, e despedíase cunha sinxela sinatura: *"M. de Loureda"*.

7- Non sabemos quen era este Gradaille, aínda que ben puidera ser un Manuel Gradaille Chao que aínda exercía de médico na Coruña a finais de 1929, e, por certo, con bastante éxito se temos que fiarnos da clasificación que o colexio de médicos remitira a Facenda para 1930.



Pero sinalemos que a carta, escrita a máquina en papel de loito e timbrado, lucía na parte superior esquerda a coroa de marqués⁸. Cremos que este M. de Loureda, ou sexa, Marqués de Loureda, é o mesmo do que falaba José Santos cinco anos antes na súa carta a Manuel Fernández Vidal.

Por estas datas (decembro de 1912) Fernández Vidal xa falecera, aínda que non facía aínda moito tempo seguramente.



Á dereita, abaixo, José Varela sentado, coa súa filla Carlota no colo. Detrás está Pilar Angueira —xa viúva de Frederick Hyde—, nai da muller de Varela. A muller de Varela —Carlota Hyde Angueira— está sentada cara ao lado esquerdo da foto, entre dúas mulleres de negro. Carlota viste chaqueta gris con colo e bocamangas oscuros sobre unha blusa branca. O cura, don Antonio Ángel del Riego?. O home do fondo, con sombreiro, garabata e barba, Francisco Cabo Pastor?

8- A coroa de marqués está formada por unha diadema decorada con tres follas de acanto, alternadas por dous picos altos con tres perlas cada un, e outros catro picos simples.

1.913

Cremos que foi cara a principios deste ano cando José Varela se fixo cargo da administración nas Pontes da Tabacalera, a que desempeñara Manuel Fernández Vidal até a súa morte.

Pero chegados a este punto vémonos precisados a facer un alto para falar dun irmán de Antonia Prieto, a viúva de Fernández Vidal.

Quizais por un atavismo moi típico de familias nobres e podentes propio doutras épocas, un irmán de Antonia, Fernando Prieto, fora destinado a servir á Igrexa, o cal nos fai sospeitar que na súa familia había outros homes ademais del. Fernando nacera en agosto de 1888 na parroquia das Pontes⁹.

E aquí temos que mencionar a carta tremenda e, á vez, preciosa que Fernando, o cuñado de Fernández Vidal, dirixira en 1913 ao médico José Varela; un escrito moi reservado que volveremos atopar ao final da nosa crónica, e que é tamén unha proba das magníficas relacións que seguía mantendo o médico coa familia do avogado falecido. O aínda seminarista escribía desde Mondoñedo, onde acababa de chegar para iniciar o novo curso. O seu escrito levaba data do 30 de setembro de 1913, cando aínda non pasaran moitos meses desde que falecese o cuñado, pois toda a familia seguía suxeita ás rixideces do loito ante a ollada escrutadora das xentes.

Fernando (que trata de vostede a Varela, once anos maior) diríxese a el cun *"mi queridísimo amigo"*, e sen máis preámbulos espétalle:

"No puede figurarse qué impaciente me encuentro y a la vez triste en esta de Mondoñedo cada vez que pienso que vengo a estudiar la carrera sacerdotal; desearía que V. convenciese a mi hermana del error que tiene metido en la cabeza, V. sabe demasiado mi carácter, que no sirve para lo que pretende mi familia;..."

9- O ano de nacemento de Fernando Prieto Rouco está tomado do Catálogo aparecido en *Estudios Mindonienses*, n.º 11 (1995), p. 482. Fernando falecería o 13 de novembro de 1944, e segundo sinala a súa lápida no cemiterio das Pontes, aos 54 anos. De ser este dato certo teríamos que facer avanzar dous anos a data de nacemento sinalada.



A carta zumega urxencias insufribles. Toda ela aparece revestida dun dramatismo do que resulta difícil subtraerse. A emoción e a piedade que as súas palabras provocan aínda hoxe falan moi ás claras das conmocións que o seminarista debía de sufrir cando se paraba a pensar no seu futuro.

Ademais o mozo admitía a súa impotencia diante de Varela, ao recoñecer que llo quixo dicir á súa irmá antes de saír da casa, *"pero por evitar disgustos no se lo dije"*. Parece como que, neses momentos, o médico fose o único amigo de confianza que tiña Fernando Prieto á man.

E aínda engadía:

"Deseo que de todas estas cosas nadie se entere, ni tampoco mi hermana que le escribí a V. recomendándole este asunto; se lo dice como si saliese de V."

Fernando, na súa posdata, escusábase ante José Varela por utilizar na carta cuartillas de papel corrente:

"No se extrañe del papel por no ser de luto, en este momento no tengo de otro".

Por aqueles días Fernando Prieto acababa de cumprir vinte e cinco anos. Aínda terían que pasar case outros seis ata a súa ordenación sacerdotal, en xuño de 1919. Descoñecemos o que ocorreu nese longo período da súa vida no seminario. Pero si sabemos, en cambio, que Fernando, no verán de 1937, achábase de coadxutor na parroquia da súa vila natal, e que o médico municipal da vila, José Varela, conservaba aínda aquela carta entre os seus papeis.

Nas eleccións municipais do 9 de novembro de 1913, José Varela saía elixido concelleiro do concello das Pontes.

Electoralmente, este distrito constaba de dúas seccións. Cada votante podía escribir dous nomes na súa papeleta. A lista de candidatos, coas adscripcións políticas de cada un, estaba constituída da seguinte forma:

CANDIDATO	PARTIDO
Baamonde Fontao, Raimundo	Liberal - democrático
Bermúdez Fernández, Manuel	" "
Corral López, Manuel	" "
Corral y Pico, Andrés F.	" "
Lens Pita, Marcial	Independente
Penabad Cabaleiro, Juan	Liberal - democrático
Rivera Chao, Ramón	" "
Varela González, José	Independente
Vilaboy Prieto, Manuel	Liberal - democrático
Yllade Rilo, Alfonso	Independente

Do partido Independente só había tres representantes: Marcial Lens, José Varela e Alfonso Yllade, un farmacéutico e dous médicos. O resto pertencía ao partido Liberal-democrático.

Ao longo da nosa exposición volveremos atoparnos con algún dos candidatos a estas eleccións municipais e algún dos interventores presentes nas mesas electorais.

Primeiro repasaremos os resultados da segunda sección. Dos 234 electores con que contaba, votaron 154, é dicir, case o 66 %. Obtiveron votos (con moi escasas diferenzas) os seguintes candidatos¹⁰:

¹⁰- Na Sección 2ª, de presidente de mesa figuraba Antonio Caaveiro, e de adxuntos Gaspar López e Cosme Antón. E como interventores: José Corral, Rogelio Galán, Antonio Lage e Soto, Vicente Seoane, José Ferro, Francisco Gómez Levicis, Antonio Rodríguez, Antonio Fraga, Manuel González, Baltasar Gabeiras, Marcelino Ferro e Andrés López Corral.



Rivera Chao, Ramón	Liberal - democrático	68	votos
Corral y Pico, Andrés F.	“ “	65	
Bermúdez Fernández, Manuel	“ “	63	
Yllade Rilo, Alfonso	Independente	56	
Varela González, José	“	56	

En canto á primeira sección electoral podemos dicir que dos 339 electores censados votaron 212, ou sexa, preto do 63 %. O resultado foi o seguinte¹¹:

Varela González, José	Independente	132	votos
Yllade Rilo, Alfonso	“	124	“
Rivera Chao, Ramón	Liberal - democrático	56	“
Corral y Pico, Andrés F.	“ “	55	“
Bermúdez Fernández, Manuel	“ “	42	“
Corral López, Manuel	“ “	2	“
Penabad Cabaleiro, Juan	“ “	1	“
Vilaboy Prieto, Manuel	“ “	1	“
Lens Pita, Marcial	Independente	1	“
Baamonde Fontao, Raimundo	Liberal - democrático	1	“

Sumando os votos parciais obtidos en cada unha das seccións atopamos que o resultado definitivo do escrutinio aparecía encabezado por:

Varela González, José	Independente	188	votos
Yllade Rilo, Alfonso	“	180	“
Rivera Chao, Ramón	Liberal - democrático	124	“
Corral y Pico, Andrés F.	“ “	120	“
Bermúdez Fernández, Manuel	“ “	105	“

11 - Nesta Sección 1ª, de presidente de mesa figuraba Narciso Cabarcos, e de adxuntos Raimundo Baamonde e Antonio Mosteiro. E como interventores: Buenaventura Viveiro, Baltasar Fernández, Cesario Chao, Pedro Bermúdez, Pascual Castro, Maximino Ledo, José Ledo F[ormoso], Ricardo López, Antonio López Ferro, José López, Aquilino Corral, Nicasio Cal, Diego Dopico, Vicente Hierro?, Pedro Yglesias, Manuel Prieto, Julio Ferreiro, Antonio Sánchez Fernández, Domingo López, Higinio Bello e José Raposo.

Como non coñecemos o número de concellarías disputadas neses comicios, non podemos saber cantos destes candidatos saíran elixidos naquela xornada¹². Pero José Varela, cos seus 188 votos, recibía o 13 de novembro a certificación oficial onde constaba a súa proclamación como concelleiro, a credencial que lle permitía pasar a ocupar o seu posto no concello das Pontes. A certificación viña avalada co Vº Bº do presidente da Xunta Electoral, Domingo López, ademais da sinatura do secretario accidental, José Raposo.

Descoñecemos os barrios, lugares e parroquias que comprendía cada unha das dúas seccións electorais do municipio das Pontes, pero examinando as sinaturas dos interventores presentes nas mesas poderíase concluír que, en xeral, o nivel cultural dos censados na primeira sección (onde gañaran os independentes) era máis elevado que o dos da segunda, onde sacaran unha lixeira maioría os do partido liberal-democrático. Entre as sinaturas desta última sección destacaremos a do labrador Francisco Gómez Levicis (trememente, descomposta), a quen volveremos atopar vinte e catro anos máis tarde, cando o do expediente de José Varela.

A pesar da escala tan reducida en que nos movemos agora, tamén os resultados do escrutinio das Pontes mostraban a tendencia descendente que estaba a sufrir a etiqueta liberal en todas as fronteas, que viña anunciándose con insistencia desde había tempo. O perfil liberal (que enchera páxinas e páxinas da historia e da literatura do século XIX) tampouco gañaba eleccións aquí. O seu antigo atractivo xa perdera boa parte do encanto, aínda que viñese acompañada do suxestivo rótulo de democrática.

Sospeitamos que por estes anos ao redor de 1913 non debía de haber aínda grandes tensións políticas nas Pontes, e, menos aínda, serios enfrontamentos cos señores da vila, pois temos constancia, por exemplo, da boa amizade que José Varela, do partido Independente, mantivo sempre, até o final, con Raimundo Baamonde

12- Alfonso Yllade Rilo chegou a ser alcalde das Pontes. Manuel Bermúdez Fernández era concelleiro en xuño de 1924.

*José Varela de mozo*

ou con Manuel Bermúdez, ambos do partido Liberal. Probablemente, o caciquismo local facía uso por entón doutras armas non estritamente políticas, e non se sentía aínda ameazado polas bravatas dalgúns poucos adventicios.

Pero co correr dos anos -e a non tardar, seguramente-, as cousas cambiaron e de forma moi notable. Así foi -habemos de adiantar- que as cabezas visibles do partido Independente terminarían aos poucos por ser minguadas. Alfonso Yllade (farto, ao parecer, das loitas políticas) acabaría por marcharse á Coruña, onde o atopamos de médico en 1929. Máis tarde Marcial Lens

sería inhabilitado temporalmente para o cargo de secretario do concello que desempeñaba, o que, a final de contas, significaría o seu abandono e afastamento definitivo.

E a Varela, xa en plena guerra civil, incoaríase un expediente de destitución, de carácter eminentemente político, co fin de apartarlo do posto de médico municipal e de afastarlle dalí, e todo por razón dunhas máis que probables vellas simpatías cara aos partidos de esquerdas, pero que, para cando eses mesmos partidos apareceron aglutinados circunstancialmente baixo a etiqueta dun autodenominado "frente popular", xa atoparían a Varela máis que desenganado.

1.916 - 1.917

En maio de 1916 aparecía en Vilalba o primeiro número de "Galicia Pintoresca", unha revista quincenal cuxas informacións utilizaremos no noso percorrido por eses anos¹³. O primeiro número saía á rúa cun só anuncio nas súas páxinas. O prezo de cada exemplar era de 10 céntimos.

Xa no momento do seu nacemento a revista víase na obriga de denunciar as dificultades que estaban a xurdir por todas partes, que facían moi difícil a vida aos máis desfavorecidos:

"Toda la prensa regional publica enérgicos artículos, clamando contra el enorme encarecimiento de las subsistencias, que hace punto menos que imposible la vida. Culpa de este mal a los acaparadores, que se hacen dueños de los artículos de primera necesidad, para luego venderlos a precios fabulosos. Es decir, que hay unos cuantos vampiros a los que, con tal de realizar grandes ganancias, no les importa que se mueran de hambre muchas familias."

E non pasaría moito tempo desta denuncia antes de que a revista volvese insistir na gravidade da situación en que se achaban numerosas familias da comarca.

Ofrecemos, por curiosidade, algúns dos prezos que rexían aqueles días na feira de gandos: 260 pesetas polo exemplar vacún, 250 polo cabalar e 15 polo lanar. Doutra banda, o trigo cotizábase entre 24 e 25 reais o ferrado, o centeo e o millo entre 18 e 19, e as fabas entre 18 e 20 reais.

¹³*Esta revista foi fundada por J. Enríquez Chanot, e o seu primeiro director, Carmelo Pérez. Na editorial que servía de presentación, sen negar a súa peculiaridade de defender "los intereses morales y materiales de la comarca villalbesa", explicaba que: "Nacemos hoy no para ser un periódico más, no para llevar la vida lánguida que siguen otros colegas provincianos, no para ser la piedra de toque de ningún partido político; nada de esto nos impulsa a ver la luz pública; si estos fueran nuestros ideales nos quedaríamos inéditos, pues bastante polilla tienen los pueblos para que vengamos a crear rencillas que sólo disgustos ocasionan".*



En 1916 a vila das Pontes tiña algo máis de mil habitantes, e o municipio cinco mil aproximadamente. En xullo deste mesmo ano, Galicia Pintoresca sacaba á rúa o seu número cinco. Os anuncios subiran a quince; deles dous das Pontes: “O Lugués”, a fábrica de chocolates de Antonio Doval, xunto ao Cruceiro, e “O Almacén”, a tenda de ultramarinos de José Sierra, no n.º 12, tamén moi preto daquela encrucillada que pronto se convertería na praza do Hospital. Estes minúsculos detalles dan unha idea de cara a onde se ía desprazando en 1916 o centro urbano da vila, en pos das firmas mercantís que ían xurdindo.

Agora, aproveitando o artigo que publicaba o farmacéutico Marcial Lens neste mesmo número de Galicia Pintoresca, imos tentar coñecer un pouco máis da vila e, de paso, descubrir algúns aspectos da personalidade do seu autor¹⁴

O artigo, titulado As Pontes de García Rodríguez, enchía case dúas páxinas da revista. O seu contido era unha mostra da curiosidade intelectual de Lens, que desbordaba amplamente o lóxico interese e preocupación polas cuestións relacionadas co seu oficio.

Empeza Lens por facer un rápido repaso dos principais autores que dedicaron a súa atención á arqueoloxía e historia máis antiga da comarca das Pontes. Pero non se esquece de rexistrar, en varios momentos do seu artigo, as belezas dos arredores da vila.

E fala das facilidades de comunicación e transporte de que dispuña en 1916:

“Actualmente la cruza la carretera general a Madrid; en sus inmediaciones empalma la que se dirige a Puente deume, y la proximidad de otras, tales como las de Vivero y Somozas, constituyen grandes arterias de vida; anúnciase para en breve plazo la terminación de la que ha de comunicarnos con Ortigueira y esta nueva vía reportará

también grandes ventajas, no sólo por relacionarnos directamente con la capital del partido, sino porque, cruzando una gran parte del municipio será un medio eficazísimo para dar salida a los productos naturales que en él abundan y que hoy es forzoso no utilizar por carecer de medios relativamente cómodos de transporte.”

Con respecto aos medios de transporte dos que se dispuña entón, di:

“Tiene servicio directo en carruaje a Villalba y Puente deume, cuyos vehículos conducen diariamente el correo, y en la estación veraniega establécese servicio bisemanal a Ferrol. Estas ventajas unidas a la instalación del telégrafo público, cuyo funcionamiento no se hará esperar, revelan que la Villa de las Puentes de García Rodríguez adquiere de día en día mayor relieve...”

Neste punto, Lens, non ten inconveniente en relacionar todas esas melloras do municipio (finalizadas ou a piques de finalizar) co seu artífice máximo, “*el eterno diputado*”, segundo era coñecido por algúns, e cuxo nome poderemos descubrir máis adiante, nestas mesmas páxinas:

“...; bien es verdad que para este engrandecimiento cuenta el municipio de las Puentes con autoridades celosas de su bienestar y con un diputado dispuesto siempre a secundar con interés todo lo que redunde en beneficio de su distrito.”

No seu longo artigo Lens seguía falando das fontes de riqueza máis importantes na vila, tanto da súa agricultura como da súa gandaría; e mesmo dunha industria rudimentaria e unha minería incipiente, xa recoñecida. Marcial Lens parecía ter as inquietudes típicas dos homes da Ilustración.

14- Galicia Pintoresca, núm. 5, 15 de xullo de 1916.



Tamén neste mesmo número de xullo, don Antonio Angel del Riego, párroco da vila, publicaba unha sucinta reseña da súa localidade baixo o título *"Lo que es Puentes"*. Produto das súas lecturas e recordos persoais, o párroco e arcipreste podía asegurar que a vila, a mediados do século XIX,...

"...sólo tenía cincuenta y seis casas, y hoy cuenta doscientas, y de éstas, la tercera parte fueron construidas en los treinta y ocho años que lleva de residencia el que suscribe,..."

Bo coñecedor das Pontes, onde chegara en 1878, o párroco, ao rematar o seu artigo, prometía...

"...publicar en crónicas sucesivas otros importantes detalles relacionados con fechas y construcciones remotas, tanto de la iglesia parroquial, como de sus anejos,..."

desexo que aquel bo home apenas puido ver cumprido.

En 1916, os festexos na honra da patroa das Pontes, a Virxe do Carme, estendéronse do 22 ao 25 de xullo. O grupo de mozos que se fixera cargo da súa organización estaba formado por Vicente Romero, Casto López, Guillermo Baamonde e David González.

Por estas datas, o exemplar de gando vacún na feira de Vilalba cotizábase a 225 pesetas. O trigo e o millo a 6 pesetas o ferrado, o centeo a 4,75 e as fabas a 4,50. Os ovos a 1,25 pesetas a dúcia, o xamón a 3,25 o quilo e as patacas entre 10 e 13 pesetas o quintal. A tendencia parecía que apuntaba á alza.

Como xa sinalamos, este ano as festas do Carme iniciáranse o sábado 22 de xullo. Pola noite, despois das vésperas na capela da Magdalena, procedeuse ao traslado en procesión da imaxe da patroa ata a igrexa parroquial. Ao día seguinte,

o domingo 23, repetíase, de volta á capela, seguida dunha misa solemne. O 24 continuaran as festas con bailes e verbenas ata moi entrada a noite, e o 25, martes, día do Apóstolo, celebrábase na Illa a tradicional festa campestre, de renome xa por toda aquela comarca até o Ferrol.

Precisamente ese domingo 23 falecía nas Pontes Manuel Varela, o cuarto fillo de José e Carlota, nado este mesmo ano. Tras o enterro, ao que asistiron doce sacerdotes e numeroso público, celebrábase a misa de gloria na Igrexa parroquial, actuando nela o coro que dirixía Marcial Lens, o farmacéutico.

O número 29 de *Galicia Pintoresca* do 17 de xullo de 1917 xa figura co novo prezo de 15 céntimos o exemplar¹⁵. Eran en total trinta e catro os anuncios que encontramos agora entre as súas páxinas.

Na sección *Desde Las Puentes* destacaba a noticia da desaparición e trágica morte do veciño da vila José Raposo Sexto, oficial primeiro do concello, despois de que a institución (segundo se rumoreou entre as xentes da vila) o postergarse para o cargo de secretario interino tras 18 anos de servizos.

Por estes días de xullo tomaba posesión do seu cargo de capelán na parroquia das Pontes Francisco Pichín Prado (1887-1962), ordenado en 1914.

Así se cotizaban o 8 de xullo de 1917 estes produtos na feira de Vilalba: o trigo entre 6,25 e 6,75 pesetas o ferrado, o centeo a 5, o millo a 4,75, as fabas entre 6 e 8,25 pesetas, os ovos a 1,35 a dúcia e as patacas a 8 o quintal. A tendencia do mercado seguía sendo á alza.

O 15 de agosto deste ano, na sección dedicada a *Información General*, a revista víase obrigada a insistir:

15- A súa nova portada, apenas estreada, aparecía enmarcada no debuxo modernista firmado por Natoch, sen dúbida, anagrama do apelido Chanot.



“Con menos concurrencia que las anteriores (debido, sin duda, a estar el personal en plena recolección de frutos) se celebró el día 5 la feria del mes actual y una vez más hemos de llamar la atención sobre el escandaloso acaparamiento existente en todas las ferias, a ciencia y paciencia de las autoridades. Es urgentísimo poner remedio a este mal, poniendo en vigor los numerosos medios de que disponen los llamados a evitar estos abusos. A juzgar por el precio que alcanzan todos los artículos, llegándose a pagar el centeno a 6 pesetas el ferrado, ha de llegar día en que la clase menesterosa no pueda comer pan.”



Casa da familia Varela entre 1910 e 1930

esposa do futuro alcalde da vila, José María Soto.

O 4 de outubro Galicia Pintoresca adicaba no seu número 34 un artigo de recordo e homenaxe ao sacerdote desaparecido, escrito polo seu amigo Lens apenas unhas horas despois do falecemento, un artigo que remataba coas seguintes palabras:

“No son estos momentos, en los que el ánimo abatido no tiene más expresión que la tristeza, para escribir un artículo necrológico,

16- Presidían o dó Benito Quintana, párroco de Recemel; Ramón Rivera, xuíz municipal; José Varela e José Yllade, médicos; Melchor Egerique, avogado e notario; Marcial Lens, farmacéutico e secretario do xulgado; Plácido López, Valentin López, Raimundo Baamonde e Gonzalo Sánchez.

17- Na veciñanza dicíase que, orixinariamente, o apelido da familia fora Riego e o substituíran por “del Riego”. Quizais (digo eu), en recordo do famoso xeneral do século XIX, heroe do liberalismo.

pero a ello me obliga el cariño que hace años profeso al llorado amigo y las reiteradas pruebas de verdadero afecto que he recibido del santo Párroco que acaba de morir, si es que así puede llamarse el cerrar los ojos en la tierra, para abrirlos en el Cielo.”

En outubro de 1917, baixo o título *Las Subsistencias*, Galicia Pintoresca publicaba un editorial en termos moi parecidos aos que xa coñecemos por outro anterior¹⁸:

“El asunto del precio enorme que experimentan las subsistencias y el escandaloso acaparamiento de los artículos de primera necesidad, vuelven de nuevo a ser cuestión de palpitante actualidad.”

“La crisis que en el país se ha padecido en el último invierno y se acentúa de un modo alarmante en la actualidad, adquirirá proporciones gigantescas el próximo invierno, haciendo imposible la vida.”

E un pouco máis adiante seguía o editorialista:

“Esto no puede seguir así; se hace preciso impedirlo y preocuparse de cortar tales abusos que sólo benefician a unos pocos y acarream a todos los demás perjuicios gravísimos.”

“Son múltiple las quejas que llegan a nosotros; por doquiera que vamos no oímos otra cosa que censuras. Unos culpan a los acaparadores, otros a la prensa y otros a personas determinadas.”

“Nosotros vamos a decir las cosas claramente. La culpa de estos abusos que lamentamos, la tiene el Ayuntamiento; lo decimos sin ánimo de ofender a nadie.”

E terminaba advertindo:

“Nada conseguiremos, acaso, con estas líneas; continuarán

18- Galicia Pintoresca, núm. 34, del 4 de outubro de 1917.



los acaparadores almacenando avaramente, como si estuviesen en país conquistado, los frutos indispensables para la vida del pueblo, y los llamados a impedirlo se harán los sordos, si no se convierten en colaboradores de aquellos; pero no olviden unos y otros que el hambre es mala consejera y a la hora menos pensada puede ocasionar serios disgustos."

Galicia Pintoresca recollía no seu número do 24 de outubro de 1917 diversas noticias de sociedade do seu correspondente nas Pontes, como a de que Fernando Prieto marchase para Mondoñedo a continuar os seus estudos no seminario, ou que Purificación Fraga de Sánchez e a súa filla, que viaxaban no "*Reina María Cristina*", chegasen sen novidade á Habana.

Tamén dicía, despois de sinalar que estaban a adiantar os traballos de exploración das minas de lignito:

"Creen los versados en esta materia que se obtendrán resultados satisfactorios, y de ello nos alegraremos porque se traducirán en incalculable riqueza para la zona en que radican dichos yacimientos."

A mesma revista informaba de que se estaba procedendo ao estudo e reformulo do camiño veciñal que, desde a estrada de Ortigueira ás Pontes (xa en construción), había de cruzar pola parroquia do Freixo ata o lugar da Igrexa, e de que unha vez terminados eses traballos preliminares, levaríanse a cabo igualmente ata Marraxón. A revista redondeaba a nova coas seguintes palabras:

"Ambas mejoras se deben a los incesantes trabajos del Sr. Gullón, cuyos desvelos por este distrito hemos encomiado repetidas veces."

Na mesma liña poderíamos situar a noticia publicada en igual data, que deixaba transparentar a presenza nas Pontes de centros de poder antagonistas e a existencia de tensións nos niveis máis elevados daquela sociedade:

"La Sala de Gobierno de la Audiencia Territorial de la Coruña desestimó el recurso de alzada interpuesto por un vecino de este pueblo contra el nombramiento de Secretario de este Juzgado municipal, hecho a favor del Farmacéutico D. Marcial Lens."

No número correspondente ao 16 de decembro de 1917, nun artigo de fondo asinado por Luís González titulado *Intereses agrícolas, Galicia Pintoresca* volvía insistir na situación pola que atravesaba a economía dos agricultores. Entresacamos algúns dos seus parágrafos:

"Todos los diarios dedican varias columnas al estudio del problema de las subsistencias, ocupándose casi exclusivamente más los de esta provincia, donde lo que produce el agricultor se cotiza a más bajo precio que en ninguna otra; costándole, en cambio, lo que éste necesita un 30 por 100 más que en otras provincias, como si lo que aquí se produce lo proporcionase la Naturaleza,..."

"Los precios de los productos agrícolas de esta región, combinados, tienen un 20 por 100 de alza sobre los años anteriores a la guerra. En el haber del agricultor hay, por lo tanto, que anotar ese 20 por 100, que algunos suponen que es una gran ganancia,...; pero veamos las cifras del debe, qué aumento han tenido,..."

"Los abonos han subido un 130 o 140 por 100, según sean fosfatados o nitrogenados; los potásicos (alma del agricultor) desaparecieron por completo...; la maquinaria agrícola, así como las piezas de recambio, han aumentado un 130 por 100; cerca de un 300 por 100 las herramientas y piezas de reposición de gran desgaste, que son de hierro y acero,..."

"Los piensos tienen un alza del 60 por 100; el carbón que utilizan los tractores de vapor, triple o cuádruple precio; los aperos, en los que entra la madera y el hierro, lo menos han aumentado un



50 por 100; y queda todavía un factor importantísimo: el trabajo del obrero agrícola."

1.918

No seu número do 28 de febreiro, *Galicia Pintoresca* recollía unhas informacións de Ortigueira asinadas por "El Duende de Miñano"; entre elas, esta:

"Pues señor, esto de las subsistencias es un pleito que parece que no tiene fácil y adecuada solución."

"Bajó el maíz, el trigo, las habichuelas, las patatas y los huevos, pero en cambio, el arroz, las grasas y muchos más comestibles, el petróleo, carburo y otros artículos, siguen subidos y subiendo, y el pobre labrador, que lo mismo precisa de los productos que obtiene que de los demás, tiene que vender barato, para gobernarse, y comprar caro, irregularidad manifiesta que debiera de solucionarse prontamente."

Neste mesmo mes falecía repentinamente nas Pontes o seu alcalde, Benito Cabaleiro Piñón.

Galicia Pintoresca do 23 de abril de 1918, na sección *Desde Las Puentes*, recollía noticias da vila e algunhas queixas da veciñanza, por exemplo acerca do servizo de correos, cuxa eficacia deixaba bastante que desexar. Tampouco os prezos dos alimentos eran motivo de alegría. Un cronista da localidade lamentábase nesas mesmas páxinas e dicía:

"Las subsistencias adquieren cada vez precios más fabulosos, pese a la Comisaría de Abastecimientos y Junta provincial. El trigo se vendió ayer a 39 y 40 reales ferrado. ¿Se puede vivir?"

Por aqueles días de 1918 constituíase a nova directiva da xunta xeral da sociedade "*Naturales del Ayuntamiento de Las Puentes de García Rodríguez en la Habana*", na que aparecía Jesús Cabarcos Cal de primeiro vicepresidente e Manuel Vérez Prieto de segundo. Entre os vogais atopamos a Narciso López Rouco, Jerónimo López Calvo e Celso [¿Casto?] López Cabarcos¹⁹. Por esas mesmas datas Román Sánchez Herrero regresaba da Habana (á súa esposa e fillas atoparémolas ao final da nosa crónica-) mentres Consuelo Cabarcos exercía de mestra na escola de Muras.

Pero parece ser que os conflitos e enfrontamentos, ata entón disimulados, non tardaron en saír á luz. O documento do que imos ofrecer algúns parágrafos é desta época. A pesar do lamentable estado en que se acha pareceunos interesante traelo aquí, pois tanto a parte de texto que aínda se pode ler, como a que xa non é posible (aínda que si adiviñar), reflicten con suficiente claridade a índole dos conflitos nos que se debatían os principais xestores da cousa pública nas Pontes²⁰.

O documento está mecanografado, a pesar de que aínda foi utilizado como simple borrador, pois leva aínda algunhas tachaduras e correccións. O que non sabemos é se finalmente pasou de ser só borrador a adquirir algún tipo de oficialidade nos despachos do concello das Pontes, ao que ía dirixido. Consta de oito páxinas, ou sexa, de dous pequenos cadernos de dúas follas cada un.

Nos parágrafos que transcribimos a continuación colocamos entre

19- Uns dez anos máis tarde, na sesión do 9 de xuño de 1928, a corporación municipal das Pontes tomaba a seguinte resolución: "Así bien, se acuerda ceder a la colonia habanera representada por la Sociedad Naturales de Puentes, el terreno existente a la derecha de la puerta principal del Cementerio de esta Villa, [...], teniendo en cuenta que se propone construir un mausoleo y además ha contribuido con una cantidad muy respetable a la realización de la obra". En xuño de 1937 o concello, a solicitude de Jesús Cabarcos Cal, rectificaba aquela resolución, no sentido de que "la cesión es a la Sociedad de Instrucción, Beneficencia y Protección mutua Naturales del Ayuntamiento de Puentes, con residencia en la Habana, cuyo representante en esta Villa es el Sr. Cabarcos".

20- Por mor dunha operación de limpeza demasiado drástica, levada con pouco criterio e ningún esmero, o documento terminou en anacos, que quedaron esquecidos entre papeis. Cos fragmentos púidose reconstruír algo máis da metade do orixinal.



corchetes as partes de texto recuperadas, reconstruídas a partir do contexto máis inmediato e da linguaxe específica do documento, as cales, moi probablemente, poderían substituír os anacos perdidos. Para nós, a cuestión de se o documento pasou ou non pasou de simple borrador, é trivial, pois non lle resta interese nin validez para os propósitos que perseguimos.

Empeza dicindo: *"Al Ayuntamiento de PUENTES:"* e continua con este encabezamento:

"Don José Varela González y Don V..., médico el primero e industrial el seg[undo]....[vecinos] y electores en este término municipal [de As Pontes]....., pro-vistos de cédulas personales vige[n]tes].....[ex]pedidas en, res-pec-ti-vam[ente].....en uso del] derecho que les concede el artículo.....[de] 1891 re-claman contra la validez de [las elecciones celebradas].....en este término municipal el día.....[y solicitan su anu]lación total, por las razones y mo[tivos que exponen.]"

Despois dedican uns parágrafos, en termos xerais, á situación que pretendían denunciar. Deses parágrafos só podemos destacar expresións do estilo de: *"...a un desastroso sistema de hegemonía..."*, *"...de oligarcas que solamente pueden ostentar..."*, *"...masa de opinión que ansía la renovación de..."*, que xa nos poden dar algún indicio de cal era a situación alí.

Unha vez xa dentro do capítulo titulado "HECHOS", o primeiro motivo de queixa parece ser que se refería á localización dos centros electorais:

"Lo lógico sería que [el colegio electoral estuviera] situado en el centro de esas tres parroqui[as] (Freijo, Deveso y San Mamed) para que los electores cumple]sen fácilmente sus deberes de emisión del [voto]..."

Tamén neste capítulo atopamos expresións pouco convencionais, inapropiadas e totalmente inesperadas nunha instancia oficial, como cando fala do *"...cotarro caciquil..."*, ou de *"...un grotesco simulacro..."*, que nos permiten deducir o ton de todo o documento.

O segundo punto parece apuntar ao feito de que non se publicaron as listas definitivas cos nomes dos electores.

A exposición do terceiro motivo de queixa figura case completa entre os anacos conservados do documento. Di:

"3º - El nombramiento de adju[ntos] propietarios para las mesas electo]rales se hizo caprichosamente, prescindiendo en a[bsoluto] del obligatorio] procedimiento que señala el artículo 33 de la ley, verificándose [dicho nombramien]to a propuesta del Presidente de la Junta municipal del Censo, que ta[mbién] se] propuso a si mismo, habiendo sido designado adjunto propietario para [la prime]ra Sección del primer Distrito, sin duda para reunir en si toda la [representa]ción electoral, porque se dio el caso de que el día de la elección[, el señor] Presidente de la Junta municipal del Censo, con nombramiento proc[edente de] una real o supuesta Junta de Reformas Sociales (que dudamos exis[ta], funciona]ba o debía funcionar como tal Presidente, como Juez municipal su[plente en au]sencia del propietario, y como adjunto. Es un caso extraordinari[o de ubicui]dad, digno de estudio."

A continuación, parece que as queixas xa se centran só no problema que afectaba a Varela persoalmente, no trato discriminatorio que recibise da xunta municipal. Fálase de deixar *"sen intervención a determinados..."* e de *"una lista das personas que....tienen derecho a pedir a su proclamación"*, lista que o alcalde debía enviar á xunta municipal do censo, e da que excluíu a Varela, a pesar do dereito indiscutible que posuía. No texto que ofrecemos aquí pódese albiscar algo do ocorrido:



Os Somaténs de As Pontes (1924)

"...fundándose en el motivo de no ha[ber]....derecho, o sea en lo mismo que no quiso tener en cuenta [a los] demás, que hallándose en igual caso, han sido proclamados sin que sobre [ellos] recayese el peregrino acuerdo que se aplicó al Sr. Varela González."

"¿Puede darse nada más anormal y arbitrario?"

"Por otro lado, ¿cómo podrá ignorar la Junta municipal del Censo [el derecho] del Sr. Varela González si el Presidente de la misma, Sr. Mosteiro, [lo era tam]bién cuando el Señor Varela González fue proclamado Candidato y Con[cej]al en] las elecciones de 1915?"

"¿Como puede alegar tal desconocimiento esa Junta cuyos miembros [cono-cen pe]rsonalmente al Sr. Varela González, saben perfectamente que es Concej[al en eje]rcicio y deben tener noticia de que el Boletín oficial de la provincia publicó hace pocos días su nombr[e].....[le] toca cesar en el actual año por art...?"

Pero destacaremos o seguinte parágrafo que aparece un pouco máis adiante:

"...los directores y amañadores electo[rales] habían propuesto a]l Presidente citado la rara idea de señalar el Templo [parroquial] para que en él tuviese lugar una de las mayores farsas electo[rales], lo que] necesita una gran dosis de desaprensión para adoptar tan deplorable [propósito que n]o puede encontrar atenuantes de favor, sea cualquiera el ropaje [con que se le] vista."

E a continuación engadía estoutro, que non desmerece en nada do anterior, xa que tamén nos dá unha idea do carácter case familiar e doméstico que podían chegar a ter as institucións públicas nas Pontes daqueles tempos:

"Queda completamente al desnudo con saber que la Sala de Au[diencia del Ju]zgado municipal está instalada en la Casa habitación particular [del Juez Muni-ci]pal Don Ramón Rivera, y que un hijo de éste, que vive en su com[pañ]ia, Eulog]io Rivera, ha sido proclamado Concej[al] electo como candidato tri[en]al en la última elección celebrada en el término municipal de Puentes."

"!La casa habitación del Juez Municipal, la Sala de Audiencia dentro de esa misma casa, convertida [en Juzgado Municipal..... presen]te una candidatura dentro de la cual.....muni[ci]pal, habitante y dueño de la Casa ¡E.....[di]fícilmente se encon-trará en la hist[oria]... una....tan] burda y tan fuera de toda noción d[e]..."

A primeira parte do documento termina coas seguintes palabras:

"No seguimos en la exposición de más motivos. Los [expuestos bas]tan y sobran para demostrar que la elección municipal de Puentes [debe ser de]clarada to-talmente NULA y sin ningún valor."



Na súa última parte, o documento, baixo o título FUNDAMENTOS DE DERECHO, dedícase a expor as bases e argumentacións legais de tal solicitude.

Sabemos que as eleccións que impugnaban José Varela e outro señor celebráronse un 11 de novembro. O documento é do 19 deste mesmo mes, pero non se pode ver de que ano. Calculamos que o seu texto debeu de ser redactado entre 1917 e 1919.

Nunha ditadura rexia

1.923 - 1.930

Non sabemos en que datas exactamente se estableceu nas Pontes a institución do “*somatén armado*”, nin a partir de que momento José Varela empezou a desempeñar o mando desta organización paramilitar, pero por unha fotografía de xullo de 1924 puidemos coñecer que para entón xa estaba implantado alí e, moi probablemente, con José Varela á cabeza. Na foto vémosto no medio do grupo de veciños que constituían o *somatén* da vila, entre eles tamén o farmacéutico e secretario do concello, Marcial Lens.

O 21 de marzo de 1924, aos 74 anos, falecía o xuíz municipal das Pontes, Ramón Rivera Chao.

O 28 de xuño de 1924, tras unha votación moi apertada, o pleno da corporación municipal do concello das Pontes, en sesión extraordinaria, con José María Fernández López de alcalde e Marcial Lens de secretario, nomeaba médico titular da vila a José Varela. O escrutinio ofreceu estes resultados: cinco votos a favor de Varela, catro para José García Iglesias e dúas en branco. O seu soldo estaba fixado entón en dúas mil pesetas anuais.

A corporación estaba constituída polos seguintes concelleiros:

Bermúdez Fernández, Manuel
 Calvo López, Pedro
 Castro Fraga, Cayetano
 Cebreiro Baamonde, Bernardo
 Guerreiro Restrebada, Juan
 Ledo Seco, Vicente
 Otero Peón, Francisco
 Pita Díaz, Benigno
 Soto Rivera, José María

Algúns anos despois, en novembro de 1930, con ocasión do mitin que se celebrara na Vilavella (do que falaremos no seu momento), José Varela, ao presentar a Pita Romero, candidato polo distrito de Ortigueira, destacaríase publicamente o exemplo de independencia que demostraran aqueles concelleiros do concello de cando a ditadura²¹:

“¿No os acordáis cuando me nombraron médico municipal? El principal cacique de Puentes visitó a todos los concejales, amenazando a unos y tratando de sobornar a otros con 50 y 100 pesos, para que no me votasen, y sin embargo vencí. ¿Por qué? Porque eran hombres enérgicos, resueltos, íntegros y no quisieron más que votar según los dictados de su conciencia. Dígalos, si no, la señora viuda de mi malogrado amigo don Manuel Bermúdez Alfonso (e. p. d.)²²,...”

Co expediente que se iniciaría trece anos máis tarde contra Varela, tentaríase desposuílo deste cargo municipal.

Nunha anotación de Varela do luns día 9 de maio de 1927 lemos esta

21- La Voz de Ortigueira, núm. 760, do 6 de decembre de 1930.

22- Aquí La Voz de Ortigueira erra. Varela estase referindo a Manuel Bermúdez Fernández, un dos concelleiros que participara na súa designación de médico municipal.



entrada ben concisa: *"Lesionada Freijo"*²³. Era unha paciente que Varela viña tratando desde había días, pois tamén a atopamos o xoves 5 de maio, con 1 visita e 6 pesetas de honorarios; o día 6, con 1 visita e 7 ptas., e o 7, sábado, con 8 visitas, sen sinalar retribución. O citado día 9, tras a inscrición *"Lesionada Freijo"*, aparece entre paréntese, escrito por Varela: *"Junta compº Pimentel por mala fe Julio Y."*, e a continuación anotadas 10 ptas. de honorarios. A devandita paciente volvería figurar na axenda o venres día 13, cunha retribución de 12 pesetas pola asistencia.

Á vista desta nota e a entrada ao quite do novo médico Pimentel (sen dúbida para atraer á paciente do Freixo), e, sobre todo, do comentario que a acompaña, podemos asegurar que este tipo de conflitos non eran consecuencia só da susceptibilidade profesional do médico de cabeceira (celoso do seu prestixio ou avaro por manter e aumentar a súa clientela) que o levaba a rexeitar calquera intromisión non solicitada, senón que había máis razóns, algunha relacionada coa repartición de poder e influencias na localidade, que chegaba a interferir seriamente a práctica diaria da profesión.

Tamén esta segunda anécdota deberíamos contemplala baixo a mesma luz, xa que insiste no asunto das rifas profesionais, reflexo das loitas caciquís presentes na contorna. A finais do mes seguinte ao dos feitos narrados antes, o 30 de xuño, Varela anotaba na súa axenda as visitas que efectuara ese día a un paciente novo: *"Amador Seoane (2)"*, sen facer aínda referencia algunha aos seus honorarios e pondo no seu lugar unha simple interrogación. Isto quería dicir que lle fixo xa dúas visitas e aínda non lle cobrou nada, quizais porque non sabía a canto poderían ascender os seus honorarios por concorrer no enfermo algunha circunstancia especial. O paciente volve aparecer o venres 1º de xullo, tamén sen honorarios, só coa interrogación. E o mesmo o sábado día 2. A frecuencia de visitas faínos pensar na suma gravidade do enfermo. Non podemos saber se continuaron

aínda os días 3 e 4 de xullo, pois faltan eses anacos da axenda. Pero o martes día 5 anotaba José Varela: *"Amador Seoane (1) (Me incomodé por llamar a Pimentel sin saber yo, no volví, y murió por la tarde"*. Está claro que Varela deixara ó enfermo completamente nas mans do médico Pimentel.

Pero a pesar do enfado que causara a Varela ese incidente, unha semana máis tarde, na anotación do 12 de xullo, nunha das entradas, lemos: *"El rojo de Muras. Estuvimos Pimentel y yo"*, visita que lle supuxo a Varela 3 ptas.

O mércores 18 de maio de 1927 escribía Varela na súa axenda: *"Hoy fui al precepto de Espiñaredo, a comer con don Domingo"*. Referíase ao sacerdote Díaz Rico (1875-1952), párroco de Santa María de Espiñaredo, moi amigo de Varela.

José Varela, aínda que en xeral pouco relixioso (especialmente en certas épocas da súa vida), era, como poderemos comprobar, moi apreciado dos sacerdotes da vila (de todos excepto dun, se habemos de interpretar correctamente os seus pensamentos máis íntimos, así como tamén o era dos que exercían polos arredores da vila, entre os que tivo amigos entrañables. Un deles foi José Sequeiro Legaspi (1866-1942), titular na parroquia de San Martín de Piñeiro, do concello de Xermade, contigua á de Roupas. Eran íntimos. Nas festas das Pontes, pola Virxe do Carme, o cura viña á casa de Varela, e, á inversa, ía Varela á súa durante as de Piñeiro, na Virxe do Rosario. Así, non resulta estraño atopar na súa axenda rexistros desas viaxes no medio de apuntamentos de consultas e visitas a pacientes. Nun deles anotaba o que fixera naquela parroquia o domingo 2 de outubro de 1927, en compañía dos seus fillos Pepe e Manolo.

O 2 de xaneiro de 1929, nunha carta confidencial, o párroco de San Mamede do concello das Pontes, Miguel Eohart Maseda, notificaba a Varela (na súa calidade de médico municipal da vila), que asistira espiritualmente a unha moza de Maciñeira Grande, vítima dun aborto provocado, como era ben sabido de

23- Estas anotacións apareceron nunhas vellas axendas de principios de século, propaganda dos establecementos termais de Vichy. Desgraciadamente, igual que sucedeu con outros documentos, nunha limpeza pouco afortunada, as súas follas foron desgarradas de arriba abaixo, por mazos, conservándose unicamente as marxes unidas ao cosido da encadernación.



todos os veciños. De paso informábo de que era público igualmente a frecuencia con que eses feitos se viñan producindo na súa parroquia.

A mediados do ano 1929 parece que José Varela xa non vía claro o dos seus compromisos políticos coa ditadura, coincidindo cos novos ventos que empezaban a ouvirse por todas partes, ventos revolucionarios, impetuosos, que presaxiaban gretas sociais profundas e cambios políticos radicais. As anécdotas que ofrecemos a continuación permiten sospeitar que tamén Varela estaba ao tanto de todo iso.

Por carta manuscrita do 26 de xullo de 1929, o capitán auxiliar dos somaténs armados de Ferrol, Constantino Bugía, solicitaba de Varela, como cabo do distrito de As Pontes, que puxese ao corrente ao aspirante José Castro Romero, desa vila, das condicións que debía cumprir para ingresar na institución, tal como solicitara por escrito o día 19. José Varela nin se molestaría en abrir a carta do seu xefe.



*Grupo de Somaténs e non Somaténs con J. Varela e M. Lens.
(José Varela aparece en segundo lugar pola esquerda, sentado na primeira fila, con bastón. Marcial Lens, con anteollos, é o primeiro da dereita desa mesma rengleira).*

Pasado mes e medio, Varela, na súa calidade de cabo responsable dos somatenes das Pontes, era requirido do capitán Bugía, por escrito do 10 de setembro da súa propia man, para que resolvese os asuntos pendentes que lle foron encomendados en comunicacións anteriores, sen que ata a data houbera resposta algunha da súa parte. Apercibíalle de negligencia e ameazaba de posibles sancións de non corríxila ou xustificála. José Varela, prevendo as transformacións que se aveciñaban, tampouco esta vez se molestou en abrir a carta.

Pero as inclinacións políticas tanto de Varela como as de Lens (cos seus puntos de encontro e as súas diferenzas), non lles impediron en absoluto prestar a súa colaboración á ditadura. Que saibamos, ese apoio non produciu escándalo, nin sequera confusión, entre os seus conveciños e correligionarios políticos; ao parecer, non mereceu a atención de ninguén. O cal tampouco é de estrañar, pois tamén había por ese tempo partidos de obreiros, marcadamente de esquerdas, que lla prestaron igualmente, sen provocar o máis mínimo asombro nin desconcerto entre os afiliados e cidadáns.

Con todo, o respaldo que dera Varela ao aparello da ditadura non debeu de deixar satisfeitas a ningunha das dúas partes. A última carta de Constantino Bugía xa parece insinuar algo. Con todo, e a pesar do progresivo distanciamento de Varela, sabemos que quedou un bo recordo daquela efémera experiencia (polo menos da primeira parte da súa andaina) como el mesmo lembraría máis tarde, pública e privadamente. O que non podemos entender é por que razón, no seu prego de descargos de setembro de 1937, non chegou a facer uso en ningún momento da súa antiga colaboración coa ditadura, para contrarrestar as acusacións dos seus inimigos de simpatizar coa revolución.

O 31 de xaneiro de 1930, a Caixa de Aforros e Monte de Piedade da Coruña comunicaba a José Varela o seu nomeamento para ocupar o cargo de vogal no consello da súa delegación nas Pontes, con Francisco Penabad de delegado.



Precisamente ao día seguinte, o 1 de febreiro, Varela e a súa familia, e con eles o estanco, trasladábanse á casa situada en n.º 32 da estrada xeral, propiedade da sogra de Rosendo Formoso, onde residirían de forma provisional durante uns cinco anos.

Non sabemos por que datas aparecera nas Pontes o médico Pimentel, un dos causantes indirectos das acusacións que lle habería de formular o concello a Varela uns anos máis tarde. Xa o atopamos anteriormente. Consta que polo menos en maio de 1927 xa exercía aquí a súa profesión²⁴.

En setembro de 1930 Pimentel contraía matrimonio na igrexa parroquial das Pontes con Josefa Sierra Montero. Era filla do que chegaría a ser alcalde da vila, José Sierra Casal, dono dos ultramarinos *"El Almacén"* no nº 12 da praza do Hospital. Sabemos que algo máis tarde o matrimonio Pimentel mudaríase ao primeiro piso de casa propiedade de Julio Yllade, encima da farmacia, no nº 6 da praza, aínda que non podemos precisar a data exacta en que se produciu esta mudanza.

Bendicira a unión o sacerdote Celso Castro López e dera fe do acto o xuíz municipal, Honorio Ferreiro²⁵. Asinaron de testemuñas, entre outros, Jesús Cabarcos Cal, por parte da noiva, e Abel López Cabarcos, pola do noivo. As notas de sociedade aparecidas na prensa mencionaban a numerosas persoas da boa sociedade desta vila que asistiran de invitadas á voda, entre as cales non figuraba o médico municipal Varela, nin ningún da súa familia.

24- Probablemente, igual que Varela, Felipe Pimentel fora convidado a exercer de médico nas Pontes tras a morte do titular, José Yllade Cao, pouco antes de que José Varela accedese ao cargo de médico municipal, en xuño de 1924.

25- No número 761 de La Voz de Ortigueira do 13 de decembro de 1930 lemos: "Ha tomado posesión del cargo de juez municipal de aquel municipio [As Pontes] nuestro querido amigo don Fermín González Campo, persona de gran prestigio y que en otras épocas había desempeñado el cargo de fiscal con general beneplácito de todos." "Viene don Fermín a ocupar la vacante que por destitución dejó don Honorio Ferreiro con motivo de diversas denuncias contra él formuladas."

No mes de setembro de 1930 Varela era elixido presidente da Xunta de Sanidade do distrito de Ortigueira. Para o cargo de secretario fórao o médico de Cedeira, Angel González Brañas, que, por razón dos cargos e responsabilidades que xa viña desempeñando, preferiu non aceptar.

Cara a unha república burguesa

1.930, finais de ano

O 30 de novembro (un domingo) celebráronse na Vilavella e As Pontes senllos mitins a cargo de Leandro Pita Romero²⁶, representante do partido agrario independente, que a non tardar demostraría a súa valía nos máis altos postos da administración.

Polas súas repercusións deducimos que o mitin das Pontes debeu de revestir certa importancia, as súas mensaxes resoar con forza entre os campesiños, pois non só mereceu un lugar entre as noticias de prensa, senón que os xornais rexionais de maior tirada dedicáronlle amplos espazos nas súas columnas. A reunión non debeu de deixar indiferente a ninguén, e menos aos profesionais da política, pois os diarios que puidemos consultar, coa información do acto, deixaban moi claro a quen apoiaban e servían.

O encargado de facer a presentación, tanto nun como noutro mitin, fora o médico municipal das Pontes, José Varela, amigo de Pita Romero, que era parente de Marcial Lens.

Primeiro estiveron na Vilavella, onde o médico, despois dunhas breves palabras e de saudar a Pita Romero como o *"padre de los labradores"*, presentaba a primeira intervención, que correría a cargo de Manuel Durán, un labrador

26- Pita Romero (1898-1985), era natural de Ortigueira (A Coruña). No prego de descargos de Varela aparece como de dereitas, aínda que el se declaraba independente. Chegou a ser ministro en varios gobernos da República.



oriúndo do Freixo²⁷, *"hombre que ha visto y comprobado los funestos efectos del caciquismo en nuestro país"*. Antes de cederlle a palabra, Varela aconsellaba a aqueles do seu auditorio que desexasen volver á política de 1923, de antes da ditadura, *"en que un solo hombre dominaba al municipio haciendo nada más que su caprichosa voluntad"*, que non votasen a Pita Romero. Ademais, Varela dedicaba unhas palabras a lembrar o do seu nomeamento como médico municipal das Pontes en 1924, palabras das que xa deixamos constancia no seu momento. E terminaba dicindo:

"Pues bien, en cuestiones de elecciones haced lo mismo, no guiaros de los señoritos de la villa, que nada beneficioso buscan para vosotros, sino que a cuenta vuestra desean saciar sus apetitos y llenar su estómago; meditar bien lo que os conviene hacer, uniros todos los labradores, que tenéis la fuerza, y venceréis, porque los tiempos han cambiado."

Durán falou moi brevemente do caciquismo reinante no municipio, e pediu aos seus oíntes que se sacudisen sen medo a tutela que uns poucos (*"los señoritos de Puentes"*) lles querían impor.

Pita Romero, menos agresivo que os seus compañeiros de tribuna, celebraba terse detido naquela fermosa parroquia, na que vía, do mesmo xeito que nas demais do distrito electoral de Ortigueira, que a masa do país estaba identificada co seu programa político.

O acto remataría cun xesto pouco habitual. Tras o mitin, o cura párroco daquela igrexa, Nicolás Villarino Chao, convidaba a Pita Romero e os seus acompañantes a pasar á reitoral, onde foron obsequiados con largueza.

A continuación, os oradores, acompañados da *"inmensa mayoría de los*

27- *Xa descubrimos a Manuel Durán á beira de Pita Romero en abril de 1918. Galicia pintoresca (n.º 46), nun artigo titulado Xuntanza Labrega, presentaba a Durán como un "labriego de la Piedra", parroquia próxima a Ortigueira.*

allí reunidos", dirixíronse a pé cara ás Pontes. Na confluencia coa estrada xeral unha multitude de xente chegada dende a vila, que esperaba alí a Pita Romero e aos seus acompañantes, uníuselles para facer xuntos a entrada na poboación.

No mitin, reunido na praza do Hospital, empezou Varela a súa presentación dicindo²⁸:

"Señores: La amistad personal, íntima, que me une a don Leandro Pita Romero, el haber sido el primer vecino de este municipio que se puso incondicionalmente a su disposición, y el hallarnos compenetrados en la forma de ver el problema agrario en esta comarca, son causas más que suficientes para iniciar este acto tan solemne, nunca visto en Puentes."

Seguidamente pasou a presentar aos oradores e a orde en que tomarían a palabra. Primeiro falaría Yuste, *"elocuente orador y una de las más legítimas glorias del magisterio español"*. Despois Durán, antigo labrador emigrado a América, *"donde aprendió el verdadero concepto de libertad"*. Ao redactar estas palabras, seguramente Varela estaba recordando aqueles anos da súa infancia en Cuba e cando, ao final, só coa súa nai no cemiterio da Habana, antes de regresar a España, enterraran a Julián, o seu pai.

Por último falaría Pita Romero, o candidato a deputado a Cortes polo distrito de Ortigueira.

Mentres ocorría isto, Julio Yllade observaba todo desde a súa farmacia, segundo el mesmo confesaría algúns anos máis tarde.

Pero antes de ceder a palabra aos oradores, Varela solicitaba permiso aos presentes para compartir con eles algunhas consideracións:

28- *O discurso completo de José Varela apareceu no n.º 761 de La Voz de Ortigueira do 13 de decembro de 1930.*



“Permitidme os moleste breves momentos para hacer unas ligeras reflexiones nacidas de quien como yo no es político, ni aspira a cargos ni jefaturas, ni está de conformidad con la política tal como se práctica, sino que labora silenciosamente en todo cuanto redunde en beneficio de este municipio. Veintisiete años de compenetración interna (espiritual y material) con nuestros convecinos, creo me darán derecho a exponeros, aunque sea de una manera concisa, ciertos hechos reales, latentes.”

E iniciou a exposición do seu ideario dicindo:

“El respeto mutuo en los principios y en las ideas es uno de los cimientos en que se basa el pedestal de la civilización, de la cultura y educación de los pueblos. Soy enemigo de las exaltaciones, de las pasiones, porque éstas ciegan y atraen en pos de sí graves perjuicios personales y populares; me agrada que cunda el entusiasmo porque es signo de vitalidad, de energía, de pujanza, pero sin llegar a ciertos extremos.”

A continuación Varela aconsellaba prudencia ao seu auditorio, por se fosen obxecto dalgunha provocación, obra *“de algún exaltado, de un cacique que ve la tajada perdida, y apela a todos los extremos, para tratar de conservarla”*. E propuña como exemplo:

“...os diré que el 17 de agosto último, cuando vino a esta villa el adversario del señor Pita Romero [sin duda, se refería al diputado Alonso Gullón], sin tener causa justificada para ello, hice un recorrido a pie de 16 kilómetros a la parroquia de San Mamed, para no molestar en nada absolutamente, ni con mi presencia, a los amigos de aquel.”

Despois de encomiar o talante liberal de Pita Romero e a súa maneira de

traballar polo voto, Varela pasaba a explicar ante o auditorio como se levaron ata entón as campañas electorais naquela rexión:

“El candidato citaba para una entrevista en la capital de la Nación o en la de la Provincia a los dos o tres caciques de la del distrito, y preparaban el puchero electoral, y cuando ya estaba amañado, y para que no se ofendiesen, se lo comunicaban a los dos o tres compañeros que siempre existían en cada municipio, dándose el caso vergonzoso que el verdadero cuerpo electoral, especialmente los labradores, que lo componen en su mayoría, ignoraba quién fuera proclamado diputado, a pesar de aparecer en las actas que habían votado a don Fulano, llegándose al hecho tan bochornoso algunas veces, de discutir los vecinos si había sido nombrado don Citano o don Mengano, debido a que el cacique jugara con la conciencia de ellos por servir a su jefe.”

E terminaba a súa explicación do mecanismo electoral con: *“Esto no debemos tolerarlo nunca, ni consentir que se repita jamás”*. Pero continuaba aínda insistindo na mesma cuestión de fondo:

“Por lo que respecta a cómo en la actualidad se lleva en nuestro país la adquisición del voto, podemos decir que es una trata de negros, una compra ilícita por los dos o tres caciques del pueblo, aspirantes perpetuos a la dominación despótica y mangoneo político de éste, hombres ricos, por sus malas artes, ofrecen dinero a los necesitados, cobrando por el préstamo crecidos intereses, y al llegar unas elecciones, llaman a esos seres desgraciados que tienen que caer en sus garras, y los desafían, que si no votan por quien quieran ellos, les obligan a reintegrarlo en el momento, y como no pueden hacerlo así, tienen que claudicar, y el cacique lleno de satisfacción pregona que ya aseguró un voto; y el humilde, en sus soledades, llora amargamente, porque tuvo que pisotear su conciencia. Otras veces, el amo tiene un casero, que le paga religiosamente, le cuida y mejora el lugar como si fuese propio,



llega esta época, y lo emplaza a que si no vota por donde le indique, tendrá que desalojar el lugar, y ese labrador honradísimo, ante las lágrimas y sollozos de su mujer e hijos, claudica también, sometiéndose a la voluntad del cacique. Otras, un Maestro de Obras, talleres, empresas, un Jefe de Oficinas, con quienes cumplen perfectamente sus operarios o empleados, al acercarse el periodo electoral, les advierten que de no votar la candidatura que él patrocina, los despedirá de sus destinos, y estos hombres dignos y conscientes se revelan contra sí mismo, sostienen una lucha enorme entre la cabeza y el corazón, en la que sale vencedora aquella, dispuesto a votar por lo que le determina el pensamiento, por lo que le dicta su conciencia; pero al llegar a su casa y pedirle pan sus tiernos hijos, sus pedazos del alma, claudica también y vota por el cacique. Otras veces, esos seres depravados que están siempre al acecho de la presa desde sus guaridas, llaman, al pasar, a los labradores para coaccionarlos, amenazándolos que si no votan a su candidato les aumentarán las cédulas, contribuciones e impuestos de utilidades; y aún cuando nada pueden hacerles, dado como rigen las Leyes vigentes, por explicable ignorancia y por el temor de qué pueda suceder, claudican también."

Pero á vista deste panorama, que solución ofrecían José Varela e os independentes de Pita Romero. Hoxe, neste punto, Varela sóanos, como mínimo, terriblemente inxenuo, e con el, o partido, influídos todos por aqueles irresistibles vendavais ideolóxicos que arrasaron o mundo nesa época. Ante o seu auditorio, José Varela preguntaba:

"¿No podrían tener remedio estos males?"

e el mesmo respondía:

"Desde luego, pero hace falta mucha unión. Si a un labrador honrado que cumple exactamente con su amo, éste le desafía

con el despojo del lugar por tan vil motivo, uniros y no consintáis que nadie lo arriende, y con dos o tres ejemplos que dieseis así, los amos se convertirían en criados, y se os humillarían, suplicarían y rogarían para que volviérais a ocupar los lugares, quizás en mejores condiciones. Lo mismo digo a los laboriosos operarios y obreros: si, por ejemplo, sois amenazados por un maestro de obras por el mero capricho del voto, a pesar de que cumplís con vuestro deber, si contáis de antemano con una asociación que os tenga íntimamente unidos para la defensa de vuestros legítimos intereses y veis que os tratan de atropellar en el sagrado derecho de ciudadanía, en exteriorizar el verdadero sentir de las ideas, declaraos todos en huelga, hasta que os reparen la ofensa recibida, y entonces los patronos os buscarán enseguida, porque sois de absoluta necesidad. Los labradores y los obreros, si permanecen unidos, serán los que manden, los que deben imponerse, y cuando no consigan sus justísimos anhelos por la fuerza de la razón, siempre les quedará como último recurso la razón de la fuerza."

Para o público presente no mitin da praza do Hospital, aquelas palabras de Varela non só resultaban innovadoras, afastadas do que era común escoitar aos oradores políticos ao uso, senón revolucionarias. Para os máis poderosos da vila, era un discurso demagóxico e perturbador, non obstante a prudente introdución que fixera Varela recomendando fuxir de calquera tentación extremista.

Hoxe, con todo, as formulacións de José Varela soan tremendamente rancias. Pero son moi reveladoras, un claro expoñente daquela época, precisamente cando unha futurible (e non de todo irreal) república do proletariado estaba empezando a insinuar no horizonte. Non sabemos se Varela estaba a deixarse levar aquí dunha comfortable estratexia electoralista, ou descubriendo, sen darse conta, ademais dunha admirable boa fe, unha pobre e escasa preparación e perspicacia políticas; pero hai que reconecer que tampouco outras mentes moito mellor dispostas foron capaces de subtraerse ao imperio daquel furacán que significou o marxismo.



Sabemos con toda seguridade que nin José Varela nin Pita Romero foron comunistas. Basta percorrer a traxectoria política deste para poder situarlo (co seu partido agrario e independente) fóra completamente da órbita revolucionaria. E sen necesidade de ir tan lonxe, bastaría con repasar as palabras con que Varela concluía a súa presentación, que falan ben ás claras neste sentido:

“Por lo que respecta al Sr. Pita Romero, me consta que, entre los numerosos caseros que tiene, por fortuna suya, no hay uno a quien le haya pedido el voto para su candidatura”.

O talante ou matiz diferencial que observaba o partido independente respecto doutros partidos, e que proclamaba abertamente como parte do seu programa á hora de convencer e de buscar votos, fórmalo aquí Varela con certa arrogancia e poderío, en presenza de Pita Romero, o seu xefe político:

“Por lo que se refiere a mi persona, yo, desde este sitio público, a todos los vecinos del ayuntamiento de Puentes reto a que manifiesten sinceramente si hay alguno a quien le haya pedido el voto para el señor Pita Romero; y a que declaren en igual forma, si los adversarios de este señor, obran de igual modo.”

Obviamente, Varela está a referirse aos abusos e trapicheos que adoitaban usar os caciques do país para arrincar o voto dos cidadáns, aos cambalaches que el acababa de denunciar alí mesmo. Pero aínda razoaba un pouco máis ese distanciamento seu de aqueles métodos de captación habituais, e dicía:

“...mis ideas no me permiten el hacerlo, porque entiendo que tanto derecho tendría yo a pedírselo a un vecino, como éste a mí, y así como

cada cual en su trabajo, profesión o materia que verse es perito, así también, en las cuestiones de conciencia, de manifestaciones espontáneas y libres del pensamiento, somos peritos de nosotros mismos, sin que nos sea permitido el enajenar, alquilar o vender aquélla, por que la conciencia solo le pertenece al alma, y ésta a Dios, a quien tenemos que dar cuenta de nuestros actos.”

Ten certa importancia que lembremos este reto lanzado por José Varela desde unha tribuna en 1930 aos veciños das Pontes, porque en 1937, con ocasión do seu expediente de destitución como médico municipal, sería acusado (entre outras cousas) de tentar descaradamente arrincar con coacción o voto a pacientes seus inscritos no servizo de asistencia pública do municipio, utilizando para iso modos inícuos totalmente repudiáveis.

Da disertación de José Varela interésanos, igualmente, o parágrafo que recolleamos a continuación, no que lembra á audiencia (e de paso, denuncia) a mecánica que se seguía nas Pontes en vésperas das eleccións municipais:

“Dos palabras sobre la forma en que se verificaban las elecciones municipales en Puentes: dos o tres señores se reunían en la villa para designar los concejales que representarían las parroquias respectivas y, sin importarles un bledo el interés de éstas, proponían los nombres de los más adictos, de los que creían más débiles, de aquellos que juzgaban que nunca se opondrían a sus egoístas pretensiones, para que la voluntad del cacique fuese siempre acordada por unanimidad; dándose el caso peregrino, como pueden atestiguar todos los vecinos, de que una parroquia tan numerosa y extensa como la de Freijo, aparecía oficialmente representada en el ayuntamiento por vecinos de Aparral y Puentes, con la circunstancia agravante de que algunos de éstos no habían visto en su vida la citada parroquia de Freijo. Esto ya no debe tolerarse ni consentirse, y para evitar males tan perniciosos os aconsejo a que los vecinos de cada parroquia, propongáis y votéis a aquellos activos vecinos que reúnan mejores condiciones para



desempeñar los cargos, y así, unidos los labradores, lograréis las mejoras justas y necesarias para vuestras parroquias, haciendo caso omiso de los consejos de los señoritos políticos de la villa, porque éstos no tratan más que de asegurar la política de su estómago, a cuenta de las debilidades e ignorancia de buena fe de muchos."

Non cabe a menor dúbida de que, con manifestacións como estas, José Varela estíbese labrando a súa propia desgraza e a súa ruína, aínda que non fosen de todo novas aos oídos de quen xa o coñecía privadamente.

E remataba a súa intervención coas seguintes palabras:

"¿Queréis que vuelva la política odiosa y despótica que existía el año 1923, antes del advenimiento de la Dictadura, en que un solo hombre, por sí, lo dominaba todo? Votad al adversario del Sr. Pita Romero."

"Por el contrario, ¿queréis que desaparezca la plaga social del caciquismo, que se reformen las costumbres, que tengan su verdadera y legítima representación en el municipio las parroquias, que progresen éstas y que haya una era de paz y tranquilidad, que es lo principal para el espíritu y florecimiento de los pueblos? Votad a don Leandro Pita Romero."

Tras o mitin celebraríase un banquete en honra do candidato Pita Romero, en casa Soto, establecemento propiedade de José María Soto, o ex alcalde das Pontes.

La Voz de Ortigueira, semanario devoto de Pita Romero e (supoñemos) ao servizo do seu partido e a súa política, publicaba no número 760 do 6 de decembro as primeiras informacións sobre aqueles mitíns, as cales, en números posteriores, iría ampliando con máis detalles. Tamén chegaría a publicar en varios dos seus números fotografías do acontecemento.

Segundo este xornal, o domingo 30 de novembro, no atrio da igrexa da Vilavella reuníronse *"todos los vecinos"*, 400, para escoitar ao candidato Pita Romero, que quixera deterse alí antes de dirixirse ás Pontes. A presentación dos oradores (dicía) fora a cargo do *"prestigioso médico municipal"* José Varela.

Rematado o mitin e a visita á reitoral, un numeroso grupo de xentes acompañaron aos oradores ata As Pontes, uníndoselles os veciños que esperaban na confluencia das estradas. La Voz de Ortigueira describía así a chegada á vila:

"La entrada en Puentes, viejo reducto caciquil, en donde el Sr. Gullón soñaba tener una mayoría, resultó triunfante..."

Entre o público das Pontes e doutras parroquias pertencentes ao distrito de Ortigueira que se desprazaron ata alí, o xornal calculaba que fosen unhas tres mil as persoas que se reuniron na praza do Hospital para asistir ao mitin.

La Voz de Ortigueira publicaba ademais (non sen certa malicia) os nomes dos comensais que asistiran ao banquete de homenaxe a Pita Romero²⁹. E engadía que, ao final do xantar, o secretario do concello, Marcial Lens, pronunciara unhas palabras resaltando o feito de que dos dez concelleiros de que constaba o concello das Pontes, sete asistiran a aquel acto, e outro máis, que estaba enfermo, enviara a un familiar na súa representación.

O xornal de Ortigueira terminaba dicindo:

29- Xa que varios destes nomes volverán aparecer en 1937 relacionados co expediente de Varela, pareceunos interesante copiar a lista dos presentes na homenaxe a Pita Romero. Tan elocuentes como as asistencias fórono as ausencias. A lista de comensais (exceptuados aqueles cuxos nome La Voz de Ortigueira sentía non lembrar) incluía a Plácido Baamonde; Pedro Bermúdez; Benedito Blanco; Miguel Bouza; Andrés Caabeiro Castro; Amandino Cabarcos; Narciso Cabarcos; Antonio Cal; Aniceto Corral; Urbano Corral; Constantino Domínguez; José Domínguez; Antonio Durán Castrillón; Adriano Fernández; Vicente Ferreiro; Fermín González; Francisco Guerreiro; José Ledo Formoso; Marcial Lens Pita; Manuel Lens; Antonio López Puentes; Jesús Novo; Francisco Otero Peón; Francisco Otero; Plácido Pajón; José Piñeiro; Leandro Pita Romero; Manuel Ramos; Antonio Riveira; José María Soto; José Varela González; José Vilaboy, e Manuel Vilaboy.



"Fue este acto una demostración de que este ayuntamiento de Puentes, al igual que los demás del distrito, está identificado con el programa político del partido que acaudilla el Sr. Pita Romero, diputado indiscutible por el distrito de Ortigueira en las próximas Cortes."

Pola súa banda, *El Pueblo Gallego* de Vigo, que non disimulaba as súas simpatías polas ideas republicanas e socialistas en boga, dedicaba o mesmo sábado 6 de decembro unha columna (sen firma) aos mitins de Pita Romero celebrados na Vilavella e As Pontes o domingo anterior. Baixo o título Gran mitin agrario, o xornal vigués falaba con entusiasmo da reunión nesta última vila. A súa crónica (que soaba moi compracente coas ideas renovadoras dos oradores) estaba construída a partir do texto que aparecera ese mesmo día en *La Voz de Ortigueira*. Ámbolos dous xornais utilizaran unha soa fonte e, quizais, tamén unha mesma pluma. Pero nalgunha das pasaxes o xornal de Vigo mostraba máis ousadía que a que mostrara *La Voz de Ortigueira*; por exemplo, cando dicía:

"La entrada en Puentes, viejo reducto caciquil gullonista, en donde soñaban tener una mayoría abrumadora que le amañaría un alcalde de Real orden y un juez municipal, resultó triunfante..."

El Pueblo Gallego, á vista do entusiasmo dos asistentes ao mitin, deducía que,

"Con este acto quedó demostrado que en este ayuntamiento, igual que en los seis restantes, la candidatura del señor Pita Romero es la popular, siendo apoyada por la totalidad de la masa campesina."

Tamén *El Pueblo Gallego* recollía nas súas páxinas o xesto do párroco da Vilavella, cando, tras o mitin, convidou a Pita Romero e aos seus acompañantes a pasar á reitoral, onde foron esplendidamente agasallados.

Pola súa parte o correspondente de *La Voz de Galicia* nas Pontes publicaba a súa particular visión do acto celebrado alí. O domingo 7 de decembro,

na páxina nove, o xornal dedicaba ao mitin case unha columna enteira. A súa reseña (despectiva para Pita Romero) parecía, máis que unha noticia de actualidade, un canto de encomio ao deputado Gullón. O correspondente tiña moi claro a súa posición política e a quen servía, pois aproveitaba a noticia do mitin para repasar as obras que o deputado levara a cabo en beneficio do municipio. As súas primeiras palabras xa eran suficientemente elocuentes:

"Más que a indignación y a protesta ha movido a risa, por la tranquilidad que revela, la reseña publicada ayer en un periódico de esa capital, acerca del mitin (algún nombre habrá que darle) celebrado por el señor Pita en esta localidad el 30 del pasado noviembre. Bien es verdad que el corresponsal que la suscribe, y que no tiene nada de agrario ni cuenta con amigos entre los labradores, es parte muy interesada en el asunto."

"Los contadísimos partidarios del señor Pita no lograron encontrar ni una casa desde la que pudiera dirigirles la palabra y, en cambio, en todas las del trayecto que aquél recorrió, y en las de la plaza donde el acto tuvo lugar, había grandes carteles con vivas a don Alonso Gullón y lemas alusivos a su magnífica labor en pro de los intereses de este municipio. Por eso la entrada de dicho presunto candidato en esta villa, además de fría, tuvo que producirle impresión penosísima y desastrosa."

O correspondente de *La Voz de Galicia* resumía as intervencións dos oradores neste único parágrafo:

"De la parroquia del Freijo de este ayuntamiento concurrieron exactamente catorce individuos, aun algunos menos de la de San Mamed y Deveso. Y ninguno de la de Aparral. El público restante estaba formado por escasísimos curiosos de la villa y por los mozalbetes de otros sitios, que en son de fiesta y jarana (por algo se lleva siempre música) y conducidos en camiones de carga, acompañan al señor Pita"



para hacer bulo y ruido. Los oradores de tanda, un andaluz y otro desconocido aquí, pero sobre todo este último, produjeron verdadera hilaridad. El señor Pita reconoció la corrección de los amigos de don Alonso Gullón que no obstante constituir aplastante mayoría, se abstuvieron de toda manifestación desagradable porque, al contrario de otros, son dignos y prudentes, y saben respetar los derechos de todos, y se limitaron a distribuir profusamente hojas en que se hacía relación de las mejoras y beneficios obtenidos por mediación de quien desde hace tantos años está identificado con el distrito y lo ha representado en Cortes tan acertadamente."

E remataba a súa crónica dicindo:

"Para el banquete hubo necesidad de acogerse al establecimiento-taberna de un ex alcalde de la Dictadura, y es en absoluto incierto que a él hubiesen concurrido siete de los concejales que actualmente forman la Corporación. Desde luego respondo que no lo hicieron el popular, ilustrado y celoso alcalde señor Cabarcos, ni los señores Sánchez, López (don Felipe), Malde, Romero y Corral, e ignoro, respecto a los otros cuatro, por más que ya de antemano se había dicho que nada les costaría el cubierto. Lo que sí es exacto es que acudió el secretario don Marcial Lens Pita, pero es de advertir que hace todavía muy poco tiempo que asistió a otro dado en honor del señor Gullón. Supónese que ahora habrá brindado por tan hermosas virtudes como la lealtad, la seriedad y la constancia."

"En suma, todo lo hecho aquí resultó un rotundo fracaso, reconociéndolo así cuantas personas desapasionadas e imparciales lo han presenciado. Y no de otra manera podía ocurrir, porque este pueblo sabe sentir la gratitud, tiene por indiscutible candidato al señor Gullón y está persuadido de que merced al celo y gestión de éste contamos con las carreteras de Puentes a Ortigueira, a San Mamed,

a Rivadeume y al Deveso; se crearon cuatro escuelas y otra más hace precisamente pocos días; se otorgó abundante material a todas; se concedió la administración de Correos y la Estación telegráfica, el correo a Puente deume en carruaje, y numerosas carterías, y se consiguieron subvenciones de miles de pesetas para diversas mejoras. Esta es la realidad. "

La Voz de Galicia non facía mención algunha da invitación que fixera o cura párroco da Vilavella ao político de Ortigueira e aos seus acompañantes.

1.931

Por estes días xa a vella vila das Pontes se vía desbordada polas edificacións de nova construción que se ían estendendo a ambos lados da estrada xeral, en ambas direccións, e pola de Ortigueira. Co ensanche, tamén o centro urbano se foi desprazando fóra do antigo núcleo medieval. Pero é na parte nova da poboación onde se van situar a partir de agora os escenarios da nosa representación, por onde veremos aparecer aos principais protagonistas ofrecéndonos o mellor do seu repertorio.

Para ambientar os sucesos que constituirán a cerna desta narración -que non verá o seu fin ata xaneiro de 1938 -temos que comezar por situar algúns dos seus escenarios principais- deixando os decorados como están, alí onde aínda son recoñecibles- e por esbozar algunhas das escenas -só inocentes a unha mirada inxenua-, pois ben puido ser que así ocorrese todo.



Empezaremos por situar o edificio do concello, no número 36 da estrada de Ortigueira, fronte a un dos costados do flamante grupo escolar, xa que a casa municipal vai ser o centro de todo o alboroto, dos balbordos e tribulacións que se aveciñan.

Unha vez situado o edificio do concello, xusto ao seu lado, podemos imaxinarnos o alguacil, aos seus cincuenta e tantos anos, saíndo da casa o amencer, apresurado, para poder cumprir as múltiples tarefas daquel día: como labrador, de alguacil, miliciano,...,incluso, en ocasións, como interventor de mesa en reunións electorais, ou de testemuña fiel, bo coñecedor da opinión da rúa. Tamén, a esa mesma hora, poderíamos imaxinarnos ao párroco da vila no seu novo domicilio, no n.º 6 da estrada xeral, antes de saír para misa, redactando con moito tento a nota solicitada da alcaldía.

Ou, días antes, cara ao mediodía, ao porteiro do concello camiño do estanco para cumprir o encargo que lle fixeran desde o despacho do alcalde.

Vemos tamén, máis relaxados, a un grupo de veciños principais co farmacéutico na rebotica, no baixo do edificio con galerías que dá á praza, o centro mercantil da poboación. E case enfronte, na outra esquina, o novo bar, onde polas xanelas se adiviña un círculo de fregueses asiduos, de pé xunto á barra, lendo picadura e en misteriosa conversación; mentres por fóra asoma o correspondente do diario, apurando o paso para non demorar o envío da crónica, cruzándose polo camiño con poderosos amigos e inimigos reconecidos. Ou ao eterno viaxante, xa familiar en Casa Soto, no 19 da parte baixa da praza, cos seus xéneros e mostrarios (cargado de rumores), dirixirse ao establecemento no outro extremo da beirarrúa.

Vemos a outros, á tardiña, case anoitecendo, de faladoiro igualmente, na trastenda de ultramarinos sobre a mesma praza, pasada a farmacia. E ao mestre,

á porta do grupo escolar, deixando o concello atrás (xa baleiro e ás escuras), iniciando o seu regreso a casa no campo da feira. Pero tamén a antiga farmacia, a do número 18 da estrada xeral -como outro santuario máis entre os numerosos que proliferaban aqueles días de intranquilidade social-, atraía aos seus fieis interlocutores, os máis inquedados da veciñanza, nun rito diario, case obrigado.

Aínda poderíamos colocar un par de clientes morosos facendo quenda na barbería, no n.º 36 da estrada, xunto ao forno do pan, escoitando e comentando acontecementos do día. Ou un pouco máis aló, despois do estanco, ao médico, xa de retirada, saíndo de visitar ao amigo na súa casa do n.º 62, despois de arranxar o país entre ambos, noutro dos seus encontros habituais.

As fontes das que dispoñemos coinciden en sinalar que a primeira bandeira republicana que ondeou nas Pontes foi izada na praza do Hospital, no lugar máis céntrico e visible da vila, no balcón do piso sobre a farmacia de Yllade³⁰. No que xa non coinciden esas fontes é acerca de quen vivía no piso neses momentos.

Seis anos e medio despois, cando Varela trataba de facer memoria dos acontecementos daquela xornada de abril de 1931 mentres buscaba afanosamente a maneira de defenderse das acusacións e devolverllas aos seus adversarios, puña xuntas estas dúas informacións: onde por primeira vez se enarbora nas Pontes a bandeira tricolor era onde vivía o xuíz municipal Felipe Pimentel, o seu inimigo. Pero aínda que ambos os feitos illados, eran certos, non o eran se os tomamos simultaneamente. Pimentel chegaría a vivir naquel piso algo máis tarde das datas das que estamos a falar.

Pimentel casaba en setembro de 1930 -cando aínda non era xuíz municipal-, pero non foi inicialmente cando el e a súa muller se instalaron no primeiro piso do edificio onde tiña a farmacia Yllade. Temos por certo que ao proclamarse a

30- A prensa do día 14 de abril ofrecía os recontos parciais que se levaran a cabo ata o mediodía do día anterior; cun resultado estimado para As Pontes de tres candidatos monárquicos e dez agrarios.



República aínda vivía nel o cuñado de Julio, Casto López Cabarcos, o cal, a pesar da súa posición económica ben desafogada, era sinalado publicamente como de esquerdas. Temos que supor que Casto era tamén un republicano convencido³¹.

Pero digamos algo máis deste personaxe tan singular. Casto era fillo de "dona Rita", nome emblemático se os hai dun recuncho dos arredores das Pontes, unido xa para sempre á fraga na ribeira do río da outra beira do areal. Por estas datas, Casto (que estaba solteiro) adoitaba viaxar a Cuba con frecuencia. Ao iniciarse a guerra, en 1936, marcharía e xa non regresaría máis.

Por eses días previos ao desenlace republicano tiveron lugar os tradicionais oficios relixiosos de Semana Santa. Este ano, a Pascua de Resurrección (o domingo de Gloria) caera un 5 de abril, a semana anterior ás eleccións municipais. Un novo cura navarro de algo máis de trinta anos (frade, por máis datos) desprazouse desde o Ferrol para predicar na igrexa e axudar no precepto pascual. Dábase a casualidade de que este frade era moi amigo de Casto López Cabarcos.

Pero a voz da rúa fixo correr a noticia de que o amigo de Casto, o frade que todos coñecían e oíran predicar na igrexa, asistira á cerimonia (pública e solemne) de izar no alto a primeira bandeira republicana nas Pontes, precisamente no centro, na praza do Hospital, o lugar máis concorrido da vila³². Estamos convencidos de que non hai razón que nos mova a poñer en dúbida a anécdota, recollida dun contemporáneo dos feitos³³.

31- Por entónces, nesa casa vivían xuntos os irmáns Casto e Abel López Cabarcos.

32- Non nos resistiremos nos a deixar constancia aquí do paralelismo que nos parece poder descubrir entre a cerimonia da bandeira republicana protagonizada por uns amigos nun balcón das Pontes (cun relixioso por medio), e aqueloutra coa que Joyce inauguraba a súa narración, cando o estudante Buck Mulligan entoaba ao aire, desde un torreón de Dublín, diante do seu amigo Dédalus (Joyce mesmo, "you fearful jesuit"), o seu "introibo ad altare dei", mentres elevaba nas súas mans unha cunca chea de espuma, e sobre a mesma, cruzados, un espello e a navalla.

33- Moi poucos anos despois a ilusión xuvenil do noso cura debeu de esvaeerse por completo, cando el e os seus compañeiros de relixión tiveron que abandonar apresuradamente a súa residencia en Ferrol, na plazuela das Angustias, e refuxiarse polas casas dos fregueses e amigos, escapando do acoso "popular" que a saqueou. Non é de estrañar que aquel sacerdote pasase a engrosar, como noutros casos, o gremio dos máis xenuíno... (permitásenos utilizar aquí a vella terminoloxía progresista) ...dos máis xenuíno representantes do nacional-catolicismo.



Grego Marino San Miguel Larrayoz

Ese sacerdote (pai da congregación do Corazón de María) que con aquel grupo de amigos decidira madrugar e adiantarse a izar nas Pontes a primeira bandeira republicana, chamábase Marino San Miguel Larrayoz, que, aínda sendo navarro de nacemento, poderíase considerar como ferrolán de adopción, ben relacionado coa oficialidade da Armada, da que chegou a ser capelán. Máis tarde chegaría a ocupar o cargo de superior da súa residencia en Ferrol.

O mesmo día da proclamación da República un garda civil de apelido Travieso destinado nas Pontes, iría correndo á casa de José Varela, adiantarlle a noticia. Para entón Varela e a súa familia xa estaban a vivir no n.º 32 da estrada xeral.

1.932

Se As Pontes era xa desde había anos un destino atractivo para persoas delicadas e de máis idade, agora tamén os mozos empezaban a fixar a súa mirada alí con simpatía, no seu ambiente, a súa oferta de festas e natureza, acorde cos novos aires que sopraban desde fóra. Podémolo ver pola seguinte narración.

O xoves 11 de agosto de 1932, El Correo Gallego, nunha crónica a dúas columnas asinada por Ferrant, recollía a acampada que os exploradores de Ferrol realizaran en As Pontes entre finais de xullo e primeiros días de agosto. Saíran o sábado día 30 "en un rápido autobús" -supoñémoslle unhas dúas horas de viaxe- e tras chegar e saudar ás autoridades da vila dedicáronse a buscar un lugar



onde instalarse coas súas tendas. O autor da reseña non nomeaba o sitio elixido, pero tampouco podía disimulalo, en *"una hermosa fraga de robles y pinares, distante dos kilómetros del pueblo, incomparable paraje..."*, e remataba de situalo dicindo: *"fuimos a bañarnos al río"*.



Carlota Varela, coa botica de Illade detrás

O luns día 1 de agosto visitaron as minas de carbón e a illa, e ao outro, o día 2, a fonte dos minerais, pasando pola Vilavella ao seu regreso. O mércores 3 o campamento recibía a visita da colonia estival das Pontes e, con este motivo, os exploradores organizaron unha festa deportiva, musical e literaria, coa única decepción a cargo -segundo o cronista- de Pepita Lúgaro, que non quixo deleitarlos cun tango *criollo* da súa especialidade.

A tarde do xoves recibiron ás autoridades locais e, con elas, dirixíronse ao campo da feira, onde se celebrou unha festa atlética para todo o público presente. Aínda o sábado día 6, fixeron *"una gira campestre acompañados de la colonia veraniega hasta el salto de agua que mueve los motores que dan la energía eléctrica al pueblo, regresando todos al anochecer en alegre camaradería,*

entonando típicas canciones por las pintorescas corredoiras."

O domingo 7 era o día do regreso. Pola tarde, o concello dedicáralles unha festa acompañada de merenda, que houberon de interromper cara ás oito e media, para despedirse de todos e volver a Ferrol.

O cronista agradecía a toda a veciñanza e á colonia as atencións recibidas, e moi especialmente ao alcalde, José Vilaboy, e ao secretario do concello, Marcial Lens, polos felices momentos vividos alí. Dedicaba tamén palabras de agradecemento a don Francisco Cabo Pastor, un personaxe inesquecible daqueles veráns das Pontes, a quen aínda os menos novos podemos lembrar a finais dos corenta paseando polo campo da feira, xa cego, do brazo da súa filla Fanny³⁴.

E con certa morriña, o autor da crónica escribía esta despedida que nós copiamos literalmente:

"Detalles, casos y cosas de estos ocho días de campamento son tantos y tan agradables, que los guardaremos eternamente en nuestra memoria, y aunque el tiempo llegue a disiparlos, no conseguirá borrar de nuestras mentes los días transcurridos al lado de los encantijos de las Puentes, evocando como un dulce sueño, los nombres de Pilarita, Carlota, Hipólita, Manolita, Marujita, etc., etc."

Estamos seguros de que, a non tardar, tamén os nosos lectores poderán colocar apelidos a máis dun daqueles *"dulces soños"* que deixaran nas Pontes os exploradores de Ferrol.

³⁴- Don Francisco Cabo Pastor era doutor en medicina, moi culto e poeta ocasional. Presentara a súa tese, Reflexións sobre a morte repentina, na Universidade Central en 1905. Publicou obras dos máis diversos contidos. Estaba casado con María Usero Torrente. Adoitan ir ás Pontes no verán, hospedándose no n.º 8 da estrada de Ortigueira, moi preto do entroncamento coa do Barreiro. Un exemplar do seu poema satírico Los nue-borricos, publicado por estes anos, dedicárallo ao seu amigo José Varela.



En 1932 terminaba a construción do moderno edificio situado no n.º 1 da praza do Hospital, na esquina coa estrada xeral. Aquí instalaríase o Bar Nistal, cuxo dono, Avelino, como tamén algúns dos seus clientes máis habituais, intervirían cinco anos máis tarde nos trámites do expediente de destitución do médico municipal.


1.933

Entre os candidatos que se presentaran este ano ao concurso organizado para prover de mestres ás escolas nacionais, figuraba Eugenia Manso, esposa de Fernando Fernández Freire³⁵, futuro alcalde das Pontes. Neste concurso, Eugenia gañara en propiedade a escola de Sucadío, da parroquia do Freixo. Parece ser que con este motivo o matrimonio foise vivir ás Pontes, de cuxo concello dependía esta parroquia.

Unha vez xa instalados na vila, a mestra visitara a escola, alá na montaña, permanecendo durante uns días naquel lugar; pero non deberon de agradarlle as condicións do destino pois inmediatamente solicitou a excedencia, cousa que conseguiu sen dificultade. A excedencia permitíalle conservar durante dous anos os dereitos conseguidos no concurso.

1.935

A principios deste ano, tras os dous de excedencia, Eugenia Manso solicitaba regresar para exercer como mestra en activo. Volvéronlle a asignar



J. Varela e muller entre familiares e amigos (1935)

a mesma escola de Sucadío que obtivera no concurso de 1933. No caso de que tampouco esta vez quixera aceptala, corría o risco de perder a carreira. Polo tanto, tomou posesión da praza, pero non volveu máis por alí. Con axuda do amigo do marido, o médico Felipe Pimentel, Eugenia Manso puido alegar enfermidade, e para substituíla como mestra nesa escola colocaron a Josefa Fernández Balsa, unha muller de San Mamede que, aos ollos dos veciños, carecía de case todo o necesario para desempeñar esa tarefa.

O 1º de marzo de 1935 a familia Varela cambiaba de domicilio, pasando ao n.º 42 da estrada xeral, tamén esta vez en réxime de aluguer. O estanco de tabacos trasladábase con eles á nova dirección.

35- Fernando Fernández Freire era natural dos arredores do Ferrol. Servira no Corpo de Máquinas da Armada, acolléndose á "lei Azaña" para o retiro. Formaría parte da corporación municipal desde o principio da guerra civil, proposto polo delegado militar nas Pontes, Francisco Adalid.



Casa da familia Varela a partir de 1935.

Durante todo este ano seguiron acumulándose as débedas contraídas polo concello das Pontes con José Varela, a conta dos seus honorarios como médico titular, que viñan sumarse ás do ano anterior. Pero cóntanos que en moitos municipios da provincia viñan arrastrando dificultades similares, debido a algún tipo de conflito administrativo que, polo menos en parte, podería dar razón dos atrasos³⁶.

A José María Vázquez López, un dos concelleiros que, a non tardar, constituirían a comisión municipal encargada de instruír o expediente de destitución do médico Varela, uníao unha especial amizade co deputado e médico

36- A mediados de outubro do ano seguinte, 1936, o gobernador civil víase na necesidade de tomar cartas no asunto. Nunha circular gubernativa recoñecía que:

“La inmensa mayoría de los ayuntamientos de esta provincia han venido incumpliendo las disposiciones de la ley de Coordinación Sanitaria de 11 de julio de 1934, dejando de ingresar en los plazos que fija el reglamento dictado para su ejecución (fecha 14 de junio de 1935) las cantidades precisas para el pago de los haberes de los sanitarios municipales”.

“Se ha creado así una difícilísima situación económica a los referidos funcionarios, situación que es preciso y urgente remediar...”.

forense da Coruña, José García Ramos, como imos ver pola carta que transcribimos a continuación, unha carta que moi pronto pasaría a poder de José Varela:

“S^r D^a José Garcia Ramos”

“La Coruña”

“Mi mayor respetable D^r Garcia me es grato el manifestarle que en fecha 28 del proximo pasado mes de noviembre é recibido su muy atenta carta en la cual: é quedado muy complacido por el interes que V. á tomado en el referido camino vecinal del Freijo que por castigo se allava postergado pues yo como era dever mio lo é comonicado á todos aquellos mis amigos: los que almismo tiempo le enviamos las mas,respetivos aplausos: por el tan acertado veneficio pues como es de suponer que V. tanvien deseara que en las proximas venideras Elecciones que le prestemos una ayuda pues yo pormiparte a sus ordenes tan solo por mencionarme un sincero amigo mio como lo es D^a Julio Yllade de Puentes con los demas yo no me comprometo pero por miparte é de acer lo que util me sea:”

“Sin mas disponga de este su Sincero Servidor S. S. Q. S. M. B.”

“JM. Vázquez López

“me contesta por el Deveso que recivo la correspondencia mas rapido á José M^a Vazquez Lopez. Cavanela.”

Descoñecemos por que vías puido chegar o texto da carta (e o orixinal) ás mans de José Varela, pero este detalle reafirmamos na sospeita de que durante a tramitación do seu expediente Varela tivo que recibir axudas importantes, moi valiosas, non só dos seus amigos, pacientes e veciños, senón mesmo dalgunha persoa ben situada no concello, cando xa non estaba alí o seu amigo Lens.



Cara a unha república socialista

1.936, o mitin de Suárez Picallo

Máis ou menos simultaneamente coa visita de Suárez Picallo ás Pontes, uns días antes das eleccións xerais, viaxaron á vila reiteradas veces os deputados José García Ramos e José Miñones, co fin de levar a cabo os traballos de propaganda política necesarios antes dos comicios. Hospedábanse na fonda de Marciala Trigo e adoitaban manter os seus coloquios políticos na casa de Pimentel ou na rebotica de Yllade. Pero García Ramos, cando aparecía polas Pontes, a pesar de que fose compañeiro de José Varela na facultade de Medicina de Santiago, non se molestaba sequera en saudarlo.

Estamos xa en febreiro de 1936, cando faltaba moi pouco para o domingo 16 en que se ían a celebrar as eleccións xerais. Suárez Picallo, un dos candidatos a deputado, falou nas Pontes, apenas uns días antes desa data. Sabemos que foi unha xornada especialmente fría na vila.

A media mañá o médico titular saía do seu domicilio, no número 42 da estrada xeral, para dirixirse ao local en que se celebraría o mitin, anunciado para iso das doce. Os pasos, movementos e ata os xestos de Varela nesa mañá de inverno serían observados meticulosamente (e máis tarde diversamente interpretados) por algúns dos conveciños presentes no local e dos curiosos que esperaban á entrada, posto que eses detalles converteríanse, ano e medio máis tarde, nunha das principais probas contra o médico expedientado. Aquí guiáremonos unicamente pola versión que o noso protagonista deixou escrita acerca do ocorrido aquela mañá de febreiro de 1936:

“En la mañana del día en que se celebró el mitin iba el farmacéutico titular don Julio Yllade Rilo acompañando a don José Búa Carou³⁷, teniente coronel médico del Ejército, mi antiguo amigo y contemporáneo de los estudios universitarios, el cual, al verme desde la puerta del local donde se celebraba el mitin, se despidió del señor Yllade y vino a saludarme. Al preguntarle qué milagro venir a este país, ya que yo solo había oído el anuncio de un mitin, me manifestó que fuera comisionado para hablar en éste en unión del señor Suárez Picallo y otro señor de Ortigueira, que no recuerdo su nombre, pero que el señor Búa viniera directamente solo en un turismo desde La Coruña, quedando de reunirse con los otros oradores a las doce del día en esta Villa, puesto que estos últimos llegarían a esa hora de la parte de Ortigueira a dónde habían ido a celebrar otro mitin.”

E continuaba un pouco máis adiante:

“Llegaron posteriormente los dos oradores que faltaban y sin presentación de ninguna clase, ya que yo no había visto en mi vida ni al señor Suárez Picallo ni al acompañante, que por ser algo tarde se subieron a la tribuna don Servando López Cao, último alcalde del “Frente Popular”, y los tres oradores, sin que lo hiciese ninguna persona más, limitándonos los demás concurrentes a permanecer de simples oyentes. Al terminar el mitin acompañé al que fue querido compañero, señor Búa, hasta la fonda sita en la misma carretera donde habito y próxima a mi domicilio, sin que haya recorrido ninguna vía más en su compañía, despidiéndome para comer del señor Búa sin que lo volviese a ver.”

37- José Búa Carou era amigo de Varela desde os seus tempos universitarios en Santiago. No El Correo Galego do 24 de abril de 1934 atopámoslo de orador nun mitin celebrado o domingo anterior na praza de touros da Coruña organizado para protestar, entre outras cousas, contra o restablecemento da pena de morte e de que a amnistía non fose máis ampla. O doutor Búa falara naquela reunión polos partidos de extrema esquerda (“los jabalies”), con outros oradores obreiros. Despois da guerra, en setembro de 1939, atopáremolo na Coruña, exercendo como médico especialista de corazón e pulmóns, coa consulta en Riego de Auga, 17.



Parécenos interesante deixar constancia aquí dos veciños que -entre outros, ademais de Varela- asistiron ao mitin, ou que puideron observar ao médico municipal polos arredores do local. Son só algúns dos nomes que máis tarde, cando o expediente, serían chamados, por unha ou outra das partes, a prestar declaración acerca dos movementos de Varela, antes, durante e despois do mitin de Suárez Picallo.

Algúns vírono do brazo do socialista; o cal era certo -para Varela tamén, que o recoñecía no seu prego de descargos- se se referían a Búa Carou, o seu amigo da universidade. Un bo número daquelas testemuñas vírono, ademais, sentado na presidencia cos oradores.

Se temos que tomar ao pé da letra as declaracións efectuadas máis tarde durante a proba testifical, hai que aceptar que asistiron ao mitin, aínda que fose parcialmente, e viron a Varela, segundo eles, na tribuna coa presidencia:

*Blanco Rouco, José,
Gómez Bouza, José,
Gómez Levicis, Francisco,
López Martínez, José,
Pico López, Arsenio,
Picos Formoso, José,
Pita Carballeira, Fortunato, e
Vérez Prieto, Manuel.*

Entre estas testemuñas, dúas afirmaron ademais que puideran ver a Varela paseando pola vila en compañía do orador, e un, que o vira abrazando a Suárez Picallo en varios momentos do mitin. Outro chegou a verlo tamén na presidencia acompañado de Lens e do ex alcalde Vilaboy.

Fóra xa desta lista, de entre as testemuñas que non asistiran (ou non quixeron recoñecelo?) dous vírono acompañando a Suárez Picallo pola rúa, e outros dous sabíano porque llo oiran dicir a coñecidos seus de confianza.

1936, eleccións xerais (16 de febreiro)

Non temos datos importantes sobre o desenvolvemento das eleccións neste domingo, 16 de febreiro, nas Pontes³⁸. Sabemos que Varela acudiu a depositar o seu voto no colexio electoral (ao que estaba obrigado pola súa condición de funcionario), pero no prego de descargos afirmaría que recomendara non facelo á súa familia e ás persoas ao seu servizo, é dicir, á súa esposa Carlota, á súa filla Carlota, á serventa de toda a vida, Josefa Rego Montero, e á dependenta do estanco, Manuela Roca Rouco.

Tamén hoxe volvería Varela a ser observado atentamente. Nesta ocasión, no seu paso polo colexio onde se celebraban as eleccións, pois as súas idas e vindas saírían a relucir na proba testifical de agosto de 1937. Houbo quen o viu ese día intervindo (directamente no colexio electoral desta vila, defendendo con tesón a candidatura de esquerdas), quen o viu alí *"defender la candidatura del Frente Popular, en las distintas veces que el deponente entraba y salía para fiscalizar la elección como apoderado de un candidato de derechas"*, ou a quen lle constaba que *"el dicho Sr Varela en las referidas elecciones estuvo en el Colegio electoral de esta villa defendiendo la candidatura del Frente Popular como apoderado de un candidato"*. Outro viu no Colexio *"fiscalizando el acto"*.

38- Parece ser que nesta provincia chegaron a manipular algunhas actas, asignándose votos por encima dos resultados realmente conseguidos. Como mencionamos a algúns dos candidatos, parécenos interesante deixar constancia das diferenzas observadas entre os votos reais obtidos e o número escrutado. Así, Suárez Picallo, votos escrutados, 153.154; votos que obtivo, 123.710; Miñones, votos escrutados, 153.887; votos que obtivo, 122.191.



O 26 de xuño de 1936, José Durán Juega, que a non tardar se convertería no secretario interino do concello das Pontes, era encargado por aquela corporación municipal (a última do chamado *"frente popular"*) de tramitar o expediente de destitución de Marcial Lens como secretario do concello. Non abrigamos a menor dúbida de que, no relativo a este punto, Varela estaba perfectamente informado polo propio Marcial.

José Durán (amigo do alcalde, Servando López Cao, que o chamou con ese fin) era persoa da absoluta confianza da corporación municipal, e o seu nomeamento, ademais, recibira os parabéns do entón gobernador da provincia.

Pero a división na que se sumía a sociedade das Pontes íase profundando gravemente, penetrando ata o máis íntimo das familias. O distanciamento entre os seus membros, auténtica fractura humana, tamén se pode observar nas de Baamonde Fontao e de Yllade Rilo.

En guerra civil

1.936, de xullo a decembro

E o conflito alcanzou igualmente aos cuarteis. Aínda que a fronte de guerra soaba lonxe, tampouco estes foron días fáciles para os veciños das Pontes. Aos actores desta especie de representación chegoulles a hora de ter que buscar outra identidade, de representar outro papel, atopar a careta que mellor se adaptase ás novas circunstancias. En poucos días os *"buenos"* pasaron a ser *"malos"* e viceversa, mentres que os mornos quedaban, como sospeitosos, en terra de ninguén. Sobre o escenario, sbitamente, todos se sentiron como espídos.

Segundo palabras do propio Adalid³⁹, redactadas un ano máis tarde, cando se viu na necesidade de responder as acusacións de que lle fixo obxecto Varela no seu prego de descargos:

"... el día veinte de Julio de mil novecientos treinta y seis (fecha del Glorioso Movimiento Nacional) fui requerido por el entonces Alcalde del frente popular D. Servando López para que recogiese las armas de fuego al elemento civil del Ayuntamiento, y, como única Autoridad existente por aquella fecha en el referido Ayuntamiento, me personé en él y procedí a la recogida de las citadas armas, depositándolas en la casa Ayuntamiento debidamente custodiada por una guardia de elementos de derechas hasta que regresó la fuerza de la Guardia civil de aquel puesto, a cuyo Comandante se las entregué para que las guardase en la Casa Cuartel de la misma."

Ao día seguinte Adalid viaxaba a Ferrol, onde recibiría o nomeamento de delegado de orde pública e de comandante militar das Pontes, coa misión de organizar unha milicia armada que se fixese cargo de manter a orde e o servizo de correrías para perseguir aos que andaban escapados.

Derrubado o *"frente popular"*, Durán Juega continuaría no concello prestando os seus servizos no referido expediente a Marcial Lens, mentres o ex alcalde, Servando López Cao, que o chamou ao seu lado, pasaba a desempeñar a función de oficial encargado da secretaría, cando xa Sierra Casal (o sogro de Pimentel) entrara a ocupar a alcaldía da vila⁴⁰. Ao principio o alcalde era *"delegado civil"*, é dicir, o representante no municipio do gobernador civil da provincia.

O 2 de agosto, Francisco Adalid constituía nas Pontes a primeira comisión

³⁹- Francisco Adalid Campos, tenente de Artillería retirado, era xibaltareño. Residía nas Pontes desde 1931. Foi delegado de orde pública e alcalde da vila. De aquí pasaría a Ferrol, para facerse cargo da garda municipal.

⁴⁰- Sospeitamos que debían de estar directamente relacionadas co seu expediente as visitas que Marcial Lens realizou ao gobernador civil da provincia os días 11 e 14 de agosto de 1936.



encargada de recadar fondos para o exército. Con este fin chamaba para porse á fronte da comisión a Evangelino Baamonde Fontao, ex presidente das "Derechas", a Antonio Mosteiro López, xuíz municipal suplente, a Celedonio Vila, do comercio local, a Antonio Villanueva, industrial, e ao médico José Varela. Segundo este último, naquel petitorio reuníronse máis de seis mil pesetas. As listas de doantes e o diñeiro recadado foron entregados a Francisco Adalid, que se asegura de que aparecesen publicadas na prensa da capital. A este peditorio contribuíra Varela con cincuenta pesetas.

Que nas Pontes a tensión, o nerviosismo e incerteza ían en aumento de día en día próbo o seguinte feito, que aquí nos limitaremos a expor tal como o deixou consignado o seu autor, José Varela. Entre os seus papeis atopouse esta nota solta, escrita a tinta en media cuartilla coa súa letra, na que relatava a vexación que tivera que sufrir apenas iniciada a guerra, con ameazas de morte (quizais máis intimidatorias que outra cousa, pero inquietantes por vir dun personaxe aliñado co aparello do poder que dominaba na zona), un feito que só aparece insinuado no primeiro borrador do prego de descargos e xa non figura na versión mecanografada definitiva, entre outras razóns, seguramente, porque a vítima carecía das testemuñas adecuadas para poder apoiar a súa versión.

Anotaba José Varela (supoñemos que cara a mediados de 1937) a modo de rápido recordatorio:

"Otro atropello inaudito trató de cometerse conmigo: El 20 de Agosto de 1936, y en ocasión de haber ido al Ferrol por cuestiones familiares en el auto de línea, fui perseguido en un turismo por el falangista don Donato Sierra, el que me detuvo al entrar en la casa de mi cuñado don César Hyde Angueira, sita en la calle Real, 121 [hoy 161], desafiándome de muerte si lo denunciaba a las Autoridades por ciertos hechos y anomalías ocurridos en aquellos luctuosos días en Puentes. Dicho falangista estuvo parando bastantes días en casa de

su tío carnal, el ex alcalde destituido don José Sierra Casal⁴¹, en cuyo comercio de ultramarinos se reunían con frecuencia el hijo político del Sr. Sierra y primo del falangista, don Felipe Pimentel, juez municipal y médico, el alcalde actual, don Fernando Fernández, y don Jesús Cabarcos (1) siendo de suponer que estos Sres. fuesen los consejeros de la consumación de tal atropello."

"(1) que vive en la misma casa que el Sr. Sierra Casal, de la cual es propietario." "Testigos Travieso y Narciso Corral"

Noutra nota á parte, tamén manuscrita, Varela ampliaba lixeiramente a información sobre aquel encontro con Donato Sierra:

"...desafiándome por temor lo denunciaba por muchas cobradas a Narciso Cabarcos y otros, así como otros atropellos"⁴².

Descoñecemos ata que punto os señores que anotaba José Varela ao final do seu escrito observaran a escena e coñecían todos os seus detalles; pero non lle deberon de parecer idóneos para chamalos como testemuñas do feito a declarar no seu favor e confirmalo. Narciso Corral era xefe de zona de "falange" nas Pontes.

O 26 de setembro, unha comisión formada polo delegado militar, Francisco Adalid; o comandante do posto da garda civil, Sillero Veiga, e os veciños Francisco Penabad, Guillermo Baamonde, Antonio Castro, Ramiro Picos e Julio Feal, trasladábanse ao Ferrol para facer entrega dos dous quilos e cincuenta gramos de ouro, e o quilo trescentos cincuenta de prata que recadaran.

41- Como veremos enseguida, o alcalde José Sierra Casal ("delegado civil" segundo a terminoloxía daqueles días) sería destituído polo delegado de orde pública de Ferrol en novembro deste mesmo ano.

42- Narciso Cabarcos (ao que xa atopamos anteriormente) fôra depositario ou recadador municipal das Pontes. En decembro de 1923 sucédeo no cargo Valentín López Corral, que o desempeñaría até o 10 de xullo de 1936.



Por estes mesmos días o goberno civil establecía os comités locais para a defensa pasiva contra os ataques aéreos, estando constituído o das Pontes por un presidente: o “*delegado civil*” do municipio José Sierra, por un vogal: o médico municipal José Varela, e por un secretario: Fernando Fernández Freire.

En outubro de 1936 Durán Juega era nomeado secretario interino do concello⁴³. E a últimos de deste mesmo mes o gobernador civil designaba como “*subdelegados civiles*” do municipio das Pontes a Avelino Nistal, para a parroquia das Pontes, a José María Vázquez López, para a do Freixo, a Manuel Bermúdez, para a de Aparral, a Pedro Ulfe Prada, para a do Deveso, e a José María Caaveiro, para a de San Mamede. Pouco despois os nomeamentos aparecían publicados na prensa da provincia⁴⁴.

Aínda que non coñecemos a data exacta, calculamos que debeu de ser cara a finais de outubro ou primeiros de novembro deste ano cando se celebra a comida que o delegado militar Francisco Adalid, en unión dos primeiros milicianos da vila, organiza para desfrutar dun cordeiro (dos que foran doados para o exército), ao que se engadiron varios quilos doutros tipos de carne, á parte de pan, viño, sobremesas, café e coñac, todo “*requisado*” nos comercios da localidade. O banquete tivo lugar na fonda de Carmen del Riego, a viúva de José María Soto. Ademais dos xa mencionados, estaban presentes na comida (segundo José Varela) o mestre nacional e concelleiro Antonio Ramos (que se hospedaba na mesma fonda, o ex notario das Pontes, Gerardo Salvador, e o xuíz municipal e médico, Felipe Pimentel.

O 7 de novembro o delegado de orde pública do Ferrol, Alejandro Nieto,

43- Por un oficio do 8 de outubro de 1936, dirixido polo entón delegado de orde pública do Ferrol, Victoriano Suanzes, ao comandante militar das Pontes, Francisco Adalid, comunicábase o nomeamento de Durán Juega para o cargo de secretario interino do concello. Unha vez xa confirmado no posto polo gobernador civil (o 15 de outubro), o seu nomeamento sería ratificado pola corporación municipal reunida o 2 de decembro de leste mesmo ano.

44- La Voz de Galicia, 4 nov. 1936, p. 2.

efectuaba unha visita ao concello das Pontes de carácter oficial⁴⁵. Unha vez ao corrente dos trapicheos e componendas que viñan sucedendo alí, dos cales seguramente xa recibira algunha noticia de antemán, resolveu destituír de forma fulminante ao alcalde, José Sierra Casal, ao oficial encargado da secretaría, o ex alcalde Servando López Cao, e ao porteiro do concello, José Domínguez⁴⁶. Non chegou a tomar medidas contra Manuel Ferreiro Vérez, “*temporero*”, que viña exercendo de auxiliar no concello e o xulgado simultaneamente, protexido dos seus máximos responsables, Sierra e o xenro deste, Felipe Pimentel, que o disimularon aos ollos do delegado. Manuel Ferreiro fora secretario do xulgado da Pontenova en Lugo. Reclamado polas autoridades da provincia, ao verse perseguido veu ás Pontes, acolléndose ao amparo do seu tío, Manuel Vérez Prieto, e da súa esposa, Consuelo Cabarcos, secretaria do consello local de 1º ensino, ambos moi amigos do futuro alcalde, Fernando Fernández Freire, e a súa muller.

Debeu de ser por entón que Francisco Adalid se fixera tamén cargo da alcaldía das Pontes, aínda que só de forma provisional. Pero aínda o 20 de decembro atopámolo aquí de alcalde, desempeñando á vez as funcións de delegado de orde pública. Moi pronto marcharía a Ferrol e sería substituído por Fernández Freire.

1.937, de xaneiro a maio

Estamos xa no segundo ano da guerra. Debeu de ser a principios de xaneiro cando tivo lugar o episodio que imos relatar (ben grotesco, por certo), que mostra

45- A información de prensa coa noticia de que o tenente Neto fora designado delegado accidental de orde pública do Ferrol apareceu o día 4 de novembro de 1936. Apenas unha semana despois, o 10 de novembro, era nomeado o seu sucesor.

46- Este mesmo día entraba como porteiro interino do concello Fortunato Pita Carballeira, que máis tarde tamén participaría na proba testifical con ocasión do expediente a Varela. Pero o seu nomeamento non se faría oficial até o 4 de xaneiro de 1938, por un “erro que obedeceu a que naquel entón se esperaba que fíxese tal nomeamento o Sr. Delegado de Orde Pública do Ferrol” (*Libro de Actas*, p. 81). Nesta mesma data, ademais, a corporación municipal subía o soldo do porteiro a cinco pesetas diarias.



ata que punto chegaran as disputas políticas nas Pontes.

Por aqueles días, o alcalde, Francisco Adalid, ordenou ao porteiro do concello (un significado *"izquierdista"*, segundo apostilaba José Varela no seu prego) a que trouxese dous caixóns do estanco, dos que usaba a Tabacalera para distribuír os seus labores. Así o fixo, sen dar maiores explicacións, só dicindo que fora de parte do alcalde. Pero Manuela Roca, a dependenta que estaba á fronte do establecemento (unha señora xa septuaxenaria), cobroulle por eles unha peseta, como era o habitual.

Aos poucos días, o novo alcalde, Fernández Freire (posto ao corrente dos feitos polo seu predecesor), pediu a Varela que lle expedise o correspondente recibo para xustificalo no concello, cousa que José Varela cumprimentou sen a menor vacilación, pois tamén el estaba ao tanto desa operación. Pero esta *"felonía iba a ser uno de los dos fundamentos de la denuncia causante de la multa"*, imposta uns días despois polo gobernador civil a José Varela, pois resultou que eses caixóns que lle vendera ao concello foron utilizados para embalar roupas recollidas na vila para o exército, segundo puido saber máis tarde José Varela.

Pero aínda seguía o seu curso o expediente formulado contra Lens para inhabilitalo como secretario do concello. *La Voz de Galicia* do domingo 7 de febreiro publicaba nas súas páxinas centrais a seguinte nota:

"Puentes de García Rodríguez"

"La Comisión instructora del expediente de destitución que se sigue al secretario de este ayuntamiento don Marcial Lens Pita, ha formulado el pliego de cargos contra el mismo, resultando acordado quede el expediente de manifiesto en la secretaría del ayuntamiento

para que en el plazo de quince días pueda examinarlo y alegar en su defensa cuanto estime oportuno."

"Y como se ignora el domicilio y actual paradero del señor Lens Pita, habiéndose además ausentado toda su familia de este término, por medio de la presente nota se le cita para que en el indicado plazo comparezca en la secretaría de este ayuntamiento para examinar el aludido expediente."

"Así nos lo participa el alcalde señor Fernández."

O que o xornal non podía desvelar nas súas páxinas (nin tampouco o alcalde na súa nota á prensa) era o porqué desa fuxida dos Lens.

A razón pola que Marcial e a súa familia estaban en paradoiro descoñecido era de sobra coñecida nas Pontes, pois ben notorias eran aos ollos da veciñanza as simpatías políticas de Marcial Lens cara ás ideoloxías de esquerdas, o que naqueles momentos de guerra civil representaba un serio risco para os que vivían a este lado da fronte, como o era (segundo era ben sabido de todos) calquera reputación ideolóxica se un se atopaba na zona equivocada. Marcial Lens e a súa familia eran conscientes do perigo que corrían quedándose nas Pontes, pois, sen dúbida, eran o obxectivo anunciado de futuras represalias organizadas por grupos de *"incontrolados"*, ou, en momentos de confusión como aqueles, vítimas exemplares para servir de aviso aos menos entusiastas. No caso de Marcial o seu receo estaba máis que xustifico, á vista das accións sanguentas que viñan protagonizando impunemente pola comarca.



Que esta era a pura realidade próba o feito de que o fillo de José Varela, Pepe, xa médico, destinado na fronte de Asturias, cando viña ás Pontes de permiso a ver aos seus pais, adoitaba ir durmir a casa dos Lens para servirles de protección no caso probable de que chegasen a recibir algunha visita nocturna moi desagradable.

O 4 de febreiro de 1937, o alcalde Fernández Freire denunciou a Varela ante o gobernador civil da provincia pola súa falta de patriotismo,

"...consistente en la marcada resistencia mía [explicaba José Varela meses más tarde] a contribuir con mayor cuota a la suscripción abierta para los pobres de la localidad, y a haber cobrado una pesetas por dos cajones para embalar ropas para el Ejercito, por cuyo motivo la citada autoridad me impuso la multa de doscientas cincuenta pesetas, que hice efectivas, y de la cual interpuse recurso ante el Gobierno Civil, el cual fue desestimado según me comunicó esta Alcaldía con fecha dos de Marzo último, debido a que el Excmo. Sr. Gobernador que ejercía el cargo en aquella época, se dignó pedir informe al mismo Alcalde, mi enemigo y denunciante, el cual como es de suponer, para lograr su finalidad lo haría aún más desfavorablemente".

Debeu de ser tamén por estas datas cando o concello das Pontes decidiu asignar a José Varela unha cédula persoal de cincuenta pesetas, aumentada en máis da metade do que viña satisfacendo ata entón.

Por unha carta á súa filla Carlota de finais deste ano (que volveremos citar un pouco máis tarde), sabemos que José Varela viaxou ao Ferrol o 14 de febreiro, para, a continuación, o 15, trasladarse á Coruña, regresando a Ferrol este mesmo día e, ás Pontes, o 16. Non coñecemos o motivo desta viaxe, aínda que imaxinamos que debía de estar relacionada coa denuncia que presentara o alcalde contra el ante o gobernador civil e coa multa que lle impuxera, ou coa suba de cotización que experimentara a súa cédula persoal, xa que, posteriormente, por este motivo, Varela presentaría tamén unha reclamación ante a deputación provincial.

Pouco despois, como consecuencia desa viaxe á Coruña, o alcalde acusaría a Varela de abandonar o seu destino o 14 de febreiro mencionado. Pero o chocante da anécdota é que José Varela conservaba no seu poder o oficio que o propio alcalde asinara con data do día 15, un luns, no que aparecía o seu fillo médico, José Varela Hyde, como encargado da asistencia sanitaria por 48 horas.

O 2 de marzo de 1937, o alcalde, Fernando Fernández Freire, convocaba a varios veciños da localidade (entre eles Varela) para anunciarlles que creara unha comisión encargada de reunir novos fondos para o exército. A comisión xa fixara as cantidades coas que tería que contribuír cada un deles. Non obstante o alcalde aconsellaba a eses veciños que se achegasen ao día seguinte aos locais do xulgado municipal a expor as súas posibles queixas. Jesús Cabarcos Cal (a quen Varela sinalaría como o causante directo do seu expediente de destitución) era o presidente da comisión. Entre os membros integrantes da mesma figuraban tamén Francisco Penabad e José M^a Baamonde.

Ao parecer, á reunión do día 3 concorreron moitos veciños das Pontes descontentos da cota que lles asignaron. Varela ademais redactou un escrito que leu alí diante de todos (pois, segundo dixo, *"yo no tengo facilidad de palabra"*), explicando as súas ideas sobre o particular sistema de recadación elixido.

O médico municipal dirixiuse aos membros da comisión e aos veciños presentes alí resaltando a desconformidade da maioría *"en vista de los errores y desproporciones"* que se observaban entre as diferentes categorías e nas cantidades asignadas a cada unha. Despois dunhas palabras de pleitesía cara ao exército, o seu caudillo e colaboradores, Varela explicou as irregularidades que se cometerían co sistema elixido, tomando como exemplo de agravio comparativo este caso que transcribimos a continuación, cuxa elección (estamos seguros) non foi casual en absoluto:



"Del sinnúmero de casos que podría presentar como demostración palpable de las irregularidades observadas, presento el siguiente: Por una parte, el Sr. Cura párroco de Puentes [Río Seijo], persona dignísima a quien respeto y admiro, y por la otra, el Sr. Coadjutor de la misma [Prieto Rouco], persona que me es poco grata. ¿Es justo que en relación a sus ingresos pecuniarios figuren en la misma categoría y contribuyan con idéntica cantidad?. Como este caso figuran muchos en la lista que confeccionó la comisión."

Despois desta introdución, Varela pasaba a explicar a súa idea de como debería repartirse a contribución ao exército:

"Con el objeto de evitar estas desigualdades, siempre irritantes, y creyendo interpretar la norma a seguir por la superioridad, así como el común sentir de la mayoría absoluta de los vecinos de Puentes, propongo lo siguiente: nómbrase una pequeña comisión, para que visite al Excmo. Sr. Gobernador civil de la provincia, con el objeto de rogarle nos ordene prestemos una declaración jurada de los capitales que tengamos, o designe un Sr. Delegado para que venga a Puentes con el fin de investigar la cuantía de los capitales de sus vecinos y asignarnos las cuotas con que debemos contribuir en proporción a los mismos; y de esta manera aparecerá un reparto justo y equitativo."

Varela aclaraba aquelas ideas propóndolles un exemplo:

"Supongamos que la superioridad acuerda que contribuyamos con el 1% del capital que tengamos: el que aparezca con 25.000 pesetas, satisfará 250 pesetas; el que posea 100.000 pesetas aportará 1.000 pesetas, y así sucesivamente. Se daría el caso, y no como sucede con la lista presentada, que todo aquel que tuviese capital contribuiría, y siempre en la misma proporcionalidad: el grande, con mucho; y el pequeño, con poco. Esto es lo verdaderamente equitativo y razonable, ya que en otra forma podría ser producto de olvidos, injusticias, y hasta de venganzas personales. Si la superioridad lo creyese conveniente, para no ser tan gravoso para alguno de los contribuyentes, podría abonarse la totalidad

de las cantidades asignadas en plazos mensuales y en un periodo de tiempo determinado; debiendo ampliarse la recaudación a los vecinos pudientes de las Parroquias de Puentes. En esta forma, y es lo que de corazón debemos perseguir, se reuniría una cantidad extraordinaria comparada con el procedimiento de la comisión, y absolutamente nadie tendría derecho a quejarse por desigualdades",

E daba fin á exposición cunhas consideracións complementarias, antes de cerrar a súa intervención coas aclamacións patrióticas de rigor.

Está claro que o sistema proposto polos membros da comisión non atendía á contía do patrimonio dos contribuíntes, senón a outros criterios máis vagos e confusos, dúbidosos e, por tanto, sospeitosos. Non sería nada difícil adiviñar para quen resultaban máis ameazadores os riscos que prevía Varela no sistema que estaba a denunciar cando dicía que podía *"ser producto de olvidos, injusticias y hasta de venganzas personales."*

Terminada a lectura das súas cuartillas Varela viuse obrigado a retirarse da sala, por mor das frases molestas que lle dirixiron Jesús Cabarcos e Julio Yllade. Poucos meses máis tarde, o mesmo Cabarcos, na proba testifical que levaría a cabo con motivo da instrución do expediente contra Varela, declararíase que este comparecera na reunión *"leyendo unas cuartillas algo provocativas"* para a comisión recadadora.

En realidade esta lectura converteríase no detonante que habería de provocar o expediente de destitución de José Varela, xa que Jesús Cabarcos aproveitaríase para denunciálo verbalmente ante o gobernador civil, cando acompañado doutros membros da comisión foron facerlle entrega da recadación obtida. Segundo el, aquel escrito *"fuera la causa de que no se recaudase mayor cantidad para el ejército"*.



A pesar de atoparse en situación de baixa laboral, Eugenia Manso, a mestra titular de Sucadío, facía unha vida normal aos ollos de todo o mundo, incluídos os veciños da parroquia con fillos en idade escolar. Por iso ela e o seu marido, o alcalde, discurriron solicitar da superioridade o peche daquela escola, aducindo como motivo a insalubridade do local. Para iso, o 9 de marzo de 1937, Fernández Freire e o seu amigo íntimo, o xuíz municipal e médico, Felipe Pimentel, trasladáronse a Sucadío para efectuar un recoñecemento sobre o terreo.

O expediente para o peche da escola chegaría ao consello local de 1.^a ensinanza informado polo doutor Pimentel, en lugar de selo polo inspector municipal de sanidade José Varela. E a escola de Sucadío quedou clausurada.

Debeu de ser humillante para o alcalde ter que comunicar oficialmente a Varela a resolución acordada pola deputación provincial no referente á súa cédula persoal. A notificación do concello das Pontes levaba data do 20 de marzo:

"Esta Comisión en sesión del día 24 de Febrero de 1937, acordó estimar la reclamación producida por V. contra la clasificación de su cédula personal, y en su virtud la que le corresponde es la tarifa 1, clase 12, valor 12.50 ptas. Con acumulación de la tarifa 2^a, clase 12 valor 6 ptas."

Non sabemos exactamente en que datas Varela puido por fin confirmar a inminencia dun expediente dirixido contra el desde o concello, similar (só ata certo punto) ao de Lens. Pero o certo é que xa o esperaba, pois no primeiro parágrafo do seu prego de descargos declararíase que o expediente non lle causara sorpresa *"porque hace tiempo se me había anunciado por mi convecino y enemigo don Jesús Cabarcos Cal, causante directo del mismo"*.

Dáanos a impresión de que a partir dese momento José Varela comezou a coleccionar *"méritos"* con especial afán (pero sen propasarse), para poder demostrar con feitos, se chegara a ocasión, unha conduta irreprochable e grata aos ollos do poder nacente.

Así, o 9 de abril de 1937, Varela escribía ao director do hospital de Mariña do Ferrol, Jacobo Pedrosa, anunciándolle o envío de 210 revistas ilustradas para os enfermos e feridos convalecentes. A cambio recibía unha carta de agradecemento desa institución.

Tamén, con data do 25 deste mesmo mes, Varela dirixíase por carta a Gabriel Vázquez⁴⁷, xefe do rexemento de Infantaría de Mérida con guarnición en Ferrol, antigo amigo da infancia, ofrecéndolle os seus servizos como médico para o caso de que algunhas das súas unidades se trasladasen ás Pontes como se rumoreaba. Sen perder tempo contestáballe Gabriel agradecéndolle o xesto e encomiando o seu patriotismo.

De acordo co previsto, o 15 de maio chegaba ás Pontes un batallón do rexemento de Mérida ao mando do comandante Díaz Manday. Aos poucos días, este mesmo comandante manifestaría que, polo que vira, aquel concello das Pontes era *"rojo"*. O 24 de xuño presentábase nas Pontes un segundo batallón deste rexemento.

As débedas que tiña contraídas o concello co seu médico municipal seguiron aumentando durante este ano, unhas débedas que viñan producíndose desde 1934. As queixas non conseguían do alcalde outra cousa que *"trabas, dificultades y excusas para que no pueda cobrar lo que el Ayuntamiento me adeuda"*, dicía José Varela. Pero en 1937 a débeda xa excedía as nove mil pesetas.

47- Gabriel Vázquez Maquieira era tenente coronel xefe do rexemento de Infantaría de Mérida n.º 35. Morreu na fronte, o 17 de xullo de 1938. Estaba casado con Concepción Seijas Ceballos. Son os pais de Gabriel, sacerdote da diocese de Mondoñedo.



1.937, expediente de destitución (30 de xuño)

En sesión extraordinaria do 30 de xuño o concello das Pontes acordaba crear unha comisión que se fixese cargo do expediente de destitución do médico municipal, José Varela González, médico de Asistencia Pública Domiciliaria na nova terminoloxía⁴⁸. O fundamento desta drástica medida achábase nas directrices marcadas polo gobernador civil, segundo as cales non debían continuar exercendo os seus cargos os funcionarios do municipio que pertencesen aos partidos do chamado *"frente popular"*, situación na que segundo algúns veciños parecía atoparse o médico municipal das Pontes. Era por tanto preciso abrir a correspondente investigación para comprobalo.

"La Corporación por unanimidad acuerda la instrucción del referido expediente, designando como Instructores del mismo a los Concejales D. José M^a Caaveiro y a D. José M^a Vázquez, quienes practicadas las diligencias necesarias formularán la propuesta de cargos que contra el mismo resulten, dando de ella vista al interesado para que en el plazo de quince días pueda alegar en su defensa cuanto estime oportuno, dando luego cuenta al Ayuntamiento para la adopción de la resolución que proceda"

O día 20 de xullo constituíase no salón de actos do concello a comisión instructora creada pola corporación municipal. En presenza do secretario interino, Durán Juega, reuníronse os concelleiros José María Caaveiro e José María Vázquez, os cales, tras "posesionarse dos seus cargos e de examinar detidamente todos os antecedentes relativos a este particular", acordaron:

"1º Que se abre una información testifical en la que depondrán

48- Co alcalde, Fernández Freire, e o secretario interino, Durán Juega, asistían a esta reunión do concello os concelleiros Jesús López e López, Antonio Ramos, Avelino Nistal, Ambrosio Guerreiro, José María Caaveiro, Daniel Bermúdez, Pedro Ulfe [aínda que non aparece a súa sinatura ao final da acta] e Constantino López. O concelleiro José María Vázquez, un dos instructores do expediente a Varela, non estivo presente naquela sesión.

vecinos de la localidad que la Alcaldía considere de arraigo y honorabilidad, acerca de la actuación política observada antes y después del Movimiento Militar Salvador de España por el Sr. Varela González, con el fin de comprobar si perteneció a los partidos del mal llamado Frente Popular."

"2º Que evacuada que sea esta información, emita el Sr. Alcalde informe respecto a los mismos extremos."

"3º Que aportados que sean al expediente los indicados documentos, se reúna de nuevo la Comisión para adoptar los acuerdos pertinentes."

O día 24, a propia comisión instructora elaboraba a lista de persoas *"de arraigo y honorabilidad de la localidad"* que debían declarar na proba informativa. Con este fin convidáboas a que acudisen á casa consistorial o día 2 de agosto ás 10 da mañá. Os nomes dos convocados (en total trinta) eran, nesta mesma orde:

*Yllade Rilo, Julio,
Cabarcos Cal, Jesús,
Carro Crespo, Dictino,
López Cao, Servando,
Gómez Levicis, Francisco,
Penabad Dopico, Francisco,
López Martínez, José,
Vivero Vilasuso, Arsenio,
Vivero Domínguez, Buenaventura,
Ferreiro Bouza, Manuel,
Vérez Prieto, Manuel,
Baamonde Fontao, Evangelino,
Fernández Trigo, Ubaldo,
Sierra Casal, José,
Baamonde Fontao, Guillermo,
Pita Carballeira, Fortunato,
Gómez Bouza, José,
Barbeyto García, Fernando,
Yáñez Fraga, Antonio,*



*Pita Díaz, Benigno,
Carballo Pena, Rosendo,
Hernando Gilarranz, Pablo,
Nistal Nistal, Avelino,
Blanco Rouco, José,
Rivera Suárez, Eladio,
Ferro Soto, Marcelino,
Prieto Rouco, Fernando,
Picos Formoso, José,
Fuente, Fernando de la,
Pico López, Arsenio.*

Por razóns que descoñecemos e que, ao parecer, tampouco coñecía José Varela, que nin sequera chegou a comentalo, algúns dos incluídos na lista non chegaron nunca a participar na proba. Supoñemos que as súas ausencias foron debidamente xustificadas, uns por razóns graves, outros con xustificacións finxidas e evasivas máis ou menos convincentes, a maioría seguramente utilizando ambos recursos; aínda que non deberíamos refugar a posibilidade de que o propio alcalde interviñese a lista e a tivese acordado convintemente.

1937, proba testifical (6 e 9 de agosto)

Pero os testemuños dos veciños non puideron presentarse na data fixada e tiveron que posporse ata o final desa semana, iniciándose a quenda de interrogatorios o venres día 6 e completánda o luns día 9. Non cremos que este detalle revestise especial importancia, pois non afectaba en absoluto ao fondo da cuestión. O que si é importante destacar aquí é que as declaracións das testemuñas non se realizaron diante dos membros da comisión instrutora como estaba previsto, senón ante o propio alcalde, Fernández Freire, acompañado do secretario interino, Durán Juega. Como pouco, nesta substitución temos que ver

unha proba da transcendencia que as máximas autoridades locais lles concedían ás investigacións preliminares e ao conxunto do expediente a José Varela. Quizais o atraso que comentabamos antes fose debido precisamente a que o alcalde non puidera estar na data fixada inicialmente.

Os seis veciños que aparecían na lista da comisión instrutora e que, por unha ou outra razón, conseguiron evadirse do compromiso de declarar, foron:

*Julio Yllade Rilo,
Servando López Cao,
Francisco Penabad Dopico,
Arsenio Vivero Vilasuso,
Ubaldo Fernández Trigo e
Fernando Barbeyto García.*

E si, en cambio, tivo que facelo o legoeiro, Antonio Fernández Pérez, que non figuraba na lista elaborada pola comisión.

En total desfilaron ante o alcalde e o secretario interino vinte e cinco testemuñas en lugar das trinta previstas nun principio. Entre eses vinte e cinco había once propietarios, catro comerciantes, tres xornaleiros, un labrador, un mestre nacional, un legoeiro, un albanel, un farmacéutico, un sacerdote e un carpinteiro.

A pesar do que puidese parecer a primeira vista ao ler a relación de veciños coas súas ocupacións habituais, a cualificación laboral e social que se fixo dos compoñentes da mostra seleccionada non era do todo xusta nin adecuada, pois, por exemplo, entre os chamados "*propietarios*" figuraban o fiscal municipal, o corresponsal do Banco nacional e o carteiro da vila; entre os "*comerciantes*", ademais dun concelleiro (que aparece como testemuña, fiscal e xuíz no proceso), un condestable retirado da Armada e un apoderado do correspondente do Banco



nacional, e entre os “jornaleros”, o porteiro interino do concello; todos os cales, en tanto que funcionarios, estaban dalgunha maneira sometidos aos intereses e esixencias da administración. Algo parecido poderíase dicir do legoeiro, ou mesmo do labrador, xa que, entre os numerosos quefaceres aos que este tiña que atender figuraba o de alguacil. Non esquezamos que as acusacións contra Varela non procedían dun simple particular ou dun organismo do Estado lesionado nos seus dereitos, senón dunha entidade pública actuando tan só en calidade de institución puramente política.

Pero José Varela tivo acceso franco á acta da proba testifical onde figuraba a versión oficial das declaracións dos veciños convocados. Non só puido lelas e examinalas detidamente, senón que chegou a copialas da súa propia man. Esta circunstancia permitiríalle máis tarde afinar ben a puntería e dirixir os dardos directamente aos seus acusadores, personalizando as respostas en función dos cargos que cada un deles lle fixera.

Non imos aburrir aos nosos lectores transcribindo unha por unha as vinte e cinco declaracións da proba testifical; pero si queremos destacar a uniformidade que se observa nos resumos oficiais (polo menos nun número importante deles), o cal nos fai sospeitar que a espontaneidade dos consultados debeu de estar fortemente mediatizada durante a proba, e non só pola crueza do cuestionario ou pola gravidade das autoridades alí presentes.

Á vista das respostas que figuran na acta oficial, a partir das palabras e expresións que se repiten continuamente, non sería difícil reconstruír o cuestionario elaborado entre o alcalde e o seu secretario para levar a cabo a mencionada proba. Como veremos máis adiante, o que cada testemuña tivese que revisar e sancionar o resumo da súa declaración, non é en absoluto razón suficiente para que teñamos que aceptala obrigatoriamente, sen poder pór nunca baixo sospeita a exactitude e a fidelidade do resumo oficial recollido na acta.

No medio desa monotonía xeral temos que destacar a singularidade dos testemuños ofrecidos por Pablo Hernando, Fernando de la Fuente e Evangelino Baamonde, que nas súas respectivas declaracións opuxéronse á tese do concello (con toda a suavidade que, como é lóxico, podemos suporlles), alcanzando unha notoriedade pouco recomendable naqueles momentos, logrando que os seus nomes aparecesen destacados na acta oficial como as únicas excepcións ao consenso unánime en que se diluían as declaracións do resto dos veciños, o cal non quere dicir que as destes non tivesen certo fundamento. Non podemos esquecer que neses instantes todos eles se atopában inmersos nunha guerra civil declarada, con fronteiras en calquera esquina, cando aínda non se podía nin remotamente prever de que lado se ía decantar a vitoria, nin, sobre todo, en que mans ía quedar instalado definitivamente o poder, mentres eran interrogados por unhas autoridades que todos coñecían polo seu oportunismo, uns mandatarios que, chegado o momento, podían exhibir “méritos” ante calquera dos contendentes. O risco daqueles tres homes foi grande, aínda que tamén o foi (hai que recoñecelo) a presión que a maior parte dos enquisados (ou quizais todos eles) tiveron que soportar alí.

Dado que algúns dos depoñentes na proba testifical fixeran correr a queixa de que non se lles permitiu explicar as súas opinións con suficiente detalle nin engadir os comentarios pertinentes a cada caso, pareceunos oportuno recoller aquí algúns aspectos da citada proba extraídos das anotacións oficiais que atopamos na acta.

En primeiro lugar digamos que as declaracións máis extensas e detalladas da rolda informativa foron as do xornaleiro Picos Formoso, as do labrador e alguacil Gómez Levicis (con quen xa nos atopamos cando os comicios de 1913) e as de Cabarcos Cal, correspondente de Banco e principal cabeza visible dos inimigos de Varela. No outro extremo situábanse as de Pablo Hernando, mestre nacional, as de Avelino Nistal, dono do establecemento de bebidas na praza do Hospital, e as de Evangelino Baamonde, propietario e ex presidente das “Derechas”. Polo número de



palabras, as declaracións máis concisas non chegaban nin á quinta parte das máis amplas e minuciosas.

Como exemplo de declaracións pareceunos interesante ofrecer aquí as de Arsenio Pico, de 34 anos, e as de Evangelino Baamonde, de 46, cada unha delas nun extremo diferente do que poderíamos chamar escala de locuacidade informativa. Por unha banda,

"D. Arsenio Pico López, albañil, declara: Que sabe y le consta por observación que el Médico titular D. José Varela González ha pertenecido a los partidos del llamado Frente Popular, afirmación que hace fundado en las siguientes razones:"

"1º Porque en un mitin que dio unos días antes de las últimas elecciones de Diputados en esta villa D. Ramón Suárez Picallo, vio que el Sr. Varela estaba con él en la Presidencia, en unión del ex-Secretario de este Ayuntamiento D. Marcial Lens y del ex-Alcalde D. José Vilaboy, no habiendo el declarante asistido a todo el discurso del Sr. Suárez."

"2º Porque el Sr. Varela, en las referidas elecciones, le pidió el voto al deponente para el Frente Popular, y como se hubiese negado a ello, le amenazó con que ya se las pagaría."

"3º Porque antes y después del Movimiento, nunca tuvo relación con los elementos de derechas de esta villa, mas que con Don Evangelino Baamonde."

e no outro extremo,

"D. Evangelino Baamonde, declara: Que cree [que Varela] no ha pertenecido a los partidos del llamado Frente Popular y que no ha observado en él frialdad alguna con respecto al Movimiento militar, pues, de contrario, le considera a él afecto."

A presenza de José Varela no mitin de Suárez Picallo (que ocorrera había

só ano e medio, e que a maioría das testemuñas lembrarán nas súas declaración) non debeu de constituír en si mesma o tema dunha pregunta do interrogatorio, pois case sempre que a atopamos en boca das testemuñas aparece como dita de paso, como unha proba concluínte do aliñamento de Varela cos partidos do *"frente popular"*. Dá a impresión de que se trataba dunha anécdota que xurdía durante a conversación, máis ben suxerida polos propios interrogadores, pois é evidente que naqueles momentos de guerra civil parecía impensable que uns veciños recoñecesen abertamente, diante das autoridades, que acudiran a unha reunión política, había só ano e medio, para interesarse pola ideoloxía dos inimigos de hoxe. Por ese motivo, ademais das testemuñas que por razóns obvias non asistiran ao mitin socialista, e doutros que só opinaban por comentarios ouvidos a terceiros, atopamos a quen se vían na obriga de escusarse, apostilando: *"no habiendo el declarante asistido a todo el discurso del Sr. Suárez"*, como no caso que acabamos de citar.

Pero moito máis importante que a asistencia de Varela ao mitin foron os seus xestos, a familiaridade coa que tratara aos oradores, os aplausos que lles dedicara cando facían manifestacións en favor dos movementos revolucionarios, e, sobre todo, o que Varela aparecese sentado na presidencia cos oradores, cousa que, a pesar das testemuñas que o sostiveron *"ocho, en total"*, el negará rotundamente no seu prego de descargos.

Examinando as declaracións das testemuñas, tal como aparecen na acta oficial da proba levada a cabo ante o alcalde e o secretario do concello, pódese descubrir un esquecemento importante e unha incongruencia que nos gustaría comentar.

Durante a proba testifical, en varias das declaracións, menciónase a Evangelino Baamonde como o único amigo de Varela aliñado claramente cos grupos políticos da dereita, atribución que, aínda sendo certa, o era só parcialmente, posto que Evangelino chegara a ocupar nas Pontes nada menos que a presidencia das *"Derechas"*, título que a acta silencia en todo momento, pero que, lóxicamente,



José Varela non deixará de lembrar e repetir na súa alegación sempre que ten ocasión. Poderíamos preguntarnos o porqué desa insistencia coa que os depoñentes na proba lembraban a Evangelino e á súa amizade con Varela. A mención aparece de forma recorrente nas declaracións, tal vez orquestrada desde outras instancias. Ocorrémosenos pensar se este Baamonde non estaría tamén no punto de mira dalgún personaxe importante da vila, pois chócamos que o seu nome aparecese unido ao de Varela ata cinco veces en boca doutras tantas testemuñas. Salvando as súas distancias ideolóxicas, ocorre coa amizade de Evangelino algo parecido ao da amizade de Varela con Lens, que seis testemuñas tamén a lembrarán nas súas declaracións durante esta proba.

Neste mesma liña temos que sinalar igualmente que varios dos depoñentes na proba testifical non esquecesen que Marcial Lens acababa de ser expedientado e inhabilitado temporalmente polas autoridades para o posto de secretario do concello das Pontes, cargo que desempeñara durante moitos anos. Algúns mesmo estaban convencidos de que este expediente fora motivado exclusivamente polo pasado político de Lens, que chegara a ocupar (case con seguridade) a xefatura local do partido de Esquerda Republicana. O que non podemos entender é como esas testemuñas podían levar a cabo tales manifestacións diante de Durán Juega, que, sen dúbida, lembraba cando e para que fora chamado el pola última corporación do *"frente popular"*.

Podémonos imaxinar como as declaracións das testemuñas se converteron eses días no díxomedíxome do pobo. Parece que algúns dos participantes na proba non se cortaron un pelo diante dos seus familiares e amigos, comentando abertamente as circunstancias do interrogatorio e as súas respostas, e engadindo detalles suficientemente saborosos como para que non tardasen en chegar a oídos de José Varela. Certas manifestacións, como a de que non se consignase na acta exactamente o que dixeran, ou que non lles permitiran acompañar as súas

respostas das oportunas puntualizacións, podían ser de grande importancia para o expedientado. Algúns dos rumores chegaríanlle a Varela a través da barbería de Guillermo, en manifestacións efectuadas diante de clientes amigos seus. Pero tampouco sería nada estraño que algúns deses *"chismes"* fosen propagados de forma discreta pero deliberada, coa intención de que chegasen ao interesado.

Unha vez concluído o trámite da proba testifical, o 30 de agosto volvía reunirse a comisión instrutora do expediente. Como de costume, ademais dos dous concelleiros membros, asistía ao acto o secretario interino, Durán Juega, que se encargaría da redacción da acta. Sabemos que o concelleiro José María Vázquez non foi capaz de facelo.

Nesa acta, despois da relación nominal dos informadores que participaran na proba *"colocados por orden de intervención"*, a comisión instrutora, á vista dos documentos do expediente, formulaba os cargos contra o funcionario do concello José Varela González, cargos que poderemos examinar a continuación ao falar da notificación oficial ao interesado.

1.937, notificación oficial do expediente (1 de setembro)

A comunicación que recibira Varela no seu domicilio, enviada desde o concello coa firma do alcalde e encabezada por dous selos estampados en azul que dicían: "VIVA ESPAÑA" e "2º. AÑO TRIUNFAL", levaba data do 1º de setembro, aínda que alguén, encima do 1º, puxera a lapis un 2. O texto incluía a copia literal da acta da reunión celebrada pola comisión instrutora en presenza do secretario interino dous días antes, é dicir, o 30 de agosto. E do mesmo xeito que alí, tras a relación dos declarantes, expuña os cargos que se lle facían a José Varela:



"Que todos los testigos, a excepción de don Evangelino Baamonde, don Fernando de la Fuente y don Pablo Hernando, coinciden en afirmar por propia observación y por ser público y notorio en la localidad que el médico de Asistencia Pública Domiciliaria de este Ayuntamiento, don José Varela González, perteneció a los partidos del mal llamado Frente Popular, por las siguientes razones:"

"A) Porque ha intervenido directamente en las últimas elecciones de Diputados a Cortes, defendiendo en el Colegio electoral de esta villa la candidatura del Frente Popular como representante de un candidato del mismo."

"B) Porque en un mitin que en esta villa dio en vispera de las referidas elecciones el ex diputado don Ramón Suárez Picallo, estuvo el Sr. Varela con él en la Presidencia y con otro elemento socialista, acompañándoles luego por esta villa, aplaudiendo el Sr. Varela González con entusiasmo el discurso del Sr. Suárez Picallo, principalmente cuando éste atacaba la actuación del Gobierno respecto a las órdenes que había dado contra el Movimiento revolucionario de Asturias del Año 1.934."

"C) Porque hizo propaganda en favor de la candidatura del Frente Popular, amenazando a electores, y negándose inclusive a asistir como Médico a algunos que le habían negado el voto."

"D) Porque estuvo siempre en contacto con los elementos de izquierda de este Ayuntamiento y principalmente con el Secretario destituido don Marcial Lens, y alejado por completo de las personas significadas de derechas, por militar precisamente en los partidos de izquierda."

"E) Que se ha observado siempre en él frialdad por el Movimiento Militar, llegando al extremo de obstaculizar en ocasiones la labor de algunas comisiones que se constituían para recaudar fondos a favor del Ejército."

Pero de toda esta notificación, quizais a parte máis irritante constituíaa o parágrafo reservado ao informe da alcaldía, tomado igualmente da acta da citada reunión e redactado tamén, temos que supor, polo secretario interino:

"2º.- Del informe emitido por la Alcaldía resulta: Que antes del Movimiento, aunque el Sr. Alcalde manifiesta que por no haber intervenido nunca en cuestiones políticas no podía informar acerca de la actuación del Sr. Varela con hechos que pudiera presenciar, no obstante afirma que es público y notorio en la localidad que perteneció a los partidos del mal llamado Frente Popular, y que después del Movimiento ha observado en dicho Sr. frialdad por éste, por cuanto ha sido sancionado por el Excmo. Sr. Gobernador civil, por su antipatriotismo, con la multa de 250 pts., habiéndose además negado siempre a los auxilios que las personas pudientes de la localidad venían prodigando a las milicias armadas de este pueblo, según así consta de información abierta y que obra en el Gobierno civil."

E remataba a comunicación cos parágrafos seguintes:

"En vista de los cargos formulados al Sr. Varela González, la Comisión instructora acuerda que se le dé vista del expediente, que se le notifiquen los cargos para que dentro del plazo de diez días pueda examinarlo en la Secretaria de este Ayuntamiento y alegar en su defensa cuanto estime oportuno, ampliándose este plazo por otros diez días más, si el interesado lo solicitara antes de terminar el primer plazo."

"Con lo cual se da por terminada la presente acta que firman los señores que la intervienen de que yo secretario certifico."

"Lo que tengo el honor de comunicarle, a los efectos acordados, sirviéndose devolverme el duplicado del presente, firmado, para constancia en el expediente de su razón."

"Dios guarde a V. muchos años".



1.937, prego de descargos (22 de setembro)

Pola posición tan delicada “*crítica*” en que se atopaba José Varela nestes momentos, enfrontado ás máis altas institucións locais, a personaxes poderosos da poboación e a unha parte importante dos veciños, cando, ademais, sabía perfectamente que calquera das súas afirmacións sería investigada minuciosamente, que tería que probala de forma clara, sen deixar a menor sombra de dúbida, ante uns gobernantes ávidos de suprimir inimigos e neutralizar calquera estorbo que puidese entorpecer o seu avance vitorioso, dos cales non cabía esperar simpatía nin clemencia algunha, non abrigamos o menor receo sobre a sinceridade das súas alegacións e argumentos, o cal non significa que no curso da redacción non cometese erros cando tentar plasmar sobre o papel datos da súa xa debilitada memoria.

O 9 de setembro Varela víase na necesidade de solicitar a ampliación en dez días máis do prazo fixado para a presentación do prego de descargos. Durante esas vinte xornadas a súa actividade debeu de ser esgotadora. Tivo que moverse rapidamente e ir dun lado a outro, saír, viaxar, falar cuns e con outros, consultar, contrastar datos e rumores sen apenas descanso; para despois sentar a meditar, a organizarse, a tomar notas e a redactar a defensa.

Poderemos comprobar como José Varela recibiría axudas moi valiosas, inestimables “*incluso inesperadas*”, de moita xente das Pontes, de amigos, pacientes e veciños da vila, pois aquelas vinte e tantas persoas en que se apoia a acusación, unha vez xa Varela coa pluma na man, aparecerían na súa réplica considerablemente multiplicadas. José Varela escribiu o primeiro borrador e a súa filla Carlota pasou a limpo, case de maneira total, o último, antes de proceder a mecanografar a súa versión definitiva, tarefa que levarían a cabo Castro Meizoso e

Castro Seoane (os seus futuros consogro e xenro respectivamente) en Ferrol.

José Varela titulaba así o seu documento:

“PLIEGO DE DESCARGOS QUE FORMULA DON JOSE VARELA GONZÁLEZ, EN EL EXPEDIENTE QUE SE LE SIGUE PARA SU DESTITUCIÓN DEL CARGO DE MÉDICO DE ASISTENCIA PÚBLICA DOMICILIARIA DE LAS PUENTES DE GARCIA RODRÍGUEZ.”

O texto do primeiro borrador e o do documento definitivo, datado o 22 de setembro de 1937, son bastante diferentes. A pesar diso tentamos deixar constancia das pasaxes relevantes calquera que sexa o documento do que proceden. O prego final manuscrito consta de seis folios, escritos por ambas caras, todos asinados e rubricados polo interesado. O recibo do secretario interino do concello certificando a súa recepción era do día seguinte, 23. Neste recibo, o secretario aínda recoñecía a José Varela como “*médico de Asistencia Pública Domiciliaria de este Municipio*”.

José Varela adica a primeira parte do prego de descargos a contestar sucintamente, na mesma orde en que aparecían na comunicación oficial, os cargos que lle facía a comisión instrutora. Pero antes de pasar a ver estas respostas, imos transcribir as palabras coas que Varela comezaba a súa alegación, que xa nos dan unha idea do ton co que escribiría o resto do documento. Dí Varela nada máis empezar:

“Antes de entrar en materia deseo hacer constar que no me sorprende la formación de este expediente, porque hace tiempo se me había anunciado por mi convecino y enemigo D. Jesús Cabarcos Cal, causante directo del mismo; pero me llama extraordinariamente



la atención que a pesar de acordar por unanimidad la Corporación Municipal de Puentes designar como instructores a los Concejales D. José M^a Caaveiro y a D. José M^a Vázquez —que ha sido entusiasta defensor del "Frente Popular"—, formasen el Tribunal para oír las pruebas de cargo de los testigos única y exclusivamente el Alcalde, D. Fernando Fernández Freire, y el Secretario interino del Ayuntamiento, D. José Durán Juega, irreconciliables enemigos míos."

A continuación Varela vai expoñendo os comentarios que, en liñas xerais, sen entrar en detalles, lle merecen cada un dos cargos. Así, ao que lle fai a comisión instrutora no apartado A), José Varela responde:

"Que en las últimas elecciones de Diputados a Cortes celebradas el 16 de Febrero de 1.936, me he limitado a emitir el voto, porque tenía la obligación de hacerlo como funcionario público municipal, sin que haya intervenido defendiendo en el Colegio electoral de esta Villa la candidatura del "Frente Popular" como representante o apoderado de candidatos del mismo, haciéndolo por las "Derechas"."

En canto ao cargo do apartado B):

"Que es incierto que en el mitin que en esta Villa dio en vísperas de las referidas elecciones D. Ramón Suárez Picallo y otros elementos, estuviese con estos en la Presidencia, les acompañase luego por la Villa y aplaudiese luego con entusiasmo el discurso del Sr. Suárez Picallo, ya que mi actuación se limitó a lo siguiente:..."

e segue narrando os detalles do ocorrido aquel día, detalles que os nosos lectores xa coñecen suficientemente. Só engadiremos as palabras que Varela intercala hábilmente no seu relato daqueles feitos. Di alí:

"Como esa mañana hacía mucho frío, nos internamos en el local de referencia, dónde ya estaban elementos de "derechas" e "izquierdas"."

Con esta aclaración Varela trataba de neutralizar o carácter exclusivamente izquierdista que querían darlle a aquela reunión política os seus inimigos, deixándoa en pouco máis que nun simple espectáculo inocente, destinado a audiencias de pacíficos e curiosos desocupados, máis que de temibles conspiradores revolucionarios.

No que mira ao apartado C), dicía Varela no seu prego de descargos:

"Que es absolutamente falso hiciese propaganda a favor de la candidatura del "Frente Popular" amenazando electores y negándome inclusive a asistir como Médico a algunos que me negaran el voto, ya que no puede haber un vecino honrado que diga en conciencia pedí un simple voto para "derechas" ni para "izquierdas", pues hastiado de lo que era la falsa política que padecíamos, permanecí al margen de la contienda; probando mas adelante la falsedad de esta imputación."

Ao cargo do apartado D) contestaba:

"Que nunca estuve afiliado a partidos de "izquierdas" ni en contacto con sus elementos en este Ayuntamiento ni en ninguna parte, ni alejado de las pocas personas caballerosas y dignas de "derechas" que por desgracia nuestra existían en este municipio, como pienso demostrar."

Neste punto, José Varela abría un inciso para explicar as orixes da súa amizade con Lens, o ex secretario do concello e tamén farmacéutico (*"lo que con malicia se oculta"*), comenta Varela no seu prego de descargos), unhas orixes



dos que xa demos conta no seu momento. Varela deixa claro que as relacións amigables que o unían a Marcial Lens (*"más profesionales que personales"* e moi lóxicas entre o médico e o farmacéutico nunha vila rural) non lles impedía aos dous *"pensar en todo lo demás de distinto modo y tener ideologías diferentes, religiosa y política"*.

Se polo sí ou polo non a alguén se lle ocorrese preguntar por que esas lóxicas relacións non se daban igualmente co farmacéutico Yllade, José Varela aclaraba neste mesmo parágrafo que a farmacia de Julio Yllade se instalara algúns anos despois da de Lens.

A continuación transcribimos a contestación que José Varela dá ao cargo do apartado E), na que acentúa o ton patriótico das súas palabras; por unha banda, para contrarrestar o mesmo estilo patriótico que utilizara a comisión instrutora no seu escrito, da man do secretario interino, e, por outro, porque, a final de contas, era a autoridade militar a que ía dar o visto e prace definitivo na resolución do seu expediente:

"Que la injuria e injusticia mayor que se me puede hacer es juzgarme apático y frío ante el Movimiento Militar Salvador de nuestra querida Patria, llegando a obstaculizar en ocasiones la labor de algunas comisiones que se constituyeron para recaudar fondos a favor de nuestro ídolo el Ejército. No hay ningún vecino de Puentes que me supere en amor patriótico, ni en deseos de coadyuvar a sostener a nuestro invicto y heroico Ejército. Me sobra voluntad, pero me falta el poder, como extremadamente probaré."

Cando, por último, Varela se refire ao informe do alcalde con que a comunicación oficial pechaba a súa exposición de cargos, di:

"Referente al informe del Sr. Alcalde de Puentes, D. Fernando Fernández Freire, joven Maquinista de la Armada, retirado por la Ley de Azaña, pienso probar hasta la saciedad el porqué me persigue, tratando de inutilizarme para lograr sus objetivos; teniendo un buen cooperador en el Secretario interino de este Ayuntamiento, D. José Durán Juega, significado "izquierdista", que perteneció a la Unión General de Trabajadores, aun cuando trató de hacer ver que en el Ayuntamiento de Lage, donde ejerció el cargo de Secretario, fue adicto a la política de tan ilustre jurisconsulto Sr. Blanco Rajoy, en contraposición de su actuación en Puentes."

A segunda parte do prego dedícaa Varela a responder as acusacións dos veciños que participaran na proba testifical, reunindo os seus testemuños por grupos máis ou menos homoxéneos segundo os temas, os mesmos que xa coñecemos. Sen entrar aínda en detalles, Varela dí a uns que ese *"extremo aparecerá demostrado más adelante que es completamente falso"*; a outros, que *"para probar lo contrario pediré la evacuación de la prueba oportuna"* e ao resto, frases polo estilo. Dalgúns chega a dicir que as súas declaracións quedarán de todo desvirtuadas cando demostre que *"se trata de sujetos alcohólicos habituales, escandalosos e inmorales"*. A un en particular que acusaba a Varela de facer propaganda en favor do *"frente popular"*, bótalle en cara que fose el precisamente (e non Varela) quen exercera de concelleiro na última corporación que gobernara As Pontes co *"frente popular"*. Por último dedica tamén unhas palabras á multa que lle impuxera o gobernador civil non había moito, asegurando que podía probar que este feito fora unha vinganza persoal do alcalde, Fernández Freire.

Na terceira parte do seu prego Varela pasa a demostrar a falsidade dos cargos que lle imputaban. Para iso, e para probar ademais *"la inmoralidad de muchos de los testigos declarantes"*, achega (e solicita que se verifiquen) as probas que avalaban as súas contribucións ao exército, así como outros diversos



merecementos seus destacados (dalgún dos cales xa tiveron noticia os nosos lectores), e que el vai debullando un tras outro no seu escrito de defensa.

Así, lembra que das cinco persoas que en agosto de 1936 constituíran a primeira comisión encargada de recadar fondos para o exército, catro eran de ideoloxía recoñecidamente *"dereitista"*; a quinta, el mesmo. Aproveitando a mención que fai desta colecta, explica Varela que as listas de doantes (co diñeiro recadado) foran entregadas ao delegado militar, Francisco Adalid⁴⁹, que prometera serían publicadas na prensa da provincia, unha promesa que, transcorrido xa algo máis dun ano, non cumprira aínda. Como proba das súas palabras, Varela apelaba ao testemuño do propio delegado, dos compoñentes da comisión e dos doantes.

Seguía dicindo Varela que ao petitorio que levaran a cabo as señoritas da localidade (entre elas as súas fillas Carlota e Pilar) para amorear víveres con destino ao exército, contribuíra con once quilos de arroz, dous queixos, unha botella de coñac e seis botellas de sidra, cousa que podería comprobarse facilmente examinando as listas confeccionadas ao efecto ou acudindo ao testemuño das propias señoritas da comisión, como Laura e Milagros Ferreiro (irmás de Honorio Ferreiro, ex xuíz municipal), de Marina Baamonde (filla de Evangelino), de Segismunda e Hipólita Baamonde (fillas de Raimundo) ou de María dos Angeles Seoane (sobriña de Valentín López, que fora recadador municipal). Ademais, coa finalidade de adquirir reses para o exército, Varela tamén entregara vinte e cinco pesetas segundo debía constar nas relacións de doantes enviadas ao goberno civil da provincia.

Nesta longa exposición de méritos non esquece Varela de incluír os donativos de roupas que efectuara en diversas ocasións, nin de mencionar a recollida de víveres para os combatentes que levaron a cabo as súas fillas con outras señoritas das Pontes, que percorreron varias parroquias dese concello e os

de Xermade e a Capela, axudadas polos fillos de Varela, Manuel e Enrique, que cun carretillo de man se encargaban de transportalos, mentres os outros máis pequenos, Federico e Luís, estaban coa bicicleta a disposición dos milicianos da vila para o que se necesitase.

Á recadación levada a cabo pola segunda comisión en favor do exército (a que creara o alcalde Fernández Freire) contribuíra Varela con vinte e cinco pesetas, segundo debía constar nos arquivos do goberno civil e podían confirmar Francisco Penabad e José María Baamonde, membros da comisión.

Unha vez establecidas as campañas do *"Plato único"* e o *"Día sin postre"*, Varela contribuíra tamén a elas, como podía demostrar facilmente cos oportunos recibos.

José Varela, despois de asegurar que se subscribiu ao chamado *"Auxilio de Invierno"* con dúas pesetas mensuais, lembraba no seu prego que fora esta precisamente a causa principal pola que Fernández Freire o denunciara ao gobernador civil da provincia, que, (por este motivo, unido a un feito incerto), se lle impuxera a multa de 250 ptas.

Xa falamos deste episodio anteriormente; pero nas dúas ocasións nas que Varela se refire a esta denuncia ante o gobernador, relaciónaas inmediatamente coa débeda que o concello das Pontes mantiña con el desde 1934, e que aínda seguía aumentando, dificultando seriamente a economía da súa familia. Con iso Varela deixaba constancia do estilo do alcalde e das súas contradicións.

En canto ao de *"un hecho incierto"*, Varela está a referirse aquí ao episodio dos caixóns que o concello comprara no estanco para embalar as roupas reunidas entre os veciños das Pontes con destino aos soldados combatentes, anécdota que os nosos lectores xa coñecen.

49- *Nunhas notas privadas dicía Varela referíndose a Adalid que "cuando se le hicieron indicaciones, a raíz de estallar el Movimiento, para que ofreciera sus servicios al Ejército, como Teniente que era, contestara que aún no lo hacía porque dudaba del triunfo"*.



Tamén contribuíra Varela á subscrición organizada para reunir ouro. E á recadación de víveres con destino a Málaga que efectuaran uns milicianos procedentes do Ferrol (entre os que estaba Comesaña, a quen Varela menciona para que poida atestígalos), entregara dúas galiñas e dous lacóns.

En relación coa comida celebrada na fonda da viúva de Soto, da que xa falamos no seu momento, que se organizara para festexar os primeiros milicianos retribuídos das Pontes, lembra Varela que naquela ocasión fora obrigado a colaborar regalando uns cigarros puros por valor de 10'50 ptas.

Seguidamente José Varela intercala no seu prego de descargos o texto da carta que o seu amigo Gabriel Vázquez escribira desde Ferrol, na que lle agradecía o ofrecemento que fixera de atender ás tropas destacadas nas Pontes. E o mesmo fai coa de Daniel del Río, que, en nome do director do Hospital, Jacobo Pedrosa, daba as grazas a Varela polo envío das revistas. Das dúas cartas xa falamos anteriormente.

Non se esquece Varela de apuntar que na súa correspondencia utilizaba sempre o selo voluntario *"Por la Patria"*. E que na subscrición para o novo acoirazado *"España"* colaborara con cinco pesetas, entregadas ao oficial do concello Villanueva.

Varela deixa para o final desta relación a mención da suma que lle debía o concello a conta dos seus honorarios, débeda que viña arrastrando e incrementándose desde 1934, e que en setembro de 1937 xa ascendía a máis de nove mil pesetas *"El extremo de la veracidad de esta deuda lo puede acreditar la Junta de Mancomunidad Sanitaria de la Provincia"*, terminaba dicindo José Varela.

Pero é, sen dúbida, esta cuarta parte do prego de descargos, o capítulo

máis corrosivo de José Varela. Aquí xa non se defende das opinións máis ou menos axustadas que verteran os veciños durante a proba testifical, xa non lles ataca agrupados, dunha forma xeral e imprecisa. A partir de agora vai dirixir os seus proxectís de maior calibre contra cada un dos que el consideraba máximos responsables, os culpables da súa situación, estiveran ou non presentes na proba testifical. Así, carga violentamente contra as autoridades locais, contra os que constituían o núcleo de onde (na súa opinión) partira a idea de neutralizalo e destruílo, e contra os que, coa súa declaración, máis dano podían ocasionarlle facilitando a súa destitución.

Debemos sinalar primeiramente que, quizais, pola urxencia e premura con que Varela organizara a súa defensa, esta cuarta parte do alegato carece de homoxeneidade que cabería esperar a tenor do que puidemos observar na maior parte do documento.

Boa parte da súa artillaría diríxese agora Varela a destapar o pasado político dos seus acusadores, o cal non é de estrañar, xa que o do seu expediente era toda unha manobra política; polo menos aparentemente, pois sabemos moi ben que detrás tamén había outras motivacións e intereses segundo o mesmo Varela denunciaría. O que non podemos comprender moi ben é como se lles ocorreu aos seus inimigos atacalo polo lado daquelas vellas simpatías súas, cando a maioría deles estiveran tanto ou máis implicados nesas mesmas historias, e sen que ninguén procedese contra eles, como con amargura lembraría José Varela.

José Varela fixa primeiro a súa atención na máxima autoridade local, na cabeza responsable do expediente de destitución formulado contra el desde o concello, Fernando Fernández Freire, ex maquinista retirado da Armada, tamén de orixes ferrolás.



Empeza lembrando que Fernández Freire, ao comezar a guerra, non se ofrecera para incorporarse ao exército *"como era su deber"*, facéndoo moi posteriormente tras os consellos do entón comandante da Garda Civil nas Pontes, Román Sillero. A pesar de todo, o alcalde Fernández Freire,

"...ante el temor de perder su carrera, se valió, para alegar enfermedad, de su íntimo amigo D. Felipe Pimentel, Juez Municipal de Puentes y Médico en ejercicio, el cual auxilió en su crítica situación, acompañándole varias veces a El Ferrol para poder subsanar la falta; observándose que su salud no debía estar muy quebrantada porque le veíamos hacer su vida normal".

Segue Varela atacándoo por varias fronteas, como, por exemplo, cando lembra que Fernández Freire non quixera contribuír con cantidade algunha á primeira comisión encargada de recadar fondos para o exército (precisamente aquela da que formara parte José Varela) *"alegando que ya le descontaban bastante de su sueldo"*.

Pero a maior atención dedicalla o médico municipal á actuación de Fernández Freire no vidroso asunto de Sucadío, de cuxa escola a súa muller era a mestra titular, un episodio que xa coñecemos nos seus detalles máis sobresaíntes.

Conta Varela, ademais, que por mor de iniciarse a guerra Fernández Freire fixera algúns comentarios acerca do trastorno que lle causara o levantamento militar, *"por cuanto él había tenido la promesa de adjudicársele una buena Escuela por los amigos del Sr. Casares Quiroga"*, unhas palabras que, máis tarde, na súa alegación, Varela interpretaría como proba das boas relacións que Fernández Freire mantiña coa contorna do *"frente popular"*. O futuro alcalde fixera estas inoportunas declaracións diante precisamente do médico municipal, José Varela, de Consuelo Cabarcos, secretaria do consello local de 1ª ensinanza, e

do párroco da vila, José Río Seijo.

Aínda que o parágrafo que transcribimos a continuación aparece xa ao final deste capítulo, inmediatamente antes de que Varela pase a concretar as probas que solicitaba no seu descargo, pareceunos oportuno traelo aquí para dar maior homoxeneidade á nosa exposición. Dicía Varela despois de comentar as débedas que tiña contraídas con el o concello, o da denuncia do alcalde e a multa do gobernador:

"Sin embargo se explica perfectamente la finalidad de lo que perseguía el Alcalde por los hechos observados a "posteriori". Al Alcalde, D. Fernando Fernández, le convenía presentarme ante la Superioridad como un antipatriota que había pertenecido al "Frente Popular", para servir a sus amigos y anularme por completo en lo sucesivo, con el objeto de evadirse de mis informes oficiales, como en la [sic] caso de la clausura de la escuela de Sucadío que regentaba nominalmente su esposa. De esa manera, como había cometido una ilegalidad al informar en ello su íntimo amigo, el Médico y Juez Municipal Sr. Pimentel, en vez de hacerlo yo como Inspector Municipal de Sanidad, al preguntarle la Superioridad cómo no lo había hecho yo según está ordenado legalmente, poder contestar que no lo hiciera porque era un antipatriota, sirviendo como prueba contundente la multa que se me impusiera, y sirviendo al mismo tiempo de base para lo que hace tiempo pretendían: el expediente de destitución. El Alcalde Sr. Fernández trata de acosarme por el hambre por todas partes, pues no satisfecho en ponerme trabas, dificultades y excusas para que no pueda cobrar lo que el Ayuntamiento me adeuda, según puede informar la Junta de Mancomunidad Sanitaria, trata de conseguir mi destitución como Médico Titular, así como del cargo de Administrador Subaltarno de Tabacos, para servir a sus amigos, sin tener en cuenta que tengo una familia numerosa compuesta de mujer y siete hijos, de los cuales dos están al servicio de la Patria, uno de ellos en el frente de Asturias."



A continuación Varela fixa a súa atención en José Durán Juega, secretario interino do concello das Pontes. E empeza a lembrar aos que o convidaron a vir, cando o fixeran e para que⁵⁰.

Aínda que tampouco aquí Varela pasa por alto o feito de que Durán Juega pertencese á Unión Xeral de Traballadores, agora parécelle moito máis eficaz para os seus fins desvelar as respostas aos interrogantes anteriores. Así foi como puidemos saber que Durán Juega chegara ás Pontes chamado polo seu "íntimo amigo e correligionario" Servando López Cao (o último alcalde da etapa *frentepopulista*), coa misión de tramitar o expediente de destitución do secretario do concello, Marcial Lens, designación que contara coa aquiescencia do entón gobernador civil da provincia. Tras o levantamento militar, Durán Juega continuaría prestando os seus servizos no referido expediente, xa con Sierra Casal de alcalde e actuando como oficial encargado da secretaría o referido ex alcalde do "*frente popular*", Servando López Cao.

Con todo isto Varela estaba a dar a entender que, na súa orixe, o expediente de Lens non tivera nada que ver coa súa ideoloxía política (ben coñecida e desde antigo de todos os veciños das Pontes), a cal, certamente, coa chegada dos novos directores da cousa pública pasaría moi pronto a ser de todo incorrecta.

50- *Nunhas rápidas notas persoais, manuscritas a lapis, dicía Varela:*

"En el año 1.931 que se proclamó la República, fue Durán Juega (José) llamado por la Gestora [de la O.R.G.A.] para instruirle expediente a Lens en Mayo, recomendado por los dirigentes de la política republicana de Coruña, cuyos elementos fueron a Puentes el 24 de dicho mes a dar el meeting de que antes se habla" [Ver a nota a pé de páxina que figura nos parágrafos dedicados a Felipe Pimentel].

"Poco después y constituido en Lage un Ayuntamiento republicano, le nombró Secretario del mismo, siempre con el apoyo de los dirigentes de Coruña; conviene hacer constar que Juega, al proclamarse la República, estaba destituido del cargo de Secretario del Ayuntamiento de La Baña."

"En el mes de [entre líneas: "día 26"] Junio de 1936, el Sr. Durán Juega fue nombrado por el Ayuntamiento del Frente Popular como persona de su confianza comisionado para formar expediente al Sr. Lens. Derribado el Frente Popular, continuó el Sr. Durán prestando sus servicios en el Ayuntamiento, al mismo tiempo que también lo hacía como oficial el que había sido Alcalde del Frente Popular, Servando, lo que se explica porque las personas que regían los destinos públicos eran los antiguos elementos de la Orga, posteriormente de Unión Republicana, y algunos últimamente del Frente Popular, habiendo sido nombrado después Juega Secretario interino."

E engadía Varela na mesma nota, un pouco máis adiante: "El Sr. Durán Juega está pendiente de un sumario que se le instruye en Ortigueira por estafa".

Non comprendemos por que Varela, tras o apartado que dedica a Durán Juega, insire o episodio da visita ás Pontes do delegado de orde pública do Ferrol, pois non parece que fose este o lugar máis apropiado do documento. Nin mencionara a visita antes, nin volverá facelo despois. Os nosos lectores coñecen as súas consecuencias, que xa referimos cos sucesos de 1936, sendo a principal a fulminante destitución de Sierra Casal.

Pero seguramente o inimigo máis antigo de Varela (que non o maior) fora o farmacéutico da vila, Julio Yllade Rilo, a quen Varela lle dedicara uns parágrafos a pesar de que non participase na proba testifical. Aínda que de ningunha maneira podamos afirmalo, non nos estrañaría en absoluto chegar a descubrir que as raíces desta inimidade alcanzaban mesmo ás relacións de Varela co pai de Julio, José Yllade Cao, que durante moitos anos fora o médico titular das Pontes.

E empeza dicindo José Varela:

"D. Julio Yllade Rilo, Farmacéutico Titular de Puentes, propietario de la casa donde tiene instalada la Farmacia y en cuyo primer piso reside su gran amigo y colaborador, el Juez Municipal y Médico, D. Felipe Pimentel, causantes indirectos de las acusaciones que se me hacen, y en estrecha relación con el padre político de este último, el ex-Alcalde Sr. Sierra Casal, y con D. Jesús Cabarcos Cal, propietario de la casa donde habita él, y en cuyo bajo tiene su establecimiento de Ultramarinos el citado Sr. Sierra, siendo éste el punto de reunión de los mencionados Sres. con Don Fernando Fernández y Don José Durán Juega, Alcalde y Secretario respectivamente, así como también lo hacen en la Farmacia del Sr. Yllade, de los cuales han partido los planes para mis acusaciones."

Co cal Varela deixaba ben claro quen formaba esa especie de contubernio que maquinaba a forma de separalo do cargo municipal e afastalo do concello. Pódese dicir que neste parágrafo figuran todos os inimigos importantes de Varela,



entre os cales, Julio Yllade aparece como causante indirecto das acusacións⁵¹.

É moi significativo o feito de que Varela tentase neste parágrafo do seu prego de descargos destacar a condición de propietarios que detentaban tanto Jesús Cabarcos como Julio Yllade sobre os edificios da praza do Hospital en cuxos baixos se atopaban a tenda de ultramarinos e a farmacia respectivamente. É evidente que eses detalles non eran de todo inocentes. Baste ter en conta que Varela nunca chegaría a ter en propiedade un inmoble ou unha vivenda, e que el e a súa familia sempre residirían nas Pontes en réxime de aluguer.

Como o seu expediente de destitución (aparentemente, segundo xa dixemos) era unha operación puramente política, Varela fai un inciso aquí para queixarse do trato discriminatorio que estaba a recibir el e non os seus inimigos. Di:

"Sorprende grandemente no hayan sido objeto de expedientes, por tener causas justificadísimas para ello, el Farmacéutico Titular, D. Julio Yllade, y el Juez Municipal, D. Felipe Pimentel, y en cambio lo haya sido yo que permanecí al margen de los sucesos políticos en las últimas elecciones de Diputados a Cortes."

E explicaba que antes desas eleccións, cando os deputados Miñones e García Ramos viñan ás Pontes, adoitaban ter os seus coloquios políticos na farmacia do Sr. Yllade e na casa do Sr. Pimentel⁵². E insistía:

51- Julio Yllade, falando con Luís Méndez, marido de Pilar Hyde, a irmá de Carlota, dicíalle: "No tenemos nada contra su cuñado [José Varela], sino contra Lens".

52- José Miñones Bernárdez era deputado por Unión Republicana. Nas datas polas que Varela escribía o seu prego de descargos, Miñones xa estaba morto. Fora fusilado na Coruña, o 2 de decembro de 1936, aos 36 anos de idade.

Polas mesmas anotacións a lapis utilizadas antes sabemos que Varela consideraba como antigos membros de Unión Republicana a varios dos seus adversarios. Así, escribía: "Unión Republicana (Comité) – Fernando Freire López, Ubaldo Fernández Trigo, Antonio Yáñez (de Veiga), Pimentel, Arsenio Vivero Vilasuso, Narciso Corral e Yllade, como lo prueba la carta de Vázquez."

"Probaré con una carta que dirigí al Sr. García Ramos el actual Concejal de este Ayuntamiento, que sostenía el Sr. Yllade Rilo muy buenas relaciones políticas con aquel ex-Diputado."

Xa coñecemos esa carta do concelleiro Vázquez López ao deputado García Ramos, escrita, supoñemos, cara a finais de 1935 ou principios de 1936.

Pero esas boas relacións que García Ramos mantiña nas Pontes contrastaban coa súa falta de consideración cara a José Varela, o seu compañeiro de facultade en Santiago. Este desprezo presentaría Varela na súa alegación como unha "prueba de la antipatía que [García Ramos] veía en mí hacia el "frente popular" "

Do xuíz municipal e médico, Felipe Pimentel Núñez, di José Varela o seguinte:

"Don Felipe Pimentel, hoy "derechista", al advenimiento de la República supo pregonar que él, durante la Monarquía, ya era republicano, por cuyo mérito fue nombrado gestor de la Corporación Municipal, apoyado por la "Orga"⁵³. La primera bandera republicana que se colocó en esta Villa fue en el primer piso de la Farmacia del Sr. Yllade, o sea, donde habita el Sr. Pimentel. Cuando se acordó el cese de los Jueces Municipales de elección popular, el Sr. Pimentel, por sus méritos adquiridos en la "Orga", fue nombrado Juez Municipal, cargo que aún desempeña. Ultimamente, apoyó en las elecciones de febrero del año pasado la candidatura del Sr. García Ramos."

Como xa puidemos precisar no seu momento, e sen que isto signifique

53- Nas anotacións a lapis que mencionamos antes dicía Varela: "Cuando [el] advenimiento [de la] República, Pimentel fue el más entusiasta republicano, perteneciendo a raíz de ello a la 1ª Comisión Gestora. La 1ª bandera republicana se colocó en el edificio donde tiene la Farmacia Yllade y vive Pimentel. El meeting se celebró, llamados por esos Sres., en el piso de la casa del cuñado de D Julio Yllade, D José Baamonde, en cuyo bajo tenían instalado el Comité de la Orga, a los que pertenecían casi todos los titulados hoy derechistas. Unos estaban en la Orga y otros en Unión Republicana para poder mangonear."



pór en dúbida o resto das afirmacións que Varela lle dedicara a Pimentel, cremos que aquí, ao tratar de materializar os seus recordos, Varela equivocouse, e une (ou relaciona) o feito de que aquela fose a casa na que por vez primeira ondease a bandeira republicana nas Pontes co de que Pimentel vivía nela. Estamos convencidos de que ambos os feitos, verídicos, non se deron ao mesmo tempo.

Con todo, o principal promotor dos problemas que viñan asfixiando a Varela, o peor dos seus inimigos, desde había xa bastante tempo, era Jesús Cabarcos Cal. Pero do prego de descargos de Varela sacamos a impresión de que o currículo político dese home, á altura dos seus 68 anos, non ofrecía puntos débiles, nin sequera simples e inocentes desatinos ideolóxicos que fosen *"aireables"* ante os novos señores que xurdían da guerra, que axudasen a Varela a contrarrestar as declaracións que fixera Cabarcos na proba testifical. O médico viuse obrigado a apuntar cara a outros aspectos do pasado do seu adversario nos que xa non parecía tan sólido nin enteiro. Di Varela:

"D. Jesús Cabarcos Cal, aparentemente significado "derechista" y causante directo, según manifestaciones suyas, de la formación de este expediente, deja bastante que desear en su conducta, como se probará".

Pero antes de seguir por este camiño, Varela dedícase a relatar o enfrontamento que tivera coa comisión creada por Fernández Freire en marzo de 1937 co fin de reunir fondos para o exército. Xa demos detallada conta do sucedido entón. Pero a lectura daquelas cuartillas diante dos membros da comisión e dos veciños desconformes coa repartición, nas que Varela criticaba o sistema de distribución empregado, unha vez que o gobernador (informado por Jesús Cabarcos) estivo ao corrente dos efectos negativos que tiveran sobre a recadación final, fora a causa de que esa autoridade ordenase iniciar contra Varela o expediente de destitución como funcionario municipal.

Varela, tras a transcripción que facía do texto daquelas cuartillas, terminaba dicindo:

"Analizando bien el contenido del mismo, se ve claramente si es patriótico y si mi afán era reunir la mayor cantidad posible para nuestro Glorioso Ejército."

Só moi sinuosamente consegue Varela pór baixo sospeita o *"derechismo"* de Jesús Cabarcos, cando dirixe os seus dardos contra Ramón Rodríguez Prieto, o marido da súa sobriña, Cándida Rei Cabarcos, cos cales vivía Jesús nas Pontes. Conta Varela a este respecto:

"...D. Ramón Rodríguez Prieto, Abogado, Asesor de los mineros de Vivero, significado miembro de la Masonería y Principal Jefe de "Izquierda Republicana", el cual se casó poco antes del Movimiento Nacional, y pensando en el verano de 1.936 ir a vivir con su esposa y tío político a Vivero donde tenían alquilada la casa en la calle de Pastor Díaz, frente la Farmacia de D. Federico Meirás, a donde iba muy satisfecho D. Jesús Cabarcos, dado el arraigo e influencia política que en el "Frente Popular" tenía su sobrino, el Sr. Rodríguez Prieto."

E segue Varela insistindo:

"Al advenimiento del Movimiento Nacional Salvador de España se encontraban en esta Villa D. Jesús Cabarcos y sus sobrinos recién casados, y, al venir la orden de la colocación de los Crucifijos en las Escuelas, vimos con gran sorpresa el cambio de frente que se dio en esa familia, concurriendo a todas las Parroquias del Municipio, pronunciando discursos religiosos en oposición con su ideología, y acompañándoles entusiasmados en apariencia —ya que sabían, como nos sucedía a los demás vecinos, lo hacía por pura farsa y con el objeto



de que, ante las circunstancias, se pasase un velo sobre su actuación anterior— su tío D. Jesús Cabarcos y el Alcalde en aquella época D. José Sierra Casal. De nada les sirvió usar este procedimiento, pues, al poco tiempo, [Rodríguez Prieto,] sabedor secretamente que lo buscaban las Autoridades de Vivero, y a pesar de estar recién casado, de la noche a la mañana desapareció, embarcando para América, donde se haya."

Aínda que o feito da fuxida do sobriño político de Jesús Cabarcos era certo (evidentemente, por medo ao que puidese sobrevirle), debemos engadir que Ramón regresaría relativamente pronto ás Pontes, en 1947, tras once anos de ausencia⁵⁴.

Con todo non era este o aspecto de Jesús Cabarcos ao que José Varela quería dirixir os tiros, senón máis ben cara á súa vida privada.

Oficialmente, en 1937, Jesús Cabarcos Cal era solteiro. Así o recoñecía tamén a acta da proba testifical na que participara. Pero a veciñanza das Pontes e José Varela sabían algo máis da súa vida:

"El D. Jesús Cabarcos Cal, según referencias bastante fidedignas, ha sido casado civilmente en Montevideo con una extranjera llamada Mary y que él tiene manifestado fue querida. En el caso primero, no se explica cómo el Sr. Cabarcos tratase siempre de demostrar que era soltero, ya que esto constituye un delito. De ser lo segundo, aumentaría su deshonor, puesto que a esa mujer, a petición de D. Jesús, la vino acompañando desde Montevideo al Ferrol su hermano D. Amandino Cabarcos Cal, yendo a esperarlos a este pueblo el D. Jesús y toda su familia, los cuales, en las visitas que reiteradamente hicieron a varias familias, la presentaban como tal esposa de D. Jesús Cabarcos."

Transcorrido algún tempo disto, cando en certa ocasión os Cabarcos

regresaron ás Pontes despois dunha ausencia de varios meses, xa non aparecía Mary entre os membros da súa familia. A partir dese momento Jesús volveu a conceptuarse como solteiro.

Este apartado que dedica Varela a Jesús Cabarcos termínoas coas seguintes palabras: "Con esto queda demostrado su *"derechismo"* y *"moralidad"*."

A pesar do seu laconismo, é este, certamente, o apartado máis implacable e inclemente de todo o alegato preparado por Varela na súa defensa. Aquí, o médico municipal, para explicar os motivos do suposto rancor que lle gardaba o seu ex amigo Prieto Rouco, saca a relucir a carta que lle dirixira en setembro de 1913 desde Mondoñedo. Varela, sen apenas palabras, revólvese contra el, mentres tiña presente (non nos cabe a menor dúbida) as declaracións que fixera aquel no concello durante a proba testifical, precisamente diante dos seus inimigos. Así foi como puidemos descubrir ata onde chegaba o grao de animosidade entre eles, que superaba calquera prognóstico. Non sabemos se chegaron a ese punto lentamente, acumulando novos agravios por outros encontros habidos desde a famosa carta, ou só a consecuencia das últimas declaracións de Fernando. Inclínámonos polo primeiro. Pero con isto Varela demostraba unha extraordinaria e refinada virulencia (contida, ben controlada), que non se conformou con desmentir ou desmontar as declaracións do coadxutor, senón que apuntou directamente á persoa, desvelando a súa intimidade.

Estamos convencidos de que se fose posible eliminar tan só unha das acusacións de Fernando Prieto contra Varela, unha certamente grave, as restantes (que tamén apoiaban a tese da alcaldía) non saían o máis mínimo da rutina marcada polas declaracións da maioría das testemuñas, as máis anodinas. O que da intervención de Fernando tivo que ferir profundamente a José Varela (precisamente por vir de quen viña) foi esta afirmación do sacerdote, que reproducimos tal como figura na acta oficial, redactada (non hai que esquecerlo) polo secretario interino:

54- Ramón faleceu o día de noiteboa de 1975. Os seus restos repousan no cemiterio das Pontes, á beira dos de Cándida, a súa esposa.



"Que el peón caminero, Antonio Fernández, se encontró enfermo en vísperas de las elecciones, y el Sr. Varela se negó a asistirlo por no haberle dado el voto para la candidatura del Frente Popular."

Esta afirmación ía contra os fundamentos da profesión de Varela, atacaba aos máis sacros principios da medicina e salpicaba gravemente a súa dignidade de persoa ben nada. Así, aínda que só fora por este motivo, xa quedaba xustificada a súa destitución, e, por suposto, arruinado o seu prestixio e moral profesional para o resto dos seus días. Varela, á vista disto, decidiu pagarlle coa mesma moeda.

Pero o máis estraño desa afirmación (mellor diríamos, desa intromisión) de Prieto Rouco, é que o legoeiro mesmo, Antonio Fernández Pérez, aparecería polo concello o luns seguinte para participar de testemuña naquela proba informativa, a pesar de que, segundo xa sinalamos, o seu nome non figuraba na lista inicial que elaborara a comisión instrutora. Fernández Pérez efectuou a súa declaración o día 9, mentres Prieto Rouco o fixera o venres día 6. Que algo raro ocorrera nese intervalo próbao o feito de que na *"Petición de Pruebas"* coa que Varela finaliza o prego de descargos, solicita que tamén se lles tome declaración *"a los peones camineros D. Antonio Roca Barro y D. Antonio Fernández Pérez, para que manifiesten si fue cierto les pedí el voto en las últimas Elecciones de Diputados a Cortes"*. Remitimos aos nosos lectores ao texto do punto 2.^o desa *"Petición de Pruebas"* (que transcribimos literalmente máis adiante), polo cal poderemos facilmente imaxinar algunhas situacións un tanto rocambolescas no concernente ás intervencións destes dous señores⁵⁵.

Moito nos tememos que tanto Fernando Prieto como José Varela deixaban saír neste incidente toda unha longa serie de xestos desabridos, produto de

55- Chama tamén a atención o feito de que o día 21 de setembro, un día antes de que Varela presentase o seu prego de descargos no concello, Fernández Pérez volvía comparecer ante o alcalde e o secretario para ampliar as súas declaracións do día 9. E facíao "en el sentido que el Sr. Varela cuando le pidió el voto para el Frente Popular, le dijo que parecía mentira que votase con los curas." (*Archivo municipal das Pontes*).

encontros fortuítos pola rúa ou en actuacións rutineiras dos seus respectivos ministerios (entre miradas fuxidías, signo dunha complicidade reservada, oculta a calquera mirada estraña), e orixe de profundos resentimentos disimulados celosamente durante anos.

No último parágrafo da carta de 1913, Prieto Rouco dicíalle a Varela:

"..., por lo tanto, esperaré de V. que me servirá en este asunto, se lo pido por Dios que haga todo lo posible..."

E lembráballo de novo, xusto ao despedirse:

"..., sólo espero que me servirá. Sin otra cosa más de particular, se repite de V. su afmo. amigo y s.s.s.q.b.s.m. = Fernando Prieto Rouco".

Pero parece ser que Varela non fixo nin dixo nada. Non sabemos se foi porque non quixo, porque non puido ou porque tampouco se atreveu a exporllo abertamente á irmá de Fernando. Pero José Varela, no seu prego de descargos, tras o parágrafo final da carta, só engadiría estas palabras:

"Como en este asunto tan delicado y tan sagrado no lo he servido, bien probado está el porqué de su odio hacia mí."

Con escasa lóxica (pero explicable, se temos en conta a urxencia con que trataba de finalizar o seu prego de descargos) Varela inserta aquí a certificación que solicitara ante a xunta do censo electoral das Pontes e que acababan de expedirle, coa cal xa podía demostrar que non tivera ningunha intervención nas eleccións pasadas como representante ou apoderado de candidatos do *"frente popular"* segundo declarara algunha das testemuñas:



"D. Manuel Villanueva Carrillo, Secretario accidental del Juzgado y Junta Municipal del Censo Electoral de Puentes de García Rodríguez = Certifico: Que de los datos y antecedentes obrantes en esta Secretaria de mi cargo, no constan que D. José Varela González, mayor de edad, casado, médico de Asistencia Pública Domiciliaria de este término, vecino de esta Villa, haya actuado como Apoderado o Candidato en las últimas Elecciones de Diputados a Cortes celebradas el 16 de Febrero de 1.936.- Y para que conste, expido la presente de orden y con el visto bueno del Sr. Presidente, en Puentes de García Rodríguez, a trece de Septiembre de mil novecientos treinta y siete.- V.º B.º El Presidente.- Antonio Mosteiro.- Manuel Villanueva. "

A continuación e antes de pasar ao último capítulo no que vai especificar as probas que desexa solicitar na súa defensa, Varela inserta estas palabras que copiamos literalmente, pois resumen mellor que ningunha outra a delicada situación pola que atravesaban el e a súa familia, unhas palabras que pon no seu escrito ao falar da denuncia do alcalde por non querer contribuír ao *"Auxilio de Invierno"* con maior cuota. Di Varela:

"He contribuido a todas las suscripciones abiertas a medida de mi situación económica, pero no tengo capital, ni fincas rústicas ni urbanas; vivo del producto del trabajo honrado, que, actualmente, por no pagarme el Ayuntamiento, no me permite atender las necesidades más perentorias, y aun encima el Alcalde me exige cooperere con la que no puedo, y me denuncia por ello."

O capítulo final do prego de descargos de José Varela aparece co título: *"PETICIÓN DE PRUEBAS"*. Recollémolo enteiro, tal como el o deixou no documento definitivo:

"1º.- Para probar lo sucedido el día del mitin del Sr. Suárez Picallo, D. José Búa Carou y otro elemento político, pido se tome declaración a D. José Formoso, carpintero; D. Ramiro Sánchez Vilaboy, D. Constantino y D. Claudio Domínguez, labradores; D. Nazario Casás, comerciante; D. Ramón Roca Rouco; D. Vicente Seoane, D. Guillermo Iglesias, barbero; D. Evangelino Baamonde, ex-presidente de las "Derechas"; D. Jesús Blanco, comerciante; D. Francisco Silva, comerciante; D. Ramón Castro Ferro y D. José Castro Vérez, todos vecinos de esta Villa a excepción de estos dos últimos, que viven en el lugar de Tras do Rego, y de D. Constantino y D. Claudio Domínguez, del lugar de Cuiña, ambos de la parroquia de Puentes" ⁵⁶

"2º.- Se tome declaración a los peones camineros D. Antonio Roca Barro y D. Antonio Fernández Pérez, para que manifiesten si fue cierto les pedí el voto en las últimas Elecciones de Diputados a Cortes y les hice alguna amenaza. Asimismo que declare el primero si es cierto fue llamado ya a declarar ante el Alcalde y el Secretario y no quisieron consignarle su declaración. Pido también que se cite nuevamente al D. Antonio Fernández para que diga si es cierto que hace ocho días en la barbería de D. Guillermo Iglesias, manifestó delante de este Sr. y de D. Ramón Castro Ferro que era incierto yo le hubiese pedido voto alguno en las últimas elecciones y que por lo tanto no era verdad lo que contiene su declaración. Para probarlo pido que se citen a D. Guillermo Iglesias y a D. Ramón Castro" ⁵⁷

56- Este primeiro punto da petición de probas aparece no borrador manuscrito de Varela redactado dunha forma lixeiramente diferente. Decía alí: "Para demostrar que son inciertas las declaraciones de los testigos que me acusan de que estuve en la Presidencia del mitin con el Sr. Suárez Picallo y otros oradores, y demás acusaciones sobre ese particular, pido que declaren D. Marcelino Iglesias, D. Evangelino Baamonde, D. Narciso López Rouco, D. Ramón Roca, D. José Ledo Formoso, D. Plácido Baamonde, D. José López Martínez, D. Guillermo Iglesias."

57- No citado borrador aclárase un pouco máis esta cuestión: "Para demostrar la falsedad de las declaraciones de los testigos que declaran amenazé al peón caminero D. Antonio Roca en las últimas elecciones con quitarle el destino si no me daba el voto para el Frente Popular, así como la manifiesta parcialidad del Alcalde y Secretario, ya que llamaron a declarar al Sr. Roca, y como no lo hiciera al agrado de éstos, lo mandaron retirar, sin hacer constar su declaración, pido se le tome nuevamente acerca de esos particulares."



"3º.- Pido que se le tome nueva declaración al ex-Presidente de las "Derechas" D. Evangelino Baamonde Fontao, para que declare si es cierto que, cuando lo hizo, le obligaron a llevarlo a cabo sucintamente sin permitirle hacer manifestaciones oportunas"⁵⁸.

"4º.- Pido que se tome nuevamente declaración a D. Manuel Ferreiro Bouza, por manifestarme personalmente que no es verdad lo que aparece en su declaración."

"5º.- Para probar que no estuve alejado de las personas caballerosas y dignas y sí de los caciques "anfíbios" disfrazados de "derechistas", pido declaren sobre este particular las verdaderas personas de orden de este Pueblo: Dña. Remedios Casás, Vda. de López⁵⁹; Dña. Ascensión Rego, Vda. de Sánchez; Dña. Carmen Riego, Vda. de Soto; Dña. Marina López, de Baamonde; Dña. Carolina Rivera, Vda. de López; Dña. Enriqueta Sánchez Rego; Dña. Carmen Vázquez del Río; Dña. Luz Vidal de Vila; Dña. Antonia Iglesias; Dña. Carmen Sánchez Rego; Dña. Purificación Fraga de Sánchez; Dña. Josefa Fraga, Vda. de Casás; Dña. Pilar y Dña. Virginia Ledo Formoso; Dña. América Guerreiro de Lage; así como también a todos los Maestros de las Escuelas Nacionales de este Municipio y los vecinos de esta Villa: D. Manuel Sánchez Vilaboy; D. José Lage; D. Ramiro Sánchez Vilaboy; D. Manuel Pita Ledo; D. Ambrosio Guerreiro; D. Manuel Vérez Prieto, comerciante; D. Antonio Bello; D. José Castro Prada; D. Francisco Silva; D. Eulogio Prieto; D. Celedonio Vila; D. Sixto Fernández; D. Amable Piñeiro; D. Antonio Mosteiro, D. Francisco

Penabad; D. Evangelino Baamonde, y D. Fernando Lafuente"⁶⁰

"6º.- Pido que declaren todos los Sres. que se citan en el párrafo anterior sobre si estuve apático o no, y frío, ante el Movimiento Militar Salvador de España."

"7º.- Pido que informen de mi actuación política, antes y después del Glorioso Movimiento, el Sr. Arcipreste de Puentes, Párroco de San Martín de Piñeiro [Sequeiro Legaspi]; el Sr. Cura Párroco de Puentes [Río Seijo]; el Sr. Cura Párroco de la limitrofe Parroquia de Vilabella [Varela Lage]; así como sobre mi conducta social, moral y religiosa."

"8º.- Pido que informen sobre mi actuación política en las últimas elecciones de Diputados a Cortes, así como sobre mi comportamiento antes y después del Glorioso Movimiento, a los Sres. Comandantes de la Guardia Civil de este Puesto habidos en Puentes, así como el que ejerce tan delicado cargo en la actualidad."

"9º.- Y por haber ejercido el cargo de Notario en esta Demarcación durante la celebración de las elecciones últimas de

60- Esta lista do prego definitivo difire bastante da que figuraba no primeiro borrador manuscrito: "Sobre el extremo que declaran D. Rosendo Carballo, D. Marcelino Ferro [aparece así no borrador, pero Varela non debería tachalo] Eladio Rivera, D. Arsenio Pico y D. Jesús Cabarcos [entre outros máis que José Varela parece non poder lembrar nesos momentos], que en las últimas elecciones no tuve relación con los elementos de derechas, y para probar son inciertas tales manifestaciones, ya que me honré y honro con la amistad de las principales personas de derechas de la localidad como lo son, entre otras, Doña Remedios Casás; Doña Josefa Picos, Viuda de Fraga; Doña Marina López de Baamonde, Doña Ricarda Rivera, Maestra Nacional; Doña Carolina Rivera; Doña Josefa Pena de Vérez; Doña Purificación Fraga de Sánchez; Doña Carmen Prieto Viuda de Guerreiro; Don Antonio Ramos, Maestro Nacional y Concejal; D. Manuel Vérez Prieto, comerciante; D. Antonio Mosteiro, Juez Municipal suplente; D. Francisco Penabad; D. Ambrosio Guerreiro, Concejal; D. José Castro Prada; D. Manuel Canedo, pido que declaren estos señores sobre ese extremo y sobre si es cierto que las únicas personas que no trato ni me relaciono con ellas son las que se reúnen en la peña política de la Farmacia de D. Julio Yllade, o sea, mis acusadores, que nunca pensaron en "derechas", si no en combinaciones para obtener el vil mando político."

O cambio de nomes ao pasar dunha a outra redacción (cada un, supomos, por causas ben diferentes) debeu de realizalo Varela moi a última hora, pois entre o borrador manuscrito e o documento definitivo non puideron transcorrer máis de dúas semanas.

58- Nunhas notas privadas de José Varela lemos: "6 Agosto: declaraciones sobre expediente de destitución, a Evangelino respuestas escuetas, a Marcelino Ferro, Picos [...], muchas preguntas, y todo lo que quieran decir".

59- Remedios Casás López, viúva de Plácido López Vilariño, era máis coñecida en As Pontes como "la de Batefa".



Diputados a Cortes y continuar ejerciéndolo en esta Villa, antes y después del Movimiento Salvador de España, y por haber conocido a fondo, por su talento y patriotismo, a los elementos de Puentes, pido que se exhorte a D. Gerardo Salvador Merino, actual Oficial Mayor del Ilustre Colegio Notarial de La Coruña, heroico falangista y Jefe Comarcal de Falange Española Tradicionalista y de las JONS, para que concurra a prestar declaración ante la Comisión instructora de mi expediente de destitución, para que informe sobre mi actuación política durante las repetidas elecciones últimas de Diputados a Cortes, así como sobre mi patriotismo y comportamiento antes y después del Glorioso Movimiento Nacional, lo mismo que la conducta observada por mi familia; al mismo tiempo, pido informe dicho Sr. Jefe de Falange acerca del juicio que le merecen las Autoridades de este Pueblo, mis acusadores."

"10º.- Hago presente a la Comisión Instructora de este expediente que todos los documentos y cartas a que hago referencia, así como las de los que literalmente aparecen copiados en este escrito, se hayan los originales en mi poder, y que estoy dispuesto a exhibir con las garantías necesarias."

E coas seguintes palabras daba por finalizado José Varela González o seu prego de descargos no expediente que lle formulara o concello das Pontes:

"Por todo lo expuesto: "

"SUPLICO a la Comisión Instructora se digne tener por evacuado el trámite de descargo y acordar se practique la prueba que en mi defensa propongo en este escrito, el cual consta de seis folios, firmados y rubricados cada uno de ellos por mí."

"Puentes, veintidós de septiembre de mil novecientos treinta y siete."

O prego de descargos de José Varela debeu de causar unha seria inquedaanza entre os seus acusadores, sobre todo ao alcalde que de novo se viu na necesidade de asumir protagonismo no proceso e actuar con decisión para evitar as funestas consecuencias que podían derivarse daqueles folios, e, de paso, para engadir o testemuño de novos veciños, ademais dos que xa participaran nos trámites iniciais, sobre cuxas declaracións se baseou ata entón o expediente. Así foi que o mércores 29 de setembro, unha semana despois de que Varela presentara o seu prego nas oficinas do concello, Fernández Freire asinaba unha providencia redactada por Durán Juega que dicía:

"Como del pliego de cargos que formula el Médico de Asistencia Pública Domiciliaria de este Ayuntamiento, D. José Varela González, en el expediente de destitución que se le sigue, pone en entredicho no sólo la conducta pública y privada de algunos de los testigos que han depuesto, sino también la observada políticamente con referencia al Glorioso Movimiento Nacional Salvador de España, extendiendo sus acusaciones a otros señores que no han declarado, y afirmando ser falso lo consignado en algunas declaraciones, he acordado por providencia de hoy el dar vista de dicho pliego a todos los señores a que alude el Sr. Varela, para que expongan lo que tengan por conveniente."

"A este fin, se cita a los señores del margen para que, durante el plazo de diez días, si lo creen conveniente, examinen el citado pliego de cargos, formulen por escrito las alegaciones que crean pertinentes y propongan las pruebas que estimen necesarias; esto es, si entendieren que las acusaciones del Sr. Varela fueren falsas, una vez que sobre ello tienen que formar juicio en su día la Comisión instructora, la Corporación municipal y las Autoridades ante quien pueda acudir el Sr. Varela, caso de que cualquier resolución que se adopte le pudiera ser adversa."

Na marxe aparecían mecanografados os nomes de:

*Julio Illade Rilo **



*José Durán Juega **
José Picos Formoso
Marcelino Ferro
Francisco Gómez Levicis
Antonio Fernández Pérez
*Francisco Adalid **
*Felipe Pimentel **
José Sierra Casal
Manuel Vérez Prieto
*Consuelo Cabarcos **
Fernando Prieto Rouco
Manuel Ferreiro Bouza e
Jesús Cabarcos Cal [engadido á man]

Dos cales, algúns, os que aparecen aquí con asterisco, non participaron como testemuñas na proba informativa celebrada en agosto. Debaixo dos nomes desta relación aparece a sinatura de cada un deles recoñecendo estar “enterado” da comunicación do alcalde, excepto nos dous últimos, que quedaron en branco.

1.937, outubro

Aínda que sexa brevemente imos expor as alegacións que por mor da citada providencia do alcalde presentarían Durán Juega, Adalid, Sierra Casal, Julio Yllade e Felipe Pimentel, aludidos por Varela no seu prego de descargos⁶¹. Sospeitamos que ningún deles conseguiu na súa resposta presentar probas suficientemente sólidas como para poder disipar toda dúbida sobre as súas posicións e actividades públicas no pasado, nin ofrecer unha argumentación persuasiva que puidese contrarrestar por completo as acusacións de Varela.

Durán Juega, no seu escrito do 6 de outubro, afirmaba *“que desde el año 1931, y antes de esa fecha, ya he militado constantemente en los partidos de Derechas”*. Ademais alegaba que *“nunca jamás podrá demostrar el Sr. Varela, ni otra persona alguna”*, que estivera afiliado á Unión Xeral de Traballadores, e negaba que fose nomeado pola última corporación do *“frente popular”* para instruír o expediente ao antigo secretario do concello, Marcial Lens; pero admitía que a corporación o comisionara o día *“26 de junio de 1936, para practicar la inspección de la Contabilidad, expedientes y cuentas de este Municipio”*, precisamente (debemos lembrar) a área da que saíra a primeira e principal acusación contra Lens.

Pola súa banda, o ex alcalde Sierra Casal, nun escrito do 7 de outubro, informaba, entre outras cousas, de que cando se fixera cargo da alcaldía tivo que *“aceptarla en la inteligencia de seguir en sus cargos tales empleados [afectos al “frente popular”], dada la situación caótica de este ayuntamiento, ínterim no aparecieran otros en condiciones de ser nombrados”*. Segundo Sierra, esas condicións favorables producíranse pouco despois, ao ocupar Durán Juega o cargo de secretario interino, podendo con este motivo levarse a cabo as destitucións previstas.

Tanto Durán Juega como Sierra Casal ameazaban nos seus respectivos escritos con interpor contra Varela a correspondente querela criminal, polas imputacións inxuriosas que lles formulaba no seu prego de descargos.

Francisco Adalid, por escrito do día 13 de outubro, recoñecía que a pesar de non considerar a Varela como de dereitas, fora nomeado para a primeira comisión pro exército co fin de poder recadar a maior cantidade posible de diñeiro, atraendo tamén a colaborar aos simpatizantes da esquerda. Ademais, na súa alegación Adalid corrixiu a Varela cando aseguraba que a cantidade recadada naquela ocasión fora

⁶¹-As alegacións consérvanse no Arquivo municipal das Pontes. Ao parecer, o resto dos aludidos no prego de Varela non chegarían a exercer acción algunha na súa propia defensa.



de cinco mil cincocentas seis pesetas con dez céntimos, e que o lema baixo o que se organizou o petitorio fose o de *"Suscripción Homenaje a la Milicia de Puentes"*, aínda que (recoñecía Adalid) xa gastara nesas socorros algún diñeiro do recadado. Ademais, ao lembrar o da comida en homenaxe dos milicianos, explicaba que para este fin aproveitaran un cordeiro lesionado durante o traslado da partida de reses que recolleran naquel municipio. E lembraba que tamén o fillo de Varela, José Varela Hyde, asistira á comida; e que, ao final, ante a insistencia dos seus amigos e compañeiros (pois ao principio negábase a iso) rematara por regalarlles un cigarro a cada un, collidos no estanco do seu pai.

Tamén Julio Yllade, o día 14 de outubro, presentaría na alcaldía a súa alegación particular en resposta á mención que lle dedicaba Varela no seu prego de descargos. Ao referirse ás acusacións deste e antes de entrar en maior detalle, Yllade recoñecía que, quizais, se tratase *"de aquellas diferencias locales, ante cuyo temor, y aun faltando algo a los deberes que la Patria nos impone, no quise intervenir en lo más mínimo, en tal (a juicio mío) justificadísimo expediente"*, al cual no había querido *"acceder, no sólo por las razones expuestas, sino porque pretendía de esta manera demostrar mi olvido por resentimientos antiguos"*. E con isto, Julio Yllade tachaba a Varela de rancoroso. Ademais negaba que na súa farmacia se celebrasen coloquios políticos con Miñones e García Ramos, *"a quienes puedo probar jamás he visto en Puentes"*. Recoñecía con todo que tratara aos dous, ao primeiro por razóns comerciais, e ao segundo, nunha ocasión, actuando este como médico forense.

Felipe Pimentel, no seu escrito de alegacións, presentado no concello o 15 de outubro, aseguraba que tiña *"militado siempre en partidos de Derechas, con los principales elementos de esta localidad"*, y que era *"completamente falso cuanto el Sr. Varela trata de imputarme respecto a mi amistad con los Sres. Miñones y García Ramos, a los viajes a Ferrol con el Sr. Alcalde y a lo de la bandera republicana."*

Pero de paso que todos facían as súas alegacións en defensa propia, Sierra Casal, ademais, botáballe un capote ao seu xenro Pimentel, a Adalid e a Fernández Freire. Pola súa banda, Julio Yllade saía en defensa de Durán Juega e do alcalde. E o mesmo Adalid, que non se esqueceu no seu escrito de mencionar os méritos de Pimentel. Con todo, ningún dos sinalados por Varela no seu prego se acordou o máis mínimo de romper unha lanza en favor de Jesús Cabarcos Cal, que, ao parecer, quedou totalmente só e esquecido.

Pero o concello seguía apertándolle as torcas ao médico municipal. O venres 8 de outubro, Fernández Freire ditaba unha nova providencia, redactada nos seguintes termos:

"Hallándose demostrado en el expediente de destitución que se incoa contra el Médico de Asistencia Pública Domiciliaria de este Ayuntamiento, D. José Varela González, que viene ejerciendo coacción con algunos de los testigos que han depuesto, poniendo incluso en duda las declaraciones prestadas, y teniendo además en cuenta las incorrecciones y faltas de respeto que observa en su pliego de descargos, como así bien las injurias y calumnias que profiere contra el proveyente, los que le han precedido en el cargo y miembros de la Comisión Instructora del citado expediente; sin perjuicio de pasar el tanto de culpa correspondiente a los Tribunales de Justicia, vengo en sancionar al Sr. Varela con la suspensión de su empleo y sueldo durante la tramitación del expediente, notificándole este proveído a medio de oficio duplicado."

Con esta mesma data recibía Varela a notificación na que lle comunicaban a suspensión de emprego e soldo. E case simultaneamente, tamén Felipe Pimentel o seu nomeamento, con carácter provisional, de médico de Asistencia Pública Domiciliaria do municipio.



Nunha carta do 11 de outubro á súa filla Carlota, que estaba a pasar uns días cos seus tíos en Ferrol, díciolle José Varela desde As Pontes:

"..., recibí una comunicación del Alcalde suspendiéndome de empleo y sueldo del cargo de Médico Municipal durante el tiempo en que se tramita el expediente,..."

E engadía:

"El que hubiese tomado esa determinación el Alcalde, yo creo me conviene, porque no es él quién para suspenderme; esto, si lo hiciese al principio, me convenía, porque quedaba yo en libertad para moverme, lo que puedo hacer ahora,..."

O día 31 volvía Varela a escribir á súa filla, que acababa de cumprir vinte e sete anos, para felicitala polo día do seu santo:

"Querida Carlota: "

"Ante todo, a pesar de mis múltiples preocupaciones, no me olvido que el próximo 4 de Noviembre es tu fiesta onomástica. Deseo lo pases relativamente contenta y satisfecha, y que, para el año, lo celebremos más tranquilos, bajo todos los aspectos. Te envío 25 pts. como prueba de cariño, ciñéndome a las circunstancias de los muchos gastos que estoy teniendo y pocas ganancias."

Pero aínda coleaba a denuncia do alcalde polo suposto abandono de servizo a mediados do mes de febreiro último. Na mesma carta do 31 de outubro á súa filla Carlota díciolle José Varela que pedise a Castro Meizoso (futuro sogro da filla) que, por favor, se achegase ao coche de liña a comprobar nos libros da

empresa (naquela época anotábanse os nomes dos viaxeiros) se aparecía el neles:

"Necesito que con toda urgencia se tome la molestia Castro de ir a las Administraciones de los autos de Puentes e Ideal Gallego, y se enteré con toda exactitud en el libro de viajeros de ambos sitios: 1.º si figura que fui en el auto de Puentes a Ferrol el día catorce (14 de Febrero de este año de 1937).- 2.º si figura en el auto de El Ideal Gallego que fui a La Coruña al día siguiente quince (15), así como que regresé en ese mismo día de Coruña a Ferrol en el auto de la noche, y 3.º si figura en la Administración de los autos de Ferrol a Puentes, que vine el día siguiente dieciséis (16) para ésta."

"Estos datos muy exactos me son necesarios estén en mi poder el día 3 de Noviembre (miércoles), porque si voy a La Coruña el día 4, como pienso, tengo que llevarlos por otra denuncia que tenia presentada el Alcalde por abandono de destino el día 14, teniendo yo en mi poder un oficio firmado por ese Alcalde en el que aparece con fecha 15 y por el plazo de 48 horas, tu hermano Pepe encargado de la asistencia. Me refiero al mes de Febrero."

1.937, novembro

Con data do 27 de novembro, Fernández Freire chamaba ás persoas que Varela propuxera na súa defensa. O alcalde convocábaos para que, (se queren concorrer a prestar declaración), acudiran ao concello con ese fin os días 3 e 4 de decembro.

O martes día 30 de novembro chegaba ás Pontes o delegado do gobernador civil da provincia, sen que na alcaldía se recibise anuncio algún desta viaxe. Podémos imaxinar a sorpresa do alcalde ao velo entrar no concello.

**1.937, decembro**

O 1º de decembro, a esposa de Varela, Carlota Hyde, escribía unhas letras á súa filla maior, aínda en Ferrol, para acompañar o envío dalgunhas subministracións (manteiga, ovos, unto,... , moi caros, pois *"todo está polas nubes"*) que lle facía para os tíos.

Dicía a nai:

"Ayer llegó [a As Pontes] un delegado mandado por el gobernador, veremos a ver qué es lo que hace, por ahora nada se puede aún saber, yo creo que vendrá hacer justicia como hace falta."

Nesta nota apresurada atopamos a primeira referencia á enfermidade do marido. Di Carlota á filla:

"De papá nada te puedo decir pues sigue lo mismo. Dios lo ponga pronto bien, pues lleva unos días bien fastidiado."

Algo máis explícito, José Varela, nunha cuartilla á parte engadía uns detalles de interese, unha nota que (supoñemos) achegaría máis tarde á da súa muller, pois ambos escritos levaban a mesma data. Dicialle Varela á súa filla:

"Querida Carlotita: "

"Por Manolo [Varela Hyde, su hijo] te mandé decir ayer que estaban avisando, con prisa, para tomar declaración a las personas que propuse yo de prueba, y que lo harán los días 3 y 4 del cte;

pero para que veas te tengo al corriente de lo que ocurre te diré que ayer llegó de sorpresa el Delegado del Gobernador, y enseguida se fue al Ayuntamiento a inspeccionar las cuentas. El Alcalde estaba nerviosísimo porque no lo esperaban. No sabemos los días que estará ni las determinaciones que tomará, pues esto supongo será al último, según lo que observe."

"Ya informaron por escrito en mi expediente, y lo hicieron muy bien, el Arcipreste y Cura de Piñeiro [Sequeiro Legaspi], Párroco de Puentes [Río Seijo] y Párroco de Vilavella [Varela Lage]. Ayer vinieron de Lugo para declarar Marina [López Casás] y Evangelino [Baamonde Fontao] el día 3, como lo harán la Sra. Remedios [López, viuda del ex juez municipal Ramón Rivera Chao] que se está portando muy bien, Ricarda [Rivera López], Carola [Rivera López], las de Román [Sánchez Rego], Maestros, etc."

E seguía Varela falando, un pouco máis abaixo, acerca da súa enfermidade:

"Lo peor de todo es mi salud, pues nunca la tuve tan quebrantada; tengo siempre un frío horrible, no sé que tomar de alimentos, pues tanto me sabe el agua como la leche, huevos pasados, etc. Desde hoy voy suprimir la leche y huevos, que era lo que tomaba, y voy a estar sometido a sopas de pastas y compotas."

"Dile a Pepe Castro [Seoane] lo de la venida del Delegado, y si hay destituciones u otros castigos ya os lo llegaré a decir oportunamente."

"Hoy tenemos un día muy lluvioso. El Delegado para en casa de Carmen."

"Cariños de todos para todos, y tu sabes te quiere tu padre."

Pero xa o 3 de decembro Durán Juega inhibíase oficialmente de entender no expediente de Varela, nas funcións que viña desempeñando de secretario. O alcalde nomeaba para substituílo accidentalmente neste labor ao oficial do concello Manuel Villanueva Carrillo.



E precisamente nesta mesma data, o alcalde Fernández Freire, acompañado agora do secretario accidental Villanueva, iniciaba a rolda de preguntas ás testemuñas que Varela propuxera no seu descargo, pero só a aqueles que voluntariamente quixesen acudir á súa convocatoria. Non imos entrar nos detalles de cada unha das declaracións, pois, como era previsible, éranlle favorables a Varela. Como excepción a esa tónica xeral sinalamos que nas súas novas declaracións Manuel Ferreiro desmentía a Varela, ratificándose nas que efectuara durante a proba informativa de agosto último. Pola súa banda, Evangelino Baamonde corroboraba e ampliaba as súas, pero nesta ocasión deixando constancia por escrito de que iso era o que quixera dicir e non puidera na súa comparecencia anterior:

"Que lo que queda consignado es lo que el declarante pretendía se hiciese constar en su primera declaración, habiéndosele manifestado que tenía que ajustarse solamente a dos preguntas escuetas que hacía el Sr. Gobernador."

O 4 de decembro, o alcalde asinaba o seguinte escrito dirixido a "José Varela González. Médico", no que lle dicía:

"En atención a que el expediente de destitución que se incoa contra V. está próximo a terminarse, y tiene que elevarse al Excmo. Sr. Gobernador civil de esta provincia, he acordado levantarle la suspensión de empleo y sueldo contra V. decretada."

O duplicado do escrito aparece asinado por José Varela con data do 11 de decembro.

Ao día seguinte, 12 de decembro, José Varela, "enfermo e gardando cama a consecuencia dunha febre tífica", dirixíase por escrito ao alcalde, comunicándolle que se atopaba imposibilitado para desempeñar as súas funcións de médico municipal.

1.938, o final (16 de xaneiro)

O 4 de xaneiro (practicamente, aínda en Nadal) a corporación municipal das Pontes reuníase en sesión extraordinaria baixo a presidencia do alcalde 1^{er} tenente en funcións Jesús López e López⁶². Trala lectura e aprobación da acta da sesión anterior, a corporación quedaba informada de que...

"...el Excmo. Sr. Gobernador civil de la provincia había decretado el cese del Alcalde Presidente Don Fernando Fernández Freire, haciendo cargo de la Alcaldía al 1^{er} Teniente Don Jesús López."

E un pouco máis adiante, na acta da mesma sesión, aparece recollida a seguinte información:

"Diose cuenta de otro oficio del Excmo. Sr. Gobernador civil por el que se ha acordado anular las actuaciones practicadas por el Alcalde y Secretario de este Ayuntamiento en el expediente que se sigue al Médico municipal D. José Varela González, retrotrayéndolo al estado de designación de los Concejales instructores, ante quien deberán evacuarse las declaraciones y demás diligencias que se consideren oportunas, cuya Comisión instructora designará un funcionario que actúe de Secretario del expediente, que en ningún caso podrá ser el actual Secretario del Ayuntamiento [José Durán Juega]."

"La Corporación enterada acuerda por unanimidad dar el más exacto cumplimiento a lo dispuesto por la Superioridad y comunicarlo así a los Concejales instructores del mencionado expediente."

O oficio do gobernador civil (José María de Arellano), anulando as actuacións levadas a cabo por Fernández Freire e Durán Juega no expediente de destitución de José Varela, levaba data do 15 de decembro último.

62- Libro de Actas, p. 80. Co alcalde en funcións Jesús López y López, e o secretario interino Durán Juega, asistían á sesión os concelleiros José María Vázquez, Avelino Nistal, Pedro Ulfe, Domingo Ramil, Constantino López, Daniel Bermúdez, José María Caaveiro e Evangelino Cabarcos.



José Varela González regresaría a Ferrol para morrer. O domingo 16 de xaneiro de 1938, ás sete da tarde, cando aínda non cumprira os sesenta e un anos, apenas catro meses despois de presentado o prego de descargos no concello, Varela falecía na casa da súa cuñada Celia, no primeiro piso do n.º 165 da rúa Real [hoxe n.º 209], fronte á praza de Amboage. Co seu organismo moi deteriorado, practicamente destruído, morría en estado de extrema desnutrición. Nesos momentos acompañábano o seu amigo Raimundo, irmán de Evangelino e Guillermo Baamonde, que residía en Ferrol⁶³.

Parece ser que José Varela morreu de cancro; algúns na familia apuntaban que fora debido a unha tuberculose de larinxe. Pola súa banda, o certificado médico (algo máis cauto) só sinalaba que a morte lle sobreviñera a consecuencia do estado caquético no que se atopaba. Pero nas Pontes houbo quen lembrándoo con piedade e tenrura chegarían a dicir que a Varela matárono a desgustos. Foi enterrado ao día seguinte no cemiterio do Ferrol, a súa *"itaca"* natal.

Para maior seguridade José Varela tivera bo coidado en levar a Ferrol a copia do prego de descargos definitivo, os borradores e o *"recibí"* do secretario do concello.

Pero pouco antes de morrer puido chegar a coñecer que o goberno civil da provincia fallara ao seu favor o expediente de destitución pendente, confirmándoo no posto de médico municipal. A noticia apareceu publicada na prensa diaria. E á vez, coa resolución favorable a Varela, o mesmo goberno impuña fortes multas aos seus principais acusadores⁶⁴.

63- *Tan só catro días despois de José Varela, aos 93 anos de idade, morría a nai dos irmáns Baamonde, Manuela Fontao.*

64- *De acordo con fontes orais que non chegamos a confirmar documentalmente, o gobernador civil impuxo as seguintes multas: a Julio Yllade Rilo, 10.000 ptas., a Jesús Cabarcos Cal, 5.000 e a Fernando Fernández Freire, tamén 5.000.*

Segundo se sóubo máis tarde por "as de Román", que entón vivían na praza do Hospital, algúns dos seus veciños puideron observar como Jesús Cabarcos saía ao medio da praza a queimar os xornais do día nos que aparecía a noticia, en sinal de desprezo e como proba do pouco que lle importaban o fallo do gobernador e a multa que lle impuxera.

Antes de finalizar a narración cremos de xustiza deixar constancia de que, tras a morte de Varela, xa resolto ao seu favor o expediente de destitución que lle formularan, todo a vila das Pontes se afanou en axuda da familia, incluídos notorios inimigos de había poucos días como Felipe Pimentel e Durán Juega. A situación da familia era certamente precaria, quedando como quedaba a súa viúva, en plena guerra, ao cargo de sete fillos, algúns aínda moi novos, que, con excepción de Pepe, xa médico, permanecían aínda na casa. En novembro deste ano, a súa filla Carlota casaría na Igrexa parroquial das Pontes. Pero Varela non deixara un patrimonio tranquilizador para os seus, nin propiedades nin un capital comfortable, cousa ben estraña nunha vila de fortunas moi notables.

As rifas de moitos anos remataron de súpeto. Os asaños inveterados desapareceron. A animosidade entre os Varelas e Yllades esfumouse como por encanto. Os fillos de José Varela, especialmente os máis novos, estableceron relacións de amizade cos de Julio Yllade que duraron toda a vida. Enrique Varela lembra como era convidado a comer á casa do farmacéutico, en compañía de toda a familia, ou a satisfacción que descubría no rostro de Julio cando casualmente se atopaban pola rúa. Ninguén tivo empacho en recoñecer que, como país, tanto Yllade como Varela foran modélicos. E cousas parecidas poderíamos dicir doutros apelidos ben coñecidos dos nosos lectores.

Epílogo

É certamente unha sorte poder mirar atrás a observar o pasado, para analízalo fría e serenamente coa vantaxe dos anos transcorridos, cando xa non é posible modificar nin cambiar nada. E con todo, unha vez xa sobre o papel, a historia non é intocable, e sempre teremos que volver e tentar refacela; tamén esta que apenas deixamos aquí medio esbozada.



Case non sabemos nada do que realmente ocorreu alí aqueles anos; pero nese pouco que puidemos chegar a coñecer, nada atopamos que fose extraordinario ou exclusivo, nada que fose diferente do que nos é habitual e dabondo coñecido, que así de simple e trivial foi tamén esta historia. Se nalgún momento algunha das súas pasaxes colleu ao lector por sorpresa, desprevido, deberá cargalo á súa conta e non á magnitude dos feitos nin á maña e artificios desta narración.

Pero se levados dun arrebatado de inxenuidade repentino, quixésemos aínda, a pesar do antedito, deixarnos sorprenden por algo, poderíamos deter ante os papeis que, finalmente, tiveron que ir asumindo os seus protagonistas, que, urxidos polas circunstancias, terminaron case por converter o drama en pantomima. Así foi como nos últimos momentos os seus caracteres aparecen moi forzados; ningún logrou representar alí o papel no que, previamente, sospeitáramos atoparlo.

Se tratáramos hoxe de explicar ese anaco de historia recente, eses enfrontamentos que sacudiron As Pontes nuns anos de guerra, empregando soamente conceptos e termos teóricos sacados do repertorio político habitual, aplicando esquemas doutriniais ou espremendo ao máximo as análises consagradas polas ideoloxías, remataríamos por comprobar que, practicamente (e aínda recoñecendo que hai razóns en todo e ata o despropósito no home está cargado de sentido), non teríamos conseguido explicar nada.

Afastados xa algúns anos deses conflitos de carácter marcadamente persoal que acabarían por saír ao exterior e estalar durante o verán de 1937 (separados deles por máis de dúas xeracións), os seus protagonistas parecen ocupar xa os eixos sobre os que se articulan as nosas lembranzas infantís e onde as nosas vidas entroncan coa historia familiar, á que case chegamos a tocar, pois os seus nomes xa son o punto de encontro de moitos e referencia para numerosas liñaxes.

En máis dunha ocasión durante o relato tivemos a impresión de que

regresábamos cara ás nosas orixes máis escuras, pois os protagonistas (aínda que con trazos rudimentarios) parecían calcados daqueles outros afastados, imponentes, case lendarios, que entre versos e versículos, cos seus afáns e enredos e algún apañado, quedarían para sempre atrapados nas crónicas máis antigas. Para nós, os que nos detivemos hoxe a mirarllos á cara con ben pouco disimulo e non escasa fascinación, xa veñen ser algo así como os postremeiros anciáns da tribo, os vellos señores da guerra, os últimos patriarcas da *"historia sacra"* particular de cada un.

Jesús Cabarcos Cal morrería nas Pontes en 1947, a véspera do día dos Santos Inocentes. Marcial Lens, en setembro de 1951. Julio Yllade, nas Pontes igualmente, en outubro de 1955, e Felipe Pimentel no Barqueiro, cara a mediados desta mesma década.

Foi aquela unha época de enorme amargura para todos, que só o tempo e o silencio foron paliando lentamente; un silencio espontáneo de tristeza compartida. Os netos de Varela nunca chegarían a ouvir dos seus pais unha palabra sobre aqueles



Netos de Varela e amigos na fraga (1953)



Carlota Hyde, cos seus fillos e familias (1946)

feitos. Pero tampouco dos veciños da vila, numerosos, que despois de vivilos moi de cerca, sobreviviríanos moitos anos. Foi como unha homenaxe recíproca, un cumprido.

Con todo, a presenza de José Varela, sixilosa pero tenaz, mantívose sempre naquela poboación. Primeiramente na súa esposa e nos seus fillos, que aos poucos a terían que abandonar, pero retornando sempre, sen despedidas para sempre. Máis adiante, polos seus netos, a pesar de que ningún chegase a coñecelo. Pero volveron e volveron, por anos e máis anos, que nunca rematarían por abandonala de todo e esquecerla. Aínda hoxe, para algún deles, todos os detalles da vella vila (aínda os máis insignificantes da súa paisaxe, das súas casas e as súas xentes) foron, son e seguirán sendo motivo constante de *"añoranza"*.

O FINAL DUN RELATO

Ao recobrar actualidade a figura de José Varela tras a decisión do Concello das Pontes de dedicarlle unha rúa da localidade acordada por unanimidade no Pleno da Corporación o 7 de marzo do 2013 e comunicada á familia por carta do Sr. Alcalde o 14 dese mesmo mes, un recoñecemento gozoso que os engrandece a eles e nos enche de alegría a nós, precisamente ao cumprirse os 75 anos do seu falecemento, quixémosos desde aquí agradecerllo a toda a veciñanza, ao Alcalde, ao Concello e, moi particularmente, aos que tomaron a iniciativa, a patrocinaron ou a compartiron, pois algo do noso corazón segue alí aínda.

Cando en febreiro do 2006 din a publicar os *Reflejos de historia desde "las puentes del río Eume" (1904 - 1937)*.

tiven a sensación de que, na súa manufactura, a miña intervención non había ir moito máis alá da do simple e fiel amanuense que escribe ao ditado de quen sabe ben o que pretende.

Tamén o azar (esa casualidade que parece gobernar as nosas vidas) tivo algo que ver coa xestación do relato de José Varela publicado en Estudos Mindonienses: desde o achado dos seus testemuños escritos (perdidos no fondo dun baúl encanastrado nun faiado cheo de po e de lembranzas), ata a axuda do seu fillo Enrique, xa octoxenario (remiso a colaborar), dotado dunha memoria privilexiada, proverbial entre familiares e amigos; sen desdeñar certos paralelismos que nos pareceu poder descubrir entre o protagonista e algún personaxe de ficción da literatura universal.



Certamente todo, ou mellor case todo, o que tiña que figurar no relato apareceu en Estudos Mindonienses. Digo case porque algúns dos detalles (escasos) non chegarían ao texto definitivo, ben porque non eran relevantes para o obxecto da historia, ben porque se saían do marco que eu mesmo me prefixara, ou, simplemente, porque cheguei ao seu coñecemento pasada xa esa data. Hoxe, aproveitando a xentileza de HUME, gustárame poder rematar eses flocos que entón me quedaron soltos.

A pesar de que os *Reflejos de historia* de José Varela nas Pontes non se aviñan moi ben coas prácticas políticas máis extremistas imperantes naquela época, pareceume, con todo, que, en si mesmos, deixaban entrever unha certa cohesión, un grao de coherencia nada desdeñable, dificilmente atribuíble ao perfil do autor, aos seus avais académicos ou ás súas dotes de fabulador.

Sorprende o descubrir como nesa representación ambientada nas Pontes (sobre un escenario moi reducido, parecido ao que se fixara Joyce para o seu heroe nesa mesma época) chegarían a coincidir tantos e tan diferentes personaxes, tan estraños entre si, cada un co seu pasado, a súa mentalidade e a súa particular bagaxe de ilusións e fracasos. Pronto xurdirían os lóxicos rozamentos e os inevitables enfrontamentos. Sorprende igualmente o ver a tan elevado número de titulados que coincidiron alí aqueles días, contaxiados de inquedanzas radicais que lles levarían aos máis extremados compromisos, inquedanzas que recibiran (debemos supor) no ambiente estudantil que reinaba na Universidade de Santiago a finais e principios de século, en torno ao 1900. Sería interesante chegar a coñecer as preocupacións e correntes intelectuais que axitaban a vida desa Universidade durante estes anos.

Pero quixéramos agora rematar este relato sobre José Varela nas Pontes comentando algúns feitos relacionados con el, posteriores á súa confirmación no posto de médico municipal e ao seu pasamento. Por exemplo, o de que, segundo

se rumoreou pola vila, os seus adversarios nunca chegarían a satisfacer as fortes multas que lles impuxera o Gobernador Civil da provincia; ou o de que nin sequera transcorrera un mes desde a morte de Varela cando o propio Gobernador, don José M^a de Arellano Igea, era cesado no cargo e destinado á xefatura do Servizo Nacional de Rexistros e Notariado do Ministerio de Xustiza, ás ordes do ministro Conde de Rodezno, no novo Goberno que acababa de constituírse en Burgos.

Nunha primeira reacción non puidemos menos de por en íntima relación todos estes feitos. Pero quizais sería máis prudente non aventurar unha teoría sobre unha tal conexión, pois tamén hai razóns para pensar que Arellano había ir ao Departamento de Xustiza a instancias dun posible parente seu próximo, don Luís Arellano, novo subsecretario nese Ministerio. E máis se temos en conta que, en recoñecemento aos seus méritos, don José M^a (xa no seu novo destino), sería nomeado Oficial Primeiro Honorario do Corpo Xurídico Militar, quedando, como tal, adscrito á Auditoría da 6^a Rexión Militar, ou sexa, á de Burgos.

Como consecuencia do seu cesamento, o 10 de febreiro de 1938, o señor Arellano, nunha nota á prensa, despedíase de todos os coruñeses, á vez que agradecía aos seus colaboradores a axuda que lle prestaron durante o seu mandato. Ocupara o posto de gobernador durante oito meses soamente. Nomeado o 1^o de xuño de 1937 por decreto publicado en Salamanca, o señor Arellano chegara á Coruña o 11 dese mesmo mes procedente de San Sebastián, onde desempeñara ese mesmo cargo. O día 23 chegaría a súa dona, dona María Dolores Uriarte. No momento da súa designación para o cargo de San Sebastián, Arellano (avogado de carreira) fora o primeiro Gobernador Civil non militar nomeado en zona nacional logo de iniciarse a guerra.

A partir da data da súa chegada á Coruña, a actividade de Arellano debeu de ser frenética. A parte da súa constante preocupación polo subsidio prol-combatentes, do que facía incansable publicidade, raro era o día en que non



aparecía na prensa unha relación das visitas recibidas no seu despacho oficial, das destitucións de alcaldes e concelleiros producidas, das multas e sancións impostas (tanto a desafectos políticos como a vendedores fraudulentos ou a denunciante calumniadores), ou de clausura de casas insalubres, amais diso os cesamentos e desterros decretados, sen esquecer a súa presenza en moitas das reunións das Xuntas Provinciais de todo tipo (Incautacións, Padroado Antituberculoso, Economía e Abastos, Prezos, Espectáculos, Protección de Menores, Obras do Porto) ou da Comisión Depuradora de Ensino; e, sobre todo, as Circulares que pronto empezaría a emitir no bo goberno da súa provincia, algunhas (como veremos) moi interesantes. Mesmo lle sobraaba tempo para, en ocasións, darse unha volta polos mercados da Coruña a comprobar persoalmente a regularidade dos prezos que foran prefixados. Se comparamos coas de Arellano, as informacións de prensa sobre as actuacións do seu predecesor no posto poderían cualificarse de pobres, tímidas, insulsas e, mesmo, de faltas de rigor ou dunha mínima transparencia.

Pero daquela a súa primeira época na Coruña sería inescusable non consignar a nota do Goberno civil que apareceu na prensa o 1º de xullo de 1937 (cando Arellano non cumprira aínda o seu primeiro mes de mandato), en que informaba de que cursara ordes á Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación para que se incoase *inmediatamente* un expediente de destitución ao secretario da mesma, don Leandro Pita Romero. E, pola mesma razón, á Asociación Xeral Patronal, onde Pita Romero viña desempeñando o cargo de avogado asesor. Xusto un día antes, ou sexa, o 30 de xuño, o Concello das Pontes, en sesión extraordinaria, acordaba crear unha comisión que se fixera cargo do expediente de destitución do médico municipal. Evidentemente, esta coincidencia de actuacións gubernativas non era casual. Á vez que José Varela iniciaba o seu particular calvario, Pita Romero (o seu antigo xefe político) comezaba tamén o seu¹.

1- Só a título de curiosidade desexamos deixar constancia de que, precisamente ese 30 de xuño de 1937, a Delegación de Orde Pública da Provincia da Coruña sancionaba a don Narciso Corral Ocampo, das Pontes, cunha multa de 100 pesetas, por no saludar a las banderas nacional y de Falange, contestando a la Guardia civil en tonos airados al ser invitado a ello.

Pero a pesar de todo gustaríanos desde aquí render ao señor Arellano a nosa particular homenaxe, onde poder resaltar (aínda que sexa de forma moi sumaria) os seus esforzos, méritos, acertos e, mesmo, éxitos, en sincero recoñecemento por todo o que fixo en favor de José Varela, no medio dunha guerra impresionante e de moitos e tristísimos episodios. O resto das súas actuacións como gobernador deixáramoslo aos mergulladores de interpretacións máis xusticeiras, simplistas ou maniqueas.

Sobre todo interesáranos destacar aquí as Circulares que publicou con certa incidencia na realidade social da provincia. Así, o 7 de agosto de 1937, o señor Arellano daba o visto e prace a un documento sobre o problema do paro, no que recollía unha serie de medidas para atallalo, ou, polo menos, para palialo. Non imos entrar nos detalles da Circular, nos puntos onde se resumían as actuacións a emprender; non é este o lugar apropiado. Só destacaremos o último dos seus puntos, no que pedía a ...” *todos cuantos obreros parados estén padeciendo necesidad, por no ser debidamente atendidos, acudan a mi Autoridad, que no descansaré hasta remediarla*” (unha linguaxe certamente insólita nun político en exercicio).

Non é de estrañar que tras o texto da Circular e en contra do acostumado, *La Voz de Galicia*, na súa edición do 8 de agosto, engadira comentarios moi eloxiosos para a devandita comunicación oficial e para o seu inspirador, comentarios que empezaban con estas palabras:

Merecen entusiastas alabanzas estas previsoras medidas del Gobernador civil, señor Arellano, cuya personalidad relevante se va acusando cada vez más en el acertado mando de la provincia. (...)

E terminaban dicindo:

Que no sea, pues, letra muerta —una circular más— la que transcrita queda. De ello se cuidará con su decisión



característica el señor Arellano; pero bueno será que de ello se percaten buenamente cuantos deban juzgarse comprendidos en el altruista y levantado llamamiento de nuestra primera autoridad civil.

Como era de esperar, ao día seguinte, o día 10, o mesmo xornal facíase eco de que *"fueron muchos los obreros que acudieron ayer al Gobierno civil a solicitar trabajo. A todos ellos se les tomó la filiación personal y profesional para buscarles colocación inmediata"*.

Pero as intencións e boa vontade do Sr. Arellano ían moito máis alá das meras palabras e as belas Circulares de despacho. As reunións do gobernador cos empresarios da construción, cos concellos da súa xurisdición, coas entidades financeiras, etc., solicitando e promovendo obras, e ademais diso créditos, que atopamos nas páxinas da prensa, eran continuas. A iso habería que engadir as frecuentes viaxes que emprendeu ata os recunchos máis apartados da súa provincia, con esa única preocupación, e que vemos recollidos nos xornais locais.

Tamén (na súa loita contra o caciquismo reinante, verdadeira praga do campo galego) debemos mencionar a Circular que apareceu publicada o 10 de xaneiro de 1938, na que se denunciaban e prohibían os contratos efectuados segundo o chamado *sistema de aparcería (préstamo sobre las vacas, con derecho al reintegro del capital más la mitad de los frutos de reproducción, que, según el propio gobernador, era un préstamo netamente usurario)*. Ademais, por esta Circular, quedaban anulados os contratos aínda vixentes outorgados segundo esa modalidade e obrigábase aos debedores a pagar só o interese legal do cinco por cento anual do préstamo recibido.

Curiosamente, aos poucos días, o 24 dese mesmo mes, o propio gobernador víase na necesidade de precisar a súa circular anterior por mor dos abusos denunciados, que:

...afectan principalmente al tipo de interés en los préstamos con garantía, en los que se ha llegado a estipular el diez por ciento y en los genéricos, en que el capital en muchos casos ha sido devuelto duplicado al acreedor, sin que el prestatario se vea liberado de las obligaciones impuestas.

Nesta segunda circular aclaratoria, o gobernador animaba aos labradores afectados (entre outras actuacións) a denunciar os casos en que se visen sometidos a prácticas abusivas polos prestamistas, como a de tentar adiantar a data de vencemento pactada inicialmente da parte aínda pendente da débeda financiada *muchas veces con dinero que ellos mismos adquirirían mediante operaciones de crédito bancario a tipo más barato*, ou a de ser ameazados de non volver recibir crédito algún no futuro. Só destacaremos os puntos sexto e sétimo desta segunda circular do señor Arellano sobre a usura:

Sexto, Toda denuncia sobre forma de contratación leonina y opresora para el labrador, el pescador o el obrero, será atendida gubernativamente dentro de mis facultades de tutela social, dejando a salvo las funciones procesales y jurídicas de los Tribunales de Justicia.

Séptimo, Se crea en este Gobierno civil el Negociado décimo que tendrá como objeto catalogar a todos los usureros activos que puedan existir en la provincia de La Coruña, y estudiar las sanciones que proceda adoptar.

Outra Circular (xa de menor calado pero relacionada co noso relato) saíría á luz o día 28 de xaneiro de 1938, nin sequera dúas semanas despois de desaparecido Varela. Transmitía ordes do Gobernador Xeral do Estado acerca da lei de xullo de 1934 *(dada con el propósito, digno de alabanza, de poner término a las demoras, a veces injustificadas, con que las Corporaciones municipales abonaban las dotaciones del personal encargado de prestar los distintos servicios*



benéficos-sanitarios, con cargo a los presupuestos de los Ayuntamientos), pero que non dera, en la práctica, el rendimiento ni los resultados que guió los propósitos del legislador. Con esta intervención se pretendía normalizar la vida municipal, robustecer las Haciendas locales, y de que tanto los médicos como los demás funcionarios de las Corporaciones perciban puntualmente los haberes devengados y que legítimamente les corresponden por los cargos que ostentan.

Entre os afectados pola citada lexislación (que a experiencia había demostrado que por ser *Ley de protección exagerada a favor de la clase sanitaria y por el desbarajuste económico administrativo* reinante) atopábase o médico das Pontes, José Varela. No seu caso particular, as débedas pendentes acumuladas entre 1934 e 1937 polo concello das Pontes xa excedían as nove mil pesetas, que, naturalmente (morto el), recibiría a súa viúva, Carlota Hyde.

O 23 de febreiro de 1938, cando o Sr. Arellano abandonara xa o posto de gobernador e marchado ao seu novo destino, chegaba á Coruña, para substituírlo, don Julio Muñoz R. de Aguilar. Antes de tomar posesión do cargo e aínda no hotel onde se hospedara provisionalmente, don Julio Muñoz era visitado polo gobernador interino, Ladislao Roig, e por Salvador e Merino. Cremos que este Salvador e Merino é a mesma persoa á que Varela, na *Petición de Pruebas del Pliego de Descargos*, solicitara declarar ante a Comisión instrutora do seu expediente, e, tamén (estamos convencidos), a peza ou testemuño fundamental da resolución do gobernador Arellano favorable a Varela. Don Gerardo Salvador Merino (neses momentos Oficial Maior do Ilustre Colexio Notarial da Coruña) exercera antes de notario na demarcación das Pontes e tamén, por tanto, *conocido a fondo a los elementos de Puentes*, segundo lembraba Varela no seu Prego de Descargos. Neste documento de autodefensa, Varela exhorta ao señor Salvador Merino a que informe (entre outras cousas) *acerca del juicio que le merecen las Autoridades de este Pueblo, mis acusadores*. Tamén aquí, desde estas páxinas de HUME, quixéramos

dedicarlle a don Gerardo Salvador [y] Merino a nosa particular homenaxe.

Non sabemos, nin seguramente cheguemos a sabelo nunca, se esa permanencia de tan só oito meses no posto de gobernador e a súa consecuente substitución, tiveron algo que ver co desenlace da historia de Varela. É lóxico facernos a pregunta, pois nas Pontes había xentes con influencias nas máis altas instancias da nación. Pero tampouco ten que estrañarnos, pois, de feito, ata esa curta permanencia do señor Arellano no cargo superaría nuns poucos días á do seu predecesor, don Francisco da Rocha Riedel. Esta mobilidade debía de ser moi normal entón ("cousas da guerra"), cambios rápidos, case improvisacións, nos postos de dirección e de mando.

Como xa dixemos, os rumores que circularon sobre a resolución das multas con que foran sancionados os adversarios de Varela son verosímiles. Podemos aceptar eses supostos, aínda que o feito mesmo das sancións sexa incuestionable. Basta lembrar o escrito que o señor Arellano, aínda no cargo de gobernador (xa falecido Varela), dirixira a don Joaquín López Rúa, Asesor Xurídico da Deputación Provincial; escrito que pode ser consultado nos arquivos do Goberno Civil daquela época:

En uso de las atribuciones que me están conferidas, he resuelto nombrar a Vd. para que como Delegado de mi Autoridad, se persone en el Ayuntamiento de Puentes de García Rodríguez al objeto de ampliar las indagaciones que aparecen en el expediente instruido por don Marcial Bescos, que se acompaña, a fin de que en su día se haga por este Gobierno la oportuna revisión respecto a la procedencia de las sanciones que a consecuencia de dicho expediente se impusieron.



Se adjunta escrito documentado de D. Julio Illade reclamando contra multa de 10.000 ptas., otro de D. Fernando Fernández, contra otra de 5.000 ptas., y nota del mismo ampliando le escrito mencionado, finalmente, escrito de D. Jesús Cabarcos Cal haciendo idéntica reclamación contra multa de 5.000 ptas. Todas estas sanciones tienen su origen en el repetido expediente.

Dios guarde a V. muchos años.

La Coruña, 2 [1, corregido a mano] de febrero de 1938.

EL GOBERNADOR CIVIL,

*Sr. D. Joaquin López Rúa,
Asesor Jurídico de la Diputación Provincial.*

Co mesmo motivo e idéntica rectificación de data, o Gobernador Civil informaba por escrito ao Alcalde das Pontes do nomeamento de López Rúa, da súa visita a aquel concello e das súas actuacións alí en representación súa.

Desgraciadamente, non puidemos localizar o expediente instruído por don Marcial Bescos, nin os escritos de reclamación presentados polos sancionados, uns documentos que, sen dúbida, botarían moita luz sobre os acontecementos das Pontes e sobre a interpretación oficial que mereceron no Goberno Civil da Coruña.

Á vista do nomeamento de López Rúa e da súa intervención no concello das Pontes, poderíase pensar que, por entón, José M^a de Arellano xa empezara a abrigar serias dúbidas sobre a procedencia das súas sancións, o que

tamén daría visos de verosimilitude aos citados rumores. Seguramente, esa posible condonación de multas recaería xa nunha decisión persoal do seu sucesor, o novo gobernador, quizais asesorado por Salvador e Merino.

Foron aqueles, certamente, tempos moi difíciles para todos; quizais, a maior ocasión que puido contemplar o mundo do século XX onde houberon de aquilatarse os mellores dos homes, os máis xenerosos e de espírito máis forte; entre eles José Varela xunto a outros moitos que, sen dúbida, non desmereceron dunha ocasión como aquela. Ao seu paso polas Pontes, a odisea de Varela desenvolveríase como nunha sinfonía en catro movementos: o primeiro, unha abertura, na primavera de 1904, en clave de alegría, entusiasmos e optimismo; logo, o verán caloroso, angustioso, con anuncios de tormentas e malos presaxios; despois o outono, á espreita sempre coas súas típicas tristezas e premonicións, e, finalmente, a morte, nunha apoteose final, dramática, un 16 de xaneiro, en pleno inverno, no máis cru do ano.

Non sabemos se as guerras se van incubando aos poucos, a paso lento, case imperceptible, e estalan no momento programado; ou xorden de súpeto, cando un menos o espera. O que si sabemos é que aquela guerra (*a guerra civil española*) foi unha guerra de verdade, unha auténtica guerra, cos seus horrores, os seus heroes e as súas miserias; e, ademais (hai que dicilo tamén), unha guerra de dimensións mundiais, que deixou no máis espantoso dos ridículos a outras guerras moi coñecidas (confusas, equívocas) bautizadas con ese nome.

Ao repasar a Historia sempre rematamos por descubrir que o máis difícil para o home da rúa é poder entender onde acaban as revolucións e levantamentoos das masas soliviantadas e onde empeza o máis simple, puro e duro crime do asasinato e a vinganza, xustificados máis tarde por anhelos de xustiza; por razóns ideolóxicas e promesas de futuro; por medos nada infundados; ou, simplemente, por móbiles inconfesables, disimulados, enmascarados conscientemente.



O caso de José Varela podería ser un exemplo. Ao parecer, a Política non ten unha resposta a esa pregunta.

Pero non quixera rematar estas liñas sen antes poder compartir cos lectores o sentimento que me embargou ao concluír eses Reflexos de historia. Curiosamente, xusto tres días despois de enviar o texto para a súa publicación en Estudos Mindonienses, falecía en Ferrol a miña nai, Carlota Varela Hyde, a filla maior de José Varela, aos 95 anos de idade. Era o 14 de febreiro do 2006. Naquel momento tiven a sensación de que a pobre muller estivera esperando pacientemente a que eu completase a miña tarefa e recuperase a memoria do seu pai para poder morrer en paz. E así morreu.

José Castro Varela



CAMIÑO REAL DA CARBA, MONDOÑEDO – FERROL

TREITO POLO CONCELLO DE XERMADE

Autor:

Antonio Riveira Requeijo








O Camiño Real da Carba enlazaba Mondoñedo, capital do antigo Reino de Galicia, coa catedral mais antiga das conservadas en España, e cun dos mais influentes bispados do Reino de Galicia, con Ferrol, cidade coa súa historia escrita sobre auga, co porto pesqueiro, arsenal e asteleiro, tamén con subsede do bispado que as une. Cidades antigas comunicadas desde tempos remotos por camiños naturais impostos polo relevo. Un documento do século XVI, relata o traslado a Mondoñedo dunha talla da Virxe, de procedencia inglesa, que desembarcou no porto de Ferrol. A talla da Virxen viaxou polo antigo camiño real.

Como noutros camiños medievais, de simple explanación ou pavimentación sen firme, tiña un percorrido por cotas elevadas. E ten relación cos investigados como camiños tumulares pois a rede viaria antiga pon de manifesto a existencia dun elevado número de túmulos nos trazados dos camiños. Á hora da súa construción foron uns elementos cruciais para o trazado ó ser estas rutas megalíticas verdadeiros camiños naturais polas zonas mais asequibles.

En 1830 Richard Ford autor de *Manual para viajeros por España y lectores en casa* apuntaba as leguas de viaxe desde Ferrol: Xuvia, 1; Espiñaredo, 4; Lousada, 3; Mondoñedo, 5. Un total de trece leguas para completar a ruta.

No seu percorrido polo Concello de Xermade cruza a **Serra da Carba**, que polas súas peculiaridades medioambientais, e no seu conxunto a Serra do Xistral, constitúe un espacio natural catalogado como Lugar de Interese Comunitario (LIC) no ámbito da normativa legal europea de Rede Natura, entrando por Lousada e saíndo na parroquia de Roupas, cara a As Pontes, Espiñaredo, Ponte de Xubia e Ferrol. Antes, saíndo de Mondoñedo cruza Abadín por Romariz, Labrada e Montouto e Vilalba por San Simón da Costa e Vilapedre.

O camiño supoñía unha ruta comercial e sobre él téñense producido innumerables acontecementos dos que se conservan algúns na memoria da xente. Neste percorrido preténdese describir o trazado polo Concello de Xermade e citar algunhas notas dos aconteceres ó longo da historia. Deixamos para outra oportunidade os treitos hasta Mondoñedo por unha banda e ata Ferrol pola outra.



Trazado do Camino Real da Carba, Mondoñedo – Ferrol, ó seu paso por Xermade



A piques de entrar o camiño no Concello de Xermade, na veciña parroquia de Vilapedre, do Concello de Vilalba, aínda hoxe se nomea a **Fonte dos Cregos** a un manantial que abastecía de auga ós camiñantes na súa longa viaxe, entre eles ós clérigos, que eran usuarios habituais polo feito de unir as dúas subdeses do Bispado. Preto dela consérvase na memoria, pois no terreo só a base de pedra, o **Cristo da Micaela**, á beira do camiño real, e outras cruces de pedra e de ferro que se atopaban no seu trazado, incluso en zonas, como esta, alonxada de puntos habitados.



Vista da cabeceira da Fraga da Lagoa coa neveira en primeiro termo oculta entre as uces

Ó entrar o camiño no Concello de Xermade, moi preto del, atopamos a **Casa da Neveira**, edificio de forma rectangular (10 x 6 m), construído en pedra nunha zona con certa pendente de forma que unha parte queda practicamente enterrada e a outra a nivel do solo, por onde se facía o acceso. En tempos antigos, en que as nevaradas eran copiosas e duradeiras no tempo, recollíase a neve da zona



Vista do interior da neveira onde se aprecian os muros

próxima, para introducila na casa. Pisábase, de forma que se convertese en xeo, en capas duns 50 cm, separadas por láminas de palla para permitir o posterior corte dos cachos de xeo. Este xeo conservábase durante o ano na casa e levábase para o porto de Ferrol polo camiño real, en cabalerías, pola noite, para conservalo mellor.

O camiño prosegue polo cumio da **Fraga da Lagoa**, auténtico nicho ecolóxico donde se atopan carballos e acibros seculares con outra vexetación, que forma un manto no terreo de grande valor ambiental. Na súa cabeceira xorde o manantial que dá vida ó **Río Trimaz**, uníndose a el outros regos que brotan na Serra da Carba.

A fraga recibe o nome da Lagoa pola existencia no seu cume dun lago natural que se forma polas elevadas precipitacións invernais e o escaso drenaxe; sitúase na parte máis alta e chá.

Sobre a fraga, neste paraxe singular, gárdase na memoria dos mais vellos daqueles lugares a celebración ata o primeiro tercio do século XX dun ritual de supervivencia: **as monterías do lobo**. O Monteiro era o encargado de organizar a batida, mandando avisos a todos os lugares do contorno, para xuntarse na cabeceira da Fraga da Lagoa. Organizadas dúas ringleiras de xente, a varios metros entre si, cubrían a cabeceira da fraga e iban facendo unha forma de funil ou embude cara a parte máis alta (a Lagoa), e dirixíndose á **Fraga de Bustofreán** (na outra caída). Un grupo de homes introducíanse na fraga para sacar ó lobo da sua gorida. Este ó salir atopaba a xente enfilada, tentando escapar entre os dous grupos, de forma que se metía cara ó funil que se formaba na parte alta. Na baixada posterior do terreo apostábanse os lanceiros, cunha rede de cordas, atada a un carballo e a un poste colocado próximo. O lobo ó verse acorralado intenta saltar liándose nas cordas, momento que aproveitan os lanceiros para dar conta del coas lanzas, dando remate ó seu ataque ós animais que o vecindario tiña polo monte.



Nesa mesma zona e aínda mas antiguo existía o **Foxo do lobo**, un furado escavado na terra que tamén se empregaba para dar caza ó lobo, usando un cabrito de reclamo para atraelo cara ó foxo, e alí atrapalo. O foxo do Lobo gárdase na toponimia en máis puntos da serra, así tamén **Foxo Cabrito**, paraxe seguindo o camiño cara a Mondoñedo, dentro do Concello de Abadín, fai referencia á caza deses animais.



Cruz da Rega, ó lado do camiño real antes de chegar ó Campo da Feira.

Despois de pasar sobre a fraga, pasa preto dun moderno parque eólico que coa nova infraestrutura viaria fai esquecer un pequeno treito do camiño, para unirse de novo en dirección ó lugar da **Garrona**. Antes de chegar a el deriva á dereita en dirección á **Rega**, cruzando un pequeno rego. Atopamos logo unha referencia humana, como son as cruces que foron colocadas ó longo deles. A **Cruz da Rega** indicanos que imos na ruta axeitada. Segundo testemuñas foi construída con motivo da morte dunha persoa por un lobo e tamén que por alí pasaron as tropas francesas na Guerra da Independencia.

Tamén dos montes de Lousada, polos camiños reais, circulaban cabalerías con sacos cheos de carbón vexetal, feito con torgos (raíz de uz), que se vendían para calefacción e basicamente para o traballo dos ferreiros.

Logo se chega ó **Campo da Feira**, coñecido así a raíz de que antigamente se celebraba unha feira no contorno, pois o nome anterior era o de **Furco**, que facía referencia ó cruzamento de camiños naquel punto. Atopamos a Igrexa parroquial de **Santo André de Lousada**, edificio moderno construído no ano 1962, cun gran mosaico no frontón da fachada principal, que veu a substituír a Igrexa vella que se emprazaba próxima ó lugar de **Choutar**. A antiga rectoral e maila Igrexa foron tiradas para construír a nova Igrexa no lugar do Campo da Feira.



Igrexa de Santo André de Lousada e cruceiro

Por un tramo de estrada provincial avanza o antigo camiño real para salvar **Portogutierrez** e unha vez pasado **O Sumeiro** Volver a recuperar o trazado orixinal, salvando a **Ponte dos Corvos**, de construción medieval, e avanzando entre **Teixido de baixo** e **Teixido de arriba**.



Nichos no cemiterio de Santo André de Lousada

Próximo ó Camiño está o punto onde se erguía a **Capela de San Andrés de Teixido**, entre os lugares de **Teixido** e **Vesura**. Existía unha antiga capela donde se veneraba a Santo André, da que se conta que o cura que a rexía levou o santo para o lugar que desde aquela se chamou **San Andrés de Teixido**, no Concello de Cedeira.



Logo se chega á **Abelleira** onde o viaxeiro que facía o camiño entre as dúas cidades tiña que facer noite. En certa época de mediados do século XIX atopáramos alí a **Pepa a Loba**, personaxe histórico, sobre o que Reigosa escribiu unha novela da súa vida, veu a facer parte da súa lenda nestas terras. Despois de nacer e vivir no norte da provincia de Pontevedra, fuxida polos montes boa parte da súa existencia, como bandoleira, xa cansada de vida tan arriscada, a través dun maragato que se dedicaba a percorrer os camiños vendendo a súa mercadoría, veu parar á **Abelleira**, ó mercar o mesón situado no lugar, onde daba servizo ós camiñantes con comida e pousada, e segundo a lenda, proseguindo co seu labor de bandoleira. Consérvase a casa, con troneiras



Pousada de Pepa a Loba no lugar da Abelleira

de defensa fronte á porta, que a acubillou nestas terras, e aínda os máis vellos amosan os lugares donde bebían as cabalerías e donde se apostaba a súa xente para asaltar a certos camiñantes. Neste mesmo punto, encrucillada de camiños, vixiada pola **Necrópole da Abelleira** formada por unha vintena de túmulos, mámoas ou medoñas, que foron algunhas delas escavadas por Bouza Brey, atopámonos co camiño real que vén de **Lugo**, pasando por **Vilalba**,



Camiño entre valados despois de pasar a Abelleira

Santaballa, Corno e Muiñonovo (estes últimos xa de Lousada), en dirección a Viveiro, saíndo de Xermade pola **Armada**.

Rematando o treito de Lousada, intérnase o camiño na parroquia de Roupar, chegando, despois de pasar outro rego, ó lugar do **Boucello**. Desde aquí xa con viais máis modernizados e asfaltados, aparece **Penavaqueira** e logo **Os Fornos**, núcleo do que conta xente de idade que lle quedou o nome pola existencia de fornos de pan que cocían con asiduidade para abastecer ós viaxantes do camiño.



Abrevadeiro para as cabalerías que recorrían o camiño real

Logo aparece a **Capela do Campo**, adicada á Virxe do Carme e San Caetano, construída no século XVIII, en tempos do coñecido como "Conde Sánchez", sobriño político da irmá e herdeira do Conde de Amarante, Constanza de Lemos, chamado Sancho Arias, señor dunha parte de Roupar e Lousada, que tivo a súa base neste lugar, onde mandou construír a ermida.

Segue o camiño cada vez mais



Capela do Campo e cruceiro

*Igrexa de San Pedro Fiz de Roupar**Escola habanera de Roupar**Edificio empregado como cárcere en tempos do Conde de Amarante*

transformado para chegar á **Casanova**.

En **Roupar** crúzase o camiño co que viña, polo Cristo do Portonovo, Bidueiral, Cabeza dos Fornos, Piñeiro e Xestoso, da cidade de Betanzos, para seguir cara a **Mondoñedo ou Viveiro**.

Pasa logo o camiño, hoxe estrada, polo lado da **Igrexa de San Pedro Fiz de Roupar**, de antiga construción e fronte á **Escola Habanera** construída coas aportacións dos emigrantes de Roupar a principio do século XX.

Atopamos ó paso polo **Porto da Vila** o pozo e o **Cárcere** empregado polo Corrixidor nomeado polo Conde de Amarante, antigo señor do Coto de Roupar.

Pola agora estrada provincial, chegamos ós **Bestelleiros** e pasando, preto da **Pedreira**, por **Calousada, Rego dos Sapos, Reboreda**, dirección **Aguillón**, último lugar acasariado no Concello de Xermade, para pasar por **Porvelo, Para-**

ño, Forxa, Pena do Golpe (hoxe **Os Loureiros**) chegar ás **Pontes** cruzando o **Río Eume** polo **Porto dos Bois**.

As Pontes de Isabel II, como se coñecen as existentes na Estrada Vilalba - Ferrol, tanto en **Cabreiros** como nas **Pontes de García Rodríguez**, indícanos a época en que foi construída dita estrada, durante a monarquía de Isabel II, sobre o ano 1863. Esta data supón o ocaso para o antigo Camiño Real da Carba, especialmente nas zonas próximas á nova estrada, pois supuxo a utilización continuada do novo trazado viario e o abandono do antigo camiño. Un caso claro é o treito que transcorre por **Roupar de Baixo**, donde desapareceron vestixios do seu uso e mesmo desapareceu o camiño nalgunhas zonas. Dende esas datas era máis viable ir de Mondoñedo a Vilalba e seguir a Ferrol pola nova estrada en lugar de desprazarse polo Camiño Real.

Bibliografía.-

- **ELISA FERREIRA PRIEGUE**. *Los caminos medievales de Galicia*. Boletín Auriense. Museo arqueolóxico provincial de Ourense. 1.988.
- **JAVIER GÓMEZ VILA**. *Caminos y Túmulos. Aproximación al estudio de los ejes de comunicación Megalíticos en el Noroeste peninsular*. Actas del III Congreso del Neolítico en la Península Ibérica. 2002.
- **ANDRÉS SAMPEDRO FERNÁNDEZ**. *Una aproximación al mundo de la nieve en Galicia*. IV Congreso de Antropología Aplicada. Pamplona. 1998.
- **RICHARD FORD**. *Manual para viajeros por España y lectores en casa*. Editorial Turner. 2.008.
- **LA VOZ DE GALICIA**. 16 de octubre de 2.004.
- **ENRIQUE RIVERA ROUCO**. *Notas de historia da parroquia de Roupar*. Roupar. 1.990-1.996.
- **FERNANDO ARRIBAS E JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO**. *Cruceiros, cristos e cruces de Xermade*. Edicións do Castro. 2.004.
- **SABELA FIGUEIRA TENREIRO E CARMEN PERNAS BERMÚDEZ**. *Proxecto de dinamización das terras da Carba e Monseivane*. Boletín do Museo provincial de Lugo. Nº. 11, 2, 2.003-2.004.
- **CARLOS G. REIGOSA**. *Pepa a Loba*. Edicións Xerais de Galicia. 2.006.



OS QUE VENDERON, E OS QUE PRENDERON A PEDRO
PARDO DE CELA: INIMIGOS DO MARISCAL?, FIEIS
A COROA?, OPORTUNISTAS?, INCAUTOS?, POBRES
HOMES?, VÍTIMAS OU VERDUGOS?...

Autor:

X. Carlos Breixo Rodríguez





Introdución:



Monasterio berciano de Carracedo, onde os Valcárcel tiveron os seus enterramentos

No tempo no que teñen lugar os acontecementos relacionados no título da presente colaboración, a vila das Pontes de García Rodríguez pertencía ó señorío da casa de Lemos, despois de que pasara a esta casa pola descendencia do matrimonio dunha filla de García Rodríguez de Valcárcel (I señor das Pontes a quen lle debe o

engadido de "García Rodríguez"), chamada dona Constanza García de Valcarcel con D. Pedro Alvarez Osorio, señor que era de Cabrera e Ribera, avós que foron do I Conde hereditario de Lemos, chamado don Pedro Álvarez Osorio.

Esta vila, xunto coa de Cedeira, formaba parte do patrimonio desta poderosa casa. Se ben as dúas vilas estaban rodeadas de murallas, e de auga (no caso das Pontes polas que traía o río Eume, e no de Cedeira polas do mar) e polo tanto parecían algo seguras, os condes de Lemos tiñan no val de Moeche unha garantía de refuxio segura, tal era o castelo.

Nas Pontes aínda que, ademais das murallas, tamén contaban co seu castelo, vello e vulnerable, non daba unha seguridade plena, e tampouco era un lugar adecuado para manter a tropa reunida, no caso dunha contenda prolongada. Os Condes de Lemos mantiñan un lugar de paso aberto cara ó mar, grazas a esta vila e as terras de Moeche, pertencentes á vella xurisdición de Cedeira.

Como a casa de Lemos posuía o señorío sobre das dúas vilas, desde Moeche aseguraban a xustiza e a defensa de todo este amplo territorio, nomeando alcaldes e meiriños da súa confianza.

Como no caso que nos ocupa, é dicir no ano 1483, ano no que prenderon e mataron a Pedro Pardo de Cela, o I Conde de Lemos. Don Pedro Álvarez Osorio tamén falecera, antes incluso que o propio Mariscal, parece que no mes de febreiro, e a partir desa data sucederá un tempo onde o seu herdeiro tomará posesión do señorío. O alcalde da fortaleza de Moeche era Pedro Ares de Galdo, home esforzado e rexo, que sería cominado¹ polos reis Isabel e Fernando para que, no ano 1485, devolverse a citada fortaleza a dona Juana Osorio, Condessa á sazón, e señora da poderosa casa de Lemos.



Castelo de Moeche

Este Pedro Ares de Galdo era natural da parroquia de Galdo, nas terras de Viveiro, e pasou á historia por manter a raía a citada fortaleza, sen que sufrira danos significativos nin trocara de mans. Os últimos anos da súa vida pasounos na parroquia de San Román do Vale (naquel entón pertencentes ós poderosos Vivero que eran Vizcondes de Fuensaldaña) onde se asentará tamén o seu fillo Alvaro García de Galdo que haberá descendencia en Beatriz de Andrade² e a súa descendencia, engrandecerá os lugares da Torre, e do Pazo, situados na citada

1- " Don Fernando e doña Isabel por la gracia de dios e a vos Pedro Ares de Galdo nuestro vasallo alcaide de la fortaleza de Moeche salud e gracias sepades como don Pedro Osorio conde de lemos ya defunto al tiempo que os dio e entregó esa dicha fortaleza rescibia de vos pleito homenaje (...) e despues de la fin e muerte del el dicho conde vos avedes sido muchas veces requerido por la condessa doña juana e por sus hrs fijos y herederos del dicho conde...". Véxase este documento completo en : Archivo General de Simancas, RGS, LEG, 148504,241.

2- Esta Beatriz de Andrade era filla do cabaleiro Gonzalo Díaz de Santa Marta e de dona María de Andrade, filla de Pedro Fernández de Andrade e de Juana Díaz de Lemos. Gonzalo Díaz fora capitán dos Reis Católicos e participou de forma destacada na toma de Granada no 1492, onde foi armado cabaleiro polo rei D. Fernando, calzándolle a espada de ouro, por haber prendido "a un primo del Rei Chico", segundo reza a executoria de fidalguía de Galván Díaz de Robles, fillo do citado Gonzalo Díaz de Santa Marta.



parroquia de San Román, hoxe pertencente ó concello do Vicedo.

Polo tanto, calquera acontecemento que tivese que ver cos asuntos da administración das Pontes, ou coa seguridade deste territorio, pasaría polas mans do citado Pedro Ares de Galdo ou polas do seu irmán Fernando de Galdo que tamén andaba con el; e isto era así tanto nas Pontes coma en Cedeira.

Pero por ese mesmo tempo os homes desta terra andaban revoltos, tal e como reza en diversa documentación da época, e servían ó mellor "postor", a quen mellor pagaba, e a quen máis podía prometer "de dar". Polo tanto, por aqueles tempos, e desde había anos, moitos homes sans, novos e desexosos de fortuna, andaban servindo a un señor, ben fora ó Conde de Lemos, ó de Santa Marta de Ortigueira, ó de Monterrey, ó de Trastámara, a Alonso de Lanzós, a Diego de Andrade, ou ó Mariscal Pedro Pardo de Cela; trocando de amo cando conviña e segundo as promesas e convenios que se tratasen. Os lugares da contenda eran diversos, e mesmo se estaba no cerco de Ponferrada co Conde de Lemos, como se estaba na fronteira de Portugal, na Rocha Forte, en Santiago co Arzobispo, ou en contra del, en San Paio de Narla, en Sarria, ou en Castro Douro nas terras do bispo de Mondoñedo.

Pero é sabido que nese tempo disputábase, sen sabelo, moito máis que unha sucesión á coroa dos vellos reinos de León, Galicia, e de Castela, onde moitos dos señores galegos dubidaron en apoiar a dona Xoana, que era a sucesora lexítima, ou á súa sobriña dona Isabel, que foi ó final a vencedora e veuse lexitimada para a historia pola vitoria acadada polas armas e por unha máis que hábil e ambiciosa política, que a levará a ser considerada na historia de España (xunto co seu home o rei Fernando de Aragón), coma os construtores do chamado "Estado Moderno", e iso foi o que se disputou sen darse conta moitos dos causantes.



Fernando e Isabel

Vasco de Aponte. O Conde de Ribadeo é leal ós reis; Os Sarmiento, Condes de Santa Marta de Ortigueira fan o mesmo, defenden as terras da súa xurisdición, o mesmo que os Vivero nas terras do seu señorío, entre o río Landro e o río Sor. Todos eles teñen xentes de armas na súa nómina, o mesmo que Pedro Pardo, e cada familia, ou familias, asócianse na defensa dos seus intereses. Demasiadas familias e demasiados intereses fraccionados para que se mantivesen durante moito máis tempo. A solución achegada polos novos reis Isabel e Fernando era moito máis novedosa: o poder nas mans da coroa e canto máis mellor, incluíndo o control da igrexa e dalgunhas Ordes Relixiosas. O prezo estaba por pagar.

Os comezos do Cerco da Frouseira.

Pero falando xa de feitos puntuais, veremos como os que parece que prenderon e traizoaron ó Mariscal, figuran (no Memorial da Casa de Saavedra) como iso mesmo: como traidores; e para as lendas que circularon pola comarca parece que tamén o foron. Para a historia oficial o traidor, ou mellor dito o rebelde á causa real, foi o Mariscal e tamén os que o seguiron. O porqué da súa morte segue sendo motivo de interese, e non é para menos, xa que entre o que pretenderon os seus detractores é o que defenderon os seus afíns, median notables diferenzas.

3- Aponte, Vasco de. *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*. Editado pola Xunta de Galicia. 1984.



Nesta ocasión que se me brinda, unha vez máis, escribirei algo relacionado tamén coa vila das Pontes de García Rodríguez, mellor dito coa dalgún dos veciños desa terra que, como veremos, figuran xunto cos que prenderon e venderon ó Mariscal Pedro Pardo de Cela, despois dun prolongado e famoso cerco que durou varios meses, e que tanto recolle a historia como a lenda, porque os feitos que se produciron nese ano de 1483, deron para todo. No presente traballo gustaríame que visen o que é: un artigo histórico, nada máis; ou esa é a miña intención.

O protagonismo dos veciños das Pontes, cuxo nome parece na cita do Memorial, ou de Muras, ou das Negradas e do Vicedo (xunto con outros), non foi nada máis que un feito circunstancial e poida que mesmo anecdótico, porque, segundo veremos, parece que estaban alí e que colaboraron na captura do Mariscal, ben porque estaban fartos ou cansos, ou porque foron sobornados, e véndose rendidos, e temerosos da perda das súas propias vidas, decidiron que era a mellor solución, pero todo isto, quen o sabe?. O porqué estaban alí puido deberse a que, como moitos outros, quixeran acadar sona ó lado do Mariscal, ou simplemente comer e manter á súa prole, se é que a tiñan.

Este acontecemento, o do cerco da Frouseira e o prendemento do Mariscal, sería cualificado por diversas correntes historiográficas como honroso para uns e como deshonoroso para os outros, porque; os feitos históricos poden ser interpretados segundo conveña, pero non deberan transmitirse de forma distinta a como realmente sucederon, iso significaría contar a historia segundo nos interesa, sen importar a obxectividade do acontecido.

Este famoso cerco pasou á historia como o “Cerco da Frouseira”, e mesmo figura nalgunha carta executoria de fidalguía como “guerra de la Frouseira”⁴, polo lugar onde o citado Mariscal construíra unha fortaleza (que como di o seu nome era



A Frouseira vista desde a Fortaleza de Castro de Ouro

unha zona alta e ventosa onde había moito ruído) sen permiso do bispo nin do rei, e polo tanto en contra das súas ordenanzas, advertencia xa coñecida de vello, e por escrito, tal e como aconteceu no reinado de D. Enrique III “El Doliente”, cando o bispo de Mondoñedo D. Francisco, outorga a encomenda da igrexa de Mondoñedo (a que máis tarde disfrutará o propio Pedro Pardo de Cela) ó Conde D. Pedro Fernández de Castro⁵: ***Yten que non leyxse faser casa forte enno dito bispado et sennoria da iglesia de Mendonnedo et se algún cavaleyro ou escudeiro ou clérigo tener beneficio contra deeyto contra voontade do bispo et pessoas et cóengos da doita iglesia de Mendonnedo que elles que o demanden por dereyto et o dito sennor o conde que os defenda da forza se lles la algún faser et que o conmendador que ouver dandar enna dita conmenda de Mendonnedo que ante que dela huse que faça juramento aos santos evangeos ennas maos do bispo et menage enna mao dun escudeiro fillodalgo que tena et garde estas cousas sobreditas et cada huna delas et se o conmendador que andar polo dito sennor o conde enna dita conmenda faser alguna cousa que seia decente et deservido do dito senor obispo et súa iglesia et do dito cabidoo que seia querellado ao dito sennor o conde et el que tire aquel conmendador et ponna outro en seu lugar por consentimento do dito sennor obispo et do dito cabidoo.***

5- Cal Pardo, D. Enrique Tumbo do Arquivo da catedral de Mondoñedo, Documento 1191, páxina 494.

A citada encomenda foi feita no ano 1392, a 8 de maio, polo bispo don Francisco e o cabido mindoniense, que outorgan a encomenda da igrexa de Mondoñedo ao conde Don Pedro Enríquez de Castro condestable delos reinos de Castilla.

4- A.C.H. Valladolid, Registro de ejecutorias Caja 0207.0014. Cartade fidalguía de Juan de Luaces “a Diego de Luaces padre deste que litigava yr y acudir como home fiodalgo a la guerra defroxera quando fueron llamados los homes fijosdalgo deste Reyno de Galicia”



A familia do Mariscal Pedro Pardo de Cela

Posiblemente sexa mellor achegar algúns datos do personaxe, é dicir, de Pedro Pardo de Cela, para que sirvan de presentación ó lector.

A familia materna do Mariscal estaba asentada nas terras da mariña lucense desde o século XIII, estendéndose ata as de Lugo a medida que pasaba o tempo e que se celebraban máis unións matrimoniais. Pedro Pardo descendía, por esa vía, do cabaleiro de Viveiro Don Fernán Bermúdez e da súa dona D. María Gómez, por onde parece que herdaron nobreza por vía condal. A nai do Mariscal, chamada dona Teresa Rodríguez de Aguiar non era, polo tanto, calquera cousa. Era filla de Dona Teresa Rodríguez de Aguiar e de D. Rodrigo Alonso de Saavedra e Bolaño, que tiñan enterramentos en Viveiro e Lugo respectivamente. Descendía tamén da casa de Andrade, ó ser este R^o Alonso de Saavedra, fillo de A^o López de Saavedra e dunha irmá do cabaleiro D. Fernán Pérez de Andrade alcumado o Boo. Esta señora chamábase Sancha Núñez de Andrade. E para completar esta breve información xenealóxica, diremos que dona Teresa Rodríguez de Aguiar, a muller de R^o Alonso de Saavedra, era filla de D. Fernán Rodríguez de Aguiar, e neta de Pedro Fernández de Aguiar “o da tiña” cabaleiros e donos da Casa de Aguiar de Pena Dedra e da de Santa María de Sobrada de Aguiar, que tiñan sepultura dotada en Viveiro, onde o Mariscal se mandou enterrar⁶, segundo reza nas cláusulas do seu testamento, que se atopan depositadas nun preito no Arquivo do Antigo Reino de Galicia.

6- Estas cláusulas foron publicadas polo autor do presente traballo en “El Heraldo de Vivero”, n^o 3.728, do 19 de novembro de 2010, páxs.8 e 3.

“Ítem mando sepultar mynas carnes en el lugar en que faleciere de la presente vida. Ítem mando como mis carnes fueren gastadas que lieben mis uestos a San Francisco de Vivero e los sepulten donde jazys Ferna Rodríguez de Aguiar my bisabuelo. Ítem mando a la iglesia donde primeramente fuere sepultado tres mill maravedis e al dicho monasterio de San Francisco de Byvero quynientos maravedis de cada un ano por todo lo que ajo e na regueira de ferrol los quales dichos quinientos maravedis mando para reparo de la sacristía mayor e librería de dicho monasterio que diran polas festas de febreYRO e marzo e agosto e setembro de nuestra señora vinte misas cantadas por mi anima y de mis antepasados siempre. Ítem mando que me fagan mis honras e obsequias en el dicho monasterio de San Francisco de Bybeiro como pertenece a mis honrra y estado.

O pai do Mariscal era Juan Núñez Pardo, que era irmán de Lope Núñez de Montenegro, fillos de Juan López Pardo e de Elvira Ares de Montenegro⁷. Neto doutro Juan Núñez Pardo, chamado o vello, veciños de Betanzos, onde tiñan sepulturas dotadas no convento de San Francisco, como era o caso de Ares Pardo, cabaleiro que foi da Orde da Banda. Non é polo tanto estraño que Pedro Pardo de Cela se sentira fachendoso e se dedicara ó que se dedicou: ó exercicio das armas traballando, como o fixera o seu pai e o seu avó, para o mellor pagador, chamárase o bispo de Mondoñedo, no caso do seu avó; ou fose o Duque de Arjona, no do seu

7- *Vasco da Ponte xa nos anticipara parte deste parentesco, pero a constatación documentada témola nun foro outorgado no ano 1428, a favor de Lopo Núñez de Montenegro, despois de mortos os pais. Archivo Real Chancillería de Valladolid, Pleitos civiles, Pérez Alonso (F), CAA 1050, 1. Deste foro achegamoslle o seguinte:*

” Eno lugar de Padenay q he na freguesia de Santiago de Cabana que he en terra da Reposteria da diocese de Lugo dia sabado quatro dias do mes de setembro ano do nacemento de nosos señor jesu xpristo de mill e qatrocentos e setenta e tres anos ante Afon Pérez de Monterroso juis da dita terra da reposteria en presencia de min notario e testigos de juso escriptos seendo ende o dito juis asentado en abdiencia publica pareceron ende presentes doña Violante muller que foi de Fernan Diaz de Ribadeneira cuja alma deus aja =por mi o dito notario presentou e fizo leer hua manda de foro e confirmacion escripta en pulgameo signada de escribano publico da cal o tenor e este que se sigue= Sabean qantos esta manda de foro e confirmacion viren como don frey Juna de Çamora abade do mosteiro de sta. María manavidis sito ena diocesis et obispado de Palencia considerando en como o meu antecesor don frey Antonio anade que foi fico foro exerto e sin a **Juan Lopez Pardo e a sua moller Elvira Aras** por tempos de certas vidas conbe a saber suas vidas e de seus fillos e mais vintenove anos aforadolles a sua grana de San Mill co casal da aldareta con todas las herdades e casares e foros que le pertenesçian coa madade sin cura da iglesia de seoane Douces e co mays o casal da fraderia que esta ena fsia de san giaao de Modegoco todas las herdades e foros e rrendas e presentaçoos que ao dito mosteiro de Sta María manavides con todo outros dereitos de presentar a medade sen cura da dita iglesia de seoane Douces e outros e qales quer beneficios que perteeçesen o dito noso moesteiro por razon da dita nosa grana de sant mill e casares et terras sobre ditas en todo o dito Regno de gallisia por raso do dito noso mosteiro ao dito Jua Lopez e a sua moller Elvira ares e suas voses avia de dar ao dito noso mosteiro de sta maria de manavides por preco e pension cento e trinta maravedis de moeda vella de cada hu ano segund que esto e outras cousas mais logo se conte eno estramento do dito foro. Et agora nos o dito don frey jua de Camora abade do dito mosteiro veedo qu dito **Jua Lopez e a sua moller Elvira ares son finados a vos o dito Lope Nuñez de Montenegro seu fillo ligitimo** que presente sodes subcedestes eno dito foro e booz que o dito voso padre asy tenia do dito mosteiro os quaes agora teedes e usades e poseydes e eso mesmo vos presentaredes por virtude do dito foro a dita madade sen cura do dito beneficio de san jua de ouces en golçalvo de preheiro clerigo (...) que asi foi feito a demays **po lo tempo de vosa moller Tareija Rodriguez** e mais por duas voces e mais vint e anos (...) que foi feito en villa mourel o postrimeiro dia março ano do nacemento do noso señor jesuscirto de mil e qatrocentos e vinte oito anos testigos frey Rodrigo mije de Sobrado Gomez Pardo e Pedro G^o e Garcia da freira, Roy Vaasques e fernan casado home do dito Lope Nuñez e outros e eu Alfons Eans Salgado escribano de noso señor el ryi ena sua corte e seu notario publico ena corte e en todos os seus reynos



pai; iso era o que se ensinaba ós fidalgos daquela época, sobre todo ós maiores que naceran fortes e sans.

Pero ollo, Pardo de Cela, non pensen que tivo tanto poder como lle conceden moitos historiadores, senón que foi máis ben un fidalgo asentado, que co traballo das armas, comezado de moi novo, e arriscando a súa vida, chegou a cabaleiro e a Mariscal. Pero por riba diso debeu ser un home con moitas dotes de mando e con moito oficio xa que foi requirido en diversos feitos de armas moi sinalados, tal e como o refire Vasco de Aponte e outros autores. As xentes do Mariscal tiñan unha alta consideración nas contendas de armas onde participaron.

Pero o Mariscal, inoportunamente, desafiou o poder real (primeiro na figura do corrixidor de Viveiro, Fernando Cerón; e despois na de Chinchilla e sobre todo, na figura de Diego López de Haro e o que foi peor para o Mariscal, na de Fernando



Pedro Pardo de Cela no castelo da Frouxeira



Armas do mariscal e a súa dona

de Acuña, executor último e material do poder real) e máis o eclesiástico⁸, nun momento histórico concreto, onde o novo réxime que se estaba impondo aplicaba métodos de guerra, similares ós que estaban usando, por exemplo, na guerra contra “los moros” no sur da península Ibérica; e xa sabemos o que pasou:

8- A ameza que sentira, e parecía sentir aínda, unha parte do poder eclesiástico veuse plasmada nun escrito de advertencia que lle escriben rei Felipe III (e dicir uns cento trinta anos despois de que tiveran lugar os acontecementos) por parte do bispo de Mondoñedo don Diego González de Samaniego (que ocupou a sé episcopal entre o 1599 e o 1611), cuxo nome aparece parcialmente borrado no citado documento, cando o Oidor Hernando de Saavedra, do consello de Indias, lle comprasen ó citado monarca o Couto de San Martiño de Mondoñedo (a través duns xenoveses), e o porto de Santiago de Foz (que estivera en venta, aproveitándose da bancarrota das arcas reais) e que lle parecía ó relixioso que podía ser aproveitado para invadir esta parte da costa por inimigos estranxeiros, ingleses ou franceses, e ademáis, polos descendentes do mariscal, os citados Saavedra. Na carta enviada ó rei vese a preocupación raiando no medo, cando menos esa parece a opinión deste relixioso, ou de quen lle inspira a carta, tal é como reza nalgún dos seus puntos.: “Aunque al presente no haya algún castro de que habrá levantamientos, en estos reinos, podría ser los hubiese en los tiempos venideros y los herederos y sucesores del dicho Oydor Saavedra biendose poderosos con ser señores del coto de Sant Martiño, que es su patria, y de un puerto seguro para fortificarse y tener y recibir navios, podrían levantarse, pues no hes cosa nueva y se ha visto en tiempo del rey Don Fernando y del invistísimo emperador Carlos Quinto, visabuelo y abuelo de vuesa magestad, que en estos reynos se levantaron vandos, y hubo comunidades y esto procedió de que los señores andaban poderosos y tenáin sus casas fuertes y hes notorio el peligro en que estuvo toda Hespaña y los comuneros que nunca se quisieron reducir principalmente fueron los que podían fortalecerse y fue necesario derribar las casas y fortalezas, cuyas ruina se ven oy día en muchas ciudades de Hespaña y en este Reino de Galicia el Mariscal Pedro Pardo, Pedro de Bolaño, y Pedro de Miranda con solo tenere el uno un peñasco, en un monte a donde se acogía y el otro un castillo en la Ribera del Río de Miranda, y el otro una fortaleza tiranizaban la tierra y no había cosa segura y fue necesario que el Rey don Fernando inbiase contra ellos y solo la muerte lo pudo atajar y si estos con tan poco poder hacían tanto, bien se echara de ver cuanto mas podran los sucesores de dcho Oydor aconteciendo este caso pues es contingible y es prudencia remediarlo con tiempo no dando lugar a que haya poderosos pues los efectos que de ellos se siguen son contra vuesa magestad regulando por lo pasado lo por venir. “

No último punto da carta a advertencia final reza que: lo último aunque había muchas mas razones es que el dicho oydor es Hijo de un canónigo de mOndóñedo que fue clérigo del mesmo beneficio y yglesia sita en el puerto de Foz y como a su santidad le parece cosa indecente que los hijos de clérigos sean beneficiados en la misma iglesia a donde fue el padre ansi parece gran inconveniente que el hijo venga a ser señor del puerto y jurisdiccion solo con dienros y aunque esto cese en el oydor por serlo, milita en sus en sus descendientes y sucesores. Sirvase vuestra magestad de que esto se remedie y no solo en quitar se tome la posesion deste puerto pero de que se restituya la Jurisdiccion del coto de Sant Martiño que es tan necesaria para el bien de este obispado que agora es del oydor y es lo mejor que tenía esta dignidad (...).

*Fortaleza de Vilaxoán*

o Mariscal perdeu a vida e a súa filla dona Constanza, no cerco da fortaleza de Vilaxoán⁹, tamén a perdeu; a súa viúva dona Isabel de Castro e os seus herdeiros terán que preitear ó longo de case oitenta anos para recuperar algúns dos seus bens, para ó final, non conseguir nada, ou case nada.

Naquel tempo ser home ou muller significaba e decidía moito en casos similares, e o Mariscal non tivo fillos lexítimos, so dúas fillas, a citada dona Constanza e dona Beatriz. Os seus xenros eran poderosos pero a envexa dos cobizosos Ribadeneiras e doutras familias próximas ó Mariscal, ó final, cansando, desgastado, e abandonado, puido máis que él e que os seus xenros.


Ben mirado parece que moito medo debía meter o Mariscal, porque a súa morte parece que foi ditada polo medo, máis que pola xustiza, pero o Mariscal tamén sabía que ese podía ser o seu fin, porque así se guerreaba, e algúns tampouco tiñan demasiados escrúpulos.

9- Este cerco, que durou uns oito meses, estivo a cargo de Alvar González de Ribadeneira, outro parente de Pedro Pardo. Como premio, Fernando de Acuña facilitou (cunha subasta pública fraudulenta celebrada en Lugo no 1486, mediante un testafarro asturiano) que os bens de dona Constanza e do seu segundo marido Fernan Ares de Saavedra, pasaran á mans de Alvar González, que non só deixou de lado ó Mariscal nos últimos meses de vida deste, senón que cambiou de bando para combatelo, pasando a servir, como moitos outros a Fernando de Acuña, que estaba moito mellor situado que Pedro Pardo. E por se Pedro Pardo tivese pouco polo que rabear, a axuda prestada (de forma pasiva e de forma activa) a Fernando de Acuña polos homes de Diego de Andrade, que controlaba a fortaleza e a terra de Vilalba, facilitaría moito desenvolvemento dos acontecementos finais. Abandonado polos Teixeira e illados os Ron, ó Mariscal poucos homes leáis lle quedaban e foise esgotando pouco a pouco.

O Mariscal posuía ou levava temporalmente o dereito dalgunha terraría, como era a de Cervo, Morás, ou Caxoto, que ó final da súa vida foron motivo de reclamacións varias, pero levábaas porque ese dereito recibíranos os seus antepasados os Fernández de Aguiar, que o posuían desde o ano 1275. A desorganización administrativa dalgúns reponsables das contas do bispo de Mondoñedo, e as ausencias deste en Sevilla durante case trinta anos, deixando nas mans do propio Pardo de Cela e dalgún coengo da súa confianza, os asuntos da igrexa, fixeron o resto.

Un delito polo que podía ser xulgado, a través dun proceso administrativo, con testemuñas e demais, o Mariscal, ou tamén, por exemplo, Pedro de Miranda, era o da construción da fortaleza da Frouseira, nas terras do Bispo en Castro Douro, e o da Fortaleza nas terras de Miranda, respectivamente; pero iso levaba tempo, e D. Fernando de Acuña non dispoñía del, xa que ós Reis Isabel e Fernando, tardáballes moito centralizar todo o seu poder militar na toma dos últimos asentamentos dos musulmáns en Baza, Málaga, Granada etc. Naquel momento decidiron que o mellor era non perder máis tempo, porque sabían que con esa demora tamén perdían eficacia e credibilidade, e iso non facía forte a ninguén, e menos ós reis. Como noutras ocasións elixiron a solución máis dura e rápida.

O escarmento dado coa morte violenta do Mariscal na praza maior de Mondoñedo serviu, ó mesmo tempo, para establecer rapidamente o novo control real (con todo o seu poder) e sen apenas oposición no vello reino de Galicia, para así poñer no seu sitio ós nobres que non lles eran de todo afíns. Non só foi o Mariscal o que estivo sentenciado, houbo máis (como foi o caso de Vasco das Seixas) pero outros arrepentíronse a tempo, e salvaron a vida. Falar de xustiza e de orde social naquela época conlevaba coñecer profundamente as leis polas que se rexían e a súa aplicación. E ningunha das dúas cousas se facía de forma eficaz e xusta. Dependía de diversos factores humanos excesivamente mediatizados e incluso escasos, como no caso dos xuristas que se necesitaban para aplicar as ordenanzas nos tempos e nas formas, segundo os querían imponer Isabel e Fernando. Así pouco tempo, poucas formas.

*Praza Maior de Mondoñedo*

En Mondoñedo estaba ocupando cargos de máxima responsabilidade real o corrixidor Juan de Guevara, e en Viveiro Fernando Cerón, fieis, claro está, ós novos reis, de quen recibiran o nomeamento. Pero estes corrixidores, de momento, eran descoñecedores da realidade social e política que aínda imperaba no vello reino de Galicia, onde os poderes de familias fidalgas e nobres, estaba totalmente arraigados na vella sociedade do Reino de Galicia. Os corrixidores non podían ser da terra e tiñan que gañar a praza para “corrixir” xunto cos rexedores que sí eran naturais das vilas onde gozaban deste cargo de xeito hereditario¹⁰. Facerse “da terra” e coa xente desa terra levaba tempo e este, como dixemos, parecía escasear. O poder real non podía, de momento, co poder dos cabaleiros e dos señores da terra, que se acompañaban de moitos escudeiros, cabalos e armas, como era o caso

10- No caso de Viveiro, por exemplo, estes dereitos disputábanos catro liñaxes, desde a fundación da vila no século XIII, tales liñaxes eran: os Vizoso, os Galo, Os Sacido e os Cora. Noutras vilas acontecía algo similar, polo tanto os corrixidores en moitos casos foron considerados como estraños, pasando a controlarse os uns ós outros para así tratar de manter un certo equilibrio nas vilas e cidades.

do Mariscal. Podían desafiar o poder real nunha vila ou nun territorio, porque este non estaba controlado totalmente pola coroa.

Para que o control fose máis estable e menos traumático, a coroa levaba anos deixando pasar e deixando facer, pagando e nomeando cargos de conveniencia, para non desafiar en demasía ós poderes locais, aínda que a vila, como era o caso de Viveiro, fose de señorío Real, ou na de Mondoñedo onde, o bispo exercía o citado poder; pouco importaba, o poder exercíao unha ou varias familias que levaban anos asentados na terra, mesmo nalgúns casos, desde a fundación da vila, como era o caso de Viveiro, Ribadeo, Ortigueira, Betanzos, ou das Pontes de García Rodríguez. O Rei, os condes, ou os señores, nomeaban os cargos, pero as familias fidalgas da vila gobernaban (e mesmo absorbían eses cargos) pouco máis que ó seu antollo, controlando ós escribáns e poñendo e quitando representantes doutros oficios. Iso estaba vixente na época de Pedro Pardo, e el mesmo participou desa forma de goberno, onde, como moi ben sabía, podía gañar e tamén perder.

Pardo de Cela estaba na súa casa, acostumado a exercer a xustiza por encomenda do bispo D. Fadrique de Guzmán, polo tanto cambiar de hábitos e render “pleitesía” a outros tampouco lle resultaría fácil, sobre todo cando eses outros aínda non gozaban de creto e total recoñecemento, por ser, coma no caso da raíña Isabel de Castilla, unha usurpadora dos dereitos lexítimos que tiña á coroa a súa propia tía Dona Xoana alcumada a Beltranexa; iso tamén se sabía en Mondoñedo, en Viveiro, ou nas Pontes i vaia se o sabían!. Pero segundo conviña (ó socairo), apoiábase a uns ou ós outros, co risco que iso supoñía. Era unha forma máis de facer política e manter a facenda e a vida, xa que de partida non estaba nada claro de que bando ía resultar gañador; véxase como proba destas intrigas que acontecera na chamada “Farsa de Ávila”, o 5 de xuño do ano 1465, onde D. Alonso, despois de deponer ó rei D. Enrique IV (a súa figura), se chegou a proclamar como o novo rei ó parecerlle que contaba co suficiente apoio achegado por algúns condes, marqueses, e de varios nobres, e incluso do arcebispo de Toledo D. Alonso Carrillo de Albornoz.



Outro esvarón máis que nos demostra o antedito. A aventura de D. Alonso duraría moi pouco. Trocar de bando non era polo tanto nada excepcional, senón que era máis cuestión de habilidade que de outra cousa.



Catedral de Mondoñedo a comezos do S. XX

Pardo de Cela gozou primeiro de favores e de confianza, e despois de enxexas e de odios, duns e doutros: así por exemplo en tempos tivo esa confianza, e en tempos perdeuna, e esta confianza ou colaboración proviña de xentes tan dispares e poderosas coma do bispo de Mondoñedo, do Conde de Lemos, dos "Vivero" (que tiñan o morgado de Fuen-saldaña e eran os donos do couto de Grallal, e do de Vilaxoán), do arcebispo de Santiago, da casa de Andrade, dos Monterrey, do Conde de Ribadeo, dos Díaz de Ron, dos Díaz Teixeira (parentes e amigos, primeiro, e despois inimigos), de Pedro Fernández Machado, de Fernán Sánchez de Tovar (da casa dos

Duques de Berlanga, e sobriño político do mariscal, ó estar casado con D^a. Inés Vázquez de Vaamonde, filla da súa irmá Maior Pardo de Aguiar) de Gutirre de Navia, e dos seus parentes: os Ribadeneira, Bolaños e Saavedra. E tamén parece que gozou dos favores dos priores de varios mosteiros, como eran os de San Salvador de Lourenzá, e doutros máis humildes, como o de Ares Pérez de Viladonga, prior de San Martiño de Mondoñedo, quen declara no preito entre o bispo de Mondoñedo e os descendentes do Mariscal. Neste caso non sabemos moi ben o papel que exerceu durante a contenda, ó final si coñecemos o seu posicionamento, parece que como unha especie de mediador, intentado convencer ó Mariscal o día antes da



San Martiño de Mondoñedo

súa morte, varias mortes, as cales, tempo andando, se recordaban coas misas dadas na súa memoria (mandadas polo testamento do citado Mudarra, quen debeu perder algún amigo moi querido nesa contenda, ou ben lle quedaron remordementos na súa conciencia cristiá) no Mosteiro de San Martiño de Mondoñedo¹¹. Houbo algúns homes fies a Pedro Pardo, como foi o caso do seu lugartenente Alonso Vázquez de Cabarcos¹² e o seu sobriño Pedro Pardo de Cabarcos, os cales, xunto con outros leais ó Mariscal, terían que pagar, e gañar o perdón real, participando na toma de Baza e na guerra de Granada. Á volta os reis outorgábanlles un privilexio onde

súa morte, acontecida na pra-za Maior de Mondoñedo nese mes de decembro do 1483.

Os últimos días do cerco da Frouseira.

Nos últimos meses e días do cerco da Frouseira, cumprindo as ordes do enérxico D. Fernando de Acuña, o capitán francés Ms. Luís Mudarra empregouse a fondo e houbo

11- No apeo de San Martiño de Mondoñedo, aparece a declaración de Gómez Basanta, un testigo declarante, que nos describe este punto: "Iten dixo que era público e notorio e pública voz e fama en el coto de San Martiño de Mondoñedo que el capitan moser Modarra que cercó a Pena Frouseira con el mariscal Pedro Pardo de Cela que hizo allí sepultar los hombres de bien que murieron en el dicho cerco que mataron los de dentro e que allí mandó poner y edificar en el dicho monasterio la capilla de santa Catalina e que dotó e mandó beinte e quatro mill marverdis al dicho monasterio de San Martiño de Mondoñedo para que comprasen propiedades e heredades del dicho dinero e que por aquella renta se dixesen ciertas misas en cada un año en el dicho monasterio por las dichas animas de los dichos difuntos (...). Continúa.

12- coas ferrarías de San Miguel de Reinante, cando no ano 1482 casa con dona Leonor de Bolaño, filla de Pedro de Bolaño, que era un dos xenros do Mariscal (os outros foran: Galaor Osorio e Fernan Ares de Parga, casados, respectivamente, coa outra filla dona Constanza de Castro) se ben na carta de dote non figura o nome da nai. Por esta unión os descendentes deste Alonso Vázquez levarán os apelidos: Vázquez de Vaamonde, e Bolaño Ribadeneira.



constaba ese perdón, eses privilexios levaban o nome de “perdón a homicianos”. Algúns, coma o citado Alonso Vázquez de Cabarcos, queimaríano. “Locuras de viejo”, como deixaría escrito o seu descendente Alonso Vázquez de Vaamonde, no século XVII ó falar da súa fidalguía e dos seus antepasados.

Parece, pola documentación consultada, que os inimigos que foi acumulando Pedro Pardo, foron os amigos que ían gañando outros para os seus fins. A lista é longa. Inicialmente Alonso de Lanzós, despois Diego de Andrade, a Condessa de Santa Marta, os Díaz Teixeira de Lourenzá e Canedo, algún coengo de Mondoñedo, e tamén, a última hora, os poderosos “Vivero”; e o que sería peor o seu sobriño Rui González de Ribadeneira (fillo da súa irmá Dona Teresa Rodríguez de Aguiar e de Diego Sánchez de Ribadeneira) e o non menos ambicioso e parente Alvaro González Ribadeneira; é dicir, algunhas eran cuñas do mesmo pau.

Polo tanto, atendendo a esa mobilidade e á necesidade, nada debe estrañar, e tampouco podemos dicir que fose unha casualidade, que algúns dos homes que venderon, ou prenderon ó Mariscal foran naturais da terra de Ortigueira, ou que foran das Pontes de García Rodríguez (que, como xa se indicou, pertencía ó Señorío da casa de Lemos, e parece que eran parentes, non se sabe moi ben en que grao, da súa muller dona Isabel de Castro e do seu xenro Galaor Osorio, ó que tamén se enfrontou o Mariscal (por tempadas), todo iso puido pasarlle factura, sobre todo a axuda prestada por Pedro Pardo ó tamén rebelde conde de Lemos.

Había tamén xente de Muras, terras que estaban marcadas polas armas do xenro do Mariscal, o citado Galaor Osorio, postas nas paredes da súa fortaleza, primeiro marido que fora da súa filla dona Constanza, que tiñan vasalos e casa soarega no couto de Castro de Ríbeiras de Lea, en Outeiro de Rei, e neste lugar de Muras, o que reclamarán, e conseguirán, con todo o dereito, os fillos de Galaor e de dona Constanza (netos do Mariscal) uns anos despois, reclamación gañada na cabeza dun fillo deles chamado D Pedro Álvarez Osorio, outro co mesmo nome que o

conde, pero que non debemos confundir con el.

En Muras tivo o Mariscal, cando lle fixo falta, un lugar seguro, fortificado e protexido por algún home da súa confianza, como era o caso de Gonzalo Polo, xentes que non sempre gozaban da simpatía popular, nin dos habitantes destes coutos, ás que se lles esixían máis do que podían dar, eles e máis a terra labrada a barbeito e por rozas estacionais. E dicir, por se o antedito fose pouco, ós desacougos dos nobres e dos señores da terra uníaselles, en ocasións, unha das máis crueis das miserias: a fame.

Pero retomando o fio, díreilles que na traizón tamén atopamos o nome dalgún veciño de Meira, ou de Taforneiros; algún de Viveiro, outro de San Miguel das Negradas, e outro do Vicedo. Aparece nas listas tamén un do Valedouro, outro de Bacoí, e outro de Viloalle, e un que din era de Asturias, se ben parece que o nome deste suxeito non resulta intelixible. Os nomes dos que aparecen na susodita relación coinciden cos de varias familias que, realmente existiron nas freguesías que se citan; e mesmo algúns, como son o caso dos que eran naturais de Santa Marta, foron presenteiros dalgún beneficio curado, como era o caso dos Bermún na de Santa María da Pedra. Ao longo do século XVI, esas familias, os seus descendentes, ou parentes, seguían residindo nos mesmos lugares e nas as mesmas parroquias. Polo tanto, a lista do Memorial pode ser certa, e darlle creto a estes nomes.

Todos os datos que se aportan nesta ocasión están sacados de dous dos exemplares do Memorial da Casa de Saavedra que lle foron remitidos a don Federico Maciñeira Pardo de Lama por don Cesar Vaamonde Lores, presidente que foi da Real Academia Galega. Don Cesar envioulle dúas copias onde aparecen os nomes dos que venderon e prenderon ao Mariscal; parece que unha copia foi sacada dun dos exemplares, e a outra doutro exemplar distinto, xa que o propio Vaamonde así llo fai saber na carta que lle remite a don Federico o 21 de outubro do ano 1933: Le remito la lista de los servidores que entregaron a Pardo de Cela. El amigo de



Federico Maciñeira

Pontevedra a quien se lo pedí estaba ausente, y entonces, escribí a Requejo y me mando dicha lista, pues el posee tambien el raro e interesante Memorial de la Casa de Saavedra.

Os datos que lle remite don Cesar Vaamonde Lores a don Federico Maciñeira son a resposta á solicitude cursada por este uns meses antes, e que xa fora contestada polo primeiro nunha carta mecanografada, con data do 21 de setembro do 1933, onde plasma algúns datos acerca da figura do Mariscal, e do tratamento que lle dan algúns au-

tores, e así o comunica ao seu amigo Federico Maciñeira:

Respecto a Pardo de Cela, del que tantas fábulas corren, apenas si la historia de Galicia le hace caso. Villamil fue el que más se esforzó en estudiarlo para deshacer las leyendas inventadas por Vicetto, y aumentadas por otros novelistas.

Hai el famoso Memorial de Saavedra compuesto por un descendiente del Mariscal, a fin de presentarlo al rei con objeto de conseguir Mercedes.

Es un libro del siglo XVI en folio con más de 500 páginas. El autor, que es el propio Saavedra, trae preciosas cosas. Respecto al Mariscal, es el primero que trató, por supuesto, de reivindicar su memoria y buena fama recogiendo en el Memorial todo cuanto se refiere a Pedro Pardo. Historia, datos, leyendas, cantares, romances. Este es el que habla de la cadena, de la Frouseira, y de todo lo demás que V. conoce. Creo que trae los nombres de que V. me habla, con todo detalle. Para hacer este libro, vino Saavedra de Andalucía, donde toda su familia estaba afincada desde más de 200 años, e hizo sus investigaciones

personalmente, sobre el mismo terreno.

Yo no tengo el Memorial ni lo hay en la Academia ni en La Coruña, porque es un libro raro. Yo lo hojeé hace años, pero solo saqué de el lo que me interesaba, que era lo referente a los Vaamondes.

Aquí a lista que lle remite don Cesar Vaamonde a Don Federico Maciñeira, transcripta ó pe da letra, incluídos algúns erros arrastrados, seguramente, da transcripción do orixinal, derivados dunha deficiente lectura ou dalgunha outra causa que descoñecemos:

Los que vendieron la fortaleza de la Fruseira a Mosen Plada (sic) capitán del Rei Don Fernando, segundo, y mataron al Mariscal Pº Pardo de Cela donde el dho mariscal a pocos días se dió apreso con mucha onra . Año de mill quatrocientos ochenta y tres = Son los siguientes =

<i>Pº de Juncal Natural de las Puentes de García Rodríguez</i>	<i>1</i>
<i>Alonso de Santa Mariña natural de las Negradas</i>	<i>2</i>
<i>Pº López natural douzedá</i>	<i>3</i>
<i>Fernán González de Taforneiros</i>	<i>4</i>
<i>Alonso Alvareño natural das Pontes de García Rodríguez</i>	<i>5</i>
<i>Gomez de Mourille</i>	<i>6</i>
<i>Rodrigo de Mera</i>	<i>7</i>
<i>Marcos de Zernada</i>	<i>8</i>
<i>Pº Meilán</i>	<i>9</i>
<i>Juan Bermun</i>	<i>10</i>
<i>Pº Bermun</i>	<i>11</i>
<i>Rodrigo Bermun</i>	<i>12</i>
<i>Naturales de Santa Marta</i>	
<i>Álvaro Cabana Natural de las Grañas</i>	<i>13</i>
<i>Juan das Mangas del Conzejo de Vivero</i>	<i>14</i>
<i>Pedro do balledoro</i>	<i>15</i>
<i>Fernán da Fondaya</i>	<i>16</i>
<i>Francisco Martínez de Bacoy</i>	<i>17</i>
<i>Francisco de Vila Oalle</i>	<i>18</i>

**Naturales de Valledoro**

<i>Calisto Rapa es natural de Meira</i>	19
<i>Gonzalo Vello natural del Barrio de Cabaneiro coto de Meira</i>	
<i>Elvira de Muras, natural de Muras.</i>	20

Despues que así fue vendida y trahida por los susodichos que son veinte a siete de Diziembre del año se 1483, fue preso el dicho mariscal Pedro Pardo en la fortaleza del castro Douro por don Francisco (Fernando) da Cuna primer Gobernador que bino a Galicia y por el rei Dn Fernando y D^a Ysabel y sus aguaziles Jorge de Mendaña, Camoso Madacta (sic) prendieron con muchos hidalgos y labradores honrados que a lo menos no fueron de los traidores que lo bendieron llevaronlo a la ciudad de Mondoñedo donde lo degollaron al cabo de ocho días que lo prendieron_

Murio con gran arrepentimiento de sus pecados y señales de buen christiano degollaron con el a Pedro de Miranda¹³ su hijo que hera de hedad de 22 años murio como mártir porque jamas se avia hallado contra el cosa ni horror que hiziese a rei ni a otra persona sino por los errores de su padre. Aya Dios misericordia con ellos como con nosotros.

Amen

Noutro folio manuscrito envíalle a Maciñeira a seguinte lista, escrita en galego, e que sacou doutra copia do Memorial:

*Fernán García de Taformelos, Natural das Pontes de García Rodríguez
Pedro López natural do Vicedo junto al de arriba.
Álvaro de Santa Mariña que se decía das Negradas do Sil (Sor)
Alonso Alvariño natural das pontes de Garcia Rodríguez
Gomez de Maurolle (Mourelle)
Roi de Mera
Marcos da canada (Cernada)*

13- Realmente este Pedro de Miranda non era fillo do Mariscal. O fillo bastardo do mariscal chamábase Juan Pardo, ou Juan Núñez Pardo.

Pedro de Merlón (Merlan)

Juan Bermun (todos estos sete naturais de Sta. Marta en especial onde chaman as Travesas)

Roi Bermun

Justo Bermun

Alonso Barba, natural das Grañas do Sor

Juan das Mangas, natural do Concello de Viveiro

Fernando do Juncal, natural de junto a Lama do Momán

Roi Cósano (Cófano)

Pedro de Valedoro

Fernando da Fondaya

Juan Martiz de Bacoy.

Fernando de Biladalle (Bilaoalle)

Un tal Carico chamado

Un Rapatus Sonambas (sic) naturais do Varo na Sturias (refírese a Barres, na desembocadura do Éo, en Asturias)

Gonzalvo do Juncal, natural do Alban, junto Mosteiro de Meira

E outra muller natural de Muras, chamada Elvira de Muras. E todos e seus descendentes pagan na casa parias da súa traçon con un bellon de laa e dous capois por fumes.

Foi o 7 do mes de diciembre de mil e catrocentos e oitenta e tres anos (Realmente foi o 17 de decembro)

Conclusionés.

Para a historia moitos dos colaboradores de Fernando de Acuña foron tratados como homes bos, honrados, merecedores de repousar os seus corpos en lugar sagrado; e serán tamén distinguidos, algúns, os máis podentes e interesados, cunhas cartas de fidalguía onde facían constar que colaboraran no cerco da Frouseira, do lado de D. Fernando de Acuña, e por esa causa facilitóuselles a entrada nun estamento social de certo prestixio, de forma máis que dubidosa, pero efectiva.



As testemuñas que declaran nesas cartas de fidalguía soen ser os mesmos, e repiten tamén o mesmo: que acudiran ó cerco da Frouseira para axudar D. Fernando de Acuña, ou ben para carretar pedras con carros e bois da súa propiedade e así reconstruír a fortaleza de Castro Douro, non así a Frouseira que foi desfeita ata os cementos escavados na pena viva.

Os que, segundo o Memorial da Casa de Saavedra, traizoaron ó Mariscal, facilitando así o seu prendemento, e posterior execución (e isto último quen sabe de certo como foi), colaboraron no fin da historia do Mariscal e no comezo da súa lenda. Esta lenda pasou de feira en feira (coma despois acontecera con Mamed Casanova, coñecido como "Toribio", o famoso bandoleiro das Grañas do Sor), e de boca en boca a través dos cantares de cego, por toda a terra da Mariña e seguramente por toda Galicia e mesmo por algúns puntos de León. Era a historia vista cos ollos do pobo, que se soe dicir que non se equivoca. O que se diga, non significa que fora así, pero o que sí quedou claro foi que a morte violenta do Mariscal gozou dun rexeitamento popular maioritario, e dun recoñecemento oficial satisfactorio por parte da historiografía da época.

Algúns outros que seguiron ó Mariscal e loitaron ó lado del, foron os Abad de Espiñaredo, Vasco, Alonso e Juan; outro foi Ares Cao (fillo de Alonso Ares de Labrada, que tamén loitou ás ordes de Pedro Álvarez Osorio, conde de Trastámara, ó lado da casa de Andrade, e que perdeu a vila loitando no cerco de Baza); os xa citados Alonso Vázquez de Cabarcos e Pardo de Cabarcos que sí voltaron vivos da toma de Baza; os Polo que andaban por Muras velando polos intereses do Mariscal, ou Jácome Maseda e os seus parentes que andaban por Casto Maior, e algúns dos membros da casa de Ron, que souberon apartarse a tempo e seguir vivos.

O corpo do Mariscal foi enterrado na catedral de Mondoñedo, e a súa filla dona Beatriz loitará durante varios anos para que se cumpran as últimas vontades do

Mariscal, tendo que preitear co seu primo Rui González de Ribadeneira, casado cunha Sarmiento, ben situada polas familias de Acuña e dos condes de Santa Marta. Os franciscanos de Viveiro dixeron as misas mandadas polo mariscal no seu mosteiro, e fixérono durante máis de setenta anos, poida que, sen moita pompa, os osos do Mariscal foran trasladados á sepultura onde mandou enterrarse en San Francisco de Viveiro, onde xacía o seu bisavó Fernán Rodríguez de Aguiar. O interese por que estes restos fosen trasladados, proviñan da súa filla dona Beatriz, segundo se ve polo seu testamento¹⁴, e máis dos franciscanos de Viveiro, a quen lles correspondía a súa custodia e a responsabilidade de dicir as misas pola súa ánima. De que saibamos ninguén encargou ningunha lápida para cubrir a súa primeira sepultura na catedral, porque, simplemente, esa non era a súa intención, e a intención e últimas vontades dun defunto procuraba respectarse e cumprirse, para o cal se nomeaban non un, senón varios albaceas testamentarios, por se fallaba un, quedaban os outros. Neste caso un dos que fallou foi Rui González de Ribadeneira, sobriño do Mariscal; pero non así a filla de Pedro Pardo de Cela, nin algúns dos seus netos, que seguiron loitando polo que lles parecía que era seu, e polo que era de obrigado cumprimento.

¹⁴- O testamento de dona Beatriz foi publicado no *Heraldo de Viveiro* polo autor do presente traballo. A data da publicación é a do 19 de novembro de 2010, correspondente ó número 3728, páx 8 e 3.



ETNOGRAFÍA

Autores:

Fina Blanco Antelo

Nieves Seijo Sabín

Soledad Souto López

Manuela Vilaboy Romero





Seguindo co tema da recollida de Patrimonio Inmaterial do Concello das Pontes, o equipo de etnografía da Asociación “HUME” fixemos diversas entrevistas a persoas maiores do noso concello.

Nas conversas que mantivemos con elas amósannos aspectos da vida cotiá, da súa nenez e xuventude ata o día de hoxe... aínda que este ano afondamos un pouco máis no tema da alimentación por querer darlle unha especial relevancia neste novo número. Nalgunha delas pódese comprobar o diferente modo de alimentarse segundo o estrato social ao que se pertencía.

Queremos agradecer a todos os que colaboraron con nós, así como ás súas familias, a amabilidade que nos mostraron todos eles e o tempo que nos dedicaron. Tamén que saiban desculparnos polos posibles erros involuntarios cometidos.

Por último quixéramos engadir que o grupo de Etnografía HUME facemos un traballo de transcribir o máis fiel posible o que as persoas entrevistadas nos contaron.

Agradecemos de antemán calquera colaboración por parte de todo aquel veciño ou veciña deste Concello, que considere que pode proporcionar algo para conformar a Historia das Pontes.

Fina Blanco Antelo

Nieves Seijo Sabín

Soledad Souto López

Manuela Vilaboy Romero

**Entrevista a:****Nome:** María Manuela Silvina Rochela Martínez**Data de nacemento:** 19-09-1924**Lugar:** Ribeirón

Imos falar da comida de hai anos e de como se repartían os alimentos ao longo do ano.

Comían igual os homes e as mulleres?

Na nosa casa comían igual; se había comida, había para todos. Non había trato especial. A nosoutros enseñáronnos así.

Como se cuidaba ás mulleres paridas?

Facíanse unhas “caldosas” con manteca e unhas sopas de pan, pouquiño. Cando eu era pequena, botaban moitos días sin comer. Despois, cando eu era moza, xa lles

daban aos dous días carne e patacas como a outra persona calquera. No tempo da miña nai non as deixaban salir a fóra. Dábaselles caldo de galiña e tamén comían carne. Facíanllo chocolate en auga con *manteca*: un chocolate ben espeso que tomaban bastante tempo, sobre todo ás mañás.

Como estaban divididos os traballos da casa?

Ás nenas mandábanos atender ás vacas para que non tiraran o balde onde tiñan o caldo feito con nabos e patacas.

Atendían as nenas a comida para a xente?

Se non estaba a mamá, si; cando estaba, non: pelábamos as patacas, *debajábamos* as fabas e o que nos mandaran. A *abuela* iba lavar ó lavadeiro do río. Durante o inverno, calcetaba, fiaba a lá, escarpizábaa e facía medias pra todos.

Como eran as comidas?

Almorzo: en moitas casas fervíase o leite; botábaselle fariña de maíno e deixábase *suelto*, e despois botábase pan e por riba ese leite. E se facías as papas, enchías as tazas, poñíalas na mesa, e xa quedaban “*tesitas coma o flan*”. O pan, a maioría era de centeo

e maíz, ou de centeo e *trijo*. Ramalleira (José Blanco) moía as aveas tres veces: a primeira moída era para “*carrascalas*”; na segunda moída, xa quedaba máis limpa e, na terceira, quedaba como *graus* de arroz partidos. Alí iba don Julio ,o da farmacia, buscar avea para “*facen as afreitas*”.

A miña irmá María, que ía coser a unha casa, decía que lles daban para almorzar o caldo requente da noite, ao que lle engadían auga e fariña e facían así unhas papas que lles chamaban “*papas pejas*”.

Media mañá: Hai moito tempo non era costume facer esa comida; pasados uns anos. A mamá quedaba na casa ou iba alindar; meu pai e mais eu íbamos *sejar*, e miña irmá, a mediodía, levaba a comida. Despois, ataba pola tarde, o papá “*amedotaba*”.

Despois, máis adiante, a media mañá xa se comía pan, queixo e viño.

Pa comer fóra, levábase caldo e carne, e pan e auja nunhas potas de porcelana que non pesaban moito e non vertían porque as tapas se axustaban ben, e a comida iba quente. Á tarde, comíamos pan e queixo e un pouco de viño. O queixo casi o había durante todo o ano, e gardábase o dos nabos porque sabía moito millor. Tamén se facía manteca, e ó millor vendíase a mitad da pela, e a outra comíase na casa con pan.

Como faciades a manteiga?

Nunca se lle botaba sal ó leite; facíase con leite frío, retirábase a tona para unha taza pola mañá do leite da noite, e á noite, desa taza, vaciaban noutra taza que tiña xa, e botaba nesa a que quitaba á noite, e a que era de hoxe pola mañá botábaa xa na ola onde había ser feita, e cunha palla quitábaselle o soro. Facíase con leite fresco porque así nunca “*acedaba*”, e non se envolvía nas berzas: na nosa casa, sempre nun trapo. E

gardábanse nunhas *lacen*as que xa quixeran as de agora. Celia a de FERPU comprábame a *manteca*, e gardábaselle quince días: cada día desenvolvíaa e poñíalle un pano limpo. Unha vez que se batía, quitábase a que se quería deixar para comer fresca, e a outra poñíase a cocer nunha pota. Había que cocela sen que tivese moito lume, e salía unha *espuma parriba* que se ía quitando con *espumadera*, que se chamaban “*as borras*”. A *manteca* quedaba auténtica. *Esas borras* valían para comer con pan.

Que se comía a mediodía?

Caldo, carne (cando a había) e queixo. Se se facían cachelos, xa non se facía o caldo, comíanse con carne ou con queixo, que aínda me gustan así agora. Había moitos que lles gustaba comer as patacas cocidas con pelica. Tamén se facía o caldo con refrito:





cocíanse as fabas, e despois botábanse as patacas a cocer e facíase o refrito cun pouco de pimento, e picábase o cebolín, e botábase no aceite; e nada máis se botaba no aceite xa estaba feito; ao mellor, se o había, cocíase un óso. O caldo de diario era de berzas. Facíase moito porque antes non se plantaba o repolo, plantábase “a planta” no verán e facíase o caldo coas berzas dela.

Tamén se cocían patacas para dar aos cochos e había *moitas personas* que lles gustaban esas patacas coma se lles deras percebes.

Cando había obreiros para axudar ás patacas ou así, a muller que facía a comida cocía as patacas e botábanse nun cesto cunhas pallas debaixo, había tamén unhas que se chamaban “*cacheleiras*” que eran de barro moi grandes, cuns furados por abaixo, o que tiña unha *cacheleira* desas xa presumía.

A carne que se cocía era casi sempre touciño.

Como se repartía o porco que se mataba?

O porco tíñase un día *coljado* e despois espedazábase e logo salábase, primeiro facíao meu pai e despois salaba eu e nunca un pedazo de carne se me perdeu.

O xamón *gardábase* pa cando viña a festa pa cocer e o lacón xa se cocía *no carnaval*. Había veces que se mataba un porco ou dous por *diciembre* e despois *en carnaval matábamos “o marrote”* lle chamábase. E xa non se comía o lacón do outro, xa se comía aquel.

Miña nai facía os rexós e *hasta* que non lles quedaba *jota* de *grasa* cocía neles e, despois así, comidos con patacas tamén me sabían ben.

A cabeza, o *queixelo* *dabaixo* cocíase para facer o caldo e esa carne era rica, a da cabeza toda.

Os chourizos facíanse para comer na casa, non se vendían na feira, tampouco me acordo de que se vendera a outra carne, éramos moita xente ; aínda que matáramos dous ou tres porcos ben se daban comido.

Os chourizos daquela facíase todo á man, non había máquina de picar nin nada diso.

Picábase a carne e adobábase e despois remasábase dúas ou tres veces, tíñase así 4 ou 5 días e despois para embutilos usábanse as tripas do porco ben lavadiñas E cun embudo grande metíase a tripa por baixo , a carne por riba e ibanse facendo. Á masa, ás veces, poñíase “*ourejo*”.

Para afumar os chourizos usábase loureiro do de bendecir, loureiro *neiro* lle chaman.

Tamén se facían outros chourizos cunha pouca carne da



boa e cos livianos e o corazón . Na miña casa a *aljúns* xa lles *justaban* moito os livianos cocidos. Eses chourizos eran os primeiros que se comían, así con cachelos.

Tiñades coellos?

Si, había sí. Se había obreiros facíase un *jiso* de carne de conexo, non se asaba.

Receita :

Picábase ben a carne de conexo que xa podía quedar do *víspera*, e poñíase cebola e allo. Facíase nunha tarteira que había de barro, poñíase primeiro a carne que se fose facendo e despois xa se xuntaban as patacas para que se acabase de cocer todo xunto. Ás veces botábase *jarabanzos* castellanos.

Daquela non había guisantes que se collían os *jarabanzos* maduros que tamén se usaban para facer o caldo con eles coma se fosen fabas.

Que outras cousas se comían?

A min *justábame* moito poñer cebola nunha sartén a fritir e despois poñer alí patacas a quentar das que quedaran cocidas e *esmajalas*.

Coas sobras da carne do patrón facíase arroz ou “*roupa vella*” picando os restos de patacas e carne para unha pota e facendo coma un *jiso*. Se sobrava *costilla* de *cordero* do que se asaba pois esa carne picábase e facíase así.

Tamén había arroz cando eu era nena e a miña tía do Aparral era a que millor facía o arroz. Botáballe *costilla* de porco picada miúda e chourizo, nunca lle botaba carne fresca, para mín é o arroz máis rico que comín en toda a vida.

Polas festas matábase un carneiro e facíanse os callos coas tripas e tamén se lles botaba carne de porco. As *costillas* do carneiro facíanse cocidas e os entrecostos e as patas asábanse en pedazos, non enteiros como se fai agora.

Que se acostumaba a ceir un día calquera?

Leite , caldo e pan. Os ovos levábanse á feira pero se un día había que comer ovos tamén se comían. Na miña casa sempre se facían tortillas, non se facían ovos fritos nin cocidos.

Eu bebía o ovo ao dereito ,se lle facía un furadiño.

Formas de cociñar:

Na lareira, antigamente había uns potes grandes pa cocer pos porcos e pas vacas que aínda comían moito máis se lles deran crudo,





debaixo dese pote había lume sempre e ao lado dese había o pote da comida encima dos tres pés, trepias lle chaman.

Ás vacas cocíanselle nabos e senón quentábase a *auja* para botárllela nos baldes con salvado ou cebada se a había, e tamén se lles botaba sal. Eu iso acórdome de facelo sempre.

Estabamos afeitos a ese traballo e a mediodía tiñamos que traer a leña da cabana para o "llar" chamábaselle así e despois había que facerlle o lume ao pote.

Cando empezaría a usar a cociña de leña?



Non me acordo os anos que haberá, éramos todos aínda cativos cando se puxo. Para min eran máis bonitas as cociñas "económicas" ou "bilbaínas" que as cociñas que temos hoxe. Despois xa se pasou ás cociñas de butano.

O traballo na cociña foise mellorando porque non había que facer o lume polo demáis daba *ijual* mirar para o pote encima do lume que no outro lado. Para min a bilbaína era moi xeitosa

e non a puxemos no piso porque o constructor non nos deixou e, quen había subir hoxe a leña?.

Non te acordas dos traballos da lareira como traballos pesados?

Non, daquela non doía o lombo a naide, eu podía *sejar* todo o día e non me doían os cadrís.

Acordas ter as lacenas pechadas?

Na nosa casa non había iso, as lacenas tiñan un tirador e no pasillo había unha rinconera, non se pechaba a comida. Noutras casas había coma se fose un armario onde estaba tamén o baño de salar e eses acórdoo de velos pechados.

Non notabas que houbera diferenza entre a muller e o home, que traballos se respetaban máis?

A muller facía tanto os traballos de fóra coma tódolos traballos da casa e os homes iban todo o día cavar á roza, a muller quedaba peleando cos fillos, coas vacas, coas ovellas; porque este tipo de traballo nunca o facía o home.



Eu acórdome cando aínda pisábamolo toxo ás vacas; ese traballo facíano os cativos e máis os país, os maiores non.

A miña mamá dáballe o caldo ás vacas, muxía e facía a *cena* e os *desaiunos* ou o que fora.

Quen cociñaba o día do patrón?

Case sempre se buscaba unha cociñeira, na nosa casa non viña unha cociñeira de fóra, viña cociñar unha irmá de mamá. Ao Vilar iban cociñar "*as de Victoriano*", as cuñadas del. No *Rejo* do Muiño había unha que lle chamaban A Pica que esa iba aos do Castro da Uz.

Eu non me acordo se as cociñeiras cobraban, ao mellor dábaselles comida, non sei.

Acordas se as nenas ían máis á escola que os nenos?

Na miña casa iso non pasaba, se había que quedar pois quedaba o que lle tocaba, estaba repartido. Non había diferenza de nena por ser nena... nin nada diso.

Na escola quen eran os máis aplicados : os nenos ou as nenas?

Había de todo, pero miña irmá Maruja sabía a Cartilla toda *hasta* o remate.

O PAN, proceso de elaboración:

O luns pola noite facíase o formento con fariña e cunha pouca masa que quedara doutra cochedura. A min *justábame* amasar e levedábame moi ben o pan.

A masa facíase a ollo, tiñas *auja* quente na pota e íbase botando e cando estaba amasado deixábase levedar.

Cando o pan xa levedara, botábase nunhas copetas de madeira e a iso chamábaselle "tender o pan" Primeiro facíase o bolo encima dunha mesa, despois poñíase na copeta enfariñada e alí poñíase a masa e tamén se lle botaba fariña por riba. Cando a masa estaba lisa e tirante xa estaba levedada e xa se podía cocer.

Mentras o pan levedaba íbase quentando o forno.

Na nosa casa cocíanse sete ou oito bolos, duraba 10 días máis ou menos e *jardábase* na mesma artesa onde se amasara.

O forno quentábase con leña de toxo ou xestas que houbera seco, había que coller leña dunha vez para outra porque a leña verde ou mollada non valía para quentar o forno.



**Comprábedes nas tabernas?**

Viñamos a Toxeiro que *antiguamente* non había outras tabernas e tamén o leite o viñamos traer aquí ao Poblado; e a Nistal viñemos moitos anos traer o leite. Xa o traíamos repartido en botellas para cada casa e eu conoía á moita xente do Poblado por iso.

No *Rejo* do Muiño, onde están os Armeiros, alí disque había unha taberna, viñan no cabalo se había que levar moito. Se se viña buscar o sal xa viñan os homes no cabalo. Ao mellor había zapatillas a vender no mesmo sitio onde comprabas o sal.

Na nosa casa había unha besta para vir polo sal, ou se viña ao muiño co carro e máis levábanse as outras cousas.

Daquela un litro de aceite pasaba de durar un mes porque había a *jrasa* de cocho o aceite usábase para freir unha cousa especial ou ben para facer unha empanada.

Ás veces facíanse “*fritos*” con fariña, uns poucos ovos e un pouco leite, batiase todo que quedase non moi espesa e fritíase. Eses fritos eran coma unha merenda ou se viña algunha visita para tomar o café.

A empanada

A empanada facíase moitas veces, cando se cocía facíase tamén a bola de liscos cortando un pouco de touciño con freba e cortandoo míudo, eran tapadas.

Cando había as mazás facíase a bola de mazá.

Como se repartía a comida para todo o ano?

Había moitos que lles *chejaba* e sobrava e vendían, e outros tiñan que comprar aos que lles sobrava. Daquela comían mellor os pobres que os ricos, casi.

Se non *chejaban* as patacas en xaneiro poñíase outro morteiro e en xuño xa había patacas.

As persoas que non tiñan, pedían prestado, e despois devolvían.

Na Ribeira os que tiñan o muiño, eu teño oído que os que acababan “*o fruto*” na casa o muiñeiro prestaba un ferrado de trigo ou do que fora e despois disque lle volvían *ijual* e se o querían *pajar* xa llelo cobraba.

Cando había unha voda, á casa donde iba a muller as outras levaban unha cesta de pan para que lles quedase alí na casa, levábanse bolos de pan.

Máis adiante había iso de que a madriña tiña que levar as roscas “*o sanghaño*”.

Cando se iba ver a un enfermo levábase chocolate, roscas e máis tarde botellas de Sansón.

Cando morría *aljen*, levábase á casa do morto *aljo*. Dábase o café a toda a xente. De dar de comer non me acordo, dábase a comida á xente que viña ao enterro. Comíase na casa dos Armeiros, *pajaba* a familia do morto aos que viñan ao enterro.

Cando había feira comíamos todos os da miña casa que viñamos no Nistal primeiro, moitos anos. Traíamos a comida e alí poñían a bebida. Traíamos :carne, queixo e pan. O día que había mallas facíase o caldo, e despois daban pan e viño namáis.

A mamá, en paz estea, dixo: había que comprar uns queixos que eran coma os da Faeira e dábanos pan e queixo, antes comíase pan e namáis.

Pola *navidad* cocíase carne, facíanse freixós e filloas se se matara o cocho. Tamén se facían torradas e fritos. As torradas poden ser de pan mollado no ovo solo, ou molladas en viño e fritíase así, o pan mollado en viño. Había casas en que se facían as torradas de viño a calquera hora.



Filloas: Botábase a sangre nun caldeiro, que se *jardaba* nun sitio frío dous días ou así e facíanse con *auja*, fariña e sal.

Para os freixós cocíase carne, podía ser de pito, ou de porco e con ese caldo e fariña facíanse nun tixelón de ferro, despois nunha pedra. Untábase con touciño.

Que comía a xente moi vella?

Deso non me acordo, a min non me tocou vivir con vellos. Na miña casa comíamos igual, sin diferencias.

Erades presumidas? que usabades?

Na nosa casa lavábanos nunha tina de cinz desas da roupa e quentábase a *auja* no pote e con xabón. O pelo lavábanolo a mamá con xabón de *Lagarto*. Eu tiña o pelo que se me aguantaba moi ben, poñíao en *canelós*.

Para a piel había uns polvos rosados e as que non traballaban e que se cuidaban botaban “*Visnú*” e tamén había polvos “*Maderas de Oriente*” que viñan nunha caixa redonda.

Había moita xente que cando as fillas tiñan a *rejla* non as deixaba salir ao sol nin lavarse.



**ENTREVISTA A CHELO:**

Agora incorpórase á conversa unha veciña:

Consuelo Rodríguez Rey

Naceu o 23 de Setembro de 1931

Lugar: Grañas do Sor. Concello de Mañón.

A comida a diario na súa zona?

O almorzo, cando se recollía o maíz, ao mellor o bon iba po horreo pero o floxo, as mal feitas que non tiñan tódolos graus, aquel tostábase no forno e moíase, esa fariña con leite facía unhas papas moi ricas. Outras veces facíanse con *auja* e deixábanse enfriar un pouco nunhas cuncas grandes, e así espesaban e servíanse con leite por fóra.

Tamén se tomaban no almorzo patacas cocidas con liscos porque non se almorzaba cedo, facíanse moitas cousas e despois almorzábase.

Cando se empezou a tomar o café no almorzo?

Eu acórdome de que se cocían as borras no leite e así facíase o café para o almorzo, despois botábaselle pan.

Cocíanse as borras nunhas cafeteras de porcelana e despois coábase.

O *azúcar* non o había todos os días, víñase á feira e comprábase se se podía. Era *azúcar* moreno.

A mediodía comíase o caldo, collíanse moitas fabas e ao mellor ao caldo botábaselle unha taza grande de fabas. Tamén se guisaban as patacas, cocíanse as patacas e facíase un refrito de cebola e pemento e se se lle botaba *manteca* era riquísimo. Aquelas patacas cando se cocían ulía toda a casa.

Despois tomábase no almorzo a cascarilla de cacao con



leite, amargaba un pouco pero botábaselle azucre.

Tamén se rustrían na sartén uns liscos e despois cunhas patacas cocidas, era boísima esa comida.

Tamén se collía mel na casa. Cando iban os “valadeiros” da Vilabella ao almorzo comíase pan con mel o que quixeran. Había un home que iba cavar á roza que sempre quería chocolate con pan pola mañá e unha copa de caña.

Cando se collía o mel, iso facíase de noite, non era coma agora, nosoutros tiñamos todo: o saco, o tallo, o pisón. Ibase de noite e botábase nunha tina grandísima e esmagábase todo aquilo con cuidado de que non te picaran. Despois traíase pa casa e quentábase e metíase nun saco e ti torcías por alí e eu torcía por aquí e metíase no “*prensón*” e ese mel que salía estaba quente aínda. Unha vez comémolo así e fixonos doer a barriga.

A “*melea*” era o que quedaba despois de ter cocido a cera, sabía moi ben e duraba moito. A cera viñase vender aquí a As Pontes.

A mediodía que se comía?

O caldo sempre, ou ao mellor un guiso según o que houbera ou como se puidera. Ás veces os guisos eran de conexas se había. Comíanse máis as galiñas que os pitos. Se había algún enfermo matábase un pito. A galiña facía mellor caldo que os pitos.

A carne tanto a comían os homes coma as mulleres.

O leite callado, como se facía?

Ai!, Non che é nada do iogur, nin nada diso. Ponse a callar nunha pota que xa estea do leite callado anterior e bótaselle un pouco de miga de pan e ponse na *ventana* do vertedeiro e queda callado coma se fose un queixo. Aquilo con pan e *azúcar* sabía moi rico. No *verano*, cando facía calor, callaba máis axiña do que debía.

Tamén se pode callar botando encima do leite da noite que xa está frío, o de pola mañá recén muxido e á noite xa se pode comer callado.

Os freixós:

No momento que paría a vaca o leite poñíase con fariña e eran os “*formigos*”, facíanse eses freixós deliciosos. Cando paría a vaca, moitas veces non o primeiro, senón o segundo leite, facíase con fariña do maíz tostada como dixen antes, facíanse os *formigos*.

Pola festa do Patrón:

Asábase carne, facíanse empanadas, *manteca* fresca,





torradas ou chulas lle chamaban daquela, queixo de Castela...

As torradas untábanse no leite e despois no ovo, non con viño.

A manteca da casa:

Muxíase pola noite, e quitábase parte da nata, deixábase nun cacharro, no inverno conservábase ben, íase xuntando. A ola escaldábase con auga fervida, era de madeira. Dábaselle ata que se facía, e despois lavábase e facíanselle os *debullos* para levarlos á feira. Facíanselle cunha copa ou cunha culler...



As borras:

Botábase unha corteza de pan canto máis dura mellor, cando estaban fervendo os restos da manteca cocida.

O Cáparo:

Despois de facer o queixo quedaba o soro, o soro quentábase e íalle subindo unha tona coma se fora nata, e colábase cunha espumadera, botábaselle *azúcar*. Era granulado, pero non podía ferver, que daba a volta.

O día de Nadal:

Levábamos carne de porco, o turrón, asábamos conexas... Nas Grañas había moitas tendas, mercábase o turrón. A nai preparaba pan inglés, ensináralle unha mestra, (non me lembro a receita), e coa mesma masa cun vaso cortábase galletas e facíanse un montón. Levaba ovos, bicarbonato, fariña, *azúcar* e nada de colorante... O roscón leva leite, ovos, fariña, anís, *azúcar*, raspa de limón, levadura e manteca... os que se fan sen manteca levedan moito máis rápido, pero o roscón feito amasado cun pouco de formento que o amasado con levadura estaba mellor.



Castañas:

Non había moitas, estaba o souto. Chamábase *cañotas* a esas que medraban, usábanse para facer as colmeas. Nalgunhas casas facíase caldo de castañas,

cocíanse igual que as patacas. Poñíase auga a ferver e xa se poñían as que se mercaban, sen pel nin nada. Mercábase unha peseta delas para rilar todo o camiño cando íamos a Lagares. Unha vez cocidas botábanse as fabas se se quería.

Caldo de melón: cocíase unha pouca carne, de porco ou outro, agulla. Bótanse as fabas a cocer, cando xa van cocidas, bótaselle o melón, que lle leva máis tempo que as patacas, tense que cocer que se desfaiga de todo. Despois bótanse as patacas. Gústame máis o melón ese raiado que o color tella.

Papas pegas:

O caldo que quedaba á noite, pola mañá botábase auga e fariña e con iso almorzaban todos.

Unha vez fomos fiar a unha casa, e vimos a señora da casa cuspir para o leite para que non se lle fora polo lume, soplaba e máis cuspiá. E díxome a compañeira, come o caldo que está moito máis rico que o leite, para que non comera o leite.

Leite con *azúcar* e sopas de pan de trigo, non coma torradas, moito máis finas, cando ían traballar ás casas... era a cea da fía. Botábanlle verduras ao caldo, e fervían unha pota de leite, despois das fías había baile, as cativas non fiábamos pero queríamos ir ao baile, non queríamos o leite...



O traballo da muller:

Lavar cando había que lavar. Cando se levantaba, despachar *os animais*, que despois ían para fóra e había que darlles o desaiuno, e despois levantar aos nenos e asealos un pouquiño para poñelos para escola. Despois había que botar o gando fóra, ir ás berzas para os cochos, ir á herba para os becerros que non se botaban fóra, buscar a herba para a merenda das vacas, que tamén merendaban. Despois era tempo de plantar, axudar a recoller a herba... o que tocara. O trigo, o centeo, os





nabos... No *vrau* saía moita herba neses campos. E o que houbera que facer todo, cando tocaba volver as patacas, cando tocaba plantalas, cando tocaba mondalas, bota-lo maínzo, botar as fabas, recollelas... Aló sachábamolo trigo tamén.

Comida de semana santa:

Dicían que non se comera carne, e mamá dicía que como non había para todos os días, na semana santa no

venres santo e o xoves santo non se tomaba, que tanto eran uns días coma outros. Viña unha señora de Cariño xa maior, traía unhas tinas grandísimas con *pescado* preparado riquísimo, e íase comer á casa de Carmen de Gabeiras que tiña as mesas, non tiña máis que un mostrador pequeniño, lavábase alí a cesta e deixábase a cesta ata que se ía o coche. E tiña carne por alí no mostrador, e comíase alí todos xuntos. Collíamolo o *pescado* fresco que era máis barato e nunca lle fixo mal a ninguén. Bacalau poucas veces. No mes de Xaneiro nas Grañas había unha feira preciosa, viña un coche con xurelos, cun peso levábase vinte xurelos. Abríamose e salábase, algún os poñía a curar, eran grandísimos. Xa tiñamos a cociña da leira facíamolos ao forno, abríamolos e con un allo. Os arenques eran para comer cos cachelos, pero os ricos eran os que traía unha muller de Ortigueira, que tiña juanetes e viña desde Ortigueira cunha cesta grandísima e vendíalos polas portas. Vendía as sardiñas lañadas, as vendía como por manoxos. O bacalao facíase de vez en *cuando*, tiñanolo a desalar, nalgúns sitios comíase cru.



Bebidas:

O viño íase buscar se había que segar na herba, ou malla ou cavadores na roza... A xinebra e o anís... O anís e o coñac era se había unha visita, pero entón non había problema, íamos a casa dos veciños tomar o café e as torradas, no carnaval.

As chaves:

A chave da alacena non a tiña nadie na miña casa. Tiñan unha *peta*, como unha bolsiña

cadrada, e atábana na cintura con algo e tiñana sempre colgada. Había casas, pero na miña casa, era para todos. As casas non se pechaban, había chave pero non se pechaban, nunca na miña vida pechei. *Coustome moito acordarme de levar as chaves... tiñamos a chave do hórreo e a do muíño*. Pechábase a porta cando ías ao campo ou á festa, por dicir pechar. Pechábase por dentro coa tranca a da entrada do patio e saíase pola da cuadra, na que había un candado.

Diferencia de comida:

Os nenos cando eran pequenos facíaseles a súa papilla, o seu leite, unha tortilla francesa.... Pero despois comíamos todos igual. 'Nunha ocasión trouxen un dos meus fillos a Don Pedro, e dixo a este neno estalle empezando o raquitismo, poñédelle un gorro na cabeza e fóra co neno, e o leite alimenta o raquitismo, de todo o que coma vostede déalle ao neno. Non pasou unha semana e ao neno non había quen o coñecera.



Eu ao neno noteille que en lugar de saltar do colo, arrodillábase e logo saltaba, pero do colo abaixo non había maneira. Aos maiores dábale do que había según eles estiveran. Non había comidas para homes ou para mulleres, polo menos na miña casa. *As netas contáronme que a mellor comida dábanlla ao home, e os demais aínda que fora a patacas soas.*

Aquí remata a nosa conversa con Manola e Chelo sobre a alimentación no medio rural na primeira metade do século XX que consistía principalmente en produtos derivados da crianza de vacas, porcinos e galiñas dos que se reservaba o mellor para vender nas feiras e o resto para comer os da casa.

No caso dos cultivos de horta : patacas, fabas, verzas e grelos servían para preparar o caldo galego que non faltaba en ningunha casa.

Cando había festas preparábanse alimentos máis especiais coma : callos, carne asada, cocido, empanadas e algunha bizcochada ou bola de ovo que se poñía na sobremesa acompañada do Queixo de Castela que viña sendo coma un símbolo de abundancia.

**ENTREVISTA A:****Nome:** Antonio Rivera Adegá**Nacemento:** O día 1 de marzo de 1920**Lugar:** Vilabella.**Familia:** Eran sete irmáns, cinco homes (*Manuel, Paulino, Enrique, Xoquin e Antón*) e dúas mulleres (*Asuncion e Evangelina*), el era o máis novo.**Que lembra da súa nenez?**

Eu fun á escola a casa do Carrizo da Vilabella, alí mandaban a calquera para dar escola, anque non fosen maestros.

Os cubanos fixeran unha escola na Barosa. Fomos alí máis adiante da Palloza, despois da Barosa. Ao pé da carretera que iba para Pontedeume. Ibamos pagando “de pasantía” No inverno, meus pais *traían* un tío do cura dos Chaos, que ten ido poñer escuela á miña casa. Eran unha familia rica, tiñan fincas por todo o pueblo, a maior parte dos Chaos era deles. Pero todo facía falta.

E a xuventude?

Cando tiña 16 anos empezou a guerra, da nosa casa dos 5 homes 4 foron para a guerra. Alí quedei eu cos meus pais e miñas irmáns para atender as terras e o gando. Esta situación durou pouco porque cando cumplín 18 anos fun para o fronte de Zaragoza, quedando a casa sen homes que traballaran a terra. (Este foi o motivo de que ao pouco tempo morrese o noso pai do disgusto de ter os fillos na guerra). Nunca estiven no fronte, estaba en retaguardia, despois cain enfermo e vin para Coruña.

Os outros irmáns estiveron todos e volveron vivos. Enrique estaba no servizo en Oviedo e cando estalou a guerra estaba con permiso. Para incorporarnos a filas ían chamando dende o Ayuntamiento por quintas e por lista.

Leváronnos nun coche a Cabañas. Foi a primeira vez que vin o mar, fomos alí ao pinar e



montáronnos no tren nuns *vagóns* para o gando. E de alí para a Coruña, para a caixa de reclutas e para o cuartel. E de alí destinados cada un para onde facía falta.

Pasouse fame na guerra?

Chea non. Comíamos a base de arroz, *lentellas* e auga.

Había moitos corpos, artillería, infantería, os de asalto, os “*frechas negras*”, Os “*fillos de papá*” iban para os corpos de intendencia, ou sanidade. De primeiras eu non fun ao fronte, fun no ano 39. Despois, cando remata a guerra, tiven que facer o servizo militar, estando destinado na vigilancia costeira en varios sitios; donde millor estiven foi en Ribeiras do Sor. En total entre a guerra e o servizo militar 5 anos fóra da miña casa. Despois da guerra vivímolo moi malamente. No ano 40-41 ademais do que había veu a xeadá e moito froito non se logrou (ano da leva e da fame). Todo aquilo que traballamos perdeuse tamén.

Para alumbrar, o gas, dábancho por cupón e había que vir a buscalo.

Lembra as “Cartillas de racionamento”?

Como non, na cartilla xa che poñía pa os días que che daban a ración. E ibas o día que che tocaba, a veces viñan máis que comida había. Pois nada ... había que ir outro día. Cando empezou a Calvo Sotelo seguíuse coa ración e xa se collía no Economato. Non podías levar o que quixeras. No ano 50, non había abundancia, pero do que había podía se levar.

**Cando era neno, vostede acorda de xente que andase a pedir?**

Sí. Polo regular xa che viñan os de sempre. Aló na nosa casa teñen dormido moitas veces. Viñan á noitiña, dábanlles unha taciña de caldo, un brazado de palla e durmían na bodega do forno. Había dous velliños que viñan moitas veces. Tamén acordo de Xaquín das Herbas que andaba a pedir polas casas, non sei de onde veu ese home. Chegaba todo encollidido e extendía a man. Falar case non falaba nada. E casa cuberta para durmir non a pedía en lado ningún. Se acaso nunha cabana.

Para pasar desde alí ata a Parrocha e o Acivido por onde ían?:

Acórdome cando se fixo a Ponte Nova, antes había unha de madeira. Polo lado de debaixo da ponte pasaban os carros, no verán. No inverno non se pasaba, quedaban incomunicados. De verán pasaban tamén as máquinas de mallar polo río. A ponte tiña furados e os animais non había quen os metera.



Aquela ponte despois fixoa o Axuntamento de cemento e antes cando se estropeaba amañábamola os veciños. Era un río moi rico, acórdome un ano polo Carme, unhos cuantos da vila iban cun “tramallo” un pouquiño arriba do cementerio. Alí facían un caneiro e poñían unha rede, e traballaban un pedazo de río, recórdome que baleiraban a rede no campeiro chea de troitas.

Aquilo era un milagro: troitas, panchos e anguilas.

Acórdase de cando había que ir ao médico, ía polas casas ou viñan ás Pontes?:

O primeiro médico do que me acordo é Enrique Varela, era bo médico e servicial, pero era vello cando eu era neno. O seu fillo: Enriquíño Varela era do meu tempo. Se había necesidade iban polas casas. Había outro médico ,o “Canteiro”, pero non me acordo ben como era.

Que lembra do cura da Vilabella?

Pois o cura veu da parte de San Simón. Eu tiña 7-8 anos, cando chegou. O cura que había vello era aquí e ao morrer veu Varela. Era un cura singular. Era moi *recto*. Había que levarlle ovos, pero por que?. “*Eu que sei*” “*En pago de que*”.

Despois tamén había a “*rogación*”, que tamén ían no cabalo a recoller por cada casa medio ferrado de grao, cando mallaban.

Cando me casei eu, o primeiro ano os ovos dábanselle alí, antes da confesión,



Puente de la Vilabella (Verano de 1944)
De Izq. a Drcha: Rainero Álvarez, Andrea la mejicana, Manolo Varela, Matilde Rovato, Pilar Híde y Enrique Varela



Vilavella, 1936

no medio do inverno. O primeiro ano leveillos, unha “*docena*”, era o que había que levar os matrimonios e para o segundo ano, a miña paisana dixo:- “Mira, el vaichos vender á feira”; (que había que levarlos antes da feira porque o día da feira viña co carro cheo de ovos”). Se os quere cobrar, ben, e senón tamén; os comemos nosoutros, e fun xunta del e díxennlle “Mire D. José, vender xa os vai vender, e os “*ovos*” tamén os comemos nosoutros, asi que págollos”.

“Ai non. A orde está así e hai que seguila así” (o cura)

-“Pois se a hai que seguir así, faiga como queira, traer non non llos traigo”

As rumbadas era un milagro o que lle gustaban. Aínda estaba eu solteiro e el queríame meter na empresa, un día íbamos botar a partida á casa dos Armeiros e díxome “Porque non te metes na empresa, oh”

Eu díxennlle: meu irmán Enrique está criando os cativos, miña mai xa vai *vieja* e miña irmá Asunción xa sempre foi enferma.

As entradas de cartos que había na casa eran as de meu irmán, de carretar; e claro, se me iba eu.. ¿quen traballaba o lugar?.

E díxome,-“Teño forma de meterte no taller.”

-Pero eu non sei nada de taller, se me pide un operario unha chave ou outra cousa, non sei como facer.

O cura díxome:- “Dillo aí a Germán,(que traballaba no taller de Silva, eran os dous mecánicos que había nas Pontes), “Vas uns días para alí, non che pagarán nada pero aprendes algo.”

E de noite, despois de pensalo, díxennlle ao meu irmán e á miña nai para o outro día. Meu irmán non dixo nada , pero miña mai ao decirlle aquilo xa lle notei que non lle gustaba. E estiven pensando e fun uns días ao taller de Silva.

Un día foi Manolo Rivera, que era pinche na empresa, pola casa pa me chamare que tiña que ir ás oficinas e díxennlle:- “Non che está, que está nas Pontes no taller de Silva” Pois veu ao taller para decirme: “Mañá pola tarde tes que ir ás oficinas”.

E cando vin comer, ao mediodía, díxeronme: “Foi Manolo cabo ti”? - Foi

-“E logo que che quería”? - Mañá teño que ir ás oficinas pola tarde.

E eu, ver as caras aquelas non me decían nada, pero ben comprendía que tiñan razón. Ademais no taller tiña que ir todo o día.

E fun e déronme un papel para presentarme ao outro día ás nove da mañá a Chucho Bellas, que era o encargado de traballos manuales por alí, das calles e todo eso.

Cando saín das oficinas, pasaba Chucho e xa lle berrei: “Chucho, veño das oficinas que me mandaron presentarme a ti, e eu viña con



Oficinas Xerais, 1959



esta idea de entrar no taller.”

E el díxome: “Mira oh, iso poden ser días” e entonces dinlle o papel e díxenlle “pois cando teñan falta dun mecánico xa me chamarán”.

Fun pa casa e estaba miña irmá sola e preguntei onde ían o resto e ían no Xestal; e a mamá? – “Está sachando na horta”. – “E que che dixeron? – “Nada, non vou” e conteille o conto. Fun pa cabo de miña nai e díxome: cando empezas? e dixen: non, non empezo mamá, pasou así”. Eu iba pa entrar no taller e falei con Chucho Bellas e dinlle o papel... e aí miña nai, se lle cae a lotería, non queda máis contenta!”.



Vista Panorámica, 1954

O casamento:

Pois casei no ano 46, casámonos e fomos vivir ao lugar de Germán alí na Vilabella, aínda non estaba na empresa. Fomos eu maila paisaniña e estivemos vivindo alí 4 anos. Aquilo non era vida xa que non daba para vivir; por 1.100 pesetas ao ano e máis a renta: patacas, fruto, (catro mollos para o que traballaba e o quinto para o dono) e nas patacas (catro regos pa ti e o quinto pa o dono). A maioría da xente arrendaba os lugares e vivían de rentas.

O gando posto costaba, por exemplo, 5000 pesetas e a ganancia era mitá para o postor e mitá para mantedor e se se perdía había que repartir tamén a perda. As crías eran á mitá.

No ano 50 entrei na Calvo Sotelo e traballaba na descarga no carbón. Despois pasei a traballar na reparación da vía do tren ata que se montaron as cintas para o transporte do carbón. No inverno a Central de Calvo Sotelo paraba porque había as hidráulicas e había que ir para a mina a desmontar terreo para descubrir o carbón. Éramos ben deles. Había os de D. Celso e os de D. Rafael.



Central Térmica, 1949

O salario na Calvo Sotelo:

Cando entrei cobraba 9,50 pesetas ao mes. E chegaban. A vida estábache barata. Non había moito, pero o que había era barato. Claro que todos os que estábamos traballando alí tamén traballábamos no campo. O soldo chegaba porque había os produtos da casa.

No primeiro momento non había moito interés por entrar na mina, pero outro traballo non había..

As relacións cos compañeiros eran boas, mirábamos uns polos outros, había moito máis compañerismo ca hoxe.

Na descarga do carbón estiven ata que veu Endesa. Cando funcionaba a central eu era xefe de equipo do grupo que tiña.

Era un traballo duro, non había botas nin traxe de augas. Non había nada e lama a que se quería. Movíamos as vagonetas a base de barras que se metían por debaixo da lama.

Non había nada para lavarse, lavábamos nunha poceira. Nin tiñamos casco, nin guantes. Na Calvo Sotelo botouse moitos anos que non había nada.

Expropiacións de Endesa:

A Areosa foi o primeiro que expropiaron, desde a casa do Carrizo ata a Areosa cara ó Poboado pola mesma carretera que sube. Alí era de moitos aparceiros, estaba todo para pinos que daba máis que da outra maneira. Esta expropiación foi para montar a Central vella e despois a fábrica e oficinas.

A familia da miña muller que era do Portorroibo, dos Filgueiras, ao pouco de casarnos xa lles expropiaron e fóronse para o Meidelo. Despois expropiáronlle no Meidelo e foron para o Castro da Uz, e despois expropiáronlles no Castro da Uz. E a Vilabella foi a última que expropiaron.

Moitos venderon voluntarios coma o meu irmán Enrique e expropiáronlles os terreos todos. A Enrique quedáballe a casa soa e vendeuna tamén e foi cando comprou en Mugardos

Lembra que se alugasen vivendas?

Alugábanse lugarexadas cativas, o bo non o arrendaban que o traballaban eles. Luís de Blanco e Cesar Cal tiñan arrendado na Vilabella e ese mallaba, había que poñelo en medotes e iban alí para arrentalo, contalo, poñíao no seu medote. Viña a malla e o primeiro que se mallaban eran os medotes da renta. Se lle tocaban aveas, había que mallalas tamén, e quedaba a máquina manchada para o fruto.

As patacas, iban detrás dos colledores, a ver se as tapaban ou as collían. Na nosa casa nunca o amo foi nin pa mallar nin pa rentar, fiábase de nós.

**Como se entraba daquela na empresa? Había exames?**

Para ir de pico e pala non facía falla ningunha, se comunicaban que iban meter xente na empresa e a base de recomendacións ibas entrando.

Como era un día normal no seu traballo?

Como eran todos... un día de traballo no ferrocarril era batear, se había baches na vía había que amañalos, se se torcía a vía había que enderezar. Se rompía un rail había que poñelo, sempre había traballo.

*Vista da Areosa, 1949***Como eran os xefes? Severos?**

Daquela todos os *jefes* eran malos, a maioría deles viñan da parte de Asturias e Andalucía, moi resabiados todos., viñan da guerra, de facer dunha cousa e doutra e aquí xa eran jefes. Había un perito e un encargado de personal.

Que outros traballos acorda?

Da sonda, era un traballo moi duro había que meter os tubos e cando estaban cheos quitaban muestras, eu non estiven pero ben o vin. O inverno era moi duro. Para marcar os sondeos había que ir rozando cun fociño no monte e facer o camiño, as máquinas daquela non valían nada.

Levábades bocadillo?

Sí, e non tiñamos moito tempo, se tiñamos unha horiña que non viñeran os jefes pola mañá, antes das 9 cando viñan eles, parábamos e facíamos lume coas travesas. Levábamos pan e se había queixo un pouquiño queixo, un bocadiño de carne, o roxonciño. Cortábamolo do touciño e alí, co lume, collíamolo cun leño e así feito encima do pan estaba moi rico. Había un tractor cativo e mollábamos fías con gasoil e facíamos lume. Cando chegaban os jefes xa estábamos traballando.

Levábades viño para comer?

-Home, agora ao final sí, nun principio auga solamente.

Acórdase de que xefes tivo ao longo do seu traballo na empresa?

Rafael era un perito asturiano e foi sempre o meu jefe hasta que veu Endesa, despois acordóme de Fernando e de Eduardo.

Como recorda as oficinas? Como se foron facendo?

Os edificios eran tal como son, reformas non se fixeron, fariáanse por dentro.

Que supuxo para Endesa e o pobo a construción das casas e a central?

Todo eso que expropiaron custou 4 pesetas, o que as invirteu fixo cartos porque daquela as cousas eran baratas, pero o que lle deu por metelos no banco non fixo nada, á volta dos anos pouco valían.

Daquela falar dun millón era falar de moitos cartos.

A xente cando estaba máis contenta, nun primeiro momento ou despois da expropiación?

Nun principio a xente desconfiaba porque colleu moitas aldeas, foron sete parroquias as que mobilizou Endesa. Unhas foron expropiación forzosa e outras voluntaria. A xente, se estaba en tempo de traballar, o primeiro que esixía era un traballo ou pa eles ou para os fillos porque outra cousa non había, ao levarche o que tiñas pois... pedías postos de traballo.

Cando se viñeron a vivir da Vilabella para As Pontes?

Eu vin para aquí no 1982 pero xa comprara había dous anos, viñemos polo fillo, a nora e os netos.

Queda algo en pé da súa casa?

Un cabanón que hai apartado baixando á igrexa á esquerda, que era o garaxe do fillo.

Farialle ilusión que se mantivesen esas casas?

Estando como estábamos antes todos os veciños, sí, pero agora dame igual.

*Casa restaurada da Vilabella***Acórdase das Boliqeuiras?:**

Sí, si. Atravesábamos o río e íbamos polo Acivido cara arriba, sobre todo no tempo dos amorillós, onde hoxe están Os Airíos. Coa desculpa da auga, íamos comelos. Ten vido xente de fóra, nove días, e quedábanse aquí. Teño oído pero eu non coñecía.

**Como eran os días de feira?**

Moi grande. Todo aí onde están os xardíns, era o campo da feira: vacas, bestas, ovellas, cochos, había toda clase de gando e moita xente. Era como agora o día 1 e o 15 de cada mes.

Que vendían as mulleres?

Ovos, un pito ou dous, verdura algunha e os xamóns e lacóns. Había boa falta de comelos na casa pero rendíanse.

A feira das mulleres era na praza diante do Nistal.

**Cando era neno como era a alimentación?**

Nos días de festa había de todo en abundancia pero o resto do ano, pola mañá no desaiuno máis ben papas de maízo. O maízo debagábase e secábase no forno, despois moíanse e ulían aquelas papas que se poñían as taciñas no vertedeiro e ulían moi rico.

As papas de maízo eran feitas en auga ou en leite?

Facíanse en auga e despois botábaselles leite por encima. E o leiteño se era da noite para dasaiunar mellor que o de pola mañá. Tiñan así unha natiña.

A mediodía había o caldiño, unhas pataquiñas “cachelos” e se había un bocadiño de carne comíase e senón botábaselle un refrito cun pouquiño de aceite e pemento e pasábase así, e á cena si acaso unha taciña de caldo outra vez e un pouco leite atrás, se o había.

Tomábase todo o leite que se quería?

Non, porque en moitos sitios facíanse queixiños e curábanse nos hórreos, estaban moi ricos.

Como era unha cociña naqueles tempos?

Cando eu era cativo había poucas cociñas que foran de cemento, ou eran de “lastras” ou de terra. Unha lareira grande, un pote grande para estar tralo lume, cheo de auga pa dar o caldo ás vacas de leite, e lume e unha mesa. As outras eran máis pequenas.

O forno, polo regular, estaba sempre apartado e o vertedeiro era de pedra ou de madeira. A auga traíase en caldeiros da central. A auga de beber era a do río Eume que nos cadraba cerca e tamén para bañarnos no verán.

A entrada da casa era independente da das cuadras.

Como eran os cuartos?

Un salón e camas toda arredore, había unha habitación onde collía solamente unha cama. Durmíase como se podía.

Como se repartían os traballos nas casas?

Os nenos, cando había escola, se os mandaban

iban e outros iban coas ovellas para o monte. Pola noite como había moitas casas na Vilabella salíamos a xogar.

As mulleres cociñaban, e tamén facían parte do traballo de fóra da casa como: sachar o maízo e, de rodillas, quitarlle a herba. Era o traballo máis pesado que había: botar o día de rodillas na terra. Os homes iban co raño diante movendo a terra e elas atrás mondando a herba.

**Vostede cavou algunha vez na roza?**

Sí, moitas veces, levaba un sachón cun mango de madeira e despois cavar no monte, levabas un trozo de vía e outro iba atrás. Este traballo era para amansar o monte. Se era monte leñado primeiro arráncabase a leña, se era brañón era moito máis duro de traballar. Ao cavar facíanse vías, dábaselle volta ao terrón para que fora secando a terra e despois cando estivera amansada esa terra plantábanse os cereales.

Outras veces “queimábase a faz”, poñíanse toxos nas vías e despois prendíase lume, facíase unha “devasa” todo arredore. A roza xa se quitaba por trozos. Xa se vía que para o ano había un uzal novo e todos ían a ese uzal. Devasábanse e quitábanse todas xuntas. Non había unha queima. Devasábase todo arredor e logo poñíase lume por un lado e por outro. O terrón da faz duraba medio día ardendo e se facía moito vento xa non se queimaba. Cavábase en abril ou maio e en xuño ou xullo era a queima.

Primeiro gradábase o borrarillo cunha grade de madeira e despois arábase e sementábase.

Como eran as mallas?

Era un día de moito traballo. Uns anos empezaban por unha punta da aldea e outros empezábase pola outra. Mallaba un, mallaba outro, cambiábase a máquina dunha aira para outra e listo!. Uns subían a palla para o palleiro ao lombo, as mulleres pillando da malladora para espelila e despois levábase a brazados para o palleiro. Os nenos e



mulleres tremaban do saco do grao. Eu xa non mallei co mallo.

Na nosa casa ten habido boas mallas, tamén na casa dos Armeiros. No Acivido, a de Fernando de Cubileiro. Alí pagaban por ir axudar a mallar. Dalí teño levado ata 14 carros de renta do lado de Momán e de Piñeiro. Ten mallado a máquina o día enteiro. E na casa dos de Xan tamén había boas mallas.



Que se comía nas mallas?

Nunha malla grande daban de comer do que había: empanada, xamón, pan, queixo, chourizo...

Un día de festa, cal era a comida do patrón?

Empanada, feita na casa. O xamón, tamén da casa e despois uns guisos e aquel día pasábase ben. Tamén había dulces: amantecadas, brazos de gitano. Ese día había viño en abundancia e moitas borracheras.

Despois da comida había contos, eu teño pasado moito medo co asunto dos contos porque non falaban máis que de visións e parece que estaba vendo sempre defuntos. Uns decían: vai haber un defunto, era todo conto pero os cativos tiñamos moito medo.

Cales eran os costumes (referidos a comer ou beber na casa do difunto) nos enterros?

Os defuntos velábanse nas casas e os veciños eran os que iban para o velatorio, rezaban o rosario e estaban alí uns cos outros como se está agora.

Dábaselles o café e unha copa.

Se había familia que viña de lonxe dábaselle a comida.

O defunto velábase toda a noite e os enterros eran todos pola mañá.



Nome : Josefa Fernández Villamarín

Naceu en: Rábade, Lugo

Data de nacemento: 15 de xuño de 1936

Como foi a súa vida na aldea?

En mi aldea, cuando éramos pequenos, no se comía café con leche, comíamos papas, el pan también tasado... porque no éramos ricos. El que tenía animales podía comer algo más de carne.

Yo me crié en una casa, con una cuadra en la que teníamos un cerdo, otra cuadra donde teníamos gallinas, la cocina tenía el suelo de tierra. Yo me hice con un pote para cocinar.

En mi casa, de joven, comíamos el caldo que se hacía cociendo un trozo de *bofe*, que así le llamaban al liviano de ternera, porque carne no había ni se podía comprar, a lo mejor un trozo de hueso pero tocino no había nada de nada.

Mi madre a veces hacía el caldo de berzas y otras veces de nabos.

Había otras familias, que conocía yo, que tenían vacas, cogían trigo, cocían el pan en casa y vendían algún chorizo o algún jamón.

Había gente que comía muy bien. En casa de Perfecto, que tenían los ultramarinos y almacén de vinos, habían sido criados de la misma casa los dos y hay que ver a lo que llegaron, allí se comía arroz bien hecho, guiso, potaje, pollo, carne asada...

Era como en casa de las de Nistal, que mataban una vaca todos los años para hacer cecina, chacina que llamamos aquí.



**Fálanos un pouco da súa vida como traballadora:**

La mejor época de mi vida fue la que pasé trabajando en una casa en la provincia de Lugo, estuve con ellos 5 años, cerca de mi casa en Rábade, pero yo hacía la vida allí. Los señores eran de León.

Solo me mandaban para mi casa el día de Nochebuena para acompañar a mi familia, que ni era Nochebuena ni era nada...

Mientras estuve allí también le iba a lavar la ropa a otra señora, en cambio había otra que le lavaba la ropa y le subía el agua todas las semanas, porque el agua de su pozo no valía, que solo valía para dar de comer a los cerdos, para cocerles la comida, yo en eso ya no me metía. Eso se echaba en unas latas de petróleo y se hacía un agujero donde se metía un palo, y se llenaban de serrín y por aquel agujero que había hecho el palo se hacía lumbre y ya sabes que arde, y allí cocían la comida para los cerdos. Y amasaba ella el pan aunque era la mujer de un perito, era gente de posición.

Ella se dedicaba a su casa, yo iba, le fregaba los suelos cuando me tocaba y le llevaba la ropa para lavar, entonces ella el día que me daba la ropa para lavar cogía un cacho de pan y queso sabiendo que yo lo iba a repartir.

Ésa fue una de las casas en las que estuve que no me quedaba a dormir ni nada.

Aunque a quien más recuerdo es a esa familia con la que conviví cinco años, yo con estos señores estuve como en mi casa, y allí tenía mi habitación y comía con ellos a la mesa, no me faltaba de nada.

Yo hacía la comida, pocas veces, que la hacía ella, y cuando iba a lavar la ropa al río, me mandaba la comida. Ella fregaba pero las potas y las sartenes las dejaba para que las fregara yo a la vuelta.

Limpiaba con mucho esmero un cántaro de cobre que había sido un regalo de bodas y tenía sus inscripciones y yo les decía a sus hijos que se limpiasen con un pañito las manos porque el cobre se estropeaba fácilmente.

Brillaba la madera encerada con un cepillo, no como los de ahora, incluso ella me daba medias y calcetines, antes de ir para allí fija, porque ella me llevó para allí mientras no le venía una de su tierra y me probó a mí y luego no debió de querer cambiarme, porque la otra no vino. Entonces después ya no me daba calcetines ni nada porque yo los zurcía, aunque no tenían falta de eso. Aún la recuerdo ahora sentada en la mesa camilla tomando una copita de anís, ganchillando o calcetando.

También la peinaba, aunque ella se daba mucha maña. En una ocasión, la tiñeron y la rizaron y se quedó casi sin pelo y tuvo que comprar en Coruña un implante que yo le sostenía con mucho cuidado mientras ella se peinaba y se ponía el tratamiento que le

diera el especialista.

Tenían una bañera de zinc donde yo le lavaba la espalda, no había diferencias, y muy bien, allí comí muy bien, porque se comía de maravilla, merluza, carne de la mejor, fresca. Ristras de chorizos colgadas. Yo comía siempre a la mesa con ellos.

Y allí trabajaba toda la semana y luego me iba al baile los domingos. Fue una época bonita.

E como foi a chegada a As Pontes?:

Después me vine para Puentes para trabajar en la residencia de ingenieros que estaba en la casa de Dopeso, la cogió la empresa en los años 40.

Cuando vine a la entrevista, vine con un vecino que tenía un camión de reparto, y aunque mi madre no quería que viniese yo le dije "te pongas como te pongas, si el trabajo me gusta, voy a ir".

Al llegar me entrevisté con Víctor, el encargado y me preguntó qué sabía hacer y yo le dije que de todo, "lavar, limpiar, cocinar" y él me dijo que era mejor que me quedara ya, pero yo no quise sin volver primero a mi casa a por mis cosas.

Cuando le pregunté al administrador, donde iba a dormir y me enseñó la habitación, le dije "tienen que pintarme la habitación, ponerme una cama decente y arreglarme y pintarme el armario, que yo mis cosas no las pongo en cualquier sitio" y me dijo "no se preocupe" y digo "pues eso". Incluso pedí que me pusieran llave para que no me entrasen en la habitación habiendo gente que se molestó por este motivo.

En que consistía o seu traballo?:

Mi trabajo era servir las mesas de los ingenieros, iba de cofia y uniforme, era un uniforme negro y puño blanco, con guante blanco para servir la mesa.

Allí estuve muy bien, tenía que limpiar, servir las mesas y planchar. No tendría que hacer nada más



Interior da residencia, 1950

*Poboado, 1950*

que servir las mesas, pero, como la encargada me mandaba hacer de todo, pues lo hacía.

Yo vine solamente para eso, pero la encargada, que era la cocinera, me mandaba hacer otros trabajos, incluso lavar la ropa, para lo que tenía a dos mujeres del pueblo a las que ya pagaban para eso. Aunque le pagaban para ello, me mandaba a mí. Nunca se portó bien conmigo.


La cocinera, la encargada, hacía comida muy corriente, carne asada, arroz, un pollo, todas esas comidas que se hacían.

Había un suizo que me dijo en una ocasión, si le zurcía unos calcetines, porque estuviera en la mina, y yo no sabía con que cosérselos, se los zurcí y luego me dio dinero, una gabardina y un traje, que se los mandé a mi hermano.

La encargada me mandaba lavar, ella se tenía que ocupar de avisar cuando se estropeaba la bomba del agua, ella tenía que avisar al taller y venía el hijo



de Anillo, Pedrito, que aún era un niño, y entonces me mandaba a mí. Y fue donde conocí a Rodolfo Yebra. Y cuando yo iba al taller a avisar que arreglasen la bomba, los de la oficina me decían "guapa, morena", y a mí eso me molestaba. Y se lo dije a un ingeniero, a Gargallo y habló con la encargada y desde ese momento no volví más. En la residencia comíamos lo mismo que los ingenieros, carne asada, merluza, ternera, carne rellena... se comía lo que querías. Íbamos al economato a buscar la ración, aunque para la residencia no había tal ración.



Traballou tamén no servizo doméstico?

D. Ramón Negueruela, un ingeniero que estaba de jefe del economato, le decía a la encargada, "cuando tengas una chica que veas que vale, que es trabajadora, dispuesta y que vale, usted trátela bien, porque yo me voy a casar y la voy a llevar conmigo y con mi mujer para el Poblado". Estuve allí hasta que me casé.

Allí conocí a Juan y lo veía cuando iba a buscar la leche a casa de López.

Pese a que la encargada no nos favoreció nada, continuamos con el noviazgo que duró unos quince meses.

Yo en casa de Negueruela cociné muy bien, porque ella me trajo una libreta con todas las recetas de cocina que se comían en su casa. Yo hacía la comida para el señor, para la señora y para mí, y cocinaba muy bien, hacía unos callos a la madrileña que te chupabas los dedos, pero ya no me acuerdo de nada. Hacía también huevos al plato, croquetas, albóndigas, carne asada. En esta casa era normal comer así.

Aquí no utilizaba la cofia, solo delantal blanco. En esta casa, comían ellos primero, y después de servirles el postre, comía yo.

Que facían daquela no tempo libre?

Poco tiempo libre había. Yo iba al baile de Bernate. Primero fui a las fiestas del Campo



de la Feria, estaba todo empedrado porque allí era donde vendían el ganado. Yo iba con mis amigas por la tarde. Nos sacaron a bailar, vino Juan (el que fue después mi marido) y me sacó a mi, por casualidad. Y a la noche había baile de nuevo, Juan me dijo ¿Bailas? y me dije, “éste por lo menos no me pisa”, ese mismo día me pidió relaciones y yo le dije: “Vine aquí para trabajar no para coger novio” Él me insistió: “Quieres ser mi novia o no?” y le contesté: “Lo tengo que meditar un poco más”. Al final acepté. Además de ir al baile de Bernate, íbamos al del Liceo que estaba donde está ahora el Gadis de la Avda de Galicia.

E cando casou?

Mi suegra y Juan vivían enfrente a los señores con los que yo trabajaba. Cuando mis jefes se fueron de vacaciones, mi suegra venía a dormir conmigo todos los días para que no hubiese habladurías y de allí salí para casarme. Incluso tenía yo un vestido negro muy majo y lo tenía nuevo y me casé con ese y una mantillita que me dejó la Señora.

Cuando me casé, me casé por la mañana. Y lo celebramos toda la tarde. Hicimos una bizcochada, que la hizo Angelita de Juan Díaz . Invité a la mujer de Julio Vilas y a la compañera, las invité a un chocolatito por la mañana, a las dos solas. Y cuando se fueron me puse a trabajar toda la tarde.

Después de casarme ya no seguí trabajando, bueno, trabajaba mucho en mi casa. Porque estando embarazada de María Eugenia, partí un carro de leña, de la que sobraba de las obras, porque estaban haciendo las casas del Poblado.



Recuerdo en mi época de casada, cuando a mi suegro le cocinaba las carrilleras de ternera, que le encantaban guisadas con un poco de tomate, y mi suegra y yo comíamos otra cosa. Era normal, porque ellos iban a trabajar.

Comían diferente os homes e as mulleres?

Yo cuando pasé escasez fue cuando me casé porque si se cocía un poco de carne era para los hombres porque eran los que trabajaban. Y cuando teníamos gallinas vendíamos algunos huevos, mi suegra y yo no los comíamos pero los hombres sí. Pero no era por diferenciarlos a ellos, era porque iban a trabajar fuera. En las aldeas los hombres trabajaban de jornaleros y llevaban una cesta con pan y tocino, o también preparaban las mujeres la comida y se la iban a llevar al monte: un poco de caldo y leche.

E pechábanse as lacenas?

En mi casa no se cerraban las lacenas, no había nada que cerrar, el que llegaba cogía lo que había. En otras casas cuando se cocía carne se troceaba en pequeños trozos uno por persona antes de guardarla en la lacena.

Yo donde mejor comí fue en la casa de estos señores con los que estuve 5 años, comía pescado y de todo. Aquí servía con delantal blanco, ellos comían primero y yo después.

**ENTREVISTA A JOSÉ PRIETO EN O CASTRILLÓN (A CORUÑA)**

Luns 12 de febreiro de 2013, ás 17:30 horas. Está na entrevista a súa filla, a súa neta Beatriz, e por parte de HUME, Marisol Souto e Manuela Vilaboy.



Nacín en Puentes, no ano 1910 no Caneiro, nunha aldea que había alá abaixo, nun furado, “apertecíamos” á parroquia das Pontes e nada máis.

Hasta a guerra vivín no Caneiro.

Acórdase da guerra?

Acordo, sendo a guerra fun dichoso, tiven suerte. Fun dun cuerpo que xa servira en África. Había dous anos que servira en África, era da artillería de costa, tocume na artillería e paseino moi ben. Agora que cando fun, cando entrei, foi en Escanplero, en Asturias, fun polo monte, e alí, pasei dous anos no monte sen me lavar, sen lavar roupa nin cambiarme, e sin durmir en cama.

Durmíamos no monte, de terrós fixeramos unha choza pero non chegaba ben, había que encoller os pes cando chovía que chovía por nós, e despois cando se acabou alí, cambiaronnos para outro sitio que se chamaba San Claudio. Estivemos alí ata que se acabou a guerra.

Fun para Sama de Langreo e de Sama de Langreo leváronme para a cuenca minera, alí xa festexamos, había veciños e veciñas nun baile cun organillo que lle daban con manibela, e dixen eu, “coño se tivera un cordeón, tocaba eu” entós dixerónme, hai nun sitio e foron e requisáronme e despois facía alí os bailes, e en vez de estar sempre alí,

iba a varios sitios que había moitos máis soldados en varios pueblos pequenos, había cincuenta persoas, ou había vinte persoas...

Inda iba aos bailes e acórdome eu que estaba rodeado de botellas de cerveza e eu non a podía ver, e viñan os amigos e eu decíalles “bebede ahí, me cago en tal”, porque eu estimaba que me deran cartos, que era o quería, e máis estaba na guerra.

Estaba no bando de Franco.

Entonces acabouse e acórdome que toquei na patrona, non había outra música e toquei unha noite alí no pueblo, estábamos nunha aldea, así nuns peñascos, éramos vinte veciños e baixamos ao pueblo, era de noite e o outro cantaba moi ben, era de León, era maestro de escuela, pero non decía que era maestro, porque non quería que se soupera.

Acórdome que el cantaba e eu tocaba, e tocaba esta:

*“Ay limón limonero,
Limonero mío de mi corazón”*



E sonaba de noite que daba gusto.

Entoces por eso cando veu a patrona tiven que ir tocar alí.

Acórdase cando foi á guerra, do que sentía, ía con medo, pena...?

Medo xa non cabía máis.

Vostede xa tiña moza daquela?

Tiña.

Cantos anos botou na guerra?

Dous anos... Non fun cando se empezou, pero tamén tiven que estar máis tempo cando se acabou. Cando se acabou non me mandaron para a casa de camiño.

**Cantos anos tiña cando empezou a tocar o acordeón? Quen lle ensinou?**

Cando empecei a tocar o cordeón tiña 13 anos, eu tiña gana del, e resulta que oímos que un de Samamede, que se iba para Cuba, cando había a guerra en África, e vendía o cordeón.

Entonces daquela fun ver uns primos que tiña alá en Malvís e dixerónme que vendía o “cordeón” e fumos velo, era un acordeón pequeniño daqueles que viñeron para Galicia, que despois moitos vin.

Pideume dous pesos por el e eu non tiña máis que un peso, e non llo podía comprar, pero el tampouco

non tería moito a quen llo vender, e dinlle lástima e deume polo peso.

“Trougeno alá cos veciños e logo din en tocar algo e bailaban. Despois había un en Puentes no Rego do Muíño que trataba nos cordeós e el tocaba tamén.

E falei con el e cambieillo por un cordeón máis grande. E daquel cordeón aínda o cambiei por outro máis grande, dáballo uns cartiños e con aquel xa empecei a tocar, alá todo era gaitas, non había cordeón ningún e había moitos gaiteiros, e xa empecei a tocar e xa me deron en chamar, en vez de chamar aos gaiteiros das gaitas chamábanme a mín, e de alá en adiante xa fun sempre tocando e tirei coas gaitas todas que xa non había unha gaita.

Pero despois cheguei a ser..., anduven por medio mundo a pé. Se conocen, empezando por aquí, Vilapedre, O Sixto, Orol, Ambesores, Pena de Francia. E de alá dando a volta por todo, Marraxón, alá téñome quedado hasta pola mañá.

E xa digo, fun a moitos lados que había cordeós moi pequenos como o premeiro que tiveron, pero aqueles todos os arruinei eu.

Fumos unha vez a Ambesores e querían que fose, Eugenio do Sarrón, e díxome tes que ir alá, que así de cerca faltábame solo a parroquia aquela.

Púxome un día e fomos á festa que facían alá e estivemos nunha taberna hasta cerca da noite, e despois faláronme co que facía a festa a ver se me deixaba tocar a mín “senón lles conto verdá”, el tamén tiña un cordeón destes pero arruineino eu, e contratáronme a



mín. Subín a tocar e era como se fose unha orquesta.

A xente aplaudía, e quixo volver o pobre que era o veciño de alá, que facía moitos anos que tocaba, e mandáronlle tarrós, e decíanlle “vaite daí” e nunca volveu alá o pobre.

Nas Pontes tocaba moi pouco, acórdome nas Pontes que fomos tocar ao Fornos dúas veces nada máis, porque nas Pontes xa había orquesta, e non daba mérito un cordeón solo. A xente quería dar ao grande, porque era nas Pontes.

Cando tocaba tiña todas as fins de semán ocupadas, e logo adicábame á labranza, ata os 40 anos que deixei de tocar.

Aínda garda algún acordeón?

Vendino.



As Pontes, 1918

***Canto daría hoxe por telo?***

Non... Se o collo hoxe teño que volver a aprender desde o principio.

¿Sabe usted que levaba polo menos 2 anos e medio sen tocar en Asturias cando requisaron o acordeón e ao día seguinte xa o tocaba coma sempre?

Como eran As Pontes?

Eran moi diferentes, non vaia a creer... cando había a feira aprendía eu as cancións de aqueles que viñan coas coplas e aprendía tamén a música, porque a música había quen non a pode coller e a mín xa me quedaba.

Acórdome unha vez que fomos a unha festa ao Aparral das Pontes e trougeron unha peza nova e tocouna a música e para o outro día, a música foise que había poucos cartos, e para o outro día xa toquei eu.

De noite estiven un pouco luchando, repasando, pero como a tiña dentro salíame a canción.

Aos 40 anos deixei de tocar, seguí de labrador (a filla recórdalle que era zoqueiro e José non se acorda) despois andiven nas obras e acabei en Astano. Alí algúnhas veces había que meterse naqueles tanques a limpar e non me gustaba e entonces entrei na construción.

Cando era chaval facíamos zocas e leváas a San Claudio de Ortigueira e a As Pontes. Collíamos o coche no Caxado. Pero nas zocas non era campeón como no cordeón. As zocas había que traballalas...

Que comía cando era neno?

A vida daquela era moi esclava, paseina esclava e coma mín moitos máis. Unhas veces mellor e outras peor.

Unha vez quedei eu cunha irmá e os outros foron traballar, miña irmá non sei que foi



buscar e deixoume na casa, e chegábamonos ao lume, facía frío, e o lume tampouco non arreaba moito, entonces levanteime para ir a buscar xuncos, e entonces díxome miña irmá "Ai, Gosé, tú ardes" e tiña o lume no pantalón. E quíxenme estirar ao vertedeiro para coller auga e gracias que boteime fóra e había xurro que salía doutra casa e con aquilo limpeino, pero aínda teño a marca na perna, da queima que moitos traballos pasei.

Que lles daban de comer aos nenos?

Aos nenos moi nenos non me acordo que comerían, papas.... Que tamén as comían os grandes, eu era mozo e aínda comía as papas, e ben que sabían.

Con que as facían?

Con fariña de maíz, e botábanlles leite.

¿As persoas enfermas, que lles daban de comer? Dábanlles algunha cousa especial?

Cando estábamos enfermos dábannos leite e cousas así, non había moito.

Non facían caldos limpos para os enfermos ou as paridas?

(A filla aclara que José non se da conta, pero sí se facían). Caldo de nabos, e de col, de berzas, era do que se facía.

Quen cociñaba, quen facía a comida antes?

Non poido decir, a miña nai algún tempo, pero pouco porque morreu aos 42 anos, eu tiña poucos anos.

Quedoume miña irmá máis vella que tiña 14 ou 15 anos e "mi padre", ela facía o caldo "quen sabe como era".

Vouvos contar outra anécdota que me pasou agora que saleu eso. Daquela viñan moitos





maleantes e pobres a pedir, e outros con algún negocio, sempre viñan. Nosoutros éramos pequenos, pero éramos 5 polo menos na casa. E dexáronnos o caldo feito, e tiña patacas, claro, e había algúns tallos que tiñan 4 patas e unha tabla, e a cociña estaba así a parte e nosoutros fumos para o patio e cerramos a porta, e como nos dixeran os padres: “ai se veñen non aibredes a nadie” e nosoutros estábamos 3 polo menos no patio e había un banco deses de 4 pés, e había unha muller alí ao lado que facía queixos e tiña os queixos nunha tabla, e nese momento chamaron á porta e escapamos co medo e tiñamos o caldo botado e a cadela comeunos as patacas e non nos quedou máis que auga sola.



Un día de diario que adoitaban comer? Que diferenza había de cando era pequeno a máis maior?

O que se comían máis ben era o caldo sempre, de nabos, de berzas.

E tamén pola mañá?

Non, pola mañá non.

A mediodía e máis á noite?

Non, pola mañá comían as papas, e pola tarde comíase un pouco de pan, solo, era de centeo, e así non íbamos criando.

E á cena quentábase o caldo de medio día.

E o día do patrón?

Aiiii, cando cheguei a velas festas “antós” xa se comía un pouco mellor, comíase sopa, había carne... matábase unha ovella, unha cabra e había callos... cando viña a festa, aqueles días pasábanse moi ben.

Había empanadas?

Había empanadas, bizcocho, aínda me recordo eu do primeiro bizcocho que veu para a casa, encargábamolo nas Pontes e íbamos por el o víspera. Despois facíanse nas casas, pero máis tarde xa (anos despois).

Aínda me acordo eu que fun ao cuarto, era para o outro día, pero aínda quedaba, e agarrei un cacho, e nese momento oín a porta e metino todo pa dentro e costume caro.

Daquela cando eran nenos comían fruta ou pescado?

Fruta no tempo dela sí, sempre había peras e manzanas, tamén lla íbamos roubar ao cura.

Nas outras casas cociñaban as mulleres? Onde cociñaban?

Cociñaban as mulleres na lareira, nunca souben que cociñaran os homes, e así, atrás levantábase unha cuarta e había uns tres pes, cunhas trepias e alí poñíase a sartén ou a pota, e o que non tiña, poñía tres pedras e facíalle o lume debaixo.

O pote estaba todo o día ao lume?

Ai pois tiña que andar. Pero tamén había as súas festas, viña o entroido comíamos ben, facíanse as filloas.



As filloas de sangue ou os freixós?

Ai ves aquí non entenden tal cousa, pero alá sí. As filloas eran coa sangue dos cochos, e os freixós eran con fariña e auga de carne, non fan outra cousa...

No entroido que máis se comía?

Cando o entroido levábase moi ben, xa empezaba o sábado, íbamos os pequenos a



casa de meus tíos e meus tíños viñan alí, e acórdome eu que durmíamos 6 pequenos nunha cama, tres coa cabeza para un lado e tres para o outro, e cansábamonos de brincar...pero comíase ben, e celebrábamnos cos viejos, era unha cousa para se rir. Miña tía facía os freixós, e ¿sabes que facía pa se rir? Un pañuelo moi finiño, que o humedecía e o metía nas filloas e estaba esperando a ver a quen lle tocaba...



E de postre que tomaban no entroido?

Non entroido comíase moi ben, había freixós... comíase de todo, para que vamos a nombrar que había de todo.

E nas mallas?

Cando se iba mallar, alí onde era eu, había costumbres, nalgúns sitios dábase de comer, e noutros sitios, pois cada un iba comer á súa casa. Onde había casas que estiveran xuntas mantiñan e daban de comer aos maquinistas. Comían ben, carne, caldo, había viño, ai o viño sí, o viño na malla andaba, viña de Roupar.

O viño que viña de Roupar?

Case sempre de Roupar ou de As Pontes.

Quen o compraba?

Había un pelexo de piel, de pelexos vellos, que estaban para o viño mentres non se furaban, e agarrábomolo e metíamolo nun saco porque o pelexo solo non daba bon levar, levábamolo no lombo, íbamolo buscar á taberna, non había botixo.

As mulleres bebían viño?

Había quen lle gustaba e quen non lle gustaba tanto, e habíaas que lles gustaba tan ben coma os homes.

Estaba ben visto que as mulleres beberan?

Ai no, nadie se fijaba naquelo. Cando viña a festa e viñan convidados ou íbamos a outras casas... o viño bótase na mesa e bebía o que quería, as mulleres bebían como os homes.



Aos nenos dábanlles viño ou viño con gaseosa?

Non me recordo, pero bebían eles... sempre había formas, se lles gustaba beber, despois cando eran máis grandes xa estaba permitido...

Qué vaixelas se solían utilizar?

Eu recordo unha cuchara de madeira e un tenedor de madeira, e moi feitos, e acórdome de viren unhas mulleres e faceren dúas ducias cada día, e cortaban un cacho de madeira e xa o serraban ao tamaño, e despois fendíano e tallábano. Pero eso xa se acabou cando viñeron as de ferro, viñan unhas cuchareiras... Os pratos sempre os acordo de barro, tamén os había de porcelana, moito cambiou o mundo.

Adoitaban ir ás feiras a As Pontes?

Sí, eran o quince mailo primeiro. Íamos a pé desde o Caneiro. Eu era un chaval e facía zocas mal feitas e íbamos e, se nos daban algo, bon era.

Quen repartía a comida? Quen poñía a mesa na casa?





A irmá máis vella, recórdome cando cocían as castañas e cada un peláballe un á máis pequeniño.

Como se sentaban?

Cando éramos pequenos, non había mesa, collíamos para a mau, dábannos unha taza, e comíamos na mau, e as patacas, pousábamolas no banco e despois comeunas a cadela e nosoutros pasamos sen elas, e moitas veces...

As patacas comíamolas solas, cocíanas nun pote, e despois nunhas cestas que había botábanlles pallas e escoabanas alí, peladas ou sen pelar. Entornaban o pote no cesto. Eso era cando era pequeno, eso logo foi desaparecendo.

Era no tempo que non había máquinas para mallar, mallaban a paus, xuntábanse seis homes dun lado e seis doutro, e non sei como non se mataban. Bebían viño, e bum, bum....

Cando se empezaba a comer?

Cando era máis grande xa se comía con carne na mesa, cando a había.

Comía seu pai primeiro?

Calquera, cando viña o pai se cadra xa tiñamos comido. Eu tiña que comer atrais.

A mellor tallada quen a levaba, os nenos o home da casa?

O home (di a filla por detrais e José rise).

Quen poñía e recollía a mesa?

Miña irmá máis vella, porque os cativos escapábamnos todos.

Quen ía buscar a leña para o lume?

Non había que busca-la, traíamola para diante da casa nun carro, leña había, no Caneiro había leña e monte.

Onde gardaban as cousas, en lacenas, chineiros...?

O pan cocíase cada 10 días, e facíanse uns bolos grandes, e había unha panceira onde se colocaban.

Ás veces cando cocíamos viña algún veciño a recocelo porque ao mellor o seu pan xa tiña 12 días e perdíase.



O resto de alimentos onde se gardaba, as fontes coa carne?

Na despensa (di a filla). Que sei eu que cacharros terían... non había despensa. A carne colgábase na fumeira.

E botaba todo o ano na fumeira?

Rise e di, todo o ano non, que logo a comíamos.

Onde gardaban os queixos?

Os queixos gardábanse onde non entraban os gatos, nunha tabla.

Comíanse ou ían á feira?

Había quen os vendía. Nosoutros os queixos nunca os vendimos, porque non se facían moitos.

E o leite vendíase...?

Sí viñan por alí, (a filla aclara que iso foi máis tarde, iso xa non foi na época del)



Quen se encargaba de fregar a cacharrada?



Eu que sei, “alá penas”, sería a máis vella, a que quedaba alí, e se non fregaba, quedaban por fregar.

Se había nais, eran elas as que fregaban?

Miña nai, xa non me acordo como facía a pobre...

Como eran as festas do Carme?



Procesión do Carme, pasando pola Praza do Hospital, 1926

Eran moi bonitas, ás 5 baixaba a xente do campo, non sabes que campo había, se vírades o campo das Pontes que grande era. Baixaba tocando a música hasta a cena e despois de cenar, outra vez seguía a música tocando hasta o día.

Daquela aos curas dábaselle algo?

Había (risas). O cura era o que levaba todo o mellor. Cando eu me casei dábanlle medio ferrado de trigo cada un e despois habíalle que dar doce ovos e despois se querías

dar algunha misa, habíalle que dar aparte. Son os que levan hoxe os cartos, gardan os cartos, e o carajo.

Cada canto tempo lles daban os ovos?

Dábamosllos na cuarema porque non se podía comer carne. Se pagabas a gula podías comer carne. A gula era un papel que tiñas que pagar e así podías comer carne.

Cando unha muller paría íaselle levar a visita?

Ahí, ahí, (rise). A muller ao facer o mes que daba a luz, , tiña que ir meterse á igrexa. Iba o cura buscala á porta. (rise).

Que lle levaban os veciños á parida?

No tempo que eu me casei, era o chocolate. Á miña muller creo que lle levaron 22 libras de chocolate, e casi llas comeu todas un irmán dela, era un chaval e gustáballe, claro, daquela o chocolate sabía ben.

Cando unha persoa morría, tiñana na casa?, e que se comía nos velatorios?

Houbo varios que lla daban, ás persoas achegadas. O que mantiñan era ao cura. Había que darlle comida, viñan aos entierros, e pola confesión había que traer dous curas máis que o da parroquia ou catro se eran moita xente. Comían no comedor, había unhas rapazas, que foron escoltar, e axiña que comeron, aí mi madre, que regañola tiñan os curas co que lle contaban algunhas mulleres e algúns nenos, que como eran inocentes contaban os secretos...

Tiñas que estudar na doutrina, os pais estudiaban cos cativos todos os días, e despois había que ir o día que te ibas confesar tiñas que comer ben ás 12 da noite e despois o outro día non podías comer. E se había moita xente e non daban confesado, pasabas fame. Pero a min e algúns veciños xa non durou moito tempo e mi padre cando sabía que nos íbamos confesar, gardaba un cacho de pan e dábanolo antes de saír, ás escondidas.

***Cando ían visitar os enfermos que lles levaban?***

Un regalo, cada un o que quixera... Se eran homes máis ben unha botella, e si non, o chocolate, era o que se estimaba nesos tempos.

Como estaba a casa? Como estaba dividida?

Acórdome que na miña casa non había cristales, había bastidores, pero non cristales, e como a miña había máis. Cando facía frío, había que tapar con mantas de trapos, uns "fuchilocos".

As camas eran unhas tablas con palla, cando había tabla, ou unhas follas (a filla di, "de folla de maiz").

Cando viñan pedir limosna, que daquela había moitos, mandábannos ir ao palleiro a ir arrincar unha pouca palla. Cando eu era pequeno non había día que non viñeran algúns maleantes, ou vendendo ou pedindo... había moita "probeza".

Na casa como estaban as camas? Había un cuarto para todos?

As casas eranche de moitas maneiras, unhas mellores outras normales... Había moitas casiñas naqueles tempos que para ir á cociña pasabas pola cuadra das vacas, e alá detrás estaba a cociña, eu tiño visto de todo.

***O chan era de terra pisada na cociña?***

O suelo era de terra, pisada. Como non iba ser... estaba sempre nela (rise).

Como dormían nos cuartos, o matrimonio por un lado, os cativos doutro? Metíanse os cativos na cama cos pais...?

Había algúns padres que os metían con eles, (e as camas estaban nun cuarto: dicía a filla) e outros dormían solos. Eu dormía solo que fun solo na casa, de homes, e miña mai viñame tapar cando tiña frío, e decíame "nunca a obrigación me pagas", e teño unha pena con mi madre... e por eso me recordo dela.

Antiguamente viñan os misioneros, que agora acabouese eso, e viñan á parroquia os jesuitas a padricar e facíanlle un "pulpo" (púlpito), eu desde aquela "no los puedo ver..."

Pois mira, había un día para todos, outro día era para os homes solos, outro día era para as mulleres solas, e eu era pequeno e mi madre non me quería deixar solo, e levoume e como era pequeno, naide me vía, estaba entres da xente, e eu quería facer pis, e miña nai tiña medo que me viran, e sacoume e veuna, e sacouna fora "Fuera", e miña nai choraba pola vergonza. Pero creíano, creíano. Daquela creían aquelas cousas, éache moi serio. O mundo non che é o de antes.

Cando mandaban ir aos homes solos, de que lles falaban?

(Rise) e eu que sei, xa te podes dar cuenta. Falaríanlles de cousas de mulleres e dos homes. ¿Por que non habían de ir os homes tamén?

Como se moceaba daquela? Como se quedaba cunha muller, como se lles falaba?

Era cousa que non se pode dicir, porque faríase de moitas maneiras. Algún subía pola ventana, poñíalle cita, e como se podía...

Vostede veu como os homes ían mocear coas mozas á cama? e os pais eran conoedores diso?

Os pais non sabían nada, (rise).

Pregúntalle a neta se lle cantaba co acordeón á avoa.

Acórdome que iba tocando eu esta canción, non me esquece:



*Ai que ver la inteligencia,
Ai que ver la inteligencia que que hace falta a las mujerees
Para enganar a los hombres
Para enganar a los hombres y llevarlos al altar.
Ellas se casan y a descansar
Y los hombres, y los hombres a trabajar.*

Acórdome doutras cancións.

*Yo vendo unos ojos negros
Quien me los quiere cambiar
Los vendo por hechiceros
Porque me han pagado mal...*

As que tocaba tiñaas que aprender...

Tamén cantaba ou só tocaba as cancións?

No nunca cantei. O que pasa é que cando tocas non podes falar. Si estás tocando non podes falar, porque perdes o compás.

Ía ás casas a tocar?

Iba ás fías, a capillas pequenas que iban 5 ou 6 músicas, eu tocaba alo menos tres piezas e eles outras tres. (Di a filla que ían tocar ás fías e ás aterradas).

Que son as aterradas?

“Esas eran cousas atrasadas, tú tiñas unha finca pendiente e como era pendiente y la tierra siempre viene abajo, entonces llamaban a unos hombres cunhos raños y mujeres cos cestos e a carretar pa iba a terra de abaixo e volvela á cabeceira” (di a filla) “subían a terra toda a tarde e logo de noite había festa” “acórdome na Fragachá, na casa de de Plumas da Fragachá, de ver a xente como subían a terra par iba, porque estaba o río abaixo”.

Cando foi a última vez a As Pontes? que lle pareceu?

Acordar acórdome, foi a un entierro dun amigo, dun veciño. Xa cambiara algo, aínda non cambiara moito. Estando eu casado fun co carro e as vacas carretar terra para o cementerio novo, tivemos que ir un día cada veciño, (para o cementerio das Campeiras). Todo o día carretaba hasta que se acabase o día. A terra era de alí cerca. Obligaba o ayuntamiento a ir.

Acórdase o que pasara cando a guerra nas Barosas?

Sí. Foi moi triste. Aos tres días que empezou a guerra foron por Guerreiro do Freixo e máis un rapaz que estudiaba para “périto” que o trataba eu que era ahí de cerca de Ribadeume, e máis outro e foron os cementerio e pasaron unhos días e iban polo de Gondré, e ao ir por el, e foron por el e repúsose, estabase preparando para o outro día escapar, pero viñeron antes que salise. Según dixeron. El dixo que ao mancer se quería ir, pero pillárono antes de que se fose.

Entonces o fillo era cazador, un fillo era para traballar, non andaba coas mozas, e outro fillo, era cazador tamén, e para o outro día viñeron e pilláronos e aínda non escapara. E entonces repunéronse a tiros e o rapaz morreu de camiño, en entonces o viejo acabou as municións, e meteuse debaixo dun pesebre, escondeuse, e alí o foron buscar, e despois matarono alí e cargárono no carro, e fixeronlle xunguir as vacas e preparar o carro, e cargar o carro e ala pa As Pontes, e nas Pontes fixéronlle facer o furado e cando lles pareceu que benchegaba. Iba a mai chamando polas vacas e o fillo que non era “así” falando. O cal fixo o furado e parecíalle que xa iba bastante e dicíanlle “más, más” e cando acabou o furado mandóulle levar para alí aos que estaban mortos e tiralos e entonces mandaron chegar a el á jalea e “pum, pum” e a mai púxose de rodillas coas maos suplicando “por dios, por dios” e matárona tamén e foi tamén para o furado. E non hai moito que os levantou unha sobriña.

Que papel tiñan as mulleres na guerra?

Mandábanlles algúns cartos, poucos, porque para que se querían na guerra.



(A filla fálalle de cando el estaba na guerra en Asturias)

El prefire falar doutra cousa e recorda unha cántiga que cantaba na guerra:

*Se me quieres escribir (bis), ya sabes mi paradero
En el frente de Asturias (bis), en el alto de Escamplero*

Después que se acabou la guerra fun para Sama de Langreo y estaba o hospital cerca dun río que pasaba por alí, e ao pasar por cerca do río, e íbamos un piquete para alí, 4 ou 5 soldados, facer guardia ao hospital, e pasaban por alí as rapazas dunhos lugares de por alí, que iban levar o leite a Sama, ao pueblo. E entonces cada unha deu en falar con un, e eu dei en tomar trato con unha, e máis non parecía fea, non parecía mala pero era un demonio, e resulta que verás. Sempre iba, como estivera libre, despois de traer o leite, e ese día á noite fumos pola beirada detrás do hospital, pola orilla do río, había un puente, e ela quería levarme á casa, e eu contáballe mentira, decíalle que estaba loco por ela, e non era verdá (rise), díxome que me querían coñecer os pais, que tiñamos que ir pola beira do río e pasar o puente, que me querían conocer, era o último día que soubo que nos víñamos, díxome “tal y que sé yo” eu díxenlle que non podía ir. Ela insisteume que os pais estaban locos por conocerme, e tal e o último día cando veu que non me podía levar cagóuse na puta que me pareu e descubreu a mala idea que tiña. Me salvei non ir, que senón matábanme alí.

Pero eu de onde acababa a valla do hospital, máis arriba non pasaba.

Pregúntalle a filla, Elvira, a quen lle ían levar a renda do Caneiro ás Pontes?

Contesta José: “era a Manola das Pontes, pero esa xente xa morreu, era ela e maila filla, ela quedara viuda, e vivía con ela un



excusadore, daquela o cura tiña un ayudante e ese era o que vivía con ela.”

Que vos daban de comer cando levábades a renda?

Cociannos as patacas, os cachelos, a carne de cocho, e pan solo, pero ela comía carne asada.

Acórdome que le sobraron as patacas e botounos a nosoutros unhas poucas a cada un e dixen “esas sí que saben”.

Eran as sobras, eran as patacas quentadas na salsa da carne asada, tamén a que estaba asada era mellor carne.

(Elvira conta de familias de Muras)

Os ricos eran moi rácanos, tiñan un desprecio á xente pobre que mete medo. Facían favores, se un día non tiñas cartos, como tiñan tienda, deixábanche



o aceite ou o viño e despois, claro, facían un traballo e había que irles gratis.

Entonces todos os pais mandábannos que lles axudáramos a virar a herba, e débannos sempre o mesmo, un cachiño de pan cortado delgadito, cunha sardiña encima. Todos os anos o mesmo. Pan cunha sardiña encima. E eles diante nós comían tortilla e de todo. Eso era o feo que nos facían.

Fíjate si eran malos para a xente, cando eu iba a escola, a miña maestra, o marido era sastre, e cando era unha chavala de 15 anos cosía na sastrería polas tardes, e o sastre compraba cortes de tela para ter na sastrería. Tiñan unha filla e máis un fillo e depaso que traían cortes para a sastrería tamén traían para facerlle o vestido da filla, isto era



3 Ou 4 meses antes do S Pedro de Muras que eran as festas. Pero un ano, a máis pobre de Muras que andaba por alí ao xornal conseguiu unha tela igual que a dela e preséntase o día de S. Pedro cun vestido da mesma tela e mira a que se armou, que desbaraxuste houbo naquela casa e dicía “Es que no hay derecho, la hija de Lola...” “¿Qué le vamos a hacer a tu vestido? Eran malos, malos querían manter aquelas diferencias, un pobre non podía vestir, non podía comer e se comerán pero non diante de ti pero non, comían diante para marcar máis a diferencia. Unhos eran moito máis ricos e outros moito máis pobres e nestes últimos anos non había diferencia, pero xa volvemos o mesmo.



..... Eu non me acordo casi das de Madeira, acórdome das de ferro que cortaban a boca, facían mal. Eran pesadas, oxidábanse, fregábanse con area, eran malísimas eu acórdome de ter pupas nos labios. As de aluminio, xa viñeron despois, eran unha marabilla.



Dos platos de pau acórdome pouco, despois viñeron os de buño, e despois outros de barro que traían os trapeiros que chos cambiaban por trapos de lá e escachaban todos. Eu acórdome das primeiras fontes que había na casa que eu non tiña nada herdado, que meus pais empezaron de nada tamén.

Había casas que xa tiñan vaxillas de porcelana China.

Nos días de festa usábase a mesma que na miña casa non había outra. Cando xa eramos mocíñas trouxeran dúas docenas de platos pa festa dunha feira.

Para fregar usábase o estropajo de esparto e íbamos á area ao monte que a había, unha area finiña branca. Xabón facíase nalgunhas casas, na nosa non facíamos. Para a roupa tiñamos un taco de xabón que era malo e despois poñíamos a clareo.

Para nosoutros usábase o mesmo taco de xabón para o pelo e todo. Non había baño, gracias que no verano te lavabas na fonte.

Había os lavabos aqueles de porcelana cunha xarra e para bañarse había unha tiña de zinc.

As casas daquela, había de todo, a nosa non era tan mala, porque a compraran eles. Había unha parte vella que estaban todas as camas arredor e unha parte nova que xa estaban separadas. No cuarto vello había dormiamos de pequenos. Eu acordo que cando eu tiña seu anos eu tiña un xergón de poma de maiz que tiña unhos furados para meter as máns e espillo todo.

Acódome que tiñamos un candil que colgábase e facía figuras co fume e tiñalle medo ao fume que non vexas porque vía cada figura máis rara co fume do candil.

